



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 30

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 15 de decembro de 2009

Presidencia do Ilmo. Sr. D. José Manuel Baltar Blanco
(presidente en funcións)

ORDE DO DÍA

Punto único:

-Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 (08/PL-0006 doc. núm. 11284)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 96, do 19.10.2009

Publicación emendas de totalidade, BOPG núm. 113, do 11.11.2009

Publicacións correccións, BOPG núm. 114, do 12.11.2009

Publicación emendas ao articulado, BOPG núm. 119, do 19.11.2009

Publicacións correccións, BOPG núm. 120, do 20.11.2009

Publicación retirada de emendas, BOPG núm. 120, do 20.11.2009

Publicacións correccións, BOPG núm. 121, do 23.11.2009

Publicación rexeitamento emendas totalidade, BOPG núm. 123, do 25.11.2009

Publicación informe de ponencia, BOPG núm. 127, do 01.12.2009

Publicación ditame de comisión, BOPG núm. 131, do 09.12.2009

Publicación mantemento de emendas, BOPG núm. 131, do 09.12.2009

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. (Punto único da orde do día.)

Presentación do ditame da comisión: *Sr. presidente da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos (Rego González).* (Páx. 5.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Blanco Álvarez (BNG)* (Páx. 6.), *Sra. Caride Estévez (S)* (Páx. 9.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas dos demais: *Sr. Blanco Álvarez (BNG)* (Páx. 14.), *Sra. Caride Estévez (S)* (Páx. 16.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 17.)

Debate do estado de gastos

Sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia)

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

Compañía de Radio-Televisión de Galicia

Fundación Galicia Emigración

Fundación Deporte Galego

O señor presidente anuncia o debate acumulado da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia), do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, da Fundación Galicia Emigración e da Fundación Deporte Galego. (Páx. 18.)

Defensa das emendas: *Sr. Suárez Canal (BNG)* (Páx. 18.) e *Sr. Lage Tuñas (S).* (Páx. 21.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas: *Sr. Rodríguez Miranda (P).* (Páx. 23.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sr. Suárez Canal (BNG)* (Páx. 26.) e *Sr. Lage Tuñas (S).* (Páx. 27.)

Sección 05 (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

Escola Galega de Administración Pública

Academia Galega de Seguridade Pública

Fundación Axencia Humanitaria de Galicia

Fundación Galicia Europa

O señor presidente anuncia o debate acumulado da sección 05 (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), da Escola Galega de Administración Pública, da Academia Galega de Seguridade Pública, da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia e da Fundación Galicia Europa. (Páx. 28.)

Defensa das emendas: *Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 29.) e Sr. Lage Tuñas (S). (Páx. 31.)*

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas: *Sr. Rodríguez Miranda (P). (Páx. 34.)*

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 36.) e Sr. Lage Tuñas (S). (Páx. 38.)*

Sección 06 (Consellería de Facenda)

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S. A.

O señor presidente anuncia o debate acumulado da sección 06 (Consellería de Facenda) e da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (Páx. 39.)

Defensa das emendas: *Sra. Caride Estévez (S). (Páx. 39.)*

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas: *Sr. Blanco Álvarez (BNG) (Páx. 42.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 43.)*

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Caride Estévez (S). (Páx. 45.)*

Sección 07 (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Augas de Galicia

Instituto Galego de Vivenda e Solo

Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos

Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A.

O señor presidente anuncia o debate acumulado da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas), de Augas de Galicia, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, da Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos e da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A. (Páx. 46.)

Defensa das emendas: *Sra. Táboas Veleiro (BNG) (Páx. 46.) e Sra. Barcón Sánchez (S). (Páx. 49.)*

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas: *Sr. Gómez Alonso (P). (Páx. 52.)*

Rolda de réplica: *Sra. Táboas Veleiro (BNG) (Páx. 55.) e Sra. Barcón Sánchez (S). (Páx. 56.)*

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Sección 08 (Consellería de Economía e Industria)

Instituto Galego de Consumo

Instituto Galego de Promoción Económica

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico

O señor presidente anuncia o debate acumulado da sección 08 (Consellería de Economía e Industria), do Instituto Galego de Consumo, do Instituto Galego de Promoción Económica e da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico. (Páx. 57.)

Defensa das emendas: *Sr. Viéitez Alonso (BNG)* (Páx. 57.) e *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 59.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas: *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 62.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sr. Viéitez Alonso (BNG)* (Páx. 64.) e *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 65.)

Sección 09 (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Defensa das emendas: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 66.) e *Sr. Meijón Couselo (S)*. (Páx. 69.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Rodríguez González (P)*. (Páx. 73.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 75.) e *Sr. Meijón Couselo (S)*. (Páx. 76.)

Sección 10 (Consellería de Sanidade)

Servizo Galego de Saúde

O señor presidente anuncia o debate acumulado da sección 10 (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde. (Páx. 78.)

Defensa das emendas: *Sra. Bouza Santiago (BNG)* (Páx. 78.) e *Sr. Pose Mesura (S)*. (Páx. 81.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas: *Sr. Fernández Fernández (P)*. (Páx. 83.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Bouza Santiago (BNG)* (Páx. 86.) e *Sr. Pose Mesura (S)*. (Páx. 87.)

Sección 11 (Consellería de Cultura e Turismo)

Axencia Galega das Industrias Culturais

Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo

Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S. A.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Fundación Illa de San Simón

O señor presidente anuncia o debate acumulado da sección 11 (Consellería de Cultura e Turismo), da Axencia Galega das Industrias Culturais, da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S. A., da Fundación Cidade da Cultura de Galicia e da Fundación Illa de San Simón. (Páx. 88.)

Defensa das emendas: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 88.) e *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 92.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas: *Sr. López-Chaves Castro (P)*. (Páx. 94.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 97.) e *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 99.)

Sección 12 (Consellería de Traballo e Benestar)

Defensa das emendas: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 100.) e *Sr. Tomé Roca (S)*. (Páx. 103.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 106.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 108.) e *Sr. Tomé Roca (S)*. (Páx. 109.)

Suspéndese a sesión ás nove e oito minutos da noite.

Ábrese a sesión as dez da mañá.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Bos días señoras deputadas, señores deputados, vaian ocupando os seus escanos. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 133, fascículo 2º, do 11 de decembro de 2009, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificou a súa inexistencia a presidenta, a quen desexamos un pronto restablecemento e entramos na orde do día, que ten un punto único que é:

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra, para presentar o ditame da comisión, o presidente da Comisión 3.^a, de Economía, Facenda e Orzamentos, o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días a todos e a todas.

Señor presidente, señorías, despois dos traballos da Comisión e da Ponencia específica sobre o Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2010, que comezaron o pasado nove de novembro, hoxe, seguindo o programa dos debates establecidos pola Mesa e a Xunta de portavoces, correspóndeme presentar ante este Pleno o ditame da Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos.

Despois de superar o debate das emendas de totalidade, o Proxecto de lei de orzamentos foi obxecto de 1.477 emendas parciais, 74 do Grupo Parlamentario Popular, 17 ao articulado e 57 ao estado de gastos; 790 do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, 37 ao articulado e 753 ao estado de gastos, e finalmente 613 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 12 ao articulado e 601 ao estado de gastos.

As emendas parciais foron cualificadas pola Mesa da Comisión o día 18 de novembro do ano 2009. Os debates na Comisión comezaron coa exposición do conxunto do orzamento realizado pola señora conselleira de Facenda o día 22 de outubro, continuando coa presentación por parte dos conselleiros e conselleiras e outros responsables de distintas seccións de gasto, concluindo estas sesións coas comparecencias dos señores presidentes das deputacións provinciais, que por terceiro ano consecutivo teñen comparecido todos ao amparo do previsto na disposición adicional terceira do noso Estatuto de autonomía.

E aquí neste apartado, e con respecto aos presidentes das deputacións provinciais, señor presidente da Xunta e señores portavoces, conviña que vostedes lles deran unha lectura atenta ás propostas que teñen realizado no seo da Comisión. Penso que fixeron propostas que teñen que ver coa petición de delegación ou transferencia de competencias, pero tamén outras que poñen deberes a este Parlamento ou reivindicando deste Parlamento que se lexisle en torno á articulación do papel das deputacións no entramado institucional da Comunidade Autónoma.

Houbo, desde logo, nas comparecencias propostas, que eu considero de interés, que non estaría mal que delas se fixera unha lectura atenta para dar valor tamén á disposición que os presidentes das deputacións tiveron a comparecer diante deste Parlamento para dotalas da máxima autoridade posible, entre outras cousas para que se sigan producindo.

A Comisión 3.^a, de Economía, Facenda e Orzamentos, da sesión do día 26 de novembro, designou os seguintes ponentes: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don Pedro Puy Fraga, titular, e don Alberto Sueiro Pastoriza, suplente; do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona María José Caride Estévez, titular, e don Xaquín María Fernández Leiceaga, suplente; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Fernando Blanco Álvarez, titular, e D.Carlos Ignacio Aymerich Cano, suplente.

A Ponencia constituíuse o día 27 de novembro e acordou convocar sesión de traballo para o día 30 para sesión única, na que elaborou o informe que contén as recomendacións que a Ponencia fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular e recomendando a aprobación, así mesmo, das

emendas número 3, 4, 16 e 34 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

En relación coas restantes emendas, a Ponencia por maioría recomendoulle á Comisión o rexeitamento das presentadas polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego. A Comisión, reunida o 2, 3 e 4 de decembro, aprobou por maioría o informe remitido pola Ponencia e dúas emendas máis, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego formuladas á sección 11, Consellería de Cultura e Turismo.

A relación de emendas tramitadas e o estado da situación destas é o seguinte: emendas ao texto articulado do Grupo Parlamentario Popular aceptáronse as 17 emendas. Do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia aceptáronse tres emendas e subsumiuse unha e rexeitáronse 33; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego rexeitáronse as 12 emendas presentadas. Das emendas ao estado de gastos, do Grupo Parlamentario Popular aceptáronse as 57 emendas presentadas; do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia aceptouse unha e rexeitáronse 752; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego aceptouse unha e rexeitáronse 600. Mantivéronse para o Pleno da Cámara 33 das 37 emendas ao texto articulado e 752 das 753 presentadas ao estado de gastos polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia; e as doce presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao texto articulado e 600 das 601 presentadas ao estado de gastos.

O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos e gastos financeiros. O orzamento total consolidado do sector público autonómico ascende a 13.521.233 euros. O texto articulado está formado por unha exposición de motivos, 61 artigos, 11 disposicións adicionais, unha disposición transitoria única e catro disposicións derradeiras, seguidas de oito anexos explicativos.

O articulado agrúpase en cinco títulos: o título I determina o ámbito de aplicación e o contido dos orzamentos, así como o réximen das modificacións dos créditos. O título II regula as retribucións do persoal e dos altos cargos. O título III regula as operacións de endebedamento e garantía. O

título IV o referido á xestión orzamentaria. O título V está dedicado ás corporacións locais e o título VI ás normas tributarias.

As disposicións adicionais tratan de diversas cuestións, como é a información que a Consellería de Facenda lle debería facilitar trimestralmente ao Parlamento, de economía e facenda e orzamentos do Parlamento de Galicia, sobre determinado tipo de operacións orzamentarias e financeiras. Finalmente, determináanse os preceptos que terán vixencia indefinida á entrada en vigor da lei.

Señorías, veño de presentarlles o informe dun traballo intenso, e estou seguro que útil na tramitación dos orzamentos, onde por unha banda o Goberno e o grupo parlamentario que o sustenta tiveron a oportunidade de explicar e defender a estratexia e a orientación xeral do programa económico de cada un dos seus departamentos. Pola outra, os grupos da oposición de exercer o dereito á crítica e presentación de alternativas. Mágoa que este exercicio democrático esencial no devir da nosa Comunidade non teña xustificadas uns acordos que semellaban, e estou seguro que aínda semellan, posibles e necesarios en torno a uns orzamentos que teñen a misión de xerar confianza para enfrontar o futuro de Galicia dende a situación excepcional da grave crise que vivimos.

Nada máis e motias gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rego.

Comezamos co debate do articulado, rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Escomenza o voceiro do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, o señor Aymerich Cano, grupo que mantén as emendas números un a doce. Señor Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señor presidente, señorías. Aprobaranse os orzamentos nestas sesións desta semana despois dun longo proceso de debate no que eu espero que por parte do Partido Popular haxa máis intención de aprobar algunhas emendas do que temos tido ata o de agora, porque efectivamente escaso, escaso, acordo se ten producido.

As emendas que defendo en nome do Bloque Nacionalista Galego ao texto articulado son precisamente un bon significado do que son estes orzamentos, é precisamente no texto articulado donde podemos ver as contradicións e as carencias que estes orzamentos presentan e os calificativos que o Partido Popular poñía no seu momento e que o Goberno poñía no seu momento de sociais, de austeros, de transparentes, e veremos como efectivamente isto non era así. E asistiremos mesmo a situacións paradóxicas, porque hai emendas nas que coinciden os tres grupos parlamentares, por exemplo nas pensións non contributivas, que haberá que ver cal é o sentido da votación do propio presidente da Xunta de Galiza.

Porque se ben lembramos na intervención que non tuvo fai moito neste Parlamento o señor Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galiza, dicía que nos orzamentos xa figuraban cartos para as pensións non contributivas. Sería bon que nos explicaran como é posible isto, cando o propio Partido Popular tamén emenda estes orzamentos para incluír precisamente o pago, o complemento das pensións non contributivas. Mentiu, polo tanto, o presidente da Xunta de Galiza, mentiuille a este Parlamento cando afirmou que eses cartos estaban nestes orzamentos. E a proba eficiente e eficaz, ou a proba real de que isto é así, é que ten que ser emendado.

E o que terían que estar explicando aquí, agora, é como un presidente acude a este hemiciclo a enganar non só a estes deputados, senón por ende ao conxunto de todos os galegos e as galegas. Porque estes presupostos van ser emendados, tamén polo Partido Popular, para que se poida pagar o complemento ás pensións non contributivas. Isto significa que non existía consignación presupostaria para este pago e que polo tanto que o Partido Popular non tiña previsto pagar esas pensións non contributivas. O cal, indubablemente, nega ese carácter social destes orzamentos, llo nega na medida que precisamente se actúa contra aqueles que teñen menos recursos, contra aqueles que teñen unha pensión media de 350 euros ao mes, e é precisamente a eses aos que se lles privaba dun complemento que viña a supoñer 200 euros, polo tanto unha especie de paga extra.

Esta é a realidade, e polo tanto con ese comezo dificilmente se poderían catalogar estes orzamentos de sociais.

Pero haille outros aspectos que tamén eran importantes. Este Goberno ten manifestada a súa vontade de incrementar

a transparencia, a mellora na información, de todo o que fai o Goberno e polo tanto de trasladalo a este Parlamento para que este Parlamento seña coñecedor da mellor información posible. E ten agora unha ocasión coas emendas que o propio Bloque Nacionalista Galego presenta a estes orzamentos a 3, a 5 e a 6, que o que pretenden é mellorar a calidade de información económica que recibe este Parlamento, tanto nos prazos como no tipo de información.

Son emendas que van dirixidas esencialmente a que o Parlamento galego dispoña no menor prazo posible da información económica substantiva para o desenvolvemento do seu traballo, dos avais, das autorizacións e revisións de prezos, dos plans aos que se refire a propia adicional segunda desta lei, as modificacións de orzamentos, a redución dese tempo e o incremento desa información é un elemento esencial para desenvolver o traballo parlamentar. Polo tanto, se realmente queremos facer unha aposta real pola transparencia, estas emendas deberían ser tidas en conta para efectivamente mellorar esa calidade de información e eses prazos.

Hai outro aspecto que non se pode escapar, e é o da austeridade e o do plus de altos cargos, do cal nós solicitamos tamén nestes orzamentos a súa supresión. E teño que facer un especial fincapé nel despois das intervencións que houbo no propio Pleno, onde se discutiu esta iniciativa lexislativa popular e o que a continuación tamén manifestou o presidente da Xunta en resposta a unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego. E desde logo o que non se pode calificar de hipócrita é recompoñer en todo caso unha posición en función de feitos obxectivos.

Cando nós defendemos a supresión deste plus de altos cargos estamos poñendo enriba da mesa argumentos. Dicemos que efectivamente recoñecemos que o aprobábase, pero consideramos que nun momento como no que estábamos, nun momento de crise económica, a interpretación social que se podía facer dun plus deste tipo era precisamente que estábamos lexislando en beneficio propio, ese é o argumento substancial para solicitar esa supresión. E o que non se pode tachar de hipócrita, hipócrita, en todo caso, é non poñer ningún argumento enriba da mesa para non eliminar ese plus de altos cargos e sen embargo acusar a outros de selo.

Ou de demagogia, porque demagogia efectivamente estamos moi acostumados a tela, pero demagogia é empe-

zar a rebaixar o salario dos altos cargos, pedir un 3% ou un 5% sin argumentar nin un nin outro; podía interpretarse tamén que era unha cuestión demagóxica e sen embargo o Bloque Nacionalista Galego vota a favor, porque é unha cuestión coa que podemos estar absolutamente de acordo.

Do mesmo xeito que vostedes no plus de altos cargos se os argumentos que nós poñemos enriba da mesa son o suficientemente fortes, e nós creemos que si, deberían recapacitar a súa situación e aplicar esa austeridade para a supresión destes plus de altos cargos, que, insistimos, afectan a moitísimos altos cargos, tendo en conta ademais que os deputados, os alcaldes, se incluírían tamén, estarían incluídos tamén dentro precisamente deste plus.

Polo tanto, ¿que maior austeridade que eliminar algo que non é esencial para o desenvolvemento neste momento da acción política e para dar un exemplo ao conxunto da sociedade de que ese plus debe de ser eliminado destes orzamentos?

Así o poñemos tamén e polo tanto vamos a solicitar que se teña en conta.

Hai tamén algunhas cuestións que nos parecen importantes e por eso emendamos este texto, como pode ser o respecto aos acordos retributivos establecidos en mesas sociais. Non é razoable que unha administración se sente a negociar con diferentes sectores, que a parte social chegue a acordos despois dun profundo debate e sin embargo esto despois non seña tido en conta á hora da redacción dos propios orzamentos.

E, polo tanto, nós pedimos a supresión, nese caso do artigo 17 e tamén do artigo 13, para precisamente dar cobertura aos acordos retributivos que estaban establecidos entre a administración galega e a propia parte social para que se podan levar adiante e polo tanto cumprir con aquilo que era un compromiso entre a parte social e unha administración.

E a administración está ao marxe de quen goberna en cada momento, é a administración e goberne quen goberne ten a obriga de respostar tamén aos compromisos adquiridos.

Hai outro aspecto que tamén nos parece importante, como é un maior apoio aos concellos, e neste sentido presentamos unha modificación no artigo 49 bis mediante a cal

solicitamos que durante o ano 2010 as bases reguladoras das axudas e subvencións financiadas con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma establezan con carácter xeral a concesión de pagamentos anticipados do 80% do importe concedido sin necesidade de achegar garantías consonte o artigo 31.6 da Lei 2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando os beneficiarios señan os concellos, así como as mancomunidades ou entidades ou consorcios locais, ou mesmo aquelas tamén empresas vinculadas fortemente cos concellos cunha participación maioritaria dos concellos, co fin de facilitar nun momento de dificultade económica pois a marcha destes concellos e a non paralización de proxectos que teñan en marcha, ou ben tamén de obrigas contraídas.

En definitiva, estas emendas o que pretenden é darlles unha volta a estes orzamentos.

Vostedes calificaban estes orzamentos de sociais, vimos que non o eran; vostedes calificaron estes orzamentos de inversores, efectivamente tampouco o son; non se poden cambiar as consignacións presupostarias por porcentaxes, porque con porcentaxes, indudablemente, non se potencia a investigación, non se potencia a empresa, non se potencia o desenvolvemento social e económico do país, son porcentaxes que por certo vostedes utilizan según lles interese, a vostedes non lles interesan as comparacións co ano anterior, porque dicen que estaban infladas, porque dicen que non eran reais.

Agora ben, cando aplican porcentaxes si o fan, sobre o ano anterior tamén, e polo tanto unha de dúas, ou non as utilicen para nada ou non sólo selectivamente cando lles interese, ¿cal é a realidade? Que estamos diante duns orzamentos que non teñen ese carácter social, que non teñen ese carácter investidor, que tampouco son austeros e que, polo tanto, son uns orzamentos que non van a servir para mellorar a situación dos galegos e das galegas e para que Galicia poida enfrentarse a esta crise con ferramentas útiles para que canto antes, coa maior rapidez, recuperemos a senda do desenvolvemento económico e do emprego. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Blanco.

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Señor presidente, señorías, bos días.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos a estes orzamentos ademais dunha emenda á totalidade, unha emenda transversal, porque entendemos que outro orzamento é posible coa actuación decidida da Xunta de Galicia; presentamos as emendas ao articulado e ao estado de gastos con responsabilidade e lealtade aos galegos e ás galegas.

Entendemos, en primeiro lugar, que a Xunta de Galicia cara estes orzamentos do ano 2010 tirou a toalla, se deu por vencida, deixou os galegos e as galegas abandonados á súa sorte, pensando que soamente a intuición, a capacidade, as ganas de saír adiante dos galegos e as galegas son os únicos que nós van a sacar desta situación de crisis.

Os orzamentos da Xunta do ano 2010, lamentablemente e en contra do que afirma o Goberno galego, non son nin realistas, nin rigurosos, nin austeros. Non son realistas porque o Goberno galego tivo que deseñar un subterfuxio, se deu conta de que non había recursos, de que non había euros para pagar a sanidade e a educación, e intentaron confundir peso con recursos, porcentaxes con recursos. Non son realistas, o único realismo que teñen estes orzamentos é recoñecer ante os galegos e as galegas que a Xunta de Galicia é incapaz de actuar fronte á crisis económica.

Non son rigorosos, porque non é rigor orzamentario afirmar que o investimento vai a medrar o vindeiro ano 2010 cando vostedes saben que o orzamento, o Goberno galego sabe que o orzamento, sitúa a redución do investimento máis do 11%, máis de 300 millóns de euros. Pouco rigor, tan pouco rigor que o propio presidente da Xunta de Galicia, corenta e oito horas despois de aprobar o orzamento no Consello da Xunta, tivo que emendarse a si mesmo e vostedes mesmos, o Grupo Parlamentario Popular, emendan ao Goberno para intentar cubrir aqueles erros máis de vulto que o propio presidente da Xunta afirmou aquí que non existían, cando realmente todos podemos miralos nos orzamentos.

Estes orzamentos, ademais, non son austeros, só son austeros en ideas e en iniciativas; son austeros coas familias, recortando dereitos, eliminando complementos autonómicos das pensións non contributivas, porque o eliminaron, elimi-

nando os libros gratis, pero ademais aquí non por aforrar, porque non aforran, senón porque non creen na igualdade e confunden a calidade cos dereitos. Son austeros cos traballadores, aos que lles recortan as políticas de emprego e formación, a pesar de pronosticar un incremento do desemprego do 20% ata situar a taxa de desemprego no 15%. Son austeros coa sociedade, cos galegos e coas galegas; estes orzamentos son insensibles e decepcionantes, son antisolidarios, en contra do que afirma o Goberno galego.

Ante o ano 2010 o Goberno galego, o presidente Feijóo, se presenta como un espectador, como un espectador á espera de que os cidadáns galegos resolvan os seus problemas coas súas forzas. Son os orzamentos da resignación e da parálisis, do recorte de dereitos e de políticas sociais, da caída do investimento.

Non son bos para activar a economía, non son bos para o presente e non son bos, o que é máis grave, para o futuro, porque poñen en perxuízo o capital humano, o I+D+I e o investimento que nos fará máis competitivos, porque pronostican unha caída de investimento e ademais unha perda de dereitos de todos os cidadáns. Ademais estes orzamentos non presentan nin unha sola estratexia para saír da crisis; os orzamentos, como todos sabemos, son unha previsión, e lamentablemente estes orzamentos van na mesma senda que vai o comportamento na Xunta de Galicia nos oito meses que leva gobernando.

Paralización, un exemplo, a caída da licitación de obra pública ata o 31 de novembro do ano 2009 é do 61%, máis de 600 millóns de euros menos investidos en licitación de obra pública que o ano pasado, esa é a mala nova que o Goberno galego dá aos cidadáns galegos e galegas.

Como sabemos que é posible outro orzamento, que si a Xunta de Galicia utilizara todas as ferramentas das que dispón sería posible que o desemprego non medrase desa forma tan espectacular, que a economía galega aproveitase a oportunidade que supón o Ano Xacobeo, e aproveitase e seguise mantendo o diferencial de crecemento coa economía española, presentamos unha emenda á totalidade e agora presentamos emendas ao articulado e ao estado de gastos pretendendo o mesmo obxectivo, mellorar na medida do posible estes orzamentos que non respontan ás necesidades dos galegos e das galegas.

A Xunta de Galicia cando empezou este proceso de elaboración dos orzamentos dixo que ía facer uns orzamentos participativos. A verdade é que eu creo que de 790 emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista que se aceptaran 4 e se transacionara 1, é dicir, que se aceptara o 0,6% das emendas presentadas non me parece a min que sexa unha boa sinal de participación nos orzamentos, creo que aínda está a tempo o Goberno galego de permitir a participación das forzas que representamos os cidadáns galegos e mellorar estes orzamentos.

Fai un intre se manifestou aquí que o traballo de elaboración da Ponencia foi un traballo longo. Comparto que foi un traballo intenso, pero tamén é verdade que é un traballo infrutuoso, porque dese traballo non se derivou que estes orzamentos sexan hoxe mellores que cando entraron neste Parlamento para a súa aprobación definitiva.

Lamentablemente moi poucas incorporacións para mellorar estes orzamentos.

Miren, eu creo que é bo recordar e lle recordo que no ano 2006 o propio Partido Popular se abstivo precisamente na votación do articulado dos orzamentos e puxo como argumento para a súa abstención a alta participación e incorporación de emendas no orzamento do ano 2006, eu lle poño eso como exemplo, vostedes agora non poden afirmar o mesmo.

Miren, as emendas ao articulado do Grupo Parlamentario Socialista respostan, por resumilas, a seis obxectivos. Eses obxectivos son:

En primeiro lugar, a mellora da solidariedade, é dicir, incorporamos o complemento autonómico ás pensións non contributivas, e digo incorporamos, porque desaparecera, porque como todos os cidadáns hoxe xa coñecen, o Goberno galego tomou a decisión unilateral de suprimir o cumprimento autonómico das pensións non contributivas, e iso non foi un esquecemento, foi unha actuación decidida, tiveron que cambiar o articulado da anterior lei de orzamentos para que non existira o complemento autonómico das pensións non contributivas, pero é máis, o Grupo Parlamentario Socialista, sabendo que este pago adicional de 200 euros non é dabondo, solicita que se incremente, e que se incremente polo menos un 10%, porque entendemos, e así mesmo dixo

o Partido Popular no pasado orzamento, que é necesario intensificar a solidariedade con aqueles que máis o necesitan, por eso mantemos a nosa emenda de incrementar o complemento autonómico das pensións non contributivas un 10% e situar ese fondo específico nós 11 millóns de euros, e ademais habilitar o correspondente cambio no articulado para que todos aqueles cidadáns que reúnan os requisitos, por suposto, podan acceder a esa cuantía.

Ademais, para mellorar a solidariedade, se establece na emenda 25 o fondo extraordinario de cooperación exterior, dotado con 2 millóns de euros, porque entendemos que a mellor forma que ten Galicia precisamente para solidarizarse, non soamente cos cidadáns que habitan neste país, senón cos cidadáns que están fóra, e por certo para tentar evitar entre todos, coa solidariedade internacional, conflitos e problemas que hoxe se están producindo, por exemplo de piratería noutros mares, a mellor estratexia é a solidariedade internacional, por eso creamos un fondo extraordinario de cooperación exterior dotado con 2 millóns de euros, e solicitamos ademais nas nosas emendas, na emenda 26, o fondo extraordinario para a vida independente, para facer o seguimento da aplicación da Lei da dependencia, fixado en 500.000 euros.

Ademais de mellorar a solidariedade, as nosas emendas pretenden mellorar o I+D e a aposta polo futuro de Galicia, adicando recursos a unha das pezas fundamentais do noso sistema educativo, que é a universidade, creando un fondo extraordinario adicional para o sistema universitario de Galicia dotado con 6 millóns de euros. É triste escoitar pois a algún rector dalgunha universidade galega afirmando que non sabe se este ano 2010 poderá manter as portas das facultades abertas para os alumnos. Polo tanto, dado que non soamente no presente, senón que ademais nesta situación de dificultade económica o que temos que facer é dar unha oportunidade a eses cativos que hoxe non se van incorporar ao mercado laboral, porque non teñen unha oportunidade de traballo, que podan continuar a súa formación. E ademais queremos que se siga intensificando o esforzo en educación e incorporamos unha emenda, a emenda 34, que foi incorporada á Ponencia, para que todos aqueles aforros no transporte escolar sexan integramente adicados á mellora do sistema educativo de Galicia.

Queremos ademais que coas nosas emendas se mellore a financiación dos concellos. E, polo tanto, o que pretendemos

é, en primeiro lugar, consolidar o fondo adicional establecido no pacto local, dotado con 6 millóns de euros, que vén estando vixente nos pasados anos e que permanecer aí, consolidalo, significaría facelo permanente e estable. E polo tanto que esté tamén para os vindeiros orzamentos. Eso significaría mellorar a financiación deses concellos sobre a previsión da evolución económica.

Ademais na emenda 23 se establece o fondo adicional extraordinario para compensar os ingresos que teñen os concellos por parte da Xunta de Galicia, e ademais se especifica que se poidan adicar parte deses recursos ao gasto corrente para os concellos que o necesiten. Do mesmo xeito se establece que comezan a establecerse criterios de obxectividade na concesión de subvencións e convenios aos concellos galegos, e, polo tanto, que o 20% das subvencións e convenios se establezan de xeito obxectivo, de maneira que se vaian incorporando pouco a pouco, ano a ano, criterios de obxectividade na concesión de subvencións e convenios aos concellos galegos.

Outro dos obxectivos das emendas ao articulado do Grupo Parlamentario Socialista é a mellora do reequilibrio territorial. E lles pedimos cousas sinxelas, lles pedimos por exemplo que habiliten unha partida orzamentaria na emenda 31 para o Plan impulsa Lugo, ou para o Plan impulsa Ourense. Esos plans que foron presentados con tanta publicidade pero que lamentablemente descubrimos nestes orzamentos que non significan nada, que non teñen nada, que non son nada, que non teñen ningunha partida orzamentaria; que non son nada máis que un contrato cunha empresa para que fagan un plan estratéxico. E xa veremos o que imos facer.

Do mesmo xeito queremos que se manteña a aposta polo Plan de reequilibrio territorial, polo Plan da Costa da Morte ou polo Plan Ferrol, por certo ademais aprobado neste Parlamento que así se mantivera.

Ademais, o Grupo Parlamentario Socialista cree que é imprescindible mellorar a transparencia, a mellora do control público e do rigor orzamentario. Por eso solicitamos que se incorpore como déficit da Xunta de Galicia unha fórmula de financiamento nova que aparece no orzamento da Sociedade Pública de Investimentos, denominada *factoring* sen recurso, que prevé unha dotación de nada máis e nada menos que 100 millóns de euros para o vindeiro ano, pero que para

vostedes non é máis que unha operación de caixa, de tesorería, e que non ten coste. Bueno, eu creo que como rigor, a vostedes que lles gusta tanto falar do rigor orzamentario, o primeiro que tiñan que facer é decir que isto é máis déficit para a Xunta de Galicia. Por certo, é que ademais triplica o endebedamento a longo prazo que ten esa sociedade, e vostedes o anulan, como se non existise. Iso non forma parte.

Ademais establecemos e solicitamos coas nosas emendas manter cando se esté falando dalgunha actuación extraordinaria a obriga de que o Consello da Xunta precisamente aprobe primeiro pois que se estableza esa declaración de que é unha causa de forza maior, unha causa que ten que ver con algo catastrófico, excepcional ou análogo. E esta emenda foi incorporada á Ponencia.

Ademais solicitamos de forma cautelara que se manteñan todas as cautelas e precaucións cos pagos das expropiacións e o pago da prima adicional da póliza de responsabilidade civil e patrimonial sanitaria.

E, finalmente, nos nosos obxectivos con estas emendas, o obxectivo é profundizar na austeridade. E por eso pedimos que non se incrementen os créditos iniciais non só para propaganda e estudos e traballos técnicos, senón para propaganda, estudos e traballos técnicos, atencións protocolarias, reunións, conferencias e cursos, na nosa emenda número 4, que foi incorporada á Ponencia. E ademais, xa que este é o Goberno autodenominado da austeridade, e que o presidente, logo de darse conta de que o seu soldo era o único que se incrementaba, de que non era novidade que se conxelaran os soldos dos altos cargos, decidiu rebaixar a remuneración de todos os altos cargos da Xunta de Galicia un 3% sen ningún criterio, pois lle pedimos que alomenos o rebaixe á metade do que baixa ao investimento público, é dicir, ao 5%; baixa o 11, que alomenos o baixe ao 5%.

E outra cousa lle solicitamos tamén coas nosas emendas...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... –si, gracias, presidente–, lle pedimos que non exista ningún presidente de ningunha sociedade, empresa, fundación, etc., que dependa da Xunta

de Galicia, que cobre máis que un director xeral ou un conselleiro. Con esa máxima, polo tanto, de que o que ten que ter a maior remuneración na Xunta de Galicia é o seu presidente.

Creemos que con estas emendas ao articulado mellora o contido dos orzamentos da Xunta de Galicia, se ben é verdade que entendemos que o que debería facerse é unha reforma en profundidade; porque, como lle decía ao principio, señora conselleira, outro orzamento é posible, estamos convencidos os socialistas de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Caride.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas gracias, señor presidente.

Bos días.

Señorías, é evidente que estamos ante os orzamentos máis extraordinarios que a Comunidade Autónoma tivo na súa historia. É a primeira vez que caen os ingresos correntes en máis dun 12%, é a primeira vez que o gasto non financeiro e os ingresos non financeiros da Xunta caen na cifra de entorno do 3%. E evidentemente todos sabemos que a causa é unha crise, unha crise que ten un alcance internacional pero que ten reminiscencias propias no noso país, como o demostra o feito de que sexamos os que estamos creando o dobre de paro que a media da Unión Europea, ou o feito de que todos os organismos internacionais digan que seremos o último país en saír desta crise.

Pois ben, os orzamentos que presenta a Xunta son uns orzamentos para esta situación excepcional de crise e caída dos ingresos. E, se me permiten, xusto coincidindo co seu falecemento, case se pode decir que es como un homenaxe á síntese neoclásica keinesiana de Paul Samuelson. ¿Por que? Porque son, en primeiro lugar, uns orzamentos que reflicten austeridade, o rigor da austeridade no gasto público. Son os primeiros orzamentos nos que a caída dos gastos de funcionamento, é dicir, aqueles que non están vencellados directamente á solidariedade ou á economía produtiva, caen por riba dos dous díxitos en todas as consellerías.

En segundo lugar, é o primeiro orzamento –como segunda condición para combatir a crise–, é un orzamento, absolutamente riguroso, tanto nas previsións de ingresos, é dicir, estes orzamentos non van a ter as desviacións que tiveron os do 2009, e cómpre lembrar que foron desviacións de 600 millóns de euros reais, ademais do que teremos que devolver como entregas a conta, é dicir, outros 1.300 millóns de euros. E tamén nos gastos, todos os gastos aparecen claramente respaldados polas correspondentes cantidades monetarias e non como os do 2009, onde hai 600 millóns de euros por baixo dos que cumpriría ter para poder realizar o alí previsto.

Son, en terceiro lugar, uns orzamentos moito máis transparentes, que incorporan 42 novas institucións por importe de 137 millóns de euros como consecuencia dunha reforma que fixemos nesta mesma Cámara ao comezo da lexislatura.

Son, en cuarto lugar, uns orzamentos que apoian aos sectores produtivos e –como dicía hai un momento– tanto a curto prazo, cun forte apoio económico para combatir a crise, como establecendo as bases dun crecemento sostido a longo prazo.

En quinto lugar, son uns orzamentos nos que se mobilizan recursos públicos e privados para fomentar o investimento. É certo que o investimento directamente incluído nos orzamentos cae entorno aos 300 millóns de euros como consecuencia da caída dos ingresos, pero tamén é certo que na partida de gastos este ano a Xunta vai a ter que afrontar 250 millóns de euros de amortización dunha operación a curto prazo deixada polo anterior Goberno que non ten ningún sentido económico e que lastra desde logo todas as porcentaxes, en particular as das partidas dos capítulos VI e VII, de investimentos, como consecuencia de ter que afrontarse ese pago que non ten moita racionalidade económica.

En sexto e último lugar, pero non por elo o menos importante, son uns orzamentos que fixan claramente que a prioridade deste Goberno é o mantemento do gasto social. É certo que non se pode investigar con porcentaxes, pero tamén é certo que cando todos os recursos caen o feito de que o gasto social, que o gasto en I+D+I suba, pese a esa caída como porcentaxe dos orzamentos, reflicte que ese esforzo de aforro en gastos correntes non produtivos se ten trasladado precisamente cara á solidariedade e cara aos investimentos produtivos, especialmente o I+D+I.

En definitiva, son uns orzamentos que apoian a unha sociedade que está a sufrir a crise para saír dela, para sobrelevala e que tentan poñer poucos custos adicionais na sociedade, a diferenza dos que se fixeron desde outras instancias, subindo os impostos ou recortando as transferencias que se lles fan aos entes locais ou ás comunidades autónomas, que é o caso do que fixo o Estado neste exercicio presupuestario.

Pois ben, nós, o Partido Popular, presentamos dezaoito emendas que afondaban na filosofía xeral aplicada polo Goberno na elaboración dos orzamentos. Presentamos algunhas emendas técnicas, pero quixera salientar –porque están incorporadas, como foi informado este Pleno– dúas que afondan tanto na austeridade e exemplaridade, e outra que afonda na solidariedade destes orzamentos. En primeiro lugar, incorporouse unha emenda pola cal se reducen os soldos dos altos cargos da Administración xeral e dos entes institucionais dependentes dela nun 3%, o que se explicou como exactamente coincidir coa cantidade que diminúen tamén os ingresos non financeiros e os gastos non financeiros da propia Xunta. Unha medida que non só demonstra un compromiso coa austeridade, senón que pretende ser exemplarizante nun momento en que todas as familias de Galicia están a atravesar pola mesma situación de recorte de gastos como consecuencia da minoración dos seus ingresos.

En segundo lugar, tamén como mostra do compromiso coas entidades locais, nosoutros presentamos unha emenda pola cal o fondo extraordinario que se prevé para os concellos, incorporado inicialmente ao capítulo VI por 18 millóns de euros, que garante que os concellos van a ter exactamente os mesmos ingresos que tiveron o ano pasado e non esa perda de 18 millóns como consecuencia da súa participación nos propios ingresos da Xunta. Eses 18 millóns de euros poderán ser utilizados tamén para cubrir gasto corrente cando sexa necesario. Unha laboura, por certo, que tamén fixemos coas propias universidades.

As propias universidades, de acordo co seu acordo de financiamento, como é ben sabido, verían minguados os seus ingresos este ano en máis dun 6% dos seus ingresos. A Xunta aporta 28 millóns de euros adicionais, co cal os seus ingresos só se minoran nun 2,5%. E estes 28 millóns de euros contrastan cos 13 millóns de euros adicionais sobre o sistema de financiamento universitario que puxo o anterior

Goberno bipartito. Son uns orzamentos, en definitiva, austeros, nos que salienta como única partida que crece como consecuencia das inercias retributivas, etc., o presuposto de personal. Un presuposto de gastos de personal que crece en 80 millóns, cando a media dos últimos catro anos foi un crecemento de 250 millóns de euros.

Xunto coa austeridade e a exemplaridade, este orzamento foi mellorado polas emendas do Grupo Popular no que atinxe á visibilidade da solidariedade. Aquí díxose que o presidente mentiu nesta Cámara, eu simplemente vou dicir que, en opinión deste grupo parlamentario, clasificar como mentira o que dixo o presidente nesta Cámara no sentido literal do termo mentira non se pode facer sen que se incurra nun risco certo de caer na inexactitude terminolóxica. E digo isto porque efectivamente a nosa emenda o que precisa é que haberá prestacións extraordinarias para os beneficiarios das pensións e beneficios non contributivos, unha percepción de 206 euros, é dicir, a que o ano pasado, tamén con carácter extraordinario e con vigor única e exclusivamente para o ano pasado, aprobou o anterior Goberno, máis o 3%, que é a suba das pensións mínimas do Estado. E que eso está con cargo ao fondo da sección 23, a partida 23.02.621B.52, o fondo de continxencia.

Vostedes manteñen unha emenda para modificar este fondo de continxencia, non sei por que, deberían de estar contentos de que quedara precisado que o que dixo o presidente nesta Cámara era certo e que no fondo de continxencia estaba previsto satisfacer este complemento retributivo.

Por outra banda, quero salientar tamén que este grupo aceptou no trámite do articulado catro emendas da oposición. É dicir, catro emendas máis das que se aceptaron o ano pasado, que non se aceptou ningunha. (*Aplausos.*)

E fixémoslo, máis alá doutras consideracións, porque considerábase que era camiñar exactamente nesa dirección de austeridade, o rigor e a solidariedade o de establecer a necesidade de declaración do Consello da Xunta para autorizar as transferencias de crédito dos capítulos VI e VII a gasto corrente en casos de catástrofes. Ou por exemplo tamén limitar ou prohibir a suba dos cretos, a ampliación dos cretos das aplicacións orzamentarias dirixidas á publicidade ou estudos técnicos xa incorporadas, engadirlle tamén as atencións protocolarias e as reunións e conferencias.

E iso que esta partida xa se vira diminuída no orzamento que presenta a Xunta no que se refire ás atencións protocolarias nun 15%, e ademais a dos cursos nun 22%. E tamén consideramos, aínda que non era necesario, que era máis evidente que as rebaixas que eventualmente se produzan no custo do transporte escolar concretáronse en que se destináran integramente ao sistema educativo.

Pero ademais de aceptar estas emendas, eu estou convencido que tanto o PSOE como o Bloque Nacionalista Galego están contentos de que neste orzamento se reflecta claramente o complemento das pensións non contributivas, aínda que manteñen a emenda no Pleno. Tamén estou seguro de que comparten plenamente que o fondo extraordinario para os concellos tamén pode adicarse ao gasto corrente. Non se pode aceptar a emenda da señora Caride, como se lle explicou na Comisión, porque manter o fondo dos seis millóns de euros implicaría que non todos os concellos obtéñen no ano 2010 a mesma cantidade que recibiron do ano 2009, que é o que pretende este fondo extraordinario que crea a Xunta. Estou seguro tamén que aínda que inventaron o curioso do concepto de que a metade do que baixa o gasto en inversións directamente incluído no orzamento para poñer o 5%, pois estou seguro que tamén creen que é unha boa cousa establecer unha rebaixa dos solos do 3%.

Evidentemente, rexeitamos o resto das emendas. Como tamén xa quedou claro tanto no debate das emendas á totalidade como no que foi o propio debate na Comisión, porque consideramos que non se pode seguir tirando dun fondo de continxencia que xa baixa con relación aos orzamentos do ano pasado nun 37%, que non se poden reducir aínda máis os gastos correntes tendo en conta que estamos falando de rebaixas de máis de dous díxitos dunha simplificación dos altos cargos de máis do 45%, todo o recorte que xa se fixo, se non se quere poñer en risco o desempeño das propias funcións da administración e, obviamente, non podemos aceptar unhas emendas que se basean, como a que se fixo á totalidade, nun incremento dos ingresos da Xunta pro riba do que a propia Xunta prevé.

Sobre isto simplemente quero lembrar o que onte se fixo público, e é que precisamente este ano, como consecuencia dunha medida que nós consideramos que é fundamente apropiada, que é a de manter a dedución de 400 euros para rentas máis baixas, pero que é unha decisión unilateralmen-

te tomada polo Goberno e o grupo que apoia ao Goberno de España nas Cortes Xerais, como consecuencia diso as cifras que están incluídas no orzamento como entregas a conta que xa baixaban un 13%, este ano van a caer outros 16 millóns de euros.

Se o Goberno de Madrid está recortando as entregas a conta en 16 millóns de euros como consecuencia dunha vantaxe fiscal que, por outra banda, nós compartimos, comprenderán vostedes que facer emendas pensando que os ingresos van a ser maiores do que realmente van a ser, pois non pode ser calificado nada máis que como fantasioso. Porque, en definitiva, como dicía ao comezo, é importante que a sociedade teña certidume sobre cales son as cifras realmente que vai a gastar e que vai a ingresar o Goberno, unhas cifras –insisto– que son as máis axeitadas para a crise, porque combinan o apoio ás familias nun momento difícil co mantemento dos investimentos e o gasto produtivo.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Puy Fraga.

Rolda dos grupos para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais. *(Pausa.)*

Polo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señor presidente, señorías, dice o portavoz do Partido Popular que son uns orzamentos rigorosos, estrañamente rigorosos, porque escasamente unha semana despois de presentalos sufren dúas emendas de calado como é as pensións non contributivas, unha delas, dun profundo calado, non só na súa consignación presupostaria, senón no que significa tamén de ideoloxía e de prioridades nuns orzamentos; nuns orzamentos é articular prioridades. Polo tanto, o de rigorosos, cando menos, o vamos deixar en suspenso.

Di vostede que o presidente non mentiu, que foi inexacto terminoloxicamente. Mire, se é inexacto significa que non dixo a realidade. É dicir, que non foi riguroso coa realidade. Que sabendo o que era verdadeiro dixo outra cousa. Vostede pode chamarlle inexacto, eu claramente lle chamo mentirei-

ro. Porque, efectivamente, eso é ao que asistimos aquí neste Parlamento, a un presidente que mentiu, que veu aquí a dicir que xa estaba nos orzamentos.

¿Me quere dicir o Partido Popular como é posible que se xa estaba o propio Partido Popular o emende? ¿Para que o emendan? Se xa está non fai falta emendalo. Non aceiten as emendas, voten en contra porque xa estaba e así traballarían conxunta e coordinadamente co seu presidente. Porque eu non sei o que vai votar o presidente da Xunta, pero desde logo non podería votar a emenda que vostedes presentan, porque a emenda que vostedes presentan corrixe, corrixe o que o propio presidente dixo neste Parlamento, e que foi claramente unha mentira. E desto eu creo que non hai ningunha dúbida.

Pero debuxa vostede uns orzamentos que tampouco se corresponden. Dice que son sociais. Non, non son sociais, en absoluto son sociais. E manifesteillo claramente ao principio. ¿Como van ser sociais uns orzamentos que a aqueles que son os máis desfavorecidos, os que menos renda teñen, os borran vostedes dos orzamentos? Porque non estamos asistindo só a que existira consignación presupostaria; é que no texto articulado suprimiron vostedes un artigo que facía referencia precisamente a esas pensións. É dicir, foi a propósito. Cando vostedes estaban preparando os orzamentos eliminaron aquel complemento específico. Eso é certo, non sei se porque o tiña feito o anterior Goberno bipartito, e entonces xa inmediatamente había que retiralo, ou sencillamente porque vostedes carecen de calquer sensibilidade social. E cando se actúa en contra daqueles que son máis desfavorecidos, non se pode vir aquí a dicir que son uns presupostos sociais, en absoluto.

E tampouco son austeros, e non vou deixar de contestar ao presidente cando o outro día na resposta dicía que no BNG vía unha certa hipocresía porque había altos cargos do Bloque Nacionalista Galego que tiñan cobrado o plus de altos cargos.

¿Oigan, vostedes están en contra desa rebaixa dos 400 euros no IRPF? ¿Ningún de vostedes cifrou esa rebaixa? ¿Ningún a puxo na súa declaración da renda? As leis están para cumprilas cando penalizan e cando benefician.

E cando se quere cambiar eso, se cambia, e cando se quere cambiar a lei, se articula unha nova lei ou se suprime este plus. Eso é o que hai que facer, eso é o que hai que facer.

Esta é a pobreza realmente da súa argumentación para non suprimir este plus, intentar atacar as posicións doutros con mecanismos que, desde logo, non se manteñen.

O propio señor Manuel Rivas que considera un sinsentido que se esixa ese plus ou esa desgravación de 400 euros, supoño que tamén o desgravaría na súa declaración se podía, e se non podía evidentemente non.

Polo tanto, señamos serios. Se se quere eliminar ese plus de altos cargos o único que hai é que decidilo e aprobar esta emenda. Tuvéron vostedes, efectivamente, unha oportunidade no Pleno anterior, non o fixeron, e indubablemente perderon a ocasión de corrixir un error que agora podía ser en todo caso enxugado.

Pero tampouco é certo que haxa máis investimento para políticas de I+D+I. Non só non hai máis investimento, senón que por primeira vez se incumpre un acordo que tiña firmado o Partido Popular en 2005, e eran os incrementos anuais para achegarnos á media estatal e europea en políticas de investimento, de desenvolvemento e de innovación. Que é ademais un sector clave no deseño do futuro modelo produtivo, ese polo que todo o mundo aposta, pero no cal non se queren poñer as ferramentas que o fan posible.

Reducindo as políticas de I+D+I estamos empobrecendo o país para o futuro. Estamos eliminándolles a ferramenta que teñen realmente as empresas e os sectores para medrar, para ser máis competitivos e para internacionalizarse. Non se internacionaliza un facendo moitas misións comerciais e indo con vídeos, por certo de fai vinte anos, enseñando unha Galiza que só existe xa na memoria dalgúns de máis idade; non se fai internacionalización así. Faise poñendo as empresas, os sectores produtivos traballando con políticas de I+D+I e a apoiándoos desde a propia administración. Traballando coordinadamente coa administración, que é o que vostedes non fan. E por eso presentan uns orzamentos que vostedes mesmos son conscientes de que non valen, de que non sirven para enfrentarse á crise.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Blanco.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: De que non priorizan o que hai que priorizar, e que polo tanto deixan á sociedade galega

inorme, inorme, ante unha crise na que van ter que defenderse sos, porque o seu Goberno ou está paralizado ou sencillamente non está. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Blanco.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra a señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Moitas gracias, señor presidente.

Señorías, despois, ou logo, da intervención do portavoz do Grupo Parlamentario Popular o que desprendemos é que o Grupo Parlamentario Popular sigue instalado nas mesmas escusas. O que antes do 1 de marzo era responsabilidade da Xunta de Galicia, dende que vostedes chegaron ao Goberno ou é da crise económica internacional, ou é culpa de Zapatero, ou é culpa do anterior Goberno, pero vostedes aquí responsabilidade non teñen absolutamente ningunha.

Claro, son tan irresponsables que por eso fan estos orzamentos, donde claramente deixan os brazos caídos e esperan que os cidadáns, e as familias, e as empresas, salgan desa situación de crise polos seus propios medios sen axudarlles en nada.

É paradóxico o seu comportamento. Un día chegan a esta Cámara e dicen que a redución dos 400 euros vai a supoñer menos ingresos para as familias galegas e que iso vai a supoñer menos demanda agregada, e que eso vai a supoñer menos actividade económica.

Ao día seguinte, eso si, o seu portavoz ao Goberno de España lle di que non está de acordo con que volvan a poñer os 400 euros de dedución. E hoxe vostede aquí a verdade é que tamén di que vai a supoñer unha merma de ingresos.

Polo tanto, todas aquelas contas que fixeron de que 500 euros de menos para os cidadáns galegos, por certo, contas eu creo que francamente mal feitas, poñen vostedes en evidencia ademais que un día din unha cousa e outro día din xusto a contraria. De rigor nada.

Mire, poñer como escusa que ao fondo de continxencia xa non se lle pode quitar máis, ¡pero vamos a ver!, se voste-

des lle quitan ao fondo de continxencia o complemento autonómico das pensións non contributivas. Porque non existía, claro que non existía.

Vostede lle pode chamar mentir, faltar á verdade, o término preciso que a vostede lle guste máis, pero todos entendemos mentira cando se di algo e se afirma algo que non está e non existe.

E mire, a mentira ademais foi reiterada, porque non foi soamente que vostedes decididamente retiraran artigos do articulado da lei e un fondo específico para o complemento ás pensións non contributivas. É a que a propia conselleira afirmou que ese fondo non era preciso, era mellor facer outras cousas.

Home, non tuvo a soberbia do conselleiro de Educación de dicir que ademais os libros gratis non eran bos para os nenos, porque soamente con libros en propiedade aprendían mellor os nenos e se acababa o fracaso escolar. Home, tanto inxenio non tivo. Non foi capaz de dicir que iban a vivir mellor sen o complemento autonómico as pensións non contributivas, pero claro, pouco lle faltou.

E non foi soamente a conselleira, tamén a secretaria xeral.

Polo tanto, que digan vostedes agora que o fondo de continxencia xa non dá para máis, vostedes ademais que con tanto rigor non se lle escapará moito o orzamento a ningún lado e o fondo de continxencias está para os imprevistos. Pois nós lle decimos, mire, en vez de traer ese fondo de continxencia, delle vostede recursos a quen o necesita. ¿E quen o necesita? A universidade, o necesita a cooperación exterior e o necesita un fondo para a vida independente.

Por certo, esa cooperación exterior só lle estamos propoñendo que se incremente ao adicado o ano pasado o 1,6%, tampouco é un incremento tan relevante nun tempo donde é fundamental manter a solidariedade internacional.

Cando estamos nesta tribuna e escoitamos que o orzamento da Xunta de Galicia, bueno, un paradigma da economía como Samuelson defendería estes orzamentos, a verdade é que eu xa non entendo nada, creo que hai que revisar a teoría económica; porque claro, que Paul Samuelson chega-

ra a dicir que é mellor que o Estado se retire da economía, que non faga nada e que deixe a economía actuar ao seu libre albedrío, creo que é para nada, garantir os servizos sociais é intervir na economía, claro que si. Creo que vostede se equivocou, eu creo que os veo máis partidarios das teorías de Milton Friedman, que di a ver se o mercado resolve os seus problemas, polo súa conta, e nos esquecemos de todo o demais.

Pero mire, lea vostede os artigos de Paul Krugman, lea a Akerlof, e mirará vostede que o peor erro é retirar os estímulos económicos neste momento. E o que está facendo a Xunta de Galicia nestes orzamentos do 2010 é retirar os estímulos económicos, porque claro que é un estímulo económico a contratación da obra pública, claro que si, e non se pode enmascarar. Por certo, e que ademais vostede sabe que é orzamentario e que non é orzamentario. E esas cábalas que vostedes fan sobre o investimento privado, que xa nos dá medo, porque ademais o poñen na sanidade, un tema especialmente complexo e que dende logo os socialistas non imos defender, pero ademais diso vostedes soamente fan cábalas, e esas cábalas lles levan a conseguir que no mundo de *Galicia no país das maravillas* vostedes van a conseguir que o incremento da inversión sexa maior.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Mire, os seus orzamentos din o que din, e din que ese investimento diminúa, que vostedes abandonan ás familias e ás empresas galegas, que as deixan soas para saír desta crise, e o que é peor, que non teñen ningunha estratexia para saír da crisis. Por todos eses motivos, nós nos imos manter coas nosas emendas. Por certo, imos apoiar as emendas do Grupo Parlamentario Popular, excepto a emenda número 8, como xa anunciamos, que é a que ten que ver co plus de altos cargos, que imos votar en contra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Caride.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Un ás veces queda sorprendido pola contradición dos argumentos, porque eu que eu saiba o orzamento do 2010 aínda non está aprobado, e estamos xustamente no trámite da súa mellora. Polo tanto, non está emendado ningún orzamento vixente. Emendar un orzamento vixente é por exemplo aprobar en decembro o orzamento do 2008 e en xaneiro presentar un suposto plan de reequilibrio territorial, que por certo nunca se executou. Eso si que é emendar os propios orzamentos á volta da esquina. (*Aplausos.*)

Ben, dito isto, señor Blanco, tamén eu teño certa perplexidade nesta Cámara, vostede é máis veterano nela que eu, porque recordará que nun momento do desenvolvemento na Comisión na que estábamos discutindo os orzamentos houbo unha palabra máis alta que outra, e o presidente –que por certo hai que felicitar pola súa labor nese foro– dixo que bueno, que a palabra mentir que xa estaba máis ou menos aceptada como unha máis das que se utilizan habitualmente no Parlamento, en cambio que as outras eran máis discutibles porque se [...].

Eu personalmente resístome a utilizar a palabra mentir e non dubido da honestidade de ninguén desta Cámara. E recurrín a unha cita que lle volvo a repetir: “Non pode, en opinión do noso grupo parlamentario, clasificarse como mentira en el sentido literal del término sin que se incurra no risco certo de caer na inexactitude terminolóxica”. Estoulle decindo que é unha inexactitude terminolóxica dicir que o señor presidente é mentireiro, que é unha forma delicada e por certo que está copiada dunha cita literal de Winston Churchill.

Ben, quería tamén dicir á señora Caride que tamén estou un pouco sorprendido polo seu discurso sobre o anticíclico ou se é anticíclico ou non este orzamento. Este orzamento recorta gastos, voulle dicir, recordar unha vez máis, onde recorta gastos. Recorta o 3,6 en reparacións, mantemento e conservación; o 15% en material de oficina; o 15% en vestiario; 15% en primas de seguros; o 16% en atención protocolarias; o 22% en publicidade e propaganda; o 17% en reunións, cursos e conferencias; o 16% en cobertura informativa; o 40% noutros gastos, bens correntes e servizos; o 12% en indemnizacións por razón de servizos; o 42% en publicacións, gasto non produtivo. En cambio donde non minora: comedores e transporte escolar máis 5%; funcionamento centro docentes e educa-

ción máis 1%; comunicacións postais para da xustiza, para un tema que vostedes deixaron completamente desvalido, que era o da xustiza gratuíta, máis 19%; residencias e centros de menores máis 31%. Eso é un orzamento que mantén o gasto social e que recorta o que non é gasto produtivo.

Pero ao mesmo tempo mantense o gasto e mantense o investimento en relación ao PIB de Galicia, indo á máxima operación de endebedamento posible. Vostedes en Comisión criticaban que estábamos endebedando moito a Xunta, hemos ido ao máximo permitido; por certo, o máximo legalmente permitido polo Estado, unha cousa que non están a facer outras comunidades autónomas, como é o caso de Cataluña, que se pasa polo forro, como fai case sempre sen que o Goberno do Estado faga nada, o límite de endebedamento que lle impón o pacto de estabilidade asinado por todas as comunidades autónomas.

Esa é a situación, estamos cun orzamento claramente anticíclico que vai ao máximo de endebedamento e ao máximo recorte dos gastos non produtivos mantendo o gasto social. Esa é a clave deste orzamento, e como se vai ao máximo de endebedamento e como se recorta o máximo gasto social, a vostedes só lles quedan un par de cousas nas emendas, que é dicir que vai haber máis ingresos, cousa que estamos a ver que non ocorre, ou empezar a recortar por todas partes. Entón, ¿cal é a súa teoría?

Ben, se lle sacamos dez millóns de euros ao fondo de continxencia, ¿por que non o vaciamos de todo?, ¿ou se lle rebaixamos o soldo o 3% aos altos cargos, por que non lle rebaixamos ao 5% ou ao 10%?

Señora Caride, vostede, se me permite unha cita en castelán, me recorda aquilo, e llo vou a ler, aquilo que decía: “Es que tu inocencia ignora que a más de una hora, señora, las siete y media es un juego. Y un juego vil que no hay que jugarlo a ciegas, pues juegas cien veces, mil..., y de las mil, ves febril que o te pasas o no llegas. Y el no llegar da dolor, porque indica que mal tasas y eres del otro deudor. Mas, ¡ay de ti si te pasas! ¡Si te pasas es peor!”.

Vostedes xogaron a cegas, conxelaron, dixeron que era o que estaba ben, estaba mal taxado, e ao ver o 3% se pasaron, e ao 5% que é moito peor. É así como están vostedes nas emendas dos orzamentos. (*Aplausos.*)

En definitiva, señorías, estos son uns orzamentos anticíclicos dentro das marxes que nos imponen os recursos que nos dá o Estado, o límite de endebedamento que nos dá o Estado, recúrtanse os gastos non produtivos e baixo o máximo de endebedamento. A marxe de manobra é moi pequena dentro das coordenadas do que é a economía neoclásica keynesiana, que como vostede sabe perfectamente foi fundada e foi promocionada polo recentemente falecido premio Paul Samuelson. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Puy.

Debate do estado de gastos

Sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia)

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

Compañía de Radio-Televisión de Galicia

Fundación Galicia Emigración

Fundación Deporte Galego

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Empezamos pola defensa das emendas e ten un turno máximo de quince minutos, polo Bloque Nacionalista Galego, o señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, estamos ante os primeiros orzamentos do novo Goberno. O Goberno mono, digo monopartito (*Risos.*) (*Aplausos.*) non me interpreten mal. E son uns orzamentos monos, eso si, neste caso xa utilizando a acepción de disfraz.

Na Sección 04, da Presidencia da Xunta, queda de forma nítida e creo que ademais paradigmática que non hai ningunha das acepcións que se utilizaron por parte do monopartito para xustificar os orzamentos, ningunha das acepcións. Non hai austeridade, non hai eficiencia, non hai gasto social e non hai menos gasto dentro que fóra. E para eso hai que facer unha análise neutral, nin sequera partidaria dos números, pero non disfrazalos, non poñer os monos porque interesa, senón facer unha análise rigurosa dos números, e aparece con contundencia que se incrementan na súa participación os porcentaxes respecto do ano anterior dos capítulos I e II, do 10,6 ao 10,9%. Disminúyese de forma drástica o

investimento, e se é en forma porcentual tamén se diminúe o gasto fóra, é dicir, o gasto de capital, capítulo VI e capítulo VII.

Polo tanto, primeira conclusión, non hai menos gasto dentro e máis fóra, senón todo o contrario, iso é o que din os números, clarisimamente, se poden despois dicir outras cousas, utilizar as porcentaxes como se queira.

Segundo, non son orzamentos de crise. Fíxense vostedes, un presidente que chegou ao Goberno cabalgando sobre a crise na sección –por certo non está presente na sección que depende orgánica e funcionalmente del– que depende orgánica e funcionalmente del non se cita en ningún programa, en ningunha memoria, en ningún apartado a palabra crise. Non hai ningunha orientación programática, ningunha orientación política para combatir a crise na sección da Presidencia da Xunta. Paradigmático tamén. E por suposto acaba repercutindo en menos gasto social, porque nesta presidencia redúcese de forma comparativa, respecto do ano anterior e en cifras absolutas tamén, as políticas de igualdade, as políticas para actuación no deporte, e se retiramos o investimento dentro na rede de datos da Xunta tamén as políticas de I+D+I. Polo tanto, non hai tampouco orzamentos de carácter social.

Eso é o que dicen as cifras, despois virá o disfraz para poñer o mono, pero as cifras o que dicen de forma rotunda e clara é que estamos ante uns orzamentos desde logo que gastan máis dentro que fóra co ano anterior en cifras porcentuais, que non combaten a crise, non aparecen en ningún programa e en ningunha liña de actuación a crise e por suposto teñen menos gasto social, entendendo por gasto social as políticas de igualdade, as políticas para promover o deporte de base e as políticas de I+D+I.

Nese sentido van as emendas do Bloque Nacionalista Galego. Por certo, un dato máis sobre a eficiencia. As fundacións e os organismos que dependen desta sección, vostedes que falan de ser uns orzamentos eficientes en cifras xerais, van a manexar moitísimo menos orzamento que os anos anteriores: Fundación Deporte Galego, Fundación Galicia Emigración, analicen vostedes os orzamentos de cada unha delas. E nembargantes se incrementan os gastos de personal, nalgúns casos de forma escandalosa. É dicir, para manexar menos orzamento en cifras absolutas se incre-

mentan os gastos de personal. ¿U-la eficiencia, señora conselleira?, porque ao non estar o máximo responsable da Sección 04 teño que dirixirme a vostede, ¿u-la eficiencia?

Para eso nós propoñemos unha serie de emendas que pretenden precisamente cambiar o aceno dos orzamentos, son un modelo efectivamente diferente de concebir o investimento en períodos de crise. ¿a onde diriximos as nosas emendas? Dende logo a favorecer as políticas sociais de igualdade e fortalecer os centros de I+D que vostedes queren eliminar: a rede de canguros; as políticas de investigación vinculadas ao que é o combate, a violencia de xénero; a creación do observatorio galego da violencia de xénero; a promover e seguir incentivando o acceso á cotitularidade das explotacións agrarias por parte das mulleres; a promover e fomentar o fomento de proxectos innovadores liderados por mulleres incrementando as transferencias ao Servizo Galego de Igualdade; a incentivar tamén programas de inserción laboral das mulleres menores de 35 anos coas transferencias ao Servizo Galego de Igualdade; a incentivar as axudas para o retorno, que é un aspecto moi relevante para poder incorporar tamén á muller ao mercado de traballo, aos estudos superiores das mulleres con cargas familiares. E si dicimos isto é porque os indicadores todos de paro poñen de manifesto que os poderes públicos teñen que facer unha aposta decidida polas políticas laborais de incorporación da muller ao mercado do traballo.

Entendemos que invertir máis fóra que dentro significa traer recursos como facemos nós de gasto corrente, de asistencia técnica, de estudos e traballos realizados por outras empresas, de propaganda, eso que vostedes decían que ían a reducir e por suposto que reducen nalgunha cantía, pero dende logo quedan cifras absolutamente cuantiosas en épocas de crise; destinamos recursos deses presuntos destinos iniciais a facer unha promoción importante do audiovisual galego, do sector audiovisual que vostedes recortan drasticamente.

Investimento fóra en empresas do audiovisual, en proxectos impulsados por xoves no audiovisual e sempre vinculado a proxectos que teñan o orixe no país e que polo tanto acaben promocionando tamén a política de audiovisual para servir de fomento tamén do noso idioma.

Facemos tamén unha liña de emendas que teñen un contido específico e concreto de carácter social respecto da emi-

gración, destinamos recursos tamén dese gasto corrente a un aspecto que vostedes están poñendo en cuestión coa súa política de privatización dos centros sanitarios que atenden aos emigrantes. Dedicuen vostedes recursos do gasto corrente a fortalecer o carácter público e a atención sanitaria na emigración e fágano non só a través do orzamento da consellería, senón tamén a través do orzamento da Fundación Galiza Emigración.

Na política de deporte vostedes mesmo declinan calqueira política que signifique responder aos compromisos que hai adquiridos mesmo coa universidade para seguir actuando e tendo unha facultade de educación física, o Instituto Nacional de Educación Física, de categoría, e para eso había que seguir cumprimentando os 3 millóns de euros que tiña como compromiso adquirido o Goberno galego.

Nin nestes orzamentos da Sección 04, que eran donde estaban antes, nin na Consellería de Educación, vostedes nese sistemático recorte de investimento para o funcionamento das universidades deixan sin os orzamentos ao INEF da Coruña. Na política dende logo deportiva a nosa é unha opción claramente diferenciada da súa, queremos promocionar o deporte de base, queremos promocionar o deporte escolar, queremos promocionar mesmo cumprindo a legalidade o deporte universitario, e dende logo a política de infraestruturas debe de ser responder aos compromisos que as administracións tiñan adquiridos mesmo con convenios asinados ao explicar o porqué non se fai si esto se quere tirar abaixo. Política de infraestruturas en base a baremos claros e obxectivos.

Como non, vostedes déronlle un golpe ao traballo que tiña desenvolvido o Goberno anterior para impulsar o software libre e nós queremos recuperar coas nosas emendas outra vez ese traballo e implemento do software libre, e da mesma maneira que queremos investir fóra para achegar todo o que representan as tecnoloxías da información a todo o territorio do país.

Non vai haber banda larga a todo o territorio do país nun territorio que ten máis de 33.000 núcleos de poboación se non hai un investimento público acaído, concretado e comarcalizado, como propoñen as emendas do Bloque Nacionalista Galego.

En definitiva, señoras e señores deputados, un modelo de emendas que contradice os orzamentos da Sección 04. Insistimos, unha Sección 04 donde o presidente evidenciou que todo o seu discurso durante os dous últimos anos ao respecto da crise era un argumento exclusivamente electoral. Na Sección 04 non se cita en ningún solo apartado programático nin de memoria a palabra crise, que tamén era falso, e que non respondía á realidade numérica dicir que se gastaba máis fóra que dentro, todo o contrario nestes orzamentos. Estes orzamentos teñen un profundo contido de atentar unha das políticas fundamentais, que son as políticas de igualdade, ao cerrar centros, ao reducir orzamentos ou ao minguar de forma sistemática políticas que se estaban aplicando.

E dende logo non hai un orzamento que pretenda promocionar o sector audiovisual galego. En definitiva, estamos efectivamente ante unha sección que pon ao descuberto con enorme rotundidade e claridade que os números dicen unha cousa e que o discurso dice outra; os números son contundentes e hai que cambialos si se quere responder a esa política de gastar menos dentro que fóra, de facer máis política social, de incentivar políticas de igualdade, de incentivar políticas de creación de emprego nos sectores máis desfavorecidos, de incentivar políticas de promoción do emprego tamén nos sectores tamén máis punteiros da innovación e o audiovisual para proporcionar maiores servicios á sociedade galega como, é achegarlle a banda larga.

En definitiva, eso todo está contido nas emendas do Bloque Nacionalista Galego, e por suposto que nós estaríamos dispostos a discutir a orixe deses recursos, seguramente o Goberno ten máis datos de onde se poden sacar ao mellor recursos para destinalos a estas necesidades e estamos dispostos a transacionar, pero dende logo que creemos que é necesario e que moitas das emendas que nós introducimos nas nosas emendas, e valga a redundancia, significan unha mellora sistemática e unha mellora cualitativa en tempos de crise fundamental para reducir o que sería gasto corrente, gasto improdutivo, e destinalo ao que significa actuar no beneficio dos cidadáns, nas políticas sociais, nas políticas empresarias e no deporte de base.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Bo día.

Gracias, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, interveño en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia para defender as 48 emendas parciais que presentamos a esta sección número 4 do orzamento da Comunidade Autónoma, non sin antes querer facer algunha explicación sobre o posicionamento do noso grupo, ao que lle sigue chocando desde logo que a actitude da maioría parlamentaria sexa a actitude de rodillo; un comportamento hoxe, que estamos comenzando o debate xa no Pleno, que se puido ver durante os pasados días nas sesións da Comisión de Economía.

Aquí se falaba por parte do voceiro de economía do Partido Popular do que sucedera o ano pasado, pero sin embargo nada dixó do que sucedeu no ano 2005 cando tivemos oportunidade de debater sobre os orzamentos do ano 2006, no que o propio Partido Popular chegou a absterse fruto da incorporación da maioría parlamentaria naquel momento de moitas das emendas do Partido Popular ao articulado, ou igual que en anos sucesivos se tiveron incorporado outras emendas importantes en cuantía e en número tamén ao Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma. E choca esta actitude coa actitude que ten manifestado o propio presidente da Xunta, o señor Núñez Feijóo, que fai dous meses dicía nesta Cámara que quería consensuar e que quería ter o apoio no orzamento. A verdade é que a actitude do Grupo Parlamentario Popular non camiña na mesma dirección que as verbas do señor presidente da Xunta.

Teño que manifestar coincidencia con algunhas das cuestións que ten exposto aquí o señor Suárez Canal en nome do Bloque Nacionalista Galego. É evidente que cun análisis sinxelo da Sección 04 deste orzamento podemos comprobar como se aposta polo gasto non produtivo, é dicir, se adican máis recursos ao gasto corrente e menos á política social, tendo en conta que para calquera cidadán que nos poida estar vendo hoxe a través dos diferentes soportes, a través da rede ou mesmo en directo, estamos a falar da igualdade, estamos a falar do deporte, estamos a falar da modernización tecnolóxica, estamos a falar das políticas de inmigración e emi-

gración, e en ningún caso se observa que se efectúe ningún tipo de aposta seria por parte de quen confecciona os orzamentos da Comunidade Autónoma, neste caso o Goberno que ten remitido o proxecto de lei.

O señor Núñez Feijóo pasouse unha boa parte do primeiro trimestre deste ano 2009 facendo críticas a aquilo que non lle gustaba, pero nove meses despois descubrimos que non hai nada novo na chistera, hai declaracións grandilocuentes, pero hai ausencia de partidas relevantes alí donde tiña que haber compromiso económico.

De nada valen as palabras se non existen os feitos, e falar de feitos en política e en Galicia significa un compromiso na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma. Entendemos que as emendas parciais que presentamos desde o Grupo dos Socialistas de Galicia teñen un obxecto claro, que é mellorar un orzamento que carece de ambición, dado que non hai ningunha novidade ou aposta de fondo en termos produtivos.

Quero recordar que pese a recorrer ao crédito de xeito intenso e de endebedar para o futuro moito máis aos cidadáns, porque eso foi o que se dixó na Comisión de Economía e o que explicaba a nosa voceira de facenda, o investimento contido no orzamento cae en 212 millóns de euros, pasando de 1.462 millóns a 1.250 millóns, é dicir se produce unha caída do 14,2 %, cando a caída do orzamento é infinitamente menor. Polo tanto, o que non se aprecia é que recurrido ao endebedamento se aposte polo gasto produtivo. É fácil de entender, se se quere entender, aínda que se poden intentar retorcer as palabras que pronuncie calquera deputada ou calquera deputado.

Non hai proxectos novos apreciables no orzamento, é dicir, a Xunta de Galicia limítase a incluír proxectos que estaban aínda recortados, xa estaban en marcha e forman parte daquilo que fixo o Goberno anterior, é dicir, non hai innovación, non hai proxecto ningún, o que hai é paralización, hai recortes, pero dende logo ningunha novidade.

Un orzamento que é regresivo en termos sociais, como podemos ver nesta sección e como poderemos ver noutras seccións, dado que en termos absolutos descende aquela cuantía que se lle adica á sanidade, á educación ou ao emprego, é a primeira vez na historia da Comunidade Autónoma dende que a Xunta de Galicia ten estas competencias nas que

se efectúa un recorte de máis de 100 millóns de euros, 102 concretamente.

E tamén no referido a esta sección podemos ver como hai menos recursos para impulsar a economía do coñecemento, si entendemos por economía de coñecemento o I+D+I e as propias universidades, das cales falarán os meus compañeiros nas seccións seguintes.

Caen os recursos e, polo tanto, non hai aposta, é dicir, non hai cuantía económica que se destine a aquilo que debe de ser unha prioridade por parte de calquera goberno.

Nós defendemos algunhas propostas que entendemos que son interesantes e necesarias para corrixir o proxecto remitido polo Goberno galego, así formulamos unha proposta para dotar con máis de 4 millóns de euros a produción audiovisual galega, xa que entendemos que debemos de coidar a industria da creatividade e a imaxe. Galicia precisa apostar pola imaxinación, pola cultura, apostar pola cultura do coñecemento, da creatividade e o ocio, e, como non podía ser doutro xeito, esa emenda está dirixida, precisamente, a apoiar ás empresas do sector audiovisual, que despois de nove meses de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia seguen sen coñecer cales son os plans estratéxicos que ten este Goberno para unha industria que se desenvolveu con forza na década dos noventa e que alcanzou un potencial relevante xa non só en Galicia, senón no marco estatal, pero que ve con preocupación que non haxa unha liña clara por parte de quen detenta as competencias, por parte de quen exerce o poder do que nos dotamos a través do Estatuto de autonomía de Galicia.

Catro millóns de euros dirixidos precisamente a fortalecer un sector nunha época de crise e nunha época na que máis que nunca se precisa facer unha aposta por esa cultura e por esa cultura do coñecemento e por esa industria. Porque se non o que se estará facendo neste Parlamento, como noutras ocasións, é encher os discursos de palabras ocas, carentes de sentido ou non materializalo alí onde é preciso. E onde é preciso é na Lei de orzamentos, que poida haber partidas económicas que dean soporte a esa aposta. Esa aposta na cal coincidimos deputados e deputadas de diferentes grupos parlamentarios cada vez que nos diriximos ao sector audiovisual, cada vez que participamos nunhas xornadas que organizan as diferentes entidades que aglutinan o sector empre-

sarial do audiovisual galego, pero que, sen embargo, despois non teñen a súa plasmación no que é o orzamento da Comunidade Autónoma.

Tamén quero destacar, noutro orden de propostas, xa no ámbito dependente da Dirección Xeral para o Deporte, que o Grupo Socialista defende a necesidade de incrementar os recursos adicados ao fomento do deporte de base, favorecer as políticas locais neste eido e incluír novas partidas adicadas a potenciar o deporte no ámbito feminino, que se ben ten mudado a participación da muller e das mulleres en termos xerais no ámbito deportivo, non é menos certo que siguen precisándose facer políticas específicas que amplíen esa participación e a consoliden.

Tamén formulamos unha serie de iniciativas dirixidas a mellorar as infraestruturas deportivas das cidades máis poboadas de Galicia, con importantes cuantías, ademais, para a conservación e a mellora dos equipamentos urbanos. Como non podía ser doutro xeito, hai moita tendencia á construción de infraestruturas de edificios, pero se lle adican poucos recursos ao coidado daquelas infraestruturas ás cales dedicamos cantidades inxentes de recursos económicos. É preciso que se fagan reformas, é preciso que se melloren estas infraestruturas e, desde logo, temos que saber que son espazos onde un número moi importante de cidadáns en Galicia desenvolven a súa práctica deportiva, así como clubs, asociacións e federacións. E, polo tanto, cómpre facer algún tipo de sinal tamén a esas persoas que ven como ano tras ano se deterioran as instalacións deportivas que nalgún momento gozaron de boa saúde pero que por falta de conservación e de atención hoxe pois carecen dun estado mínimo; ese estado mínimo onde se poida desenvolver con seguridade a práctica deportiva de diferentes especialidades.

Tamén no ámbito adicado ás políticas de igualdade, e dependente do Servicio Galego de Igualdade, presentamos once emendas co obxecto de potenciar os plans de igualdade e as medidas de conciliación. Ao noso xuicio é moi importante o desenvolvemento das leis de igualdade que se teñen aprobado nos últimos anos, tanto no ámbito do Estado como no ámbito da Comunidade Autónoma. Non quero deixar de recordar aquí o importante traballo feito na anterior legislatura con proxectos de lei impulsados polo anterior Goberno e que hoxe teñen que ser levados á práctica, é dicir, teñen que ser desenvolvidos; para o que é imprescindible a

incorporación de novas partidas que permitan unha implementación adecuada, cos recursos humanos necesarios para facer viable o que tantas veces se expón en declaracións institucionais e en actos sociais. De nada vale que fagamos brindis ao sol, declaracións pomposas, se despois o desenvolvemento das leis non ten unha plasmación en termos orzamentarios.

Neste senso, o Grupo dos Socialistas de Galicia defende a posta en marcha do Observatorio Galego sobre a Violencia de Xénero. Para min é a proba do algodón sobre o comportamento do Grupo Popular en materia de igualdade. Vamos ver como se comporta a maioría parlamentaria, xa que se ben todos e todas podemos saber que a maioría parlamentaria dá soporte ao Goberno e ten o seu proxecto definido, todos e todas sabemos que unha Cámara lexislativa é algo máis que a reprodución permanente dunha maioría aplicando o mazo, aplicando o rodillo. Nesta Cámara lexislativa, igual que outras, temos un papel que xogar na democracia na que vivimos, mellorando os proxectos de lei que remite o Goberno, tendo a iniciativa de presentar proposicións de lei dende a propia Cámara lexislativa, como xa ten sucedido fai ben pouco tempo e con éxito, por certo.

E, neste caso, tamén mellorando a Lei de orzamentos, que é o documento máis importante en termos ordinarios que se trae a debate ano tras ano. De aí que sexa vital coñecer cal vai a ser o ánimo e as maneiras desta nova dereita que se expresa sen complexos en moitos temas, con todo o malo e bo que pode ter a entrada dunha nova clase dirixente. E por eso agardo que non faga falta pasar o algodón e poder obter unha proposta de aceptación ou transacción por parte do Partido Popular sobre o Observatorio Galego sobre a Violencia de Xénero. É fundamental coñecer o comportamento que ten o Grupo Popular ante este tipo de cuestións, entre outras, porque estamos a falar de decisións e de medidas que están contempladas en leis que aproba este Parlamento. E o que estamos pedindo, nin máis nin menos, é que se millore o proxecto de lei para que se cree ese observatorio. E creo que ten que haber espazos para a convivencia, para o entendemento e tamén para chegar a acordos en materias que nos teñen unido e que nos deben de unir a todos os parlamentarios e parlamentarias.

Cambiando de ámbito, e para ir rematando, quero defender tamén aquí as propostas que facemos no ámbito da inmi-

gración e da emigración. Non menos importante que o reseñado con anterioridade e no que detallamos con singularidade cales son algunhas das prioridades que con tanto acerto explica e ademais defende en innumerables ocasións a miña compañeira de escano, dona Laura Seara. E é que nesta ocasión hai propostas dirixidas en ámbitos moi concretos, precisamente a mellorar as políticas de inmigración.

O Grupo Parlamentario Socialista está aberto a buscar acordos e puntos de entendemento con outros grupos parlamentarios. E na posición de diálogo para mellorar este orzamento sería desexable poder atopar unha actitude correspondente no conxunto da Cámara. Imos apoiar as emendas que ten defendido aquí o voceiro do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, e agardamos do Grupo Popular a sensibilidade necesaria para poder seguir construíndo en conxunto a aposta polos plans de igualdade, a aposta polas políticas de igualdade. E, dende logo, imos ver se é posible que en emendas como a que aquí hoxe veño de destacar, sobre o Observatorio Galego sobre a Violencia de Xénero, é posible que cheguemos a un acordo. Porque se non haberá unha nova...

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Lage.

O señor LAGETUÑAS:... –remato, señor presidente– haberá unha nova clase dirixente, haberá unha nova dereita galega, pero haberá os mesmos métodos que noutras ocasións.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Lage.

Procedemos á rolda dos grupos parlamentarios para fixar posición sobre as emendas. *(Pausa.)*

Polo Grupo Popular de Galicia ten a palabra o señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Gracias, señor presidente.

Bos días a todos, señoras deputadas, señores deputados.

Señores da oposición, nesta sección non se falará da crise, posiblemente non se fala da crise, pero o que si se fai

é practicar a austeridade. Practicar a austeridade porque esta sección asume ese criterio de austeridade cunha redución dun 6,4% no conxunto de gastos da Presidencia da Xunta. Porque nós defendemos a redución da maquinaria administrativa, dos gastos de funcionamento. E por eso, señor Suárez Canal, que vostede é matemático e manexa os números como quere, hai unha minoración dun 14,4% no capítulo II –lea os orzamentos– e un 7,75% no capítulo IV, sempre salvando o gasto social. Por certo, a Secretaría Xeral de Igualdade sube o seu orzamento, non o baixa.

E, mire, este Goberno non é mono, este Goberno o que fixo foi poñerse o mono de faena para traballar polos intereses de Galicia. (*Aplausos.*) Eso é o que fixo este Goberno. Porque mire, predicadores, figurantes e figurines xa tivemos dabondo durante catro anos. Agora é momento de traballar, porque vostedes non se esquezan que deixaban en torno ao 30% dos investimentos sen executar, un 30%. Son moitos millóns de euros que quedaban nas carteiras, pero, claro, con eses orzamentos irrealís que se montaban loxicamente non cabía outra posibilidade.

Pero metámonos en faena, vamos a falar das emendas, vostedes piden, por exemplo, ou vostedes critican que aumentamos os gastos de persoal. Mire, o único que se aumentan os gastos de personal é exclusivamente para asumir os compromisos a que vostedes chegaron cos traballadores, nin un céntimo máis que eso, nin un céntimo máis. Se quere que defendamos outra cuestión, non hai problema ningún.

Segundo, pide unha redución de gastos de gabinete; xa se reduciron un 20%, pero pide unha redución de gastos de gabinete cando na Presidencia da Xunta había máis de 70 asesores, e na Vicepresidencia había en torno aos 19 asesores. ¿E vostedes piden máis redución? Piden reducións de partidas como prensa, libros, etc., que xa están reducidas nun 50%; piden baixar gastos diversos ao investimento inmaterial, que xa está reducido nun 24%; ou baixar programas de comunicación social, que xa están minorados nun 38%. Miren, vostedes dedicáronse a predicar, nós agora dedicámonos a dar trigo, que é o que queren todos os galegos. (*Aplausos.*)

Mire, non é posible baixar máis o que xa se baixou dabondo, e non se debe reclamar o que non se foi capaz de practicar.

Pretenden pasar fondos ás oficinas I+B que non dotaron no Goberno, dotar ao Consorcio, ao Servicio Galego de Igualdade, que xa teñen dotacións axeitadas. Tamén pretenden incrementar partidas relacionadas co audiovisual, que teñen soporte orzamentario noutras seccións, como na Consellería de Cultura, no Consorcio do Audiovisual. Pero, claro, esa visión de conxunto vostedes aínda non a asumiron, vostedes sóo vían a súa parte de goberno. Pero agora, efectivamente, como vostede dixó, aquí hai un monogoberno, non hai un bigoberno, e hai un presidente e plantéxanse políticas en conxunto.

Pero entrando en máis detalle. Presentan, por exemplo, unha emenda 17 para quitar fondos ás accións de ampliación do Servicio de Atención Telefónica a Mulleres Vítimas da Violencia de Xénero. ¿Finalidade? Formar profesionais de atención de vítimas de violencia de xénero; quitamos un santo, desvestimos un santo para vestir outro de xeito equivalente. Ou pretenden crear un ente público para atención sanitaria na emigración, é dicir, aumentar os gastos correntes, e, polo tanto, o único que van a conseguir é diminuír o nivel da calidade da atención no exterior.

Na 19 pretenden quitar recursos para pór en marcha un operativo de atención a emigrantes no exterior que lles facilitaría todo tipo de información, de retorno ou dun programa de vivenda. ¿Con que finalidade? Unha oficina para inmigrantes en Vilagarcía. Se coñece que en Vilagarcía servicios sociales o leva o Bloque Nacionalista Galego. Esa é a explicación desta emenda.

Logo na 20, 21 e 22 volven a pedir diminuír os gastos de personal eventual xa reducidos un 25%, ou pretenden quitar 1 millón e medio de euros a entidades locais para pasalo á promoción do deporte universitario, cando xa hai partidas específicas para eso e cando logo noutras emendas añádenlles recursos ás entidades locais que aquí lles están quitando.

Na emenda 23 baleiran a partida de construción en materia deportiva para asignala a concellos concretos, supostamente por compromisos do Goberno anterior. Mágoa que o Goberno anterior non os tivera cumprido, pero agora hai outro Goberno que utilizará criterios técnicos deportivos para facer estas asignacións.

Ou na emenda 25 preténdenlle quitar fondos á Fundación para o Fomento da Calidade e Desenvolvemento Tecnolóxi-

co de Galicia, 500.000 euros, co cual quedaría inhabilitada esa fundación, ¿para que? Para darllo ao software libre. Mire, nós apostamos polo impulso do software libre, pero non pola imposición do software libre, como vostedes tamén apostan noutras materias que xa todos sabemos.

Tamén pretenden na emenda 39 detraer recursos de diferentes capítulos, do II, para aumentar a partida salario da liberdade. Mire, a partida salario da liberdade ten recursos suficientes para atender á convocatoria do ano 2009. Pero ademais é unha partida ampliable, é decir, que se fixera falta máis automaticamente se incrementa.

Logo na Fundación de Deporte Galego pretenden quitar fondos de patrocinio para dedicalos, pois, por exemplo a outros fondos de patrocinio, pero con criterios obxectivos cando a propia fundación xa fai unha convocatoria pública.

E logo na Fundación Galicia Emigración quitan recursos a campañas de sensibilización, Proxecto Ciberaula, que ten como finalidade precisamente, entre outros, formar no exterior a persoas para atención a persoas maiores, cousa que desde logo nos parece incoherente.

E logo na Radio-Televisión de Galicia plantean unha emenda suprema. O BNG propón un expediente de regulación de emprego na Radio-Televisión de Galicia. Pide quitar sete millóns de euros en gastos de persoal para dedicalos a compras, é decir, hai que facer un expediente de regulación de emprego. ¿Por que non o plantexan vostedes así de claro, non lle anden dando voltas?

E miren, en canto ás emendas do Partido Socialista, dicir que, por exemplo, plantéanse dotar con catro millóns de euros a empresas do audiovisual que, como lles dixen aos señores do Bloque Nacionalista Galego, hai outras partidas donde se apoia o sector audiovisual, desde a Consellería de Cultura, desde o Consorcio do Audiovisual. Claro, quitando eses catro millóns de euros vostedes o que pretenden é que deixen de funcionar 3.000 centros de traballo da Xunta, porque llo están quitando a equipamentos informáticos e frearían o desenvolvemento da modernización da Administración da Xunta. Así de claro. Evidentemente, eso non é posible.

Ou logo pretenden crear un plan de igualdade en empresas quitando recursos dunhas partidas que financian permi-

sos para asumir a corresponsabilidade de homes nos coidados de fillos. Evidentemente, parécenos incoherente, porque esta é unha partida que todos os anos se esgota e que é moi importante e necesaria.

Ou logo véñennos coa proba do algodón. Parece que o señor Lage se convertiu no mayordomo de Tenn. A proba do algodón, señor Lage, son políticas efectivas en materia de igualdade. Por certo, vostedes tiveron vinte e un meses, claro, a outra área do Goberno, e non o puxeron en marcha. Moito reclaman agora, pero tiveron vinte e un meses para facelo.

Logo teñen emendas, por exemplo da 49 á 55, donde plantexan reducir 780.000 euros que ían destinados a corporacións locais, apoio á emigración, ¿para que? Para destinalos a determinados concellos.

Nós entendemos que o acaído é que haxa unha convocatoria pública donde con criterios obxectivos e en concorrencia competitiva se repartan os fondos entre aqueles concellos que accedan a esa convocatoria que teñan interés. Parécenos o máis obxectivo.

Ou tamén por exemplo nos plantean en emendas como a que vai da 59 á 72, que se asigne unha partida global de infraestruturas deportivas e vostedes o que fan é poñerlle nome e apelidos. Curiosamente, os concellos son todos do Partido Socialista. Parece que sólo se necesitan instalacións deportivas nos concellos do Partido Socialista. Claro, esta é unha emenda moi interesante desde o punto de vista político-mediático, poderíamos dicir, ¿non?

Mire, hai unha serie de políticas que neste Goberno se aposta por elas de xeito transversal e é unha mentalidade loxicamente cambiante e diferente á que vostedes practicaban, e eu entendo que lles coste asumilo.

Así, por exemplo, vostedes pretenden quitar 600.000 euros dos centros de información á muller, para destinalos á creación de centros de información á muller. Pero mire vostede, nese programa tamén se inclúe a creación de centros, ademais doutras cousas.

Ou pretenden crear 300.000 euros para destinalos á creación de empresas TIC creadas por mulleres, cando xa hai

un programa específico de creación de empresas que valora, entre outras cousas, cando sea a creación das TIC.

Polo tanto, parécenos que hai moitas emendas feitas cun sentido localista máis mediático que real. Hai emendas que pretenden unha particularización non axeitada e que romperían os criterios obxectivos de asignación de recursos públicos, que se acadan precisamente a través de convocatorias públicas e mesmo da concorrencia competitiva.

En conclusión, o certo é que temos un orzamento moi equilibrado, que realmente destina o gasto estritamente necesario respectando o equilibrio necesario entre austeridade e atención puntual ás necesidades sociais e ademais aposta polo desenvolvemento tecnolóxico como factor de impulso económico e cunha visión transversal que se traslada precisamente desde os órganos que dependen da Presidencia da Xunta.

Por estas motivacións non podemos aceptar as súas emendas.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Miranda.

Señor Suárez Canal, o seu turno de réplica.

O señor SUÁREZ CANAL: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Miranda, xa imos progresando. Xa sabemos que nos orzamentos a crise non existe, hai austeridade pero a crise non existe. É un dato importante, un dato importante.

Segundo, xa sabemos que este non é un Goberno mono. Xa nos explicarán como é.

Terceiro, a efectos de combatir as nosas emendas eu entendo que se pode facer de moitas maneiras, pero non faltando á verdade.

Emenda 17, non retiramos de ningún investimento destinado ás mulleres, senón de reunións e asistencia técnicas.

Nin máis nin menos. Fíxese vostede de donde retiramos: estudos e traballos técnicos realizados por outras empresas, e o destinamos á formación en violencia de xénero.

Tampouco creamos ningún chiringuito novo no tema da emigración. O que dicimos é: destínense recursos polos mecanismos que hai a garantir o carácter público e, por tanto, simplemente en recursos, e que se mellore a asistencia sanitaria para a emigración. Eso é o que poñen as nosas emendas.

Cando se ten que recurrir a distorsionar o que poñen os papeis, mal asunto, señor Miranda.

Da mesma maneira que nas emendas que destinamos ao deporte universitario non hai nin unha sola, e temos catro, ningunha, que detraiga recursos das construcións nos concellos. Eso si, a esa partida lle damos unha concreción con nomes e apelidos e convenios anteriores. Pero vostede dixo que retirábase desa partida para destinalo ao deporte universitario. Nada deso. Fíxese vostede, mesmo a partida máis relevante que vostedes cercenan, os tres millóns de compromiso do Goberno galego para seguir garantindo que teñamos unha facultade de educación física neste país de calidade, fíxese vostede de onde o detraemos, entre outras cousas da rede de datos da Xunta. Porque aí si que efectivamente se pode facer aforro.

Efectivamente, ¿por que en época de crise un investimento tan potente, tan importante na rede de datos da Xunta?, ¿por que? Hai que explicalo, porque hai un investimento potentísimo. Eso si, hai que reducir e desaparecer o software libre. Porque vostedes todo o que sea compromiso real coa liberdade renxe. Se utiliza para outras moitas cousas a palabra, pero compromiso real co software libre renxe. ¿Cal? ¿Donde están as partidas que van vostedes a destinar para promocionar o software libre? Por ningún lado.

Compañía da Radio e Televisión Galega e personal. Efectivamente, claro que nós facemos unha redución nas partidas de personal. Pero eu dígolle que analice vostede a nómina de personal da Compañía de Radio-Televisión Galega, e verá como sen facer ningún ERE, pero si afectando aos soldos na pirámide dos mesmos, se pode facer unha redución cuantiosa e destinalo ao que son políticas de audiovisual.

Non serve dicir nesta consellería que non se reducen as políticas do audiovisual porque están en Cultura. Diga en que sitio e en que partida. Porque en Cultura non hai nin un só investimento destinado á promoción do audiovisual galego. Iso si, aquí hai unha redución drástica e sistemática. Investimento fóra, redución. Polo tanto, esa é unha conclusión.

Da mesma maneira que as políticas de igualdade. Non se poden facer xogos malabares cos números, señor Miranda. Estamos falando de orzamento consolidado. E o orzamento consolidado significa analizar no seu conxunto a Secretaría Xeral de Igualdade e o Servicio de Igualdade, eso é o que consolida. E a redución é drástica nas políticas de igualdade, ¿por que? Porque efectivamente vostedes se cargan os centros de I+D. Non lles interesa o observatorio, non lles interesa promocionar a cotitularidade das mulleres ao acceso ás explotacións agrarias. Non lles interesa promocionar o emprego das mulleres de menos de trinta e cinco anos. Non lles interesa nada que teña que ver con políticas comprometidas polo Goberno anterior en dar un salto cualitativo nas políticas de igualdade. Habrá outras, non o dubidamos, pero dende logo as nosas emendas requiren unha atención prioritaria para as políticas de igualdade.

En definitiva, señor Miranda, as nosas emendas traducen, na medida en que unhas emendas o poden facer, porque nós non elaboramos os orzamentos, unha contraposición de modelo, fronte a seguir incrementando, incrementando en época de crise o gasto interno, nós propoñemos máis gasto externo.

Fronte a manter un gasto burocrático en cifras porcentuales respecto dos orzamentos moi importante, nós propoñemos gasto produtivo.

Fronte a unha concesión discrecional do gasto, gasto igualitario.

Fronte a uns orzamentos que non entenden da existencia de crise con programas, actuacións concretas, non hai nin un só programa novo en todos os orzamentos máis que cambiarlles de nome a algunhas pinceladas. ¿Como é posible que un partido que cabalgou sobre a crise para chegar ao Goberno nos máis de cen programas que existen na administración galega non haxa nin un só cambio de nome para atender á realidade concreta da crise?

¿Donde estaban os programas...

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Suárez.

O señor SUAREZ CANAL:... do Partido Popular?

Esa é a realidade que queda en evidencia coa contundencia dos números, e polo tanto vostedes farían ben en atender algunha das emendas que mitigaría, cando menos, o carácter antisocial destes orzamentos e o carácter de máis gasto dentro e menos gasto fóra.

Nese sentido van as nosas emendas, xa vexo que a súa sensibilidade non vai por aí.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Suárez.

Para o seu turno de réplica ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señor presidente.

Señor Rodríguez Miranda, vemos que a sensibilidade é nula por parte súa como voceiro do Grupo Parlamentario Popular.

Desde logo que me gustaría que cando menos reconsiderara algunha das decisións que tiña tomado en torno ao desenvolvemento das leis de igualdade. Creo que é un erro importante algunha das consideracións que vostede fixo aquí.

Vostede dice que é o momento de traballar. O momento de traballar é sempre, señor Rodríguez Miranda, son os doce meses do ano e os 365 días coas vacacións correspondentes, ¿verdade?

Hai afirmacións que son un tanto chocantes, porque vostedes nos dicían que non deixáramos recursos, que había buratos por todos os sitios, e ao mesmo tempo afirman que non se executou un 30% do orzamento.

Mire, non é posible, non é posible non executar e que exista... Seguramente vostede quixo dicir outra cousa e ten a

oportunidade de rectificar. Pero desde logo creo que caen polo seu propio peso afirmacións destas características.

Vinte e un meses para desenvolver políticas de igualdade. Os socialistas vimos desenvolvendo desde os gobernos, sexan locais, sexa dende o Goberno de Galicia ou sexa dende o Goberno do Estado, políticas de igualdade dende que temos a oportunidade de acceder ás institucións e de exercer o goberno. Por tanto, non levamos vinte e un meses. Levamos desde que existe democracia e temos posibilidades de gobernar as institucións desenvolvendo políticas de igualdade.

Non debe de ser este un debate no que se diga calquera cousa e poida pasar sen máis. O que vostede está dicindo, sen dicilo, é que na lexislatura pasada, e cun goberno progresista ao fronte da Xunta de Galicia, se desenvolveron leis e se impulsaron proxectos a prol da igualdade. E que agora nesos vinte e un meses, e de aquí para diante, porque non imos a construír o futuro sempre mirando para atrás, señor Rodríguez Miranda. Habrá que poñer enriba da mesa decisións políticas, e iso leva consigo recursos económicos. Vostede o nega e o nega na medida en que non falou da conciliación dos plans e medidas que este grupo introduce en diferentes emendas. Vostede nega no eido do deporte as infraestruturas e a mellora e a conservación das infraestruturas deportivas nos concellos que están gobernados polos socialistas, eso a vostede lle parece sectarismo.

Eu faleille concretamente, podería falarlle do resto das emendas, pero lle falei concretamente das oito cidades galegas máis pobladas, e non sei se o que vostede está cuestionando é que as oito cidades máis pobladas de Galicia teñan gobernos conformados polo Partido dos Socialistas de Galicia.

Señor Rodríguez Miranda, ¿é xusto que vostedes queiran privar de partidas económicas que milloren as infraestruturas deportivas, que se adiquen á conservación de espazos públicos onde se realice a práctica deportiva, nas cidades galegas polo feito de que governe o Partido Socialista? É que iso foi o que dixo vostede aquí, que presentan emendas só para os concellos onde goberna o Partido Socialista. Señor Rodríguez Miranda, un tercio da poboación galega vive nesas oito cidades, e esas oito cidades as gobernamos os socialistas, ¿acaso non deberíamos poñer emendas para ese tercio da poboación que está no mundo urbano? ¿Eso é

o que vostede quere decir? Eu creo que seguramente non quixo dicir eso, pero foi o que dixo.

Obviou completamente as nosas propostas para promover o deporte feminino. Obviou as medidas dirixidas a poñer plans en marcha contra o acoso laboral e, sobre todo, obviou por completo a nosa proposta, a nosa oferta, a nosa man tendida para que nesta Cámara hoxe saia un acordo, unha transacción, para poder poñer en marcha o Observatorio Galego sobre a Violencia de Xénero.

E eu lle dicía que era a proba do algodón, señor Rodríguez Miranda, claro que é a proba do algodón, porque de nada vale que os representantes públicos veñamos ao Parlamento, fagamos declaracións institucionais, vaíamos a non sei cantos actos, que se nos encha a boca falando sobre a violencia de xénero e despois sexamos incapaces de pactar unha emenda...

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Remate, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... –remato, señor presidente– unha emenda que nin máis nin menos o que persegue é poñer en marcha un observatorio, desenvolver unha lexislación na cal todos dicimos que estamos de acordo. Se o que aplican é o rodillo, señor Rodríguez Miranda, o que se lles estará vendo é o plumero e como son. Teñen a oportunidade de rectificar e eu o que lle ofrezco é que cheguemos a un acordo.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Lage.

Sección 05 (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

**Escola Galega de Administración Pública
Academia Galega de Seguridade Pública
Fundación Axencia Humanitaria de Galicia
Fundación Galicia Europa**

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Para a defensa das emendas ten a palabra D. Alfredo Suárez Canal na representación do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Gracias, señor presidente.

Efectivamente, co punto de partida da Sección 04, que é a que depende directamente do presidente, non había que esperar que na Sección 05 se modificaran comportamentos orzamentarios á hora da concreción das cifras, e polo tanto nesta sección volvemos a ter os mesmos erros que na sección anterior. Aquí ademais hai moi pouco gasto, dende logo comparativamente falando, moi pouco gasto para mitigar o impacto sobre a crise, e moito gasto que non ten que ver con ese impacto. Hai gasto dedicado a fortalecer a estrutura partidaria, a través das delegacións territoriais creadas, pero pouco gasto pensando no país.

Se sigue mantendo un gasto que se reduce aos colectivos que máis o necesitan socialmente. Tampouco hai unha concepción de fortalecer a estrutura do autogoberno e seguir avanzando no proxecto político diferenciado que é Galiza, e se sigue tendo unha concepción subalterna e apendicular do propio exercicio do Goberno; e en definitiva non hai tampouco, como é lóxico, nun goberno que as primeiras medidas que tomou foi un deseño de política de exterminio do noso idioma como sinal de identidade en moitos dos ámbitos públicos do noso país, eso si, tamén se acaba reflectindo nos orzamentos desta sección.

Curiosamente, volvemos a reiterar menos eficiencia, menos gasto fóra e máis dentro, non hai máis que mirar as cifras, e dende logo, como lles dicía antes, resulta paradigmático no caso dos organismos que dependen da consellería que manexando en xeral moitos menos orzamentos, como a Axencia Humanitaria, incrementa os gastos de personal de 176 a 213 mil euros. Como na Fundación Galiza Europa, que manexando bastantes menos orzamentos que o ano anterior, os gastos de personal pasan de 545 a 761, ou como a Axencia Galega de Emerxencias, que tamén manexando orzamentos menores –se quere dígolle as páxinas onde están os orzamentos– pasa de 749 a 785.

Menos orzamento, máis gasto de personal, conclusión: que non necesita nin sequera ter unha posición partidaria, menos eficiencia. Polo tanto, son orzamentos menos eficientes, menos gasto dentro e dende logo máis gasto fóra.

E nese sentido van as nosas emendas, emendas que pretenden por exemplo modificar ese orzamento mono de dis-

fraz ao que eu me refería na miña primeira intervención, que utiliza a SPI para todo. Non aparecen consignadas na SPI os gastos que van aportar cada unha das consellerías con atribucións concretas. Acábase utilizando a SPI para todo, e precisamente por eso nós queremos darlles concreción aos investimentos en infraestruturas xudiciais, ben a través da propia consellería, ben a través dos fondos que se destinan á SPI.

Porque señoras e señores deputados, se retiramos e facemos unha comparación homoxénea que significa retirar o que en realidade está nos investimentos en I+D+I e polo tanto que non é imputable aínda que se actúe na xusticia, pero a efectos de comparacións homoxéneas por primeira vez na historia dos orzamentos de Galiza a xusticia vai descender en orzamentos, vai a descender en orzamentos; comparen vostedes as cifras con rigor, fagan unha comparación con rigor, detraigan eses recursos que estaban noutro lado en épocas anteriores e verán os resultados.

Precisamente por eso nós queremos que se concreten investimentos, que reducimos por suposto do gasto interno, ¿como é posible que esta consellería, que esta Xunta que está tan preocupada da austeridade e de non gastar en edificios e en obras suntuarias teña partidas cuantiosísimas en edificios e outras construcións, pois nós decimos que pode ser o ano en que se reduzan os investimentos en edificios e outras construcións propios da administración e os destínemos a fortalecer as infraestruturas no ámbito da xustiza. Aí teñen varias emendas nesa dirección para atender á situación de practicamente todas as grandes capitales do país.

Insistimos, fíxense vostedes que en reparacións e en edificios e outras construcións esta Xunta austera pasa de 2.640.000 euros no exercicio pasado nesta sección a 3.622.000 euros, gasto interno que se incrementa en casi o 50%. Nós dicimos que ese diñeiro se reduza e o destinemos a investimentos en actuacións cara a fóra.

Da mesma maneira que se nos puxo como gran argumento, e aí vai outra das nosas emendas, que non se podía gastar en implementar o cumprimento da lei para darlle cumprimento definitivo, e valga a redundancia, á creación da policía integral galega, porque eso en tempo de crise resulta que era un problema, e curiosamente vemos nos orzamentos que os gastos destinados á seguranza privada

por parte da Xunta de Galiza pasan de 3.307.000 euros no ano anterior a 4.498.000 euros,; incremento do 25% para crear a policía galega non, para incrementar a seguridade privada da Xunta si. Polo tanto, propoñemos unha emenda que se reduzan este tipo de cousas e se destinen os recursos ao que significaría crear a policía integral galega.

Por suposto que unha parte importantísima da preocupación que debería de ter un goberno galego en concordancia coas normas legais existentes, co Plano de normalización lingüística, aprobado neste Parlamento, e co Estatuto sería a promoción do uso do galego, un ámbito fundamental, e na Administración de xustiza, onde as cifras dos actos xudiciais que se producen en galego desde logo sitúanse entre o 5 e o 10%. Aí propoñemos unha actuación decidida e clara e sacamos o diñeiro de estudos e traballos técnicos, do ordinario non inventariable, de prensa e revistas e, como non, de edificios e outras construcións, que cremos que este ano de crise ben merecería a pena ser un pouco austeros e non gastar tanto en edificios e outras construcións e dedicalo a investir fóra.

Da mesma maneira que cremos importante que todo o que é a actuación no terreo das emerxencias conte de forma definitiva con recursos para poder poñer en marcha os consorcios provinciais. Eso si, de carácter público, por eso queremos recursos da Xunta de Galiza con esa función e non para incentivar mecanismos de xestión privada.

Estamos tamén claramente decididos nun momento en que Galiza se está xogando moito na Unión Europea, pensen vostedes que estamos nun momento en que o marco de apoio comunitario con toda seguridade vai a levar a que Galiza deixe de ser rexión obxectivo converxencia, e polo tanto vai haber moita discusión, primeiro para ver si se manteñen os fondos que levan aparelado distintas políticas, chamadas de cohesión na Unión Europea, pero tamén, cales van a ser, caso de que se manteñan eses fondos, os criterios que se van a ter para os territorios que deixaron de ser rexión obxectivo converxencia.

E nese terreo cremos que hai que dar o salto definitivo para contar cunha oficina institucional en Bruxelas, o salto definitivo que deixe de ter simplemente unha fundación que pódolle confesar por experiencia propia que ten moitas virtudes pero tamén ten moitas carencias. Moitas carencias

para facerlle un seguimento explícito ás políticas que se fan dende a Unión Europea, ás directivas, aos traballos que están realizando os distintos comités, ás políticas activas que había que impulsar antes de que esas directivas tomen corpo, e iso precisa nin máis nin menos que unha oficina institucional.

Insistimos, nun momento enormemente delicado, no que vai a empezar a discutirse de forma clara e rotunda cal vai a ser o futuro das políticas da Unión Europea en ámbitos tan relevantes como os fondos de desenvolvemento rexional ou a política agraria común, precisamente para eso destinamos recursos tamén.

E como non, nos organismos autónomos, tanto na Escola Galega de Administración Pública, como na propia Axencia Galega de Seguridade, pero sobre todo na Escola Galega da Administración Pública, facemos un requerimento para que nas políticas de formación en momentos delicados, e sobre todo tendo en conta o que está facendo a política do Goberno nestes momentos respecto do noso idioma, se faga un seguimento explícito de que esas políticas de formación teñan un contido de significar saltos adiante na galeguización de toda a administración e na presenza do galego, e polo tanto que se fagan políticas de formación con avaliaciós posteriores e seguimento posterior do seus resultados. Cremos que é unha política adecuada, sobre todo que contradeciría seguramente a filosofía que neste momento ten o Goberno de seguir impulsando a limitación e a falta de presenza do noso idioma en ámbitos públicos moi relevantes.

E por suposto, de forma definitiva, creemos que sería moi importante que todo o que é unha estrutura que a día de hoxe se manifesta como absolutamente inútil, irrelevante, que complica burocráticamente as cousas, non sei se terá algunha utilidade, tamén o dubido, pero non sei se terá algunha utilidade de corte partidaria para o partido que está no goberno, que son as delegacións territoriais, pero que non aportan nada novo, que efectivamente eses recursos se destinan a algo que si sería relevante para o noso país, que é conseguir esa oficina institucional en Bruxelas.

Como ven vostedes, unha cousa é o que se dice para a galería e outra o que traducen os orzamentos. Menos gasto dentro, non, mesmo en cousas tan relevantes e que produciron tanto debate como edificios e outras construcións, se

incrementa de forma absolutamente significativa e por eso nós queremos reducir os cuartos.

Menos gasto en crear a policía integral, tamén, aí hai unha aposta definitiva e clara pola seguranza privada.

Pretendemos coas nosas emendas corrixir a ineficiencia de determinadas actuacións de gasto e mesmo de determinados organismos donde se incrementa moitísimo o gasto corrente para manexar menos recursos.

En definitiva, bueno, creemos que a xustiza tamén merece unha atención en infraestruturas moi relevante e por eso hai moitas das nosas emendas que pretenden dotar estas infraestruturas. Insistimos, se trata en definitiva de reducir cousas que seguramente é posible e volvemos a facer o mesmo requerimento que na sección anterior, probablemente podemos discutir se ao mellor hai que sacar menos dalgunha partida e máis doutra, pero o obxectivo fundamental das nosas emendas, se vostedes as analizan unha a unha, significa darlle concreción a algo que a día de hoxe nos orzamentos só está como retórico, que son os investimentos en infraestruturas xudiciais; a algo que é un mandato legal, que é a creación da policía integral galega; a algo que é a presenza do galego nos ámbitos da xustiza, ao que é toda a formación na administración pública para que ese galego teña maior presenza; ao que representa tamén un programa de investimentos nos concellos. É dicir, non só hai que facer cambios nas transferencias da Xunta aos concellos para que mesmo podan manter no ámbito do que é o investimento da Xunta o que representa o investimento de anos anteriores, senón que creemos que é importante que haxa partidas concretas de investimento con baremos públicos destinados a actuar de forma directa nos concellos en base a un baremo público e inconcurrencia competitiva.

En definitiva, como ven vostedes son todas emendas que seguramente responden a demandas existentes na realidade social, a demandas que ten o país para fortalecer o seu autogoberno, a demandas que ten o noso idioma para seguir incrementando e responder ao mandato estatutario coa súa presenza desde o ámbito dos poderes públicos, e se reducen partidas que son absolutamente prescindibles nun momento de crise. Precisamente por eso pedímoslles o seu apoio a estas emendas.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Sánchez Varela): Gracias, señor Suárez.

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra para a defensa das súas emendas don José Manuel Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Gracias, señor presidente.

Ben, as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, concretamente trinta emendas parciais, están dirixidas, precisamente, a combater dalgún xeito os excesos en gasto non produtivo, os gastos correntes que nós entendemos que non son imprescindibles, e desde logo incorporamos novas propostas precisamente para mellorar o que entendemos que é un orzamento, como dicía na miña anterior intervención, que é regresivo e que desde logo non ten en conta as necesidades que a sociedade galega ten neste momento en diferentes ámbitos.

Os gastos correntes destacan a pesar de que a Xunta de Galicia e o propio conselleiro da Presidencia teñen falado do seu recorte, temos que ver o conxunto da totalidade e desde logo teño que decirlles que a aposta por mellorar a calidade da xustiza brilla pola súa ausencia, só hai unha mellora que eu creo que é destacable nos recursos destinados a pagar aos avogados do turno de oficio, creo que aí si hai un incremento. A min me gusta que cando se fai un debate ou se fala de calquera tema facelo co máximo rigor que sexa posible, polo tanto que haxa un recoñecemento dun incremento dunha partida que non é menor e que desde logo axudará a paliar unha situación que se viña arrastrando de fai xa bastantes anos.

Non deixa, desde logo, de sorprendernos que se lle encha a boca á maioría popular das necesidades que ten a Administración de xustiza e que a primeira vez que teñen que confeccionar uns orzamentos da Xunta de Galicia en materia de xustiza estamos diante da primeira baixada dos orzamentos en materia de xustiza na historia da Comunidade Autónoma, en termos absolutos, en termos porcentuais, poden velo como queiran.

Vostedes son hoxe responsables das súas accións e poden falar do pasado todo o que lles pareza oportuno, pero os

cidadáns xúzganos polo que fan hoxe, non polo que se fixo con anterioridade, porque xa houbo o 1 de marzo, xa os cidadáns se manifestaron e as maiorías truncaron de ser 38 a 37, son 37 a 38. E agora a quen lle toca responder é ao Goberno, e os orzamentos que hai para a xustiza son menores que os que había en anos precedentes, e en términos comparativos, como lle decía, son orzamentos que desde logo non están dirixidos en termos globais a mellorar a calidade da xustiza.

Si se produce, dicía o señor Suárez Canal, un incremento importante en obras e en reformas, obras e reformas que vostedes tanto criticaron, señoras e señores do Partido Popular, obras e reformas que medran en máis dun 50% cando vostedes se dedicaron a utilizar a demagogia e a utilizar adxectivos descalificativos da acción doutros gobernos ¿U-la austeridade? Porque hai obras e reformas que poden ser xustificadas neste ano de crise e non podían ser adiadas, pois sería bo coñecer tamén cal é as referencias e as posicións que defende o Grupo Parlamentario Popular.

O Grupo Parlamentario Socialista presenta algunhas propostas que entendemos que son interesantes e necesarias para corrixir o proxecto remitido polo Goberno galego, e así formulamos unha proposta para incrementar en case 2 millóns de euros os recursos destinados á administración. Apostar pola administración non se pode limitar a asumir resignadamente o cambio tecnolóxico como un cambio do uso xeralizado do papel para pasar ao soporte informático, a aposta pola administración ten que servir para involucrar directamente aos gobernos nunha política pública de maior transparencia incorporando a publicación de información do propio goberno en internet, en liña ademais coa directiva en goberno aberto, a administración norteamericana que se acaba de publicar fai ben pouco, sobre todo si queremos ser capaces de dar pasos alí onde podemos competir, que é no coñecemento.

Fai ben pouco tempo nesta Cámara podíamos manter un debate ao respecto da Axencia Estatal de Radio e Comunicacións e decíamos que tiñamos empresas punteiras en Galicia no sector das TIC, eso ten que ter unha aplicación práctica tamén para a administración pública e é hora, desde o meu punto de vista, que se comeze a asumir a apertura de datos *on line* en formato reutilizables e que se mellore a calidade de información pública. ¿E eso que significa? Pois sig-

nifica que esté actualizada, que cando un cidadán accede a unha web da Xunta de Galicia non se siga atopando departamentos que xa non existen, como me atopaba eu no día de onte cando quería acceder a unha información determinada e aparecían departamentos que hoxe xa non forman parte da estrutura do Goberno galego.

Significa iso, non significa facer discursos en torno ao que hai que facer coas novas tecnoloxías, que parece que se fai de corrido. Significa que o mundo cambia a unha velocidade impresionante e apostar pola incorporación real das TIC é apostar pola incorporación á política de xestión interna tamén da Xunta de Galicia, e eso tamén significa traballar na calidade e na obxectividade da información da Xunta de Galicia, e para iso hai que deseñar plans de control da mesma e unha guía de xestión da información, e para eso se necesitan recursos, e para iso presentamos unha emenda, para mellorar os procesos que teñen que ver coa incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación á xestión interna e á política da administración, á política administrativa.

E tamén é certo que é necesario crear un marco normativo para ese goberno aberto, pero agora o que se precisa é poñer unha base económica, partida que dea soporte a esa aposta, si é que é real pola administración, e se deben de utilizar non só as novas tecnoloxías para facilitar os trámites administrativos, senón tamén para aumentar a participación pública, que é un cambio substancial con respecto á concepción que se tiña da política e da relación entre os gobernos e os administrados, entre os cidadáns e aqueles que detentan á súa representación en forma executiva, e presentamos unha proposta nesta liña, pero somos conscientes de que o Goberno galego á hora de elaborar o Proxecto de lei de orzamentos para o ano 2010 está perdendo un ano na implementación de políticas e partidas económicas dirixidas a incorporar a administración galega á sociedade do coñecemento de xeito pleno.

De nada vale que falemos de empresas punteiras, de nada vale que falemos da extensión da banda larga ao conxunto do territorio, de nada vale se a administración, que é unha ferramenta potente, a principal ferramenta, o principal aparello para chegar ao conxunto da sociedade, non é capaz de asumir de xeito pleno os novos estándares nos que se move a comunicación e a información. Porque é fundamental non

só para resolver trámites administrativos, senón tamén para mellorar as fórmulas de goberno, facelas máis transparentes e permitir unha relación lóxica e razoable entre a cidadanía e quen goberna. Incorporar, nin máis nin menos, a cultura do coñecemento tamén á política da administración.

E vostedes veñen de aprobar plans urxentes en pasados consellos da Xunta que agora non se ven materializados nas contas públicas.

E desde logo creo que sería interesante e razoable nunha actitude de búsqueda de entendemento, como decía na miña primeira intervención, que puidéramos chegar a acordos nalgunhas emendas, porque se non o que se estará vendo é que a aplicación do rodillo, a aplicación do rodillo pensando que o éxito coyuntural dura sempre. Eu creo que había que buscar espazos que permitan mellorar os proxectos de lei, e a lei máis importante que discutimos de maneira ordinaria neste Parlamento ano tras ano é a lei de orzamentos, polo tanto ten que haber campos para o entendemento, se non as palabras do presidente da Xunta, do máximo responsable do grupo Parlamentario Popular, se volven ocas, e non teñen nada que ver coa praxe política que desenvolve a maioría parlamentaria.

E desde logo que cando un tende a man e atopa a negación pois o que está vendo é que hai actitudes que máis ben semellan prepotentes e, cando menos, que non teñen nada que ver con buscar entendemento.

No ámbito da xusticia o orzamento tamén deixa, ao noso xuicio, a este Goberno coas vergoñas ao aire, xa que descende con respecto ao pasado ano. Xa non só incumpriron a súa promesa e o compromiso con todos os sectores xudiciais respecto da creación dunha consellería de xustiza. ¿Verdade, señor Rueda? ¿Recorda as promesas dunha consellería de xustiza? Catro anos se pasaron nesta Cámara dicindo a necesidade que había dunha consellería de xustiza, e vostedes nos seus programas sectoriais viñeron defendendo a creación desa consellería, a pesar de que o señor Puy o negue, si é certo, os papeles cantan, señor Puy. E desde logo despois de levar catro anos facendo causa desta reclamación, e despois de ter efectuado un solemne compromiso neste sentido, pois non foi posible.

E é certo que eso está sustentado nunha teórica política de austeridade e vostedes teñen os seus argumentos. Pero

non só incumpriron esa promesa, senón que os recursos que adican á Administración de xustiza son inferiores aos de anos anteriores. E en termos positivos, en términos de axudar a construír o orzamento, nós presentamos emendas dirixidas, por exemplo, á implantación da nova oficina xudicial. Concretamente, incrementando de maneira significativa partidas que, por outra banda, son insignificantes no orzamento da Comunidade Autónoma. Defendemos un incremento adicado ao Plan estratéxico de implantación da nova oficina xudicial de máis de 500.000 euros. Entendo que tamén hai espazo para o entendemento, señor Rodríguez Miranda.

E tamén de maneira relevante propoñemos a través dunha emenda que se incremente de xeito notable o programa de xestión de calidade nas fiscalías con 270.000 euros máis. É dicir, multiplicamos por nove a proposta do Goberno que, se non me falla a memoria, estaba nos 30.000 euros. Polo tanto, entendemos que é importante facer unha serie de xestos que permitan modificar e millorar o orzamento no ámbito da xustiza. E de igual xeito defendemos que se poidan levar adiante as dotacións de infraestruturas e edificios xudiciais nas cidades que levan tempo esperando por actuacións singulares e necesarias. E despois de oito meses de goberno, é dicir, o 20% do seu mandato, non hai unha soa acción concreta que teña resolto algúns dos temas pendentes, sexa na Coruña, sexa en Vigo, sexa en Ourense. E, desde logo, señor Rodríguez Miranda, escoite ben o que lle diga o señor Rueda, pero mire que ao final os feitos son o que nos pode facer demostrar si do que falamos é do mundo real ou falamos doutro. En oito meses de goberno, no 20% do mandato, as accións encamiñadas a millorar a situación dos edificios xudiciais non están resoltas.

Vostede se quere pode falar dos catro anos anteriores e dos oito, e dos doce, e dos dezaseis e dos vinte. Reitérolle que os cidadáns xulgarán a acción do Goberno que está agora mesmo. Porque os gobernos pretéritos xa foron xulgados nas respectivas convocatorias electorais. E eu creo que é cuestión de que non fagan máis demagogia no ámbito da xusticia, porque a día de hoxe non hai nada de nada.

Noutro orden de cousas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia —e para ir rematando— tamén defendemos a creación dunha partida específica de máis de 4 millóns de euros para o cumprimento do pacto local. Os socialistas estamos comprometidos coa Administración

local e eu creo que boa mostra disto está nos feitos. Saben ben que o pacto local foi posible despois de moitos anos de debate coa chegada á Xunta de Galicia dun Goberno progresista, o que presidiu Emilio Pérez Touriño, e aí foi onde se asinou o pacto local, non antes. E agora toca que os sucesivos gobernos da autonomía desenvolvan o acordo e poñan recursos para facelo posible. Explíquenos por que non suprimir as delegacións territoriais, e, desde logo, incluír unha partida de 4 millóns de euros que faga posible o desenvolvemento real do pacto local.

Remato, señor presidente.

O Grupo Parlamentario Socialista está aberto a buscar acordos, puntos de entendemento cos outros grupos. E, dende logo, estamos nunha posición de diálogo para mellorar este orzamento. Sería desexable tamén que o grupo maioritario estivese nesa actitude. A oposición está para formular críticas, propostas alternativas e mellorar, se é posible, o proxecto de lei de orzamentos. Eso é o que pretendemos e, desde logo, tamén esperamos que sexa posible que esta Cámara teña o papel que lle corresponde, non que actuemos como maiorías que de forma mecánica nos opoñemos e non escoitamos o que dicen os demais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Lage.

Para fixar a súa posición sobre as emendas, polo Grupo Popular ten a palabra o señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Gracias, señor presidente.

Señor Lage, señor Suárez Canal, eu escoiteinos atentamente, todos os seus argumentos.

Miren, a consellería vai a contar no ano 2010 con 204 millóns de euros, o que significa unha minoración do 2,6%. E esta redución ten un sentido, esta redución enmárcase nese escenario de contención, de realismo e de responsabilidade do que significa sendo conscientes de que estamos vivindo unha crise, si, unha crise de fondas consecuencias e de longo alcance, pero sen esquecer, ao mesmo tempo, que estamos falando de prestar servicios esenciais que deben ter o seu

debido respaldo orzamentario, como a seguridade, as emerxencias ou a xusticia.

Vostedes no Capítulo I propoñen emendas de redución novamente do persoal eventual dun vinte e tantos por cento. Bueno, xa a consellería asumiu unha redución dun 28%, cando vostedes aumentaban un 30%. Non sei que nos queren pedir que non practicaban. Ou no Capítulo II, de gasto corrente, que se diminúe nun 8,7, e nalgunha partida concreta mesmo chega ao 30%. Vostedes piden reducións imposibles porque con elas non se poderían cumprir compromisos contractuais que, por certo, asinaron vostedes. Aquí hai peculiaridades, tanto emendas do Bloque Nacionalista Galego como do PSOE, que piden reducir partidas de seguridade e saúde no traballo, ou da acción social dos funcionarios, que evidentemente nós non compartimos. Proponse na consellería un investimento de 71,9 millóns de euros, e, bueno, ante estos datos vostedes reclaman redución, por exemplo, dos importes na adecuación de espazos administrativos, que xa baixa un 57,4%, e aínda podería baixar máis se non foran certas obras que vostedes coñecen moi ben —e vostede, señor Suárez Canal, que estaba sentado no Consello da Xunta—, como é a reforma da sala de consellos, que por certo se convalidou, se convalidou. Como convalidaban habitualmente os gastos que non orzamentaban axeitadamente. Porque este Goberno vai a gastarse en mantemento un 15% menos do que vostedes gastaban. ¿Que ocorre? Que non o orzamentaban e logo había que convalidalo. A porta de atrás, que lles gusta moito.

O Bloque Nacionalista Galego pide tamén eliminar 5 millóns de euros da SPI, que imposibilitaría atender, por certo, os pagos comprometidos polo bipartito, ou a redución de inversión inmaterial, que xa se detraeron fondos por valor dun 40%. Salvo, claro está, que queiran vostedes que nos carguemos, entre outros, o que está financiado con esta partida, o proxecto como toponimia galega. Pois, se queren, quitámoslle fondos, porque eso é o que vostedes fan, quitarlle este tipo de fondos.

Na Administración periférica piden eliminar, o Bloque Nacionalista Galego, todas as delegacións territoriais. Oye, que de 54 xa pasamos a 5, eso permitiunos aforrar 3,7 millóns de euros ao ano. ¿Seica agora lle parece pouco?

En tema de relacións exteriores e coa Unión Europea, pois, mire, minoramos o gasto corrente cun esforzo para

reducir os conceptos de mantemento dos servicios pero blindando as liñas prioritarias, como son as relacións con Portugal e a consolidación da presenza en Galicia. E así o demostramos con capacidade, con iniciativa e con resultados, como vén a certificar o recente acordo acadado no seo da comunidade de traballo Galicia-norte de Portugal para poñer a funcionar dunha vez –que vostedes non foron capaces– a Agrupación Europea de Cooperación Territorial na cidade de Vigo. E tamén o Bloque Nacionalista Galego aquí presenta emendas detraendo recursos que impedirían que esta iniciativa funcionase, pois é contraria.

Pero é que ao mesmo tempo pretenden crear cun gasto de 1 millón de euros unha oficina de representación da Xunta ante a Unión Europea. Pero temos unha Fundación Galicia Europa que ten un persoal altamente cualificado e que está cumprindo plenamente esta función. Ou mesmo en cuanto ao orzamento da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia. Pretenden quitarlle 30.000 euros de persoal sabendo que no ano 2009 os gastos de persoal eran 218.000 euros, no ano 2010 son 210.000, é dicir, menos que no ano anterior. E ademais a porcentaxe que a fundación destina a axudas é o 61% do seu orzamento; cando vostedes orzamentaban sólo destinaban o 48%, pero agora non lles chega.

En cuanto á EGAP e á AGS, a Academia Galega de Seguridade, baixan os seus orzamentos, pero o que non baixa é a cantidade destinada a cursos de formación. Na EGAP suben un 2% os cursos, na AGS sube un 5,5%. Claro, vostedes baixaban na EGAP un 20% e na AGS baixaban un 32%, por eso cecais agora o BNG pide unha baixada dun 44% que practicamente faría desaparecer as actividades destes organismos.

E quero engadir, señor Suárez Canal, hai compromiso coa formación en materia do galego pola capacitación lingüística dos empregados públicos, porque se reforza a liña de actuación da EGAP cun incremento desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística de cursos de formación de linguaxe administrativa galega. E así cambiaremos o estancamento que había no 2009.

Desde logo hai unha aposta clarísima e importante en materia de emerxencias e interior, fixéronse axustes no Capítulo II reducindo 500.000 euros nun ano, un 34%. Sen embargo, mantense o orzamento respaldando a unidade de

policía adscrita, reforzándoa para redefinir as súas funcións, para potenciala tendo en conta o ano que vén, que é un ano Xacobeo, e sen renunciar para nada á creación dun corpo de policía propia. Claro que é un brindis ao sol facer unha dotación orzamentaria cuando vostedes saben que non temos competencias para poder levar a cabo esa creación porque desde Madrid aínda non se nos permitiu.

O sistema de emerxencias ten especial transcendencia na consellería, faise un esforzo para afrontar os gastos de funcionamento dos parques de bombeiros que xa están operativos, así como para poñer en marcha seis novos parques na provincia de Lugo. Falamos de 8,5 millóns de euros e, en paralelo, temos 11 millóns de euros desde a SPI. A construción dun novo edificio de coordinación de emerxencias que se vai a facer na Estrada, donde tamén se vai a situar o Centro de Atención de Emerxencias 112, que xa este ano se lle deu un reforzo. E tamén se reforzan as transferencias á Axega para ter técnicos de presenza física alí.

Claro, esto non é posible se eliminamos máis de 1 millón de euros que pide o Bloque Nacionalista Galego de transferencias á Axega. Tamén desde a SPI se van a someter os custos derivados da construción dos parques contra incendios e salvamento. Polo tanto, non ten sentido a detración de recursos que pretende o Bloque Nacionalista Galego de 500.000 euros para consorcios de bombeiros, porque xa hai unha partida específica.

E en materia de protección civil, pois, miren, nós incrementamos un 33,33% os orzamentos, pasar de 300 a 400.000 euros, cuando o ano pasado vostedes o reduciron ao 50%. Pero ademais vamos a ter unha engádegas adicional de 400.000 euros desde a Consellería de Cultura, precisamente para o Plan de atención ao peregrino para o ano próximo. Polo tanto, non podemos atender á emenda do Partido Socialista, que quería quitar recursos ás agrupacións de protección civil para darllos especificamente á sede da Protección Civil de Noia. A casa tira, pero, ¿que lle vamos a facer, señor Lage?

E en materia de xusticia, este é un exemplo da aposta pola xusticia e de que a xusticia non pode estar supeditada ás veleidades orzamentarias ou á crise dun determinado momento. Dispónse de 127, 7 millóns de euros, aos que hai que sumar 2 millóns que virán desde a Secretaría

Xeral de Modernización, políticas transversales de novas tecnoloxías. Por eso as emendas do BNG destinadas ás TIC na xusticia non fan falta, porque están garantidas as actuacións cunha actuación transversal desde outro órgano: o Plan de infraestruturas xudiciais, que permite dispor para este ano que vén, para este ano, non para o futuro, de 29 millóns de euros. A media dos últimos anos, ¿saben canto era? 16 millóns de euros. Boten contas os que saben máis de matemáticas, que boten contas, 29 millóns de euros.

Pero tamén dentro da xusticia non nos esquecemos da atención precisamente ao fomento do uso da lingua e por eso incorporárase un crédito de 200.000 euros desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística para cursos de linguaxe xurídica, publicación de textos legais e xurídicos e campañas de sensibilización en prol do uso da lingua galega. Polo tanto, a emenda do BNG estaría fóra de lugar.

E admitimos o recoñecemento que xa hai en cuanto ao apoio á xustiza gratuítá, que se incrementa a dotación nun 16%. Miren, obras son amores y no buenas razones. E esto é o exemplo da xusticia. Tamén coa oficina xudicial, que xa hai unha dotación de 110.000 euros para poñer en marcha esa oficina xudicial que vostedes non foron capaces.

E en materia de pacto local, sólo dicirlles que con estes orzamentos se garantiza que os concellos galegos non reciban nin un euro menos do que recibiron no ano 2009. A pesar de que desde o Estado as aportacións poidan reducirse entre un 15% e un 20%, pois a Xunta garante o nivel de financiamento dos concellos.

Polo tanto, para rematar, creo, señorías, que estes orzamentos trasladan á sociedade unha mensaxe moi clara. Veñen a certificar a aposta do Goberno galego pola xustiza claramente, por conseguir un servizo público de xustiza de calidade, áxil, que xere confianza e que sexa tecnoloxicamente avanzado.

Este orzamento é unha auténtica obra de arquitectura económico-administrativa, que permite compaxinar a austeridade necesaria nos tempos actuais, pero tamén coas garantías para o funcionamento duns servizos públicos de calidade modernos e eficientes na xusticia, na seguridade, nas emerxencias ou no ámbito local...

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Remate, señor Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Remato, señor presidente.

Os seus criterios son certamente localistas, partidistas en moitos casos, con tendencias ideolóxicas, con emendas contradictorias entre si e entre as súas. E desde logo os planteamentos que agora defenden para nada coinciden cos que defendían fai agora un ano neste mesmo foro.

Con estos argumentos non podemos aceptar as súas emendas.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Miranda.

Para réplica ten a palabra o señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Miranda, vostede argumentos, argumentos en contra do destino das emendas, non dá moitos. Incluso nalgúns ten que recurrir, como xa aconteceu antes, a falsear a realidade das cifras.

Vostede dice que nós reducimos cinco millóns de euros da SPI. Se vostede analiza a emenda 41, o que facemos é agrupar os cinco millóns de euros da SPI que sirven para un roto e para un descosido na xustificación do envoltorio dos orzamentos, xunto con 200.000 euros de edificios e outras construcións e 1.500.000 euros de edificios e outras construcións, a unha agrupación de 6.700.000 euros con concreción, para que non sirva o escasísimo diñeiro que se transfere á SPI para dicir o que vostede dixo aquí: 28 millóns. ¿Donde están? ¿Donde están nos orzamentos do ano 2010 os 28 millóns en infraestruturas xudiciais? ¿Donde están, dígnanos? Páxina tal, cifra cual.

Non. O compromiso que hai de obra nova para a SPI está claro nos orzamentos. E nós propoñemos incrementalalo. E a eses cinco millóns que son un caixón de sastre, que permite xustificar todo, lle damos concreción. Esa é a nosa emenda.

Polo tanto, vostede, efectivamente, recurriu exclusivamente a intentar buscar algún subterfuxio para xustificar a súa negativa a aprobar as nosas emendas.

Efectivamente, preocupación por unha arquitectura de envoltorio, de poñer mono aos orzamentos, de poñer mono, de utilizar a SPI para calquera cousa. Vaíamos ao territorio do concreto e démoslles nomes e apelidos aos investimentos, ás cifras.

Claro, a maneira de xustificar as cousas é pintoresca. Pero do que non hai ningunha dúbida, señoras e señores deputados, é de que o orzamento da Xunta de Galiza do ano 2009 tiña para edificios e outras construcións, é dicir, para investimento dentro, 2.640.000 euros, o deste ano 3.620.000 euros. O 50% máis.

Señoras e señores deputados, o orzamento da Xunta deste ano o 50% máis comparativamente respecto do ano 2010. As modificacións orzamentarias xa veremos as que fai este Goberno e as que fixo o anterior. Pero o que estamos aquí é comparando orzamentos iniciais, ¿verdade? E esa é a realidade. Moito máis gasto dentro en edificios e outras construcións. Reduzan eso e destínenlo a usos, que é investimento na Administración de xusticia.

Porque fíxense vostedes, hasta nos contan milongas. Se vostedes analizan os dous programas, os dous programas homoxeneamente na Administración de xusticia, que son o 131 A e o 131 B, donde tamén se inclúen os investimentos en I+D+I para a xustiza, o ano pasado 103.863.000 euros, este ano 99.467.000 euros. Por primeira vez os investimentos en xustiza neste país baixan. Curioso dato que eu creo que é importante.

As fundacións. Mire, a eficiencia se mide con cifras, señor Miranda. Páxina 70 dos orzamentos, investimento de personal da Fundación da Axencia Galega Humanitaria: ano 2009, 176; ano 2010, 213. Diminuíndo o orzamento.

Fundación Galicia Europa: páxina 88, gastos en personal no 2009, 545; no 2010, 761. Case o 50% máis. Reducindo o orzamento total.

Axencia Galega de Emerxencias, 749 no 2009, 785 no 2010, reducindo o orzamento. Eficiencia nula.

E, dende logo, nós o que cremos é que hai que modificar esas perspectivas.

Vostede dice galego nos empregados públicos –e remato, señor presidente–. A primeira lei, non sei se foi a primeira, pero unha das primeiras leis que entraron neste Parlamento foi un dos atentados máis graves á presenza do galego na administración pública do noso país; coa eliminación, pola vía de urxencia, da posibilidade de acreditación de todas as personas que se presentan ao emprego público de acreditar concienzudamente o coñecemento do galego.

Señor Rodríguez Miranda, esa é a súa realidade, por eso non son de fiar e precisan emendas que aseguren esto.

E, por fin, o tema da policía. Xa está ben de escudarse, de tirar balóns fóra e que a culpa é dos demais...

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Remate, señor Suárez.

O señor SUÁREZ CANAL: Nós sabemos que hai cousas que dependen da Administración do Estado e aí van a ter sempre o noso apoio, sempre que expresen convicción, que ata agora non o expresaron. Non expresaron convicción porque cando se fixeron esas propostas aquí no Parlamento dixeron que estábamos en tempos de crise, despois corríxiron.

Pero é que a lei da policía integral...

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Señor Suárez, rematou o seu turno.

O señor SUÁREZ CANAL:... teñen que creala e avanzar xa nesa dirección. E esa é a mellor convicción e o mellor argumento para despois reclamarlle ao Estado.

E vostedes en vez de ir por esa vía incrementan de forma significativa o 25% os gastos para seguranza privada...

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Gracias, señor Suárez. Rematou o seu turno.

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Señor Suárez.

(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Señor Lage, o seu turno de réplica.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señor presidente.

Señor Rodríguez Miranda, de administración nin unha soa palabra. Transparencia, nova política na xestión interna da Xunta, maior relación entre o cidadán e quen o administra. Vostede non se sabe nin o que pensa nin lle preocupa, nin lle preocupa. Porque a verdade é que é bastante duro que posibilitando unha emenda con máis de dous millóns de euros, precisamente adicados á implementación de administración, vostede pasara por aquí sen tan sequera expresar cal é a posición do seu grupo respecto das novas formas de relación coa cidadanía e tamén na medida en que entenden que os procesos de tramitación burocrática se van a acotar.

Lle pode facer moita gracia, pero desde logo estamos a falar do presente e do futuro. Ao mellor lle gusta máis falar do pasado. Eu fixenlle unha mención clara e específica a un incremento de máis dun 50% no que se refire a reformas e a obras: a vostedes que eran os que falaban da austeridade, de obras suntuosas. Oiga, señor Rodríguez Miranda, é que vostede aquí máis ben non só non defendeu o proxecto de orzamentos, senón o que veu é a descalificar aquilo que están a propoñer os grupos que están na oposición. Porque desde logo que falar dos novos edificios xudiciais, por exemplo na Coruña ou en Vigo, a vostedes dígolles que levan o 20% do seu mandato ao fronte da Xunta de Galicia e non se coñece unha soa acción, unha soa acción por parte do Goberno da Xunta de Galicia, no que o señor Rueda, que é o responsable, non ten tomado unha sola decisión para resolver un problema que leva enquistado moito tempo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E desde logo poden falar do pasado o que queiran, pero os cidadáns, como lles dicía antes, os van a xulgar por aquilo que fagan agora. E, de momento, de momento, en oito meses non fixeron nada.

E claro que é a primeira vez que baixan os orzamentos da Xunta en materia de xustiza. Baixan por primeira vez e non só baixan, senón que vostedes se negan a meter elementos correctores que permitan mellorar determinadas accións. Porque o Consello da Xunta aprobou a creación dunha comisión para a implantación da nova oficina xudicial nun recen-

te Consello da Xunta, pero a aprobación nos consellos da Xunta de plans, de decisións, teñen que levar acompañadas partidas económicas que lle dean soporte.

Vostedes destinan 110.000 euros e nós propoñemos incrementar esa partida en 500.000. Vostedes destinan 30.000 euros á xestión de calidade nas fiscalías. Señor Rodríguez Miranda, 30.000 euros. E nós lle propoñemos chegar a un acordo a través da nosa proposta, da nosa emenda, con máis de 270.000 euros, o que permitiría dedicar 300.000 euros á mellora no programa de calidade das fiscalías.

Vén aquí noutro orde de cousas a defender que con estes orzamentos nin un euro menos para os concellos. Señor Rodríguez Miranda, eu faleille do pacto local e díxenlle que tivo que chegar á Xunta de Galicia un goberno progresista, encabezado por Emilio Pérez Touriño, que foi o que fixo posible que se asinara o pacto local. Ese pacto local, señor Rodríguez Miranda, do que se estivo falando permanentemente durante os últimos dez ou doce anos, e foi posible grazas a un goberno progresista.

E agora propoñémoslle adicar catro millóns de euros a través dunha emenda ao desenvolvemento do pacto local, porque as leis, ao igual que os acordos e que os pactos, precisan, precisamente, da ferramenta máis importante que temos na Cámara lexislativa das galegas e dos galegos, que é este Parlamento, da lei de orzamentos.

A lei de orzamentos e as partidas que aquí aprobemos serán o soporte para que o Goberno galego poida tomar decisións ao longo do ano 2010. E vostedes optan por unha posición de conservadurismo. Nin un euro máis do que tiñan, non vaia a ser.

Esa é a visión raquítica que teñen dende o Grupo Popular dos asuntos relacionados coas corporacións locais, das políticas que poden e deben desenvolver os concellos.

Quero, para finalizar e non consumir máis tempo, señor presidente, adiantar que o noso grupo parlamentario vai apoiar as emendas do Grupo Parlamentar do BNG, e dende logo creo que sería positivo, señor Rodríguez Miranda, que aqueles aspectos relacionados coa millora da Administración de xustiza se viran...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... se viran froito dun acordo e non foran froito da aplicación do rodillo.

Nada máis, señor presidente, darlle a noraboa, que vos tede xa sabe que ten vía libre desde fai uns cuantos minutos.

Gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lage Tuñas.

Sección 06 (Consellería de Facenda)

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para a defensa das emendas do Grupo dos Socialistas de Galicia ten o turno de palabra a señora Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días de novo.

Nas emendas que o Grupo Parlamentario Socialista presenta á Consellería de Facenda nos centramos na propia consellería, pero tamén na Sociedade Pública de Investimentos, da que por certo se falou aquí fai un intre.

No que respecta aos orzamentos da Consellería de Facenda, como todos vostedes saben a diminución non soamente do gasto da Consellería de Facenda, senón de moitos dos organismos que dependen delas, é importante para algunhas cuestións que nós consideramos relevantes, por eso propoñemos na nosa emenda, unha das nosas emendas, que a Consellería de Facenda diminúa algúns dos seus gatos correntes, como a compra de prensa, revistas, libros e outras publicacións ou comunicacións postais, e que transfira eses recursos ao Instituto Galego de Estadística para bolsas de formación na área de estadísticas públicas.

Cremos que isto é importante porque o Instituto Galego de Estadística ten como obxectivo fomentar a investigación

estadística e avanzar na elaboración de programas informáticos para o tratamento integrado das enquisas. Polo tanto, dado que este é un dos seus obxectivos, nos parece discutible que no Instituto Galego de Estadística caigan sete veces máis precisamente as bolsas para a formación en áreas de estadística pública, sete veces máis que o gasto corrente. Cae este capítulo IV un 71,5%.

Entendemos que isto é precisamente non formar a profesionais que logo poden ter as súas capacitacións axeitadas para facer un bo traballo no que significa o control e o rigor orzamentario e tamén o control e o rigor de todo o que significan as estadísticas en Galicia.

Ademais transferimos, a través dunha redución do orzamento da Consellería de Facenda en divulgación de actuacións da consellería, transferimos ao Tribunal Galego de Defensa da Competencia 200.000 euros, xa que de novo caen nun 20% todos aqueles programas que teñen que ver coa colaboración coas universidades públicas de Galicia.

Entendemos que o Tribunal Galego de Defensa da Competencia ten que ter dúas fontes fundamentais de actividade. Por un lado, atender as denuncias que se poidan presentar sobre cuestións onde non están convintemente tratados os aspectos que teñen que ver coa competencia, polo tanto non hai competencia. E por outra banda, tamén tomar unha actuación máis proactiva e analizar e avaliar algúns escenarios donde, sen que exista unha denuncia, poden existir condicións dese mercado que impidan a execución relevante da competencia.

Por exemplo, sería moi bo coñecer como o feito de que existan unha caixa ou dúas caixas en Galicia poida afectar á competencia no mercado financeiro, e iso sería algo que podería promover o propio Tribunal de Defensa da Competencia a través dun convenio, ¡como non!, cunha universidade galega que permitira coñecer cal é o efecto dese estudo, dese análise sobre a competencia nese mercado.

Polo tanto, entendemos que aquí sería de novo unha aposta ademais por algo que é fundamental, pola investigación e o desenvolvemento e pola mellora da calidade dos mercados, da transparencia dos mercados, e polo tanto polo benestar dos cidadáns galegos, polas galegas e polos galegos.

De novo dentro das emendas presentadas aos orzamentos da Consellería de Facenda propoñemos reducir este orzamento da consellería en 100.000 euros no plan de auditorías e levalo ao Instituto Galego de Estadística para o desenvolvemento do Plan galego de estadística, entendendo que hai moitas cuestións que todavía non se manexan de xeito adecuado nas estadísticas na nosa Comunidade Autónoma.

Por certo, onte mesmo se publicaba no *Diario Oficial de Galicia* o Plan de estadística para o vindeiro ano, ¡mágoa que no Parlamento todavía non teñamos constancia de cal é ese plan para o vindeiro ano!

Pola miña banda, estas son as emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista ao que significa en si o orzamento da Consellería de Facenda. Pero ademais da Consellería de Facenda, emendamos os orzamentos dalgún dos organismos que dependen dela, como é o caso da Sociedade Pública de Investimentos. Entendemos que este é un instrumento moi importante para que se poidan materializar determinadas inversións que poden proporcionarlle certo grado de axilidade, non de descontrol, e sobre todo para que se poidan con transparencia facer actuacións que son financiadas cun programa, cun plan económico financeiro, polas distintas consellerías ao longo dos anos.

A Sociedade Pública de Investimentos, nos orzamentos do ano 2010, para a nosa sorpresa, volve ás vellas mañas do Partido Popular. ¿Por que digo que volve ás vellas mañas? Porque nos últimos catro anos a Sociedade Pública de Investimentos se adicou precisamente para investir naquelas cuestións que podían incrementar a produtividade da economía galega. Por eso podíamos entender que se fixera un investimento que se difería ao pago nas consellerías durante un volume determinado de anos, por exemplo dez anos, para construír unha autovía, para construír un tramo novo dunha estrada, un corredor, etc. Pero, sen embargo, no orzamento do ano 2010, para a nosa sorpresa, a consellería, en particular de Política Territorial, agora o grupo MATI, que ten unha vertiente aí un pouco privada que non sabemos moi ben que é, propón obras a realizar que son do seguinte tenor: pois por exemplo reforzo de firme sinalización e barreiras nunha estrada en Galicia; é dicir, volvemos á época na que a conservación e o mantemento en vez de efectuarse dende a propia Xunta de Galicia, directamente desde unha consellería, se efectúa a través dun organismo que o que fai é un plan

económico e financeiro para poder diferir os pagos que lle fan as consellerías.

A verdade é que creo que esto é unha forma de actuación que cando menos é discutible. Unha das cuestións polas que nós non estamos de acordo é, polo tanto, porque entendemos que hai que reorientar o programa de investimento da Sociedade Pública de Inversións. Do mesmo xeito, cremos que é importante poñer xa de inicio algunha alarma sobre o funcionamento da Sociedade Pública de Investimento, e digo algunha alarma porque cando un se fixa no orzamento da Sociedade Pública de Investimentos observa que, a pesares da tan manida austeridade do Goberno galego, o gasto de persoal da Sociedade Pública de Investimentos aumenta un 18,47%, eso si, co mesmo número de empregados. Eso significa, polo tanto, que o personal que está na SPI ten outra fórmula de remuneración e por exemplo se lle pode pagar a produtividade.

Entendemos que esta é unha fórmula que ata o de agora tamén se viña utilizando, pero a nosa advertencia é polo seguinte tenor. En primeiro lugar, porque non se aplica na Sociedade Pública de Investimentos a emenda ao articulado que o Grupo Parlamentario Socialista propuxo precisamente para limitar os salarios dos altos cargos daquelas institucións que dependen da Xunta de Galicia, e por outra parte que o Goberno galego anunciou que ía crear a axencia de estradas, e temémosnos que un dos obxectivos para crear a axencia de estradas sexa para obter remuneracións máis altas para ese personal, eso si, persoal que non ten que ser funcionario e non está baixo o control, polo tanto, das incorporacións á administración pública do persoal funcionario.

Do mesmo xeito, nesta sociedade, a Sociedade Pública de Investimentos, en lugar de conterse o gasto corrente se incrementa exponencialmente o gasto corrente, de xeito que por exemplo para todas aquelas contratacións con externos se multiplica por dous aproximadamente o gasto que se viña facendo noutros anos. Na Sociedade Pública de Investimentos o que máis chama a atención foi unha cuestión que xa puxemos de manifesto no articulado precisamente destes orzamentos do ano 2010. Chama a atención, para empezar, a propia forma de presentar o programa de actuacións para o ano 2010, cando menos discutible.

Esto é, pois, un vai ollando como se presenta o orzamento e un ve que hai unha cousa que se chama mandatos

contidos no Plan económico financeiro global para o ano 2009 a executar no 2010 e seguintes; bueno, ata eso todo ben. Previsión novos mandatos para 2010, e de novo unha previsión para o 2010 e seguintes para esas obras das que acabamos de falar. E de repente aparece unha cousa que se chama outras obras a realizar no ano 2010, cun conxunto de actuacións a executar nos anos 2010 e 2011, fundamentalmente esas de rebacheo e de reforzo de firme de moitas estradas, polo tanto conservación e mantemento da rede viaria. E despois tamén para a Consellería de Cultura, para a Consellería do Medio Rural ou para a Consellería de Presidencia, en total para o ano 2010 93 millóns de euros, que aparecen *ex novo*.

Polo tanto, un orzamento *ex novo* para o ano 2010 que ademais aparece vinculado a unha forma de financiamento cando menos discutible, isto do *factoring* sen recurso, que xa nos aclararon que non aparece como déficit da Xunta de Galicia, pero decía que cando menos era unha fórmula pois discutible. Cando un analiza que significa esa fórmula de financiamento e en xeral para calquera empresa o *factoring* supón a cesión por parte da empresa das facturas que ten contra un cliente a unha entidade financeira. Eso si, sen que existan letras, cheques ou pagarés. Bueno, pois a verdade é que sen saber de donde lle van a saír os ingresos para compensar eses 100 millóns de euros, pois resulta cando menos sorprendente que non apareza nada, nin do coste financeiro, nin sobre todo do déficit que supón esta novedosa fórmula de presentar o financiamento da Sociedade Pública de Investimentos na memoria dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Como xa dixemos, nós propoñíamos que se incorporaran no articulado precisamente para que se contemplara como unha forma de endebedamento máis da Xunta de Galicia. Polo tanto, iso si, novedosa no plantexamento, nós cremos que falta de rigor, esta fórmula que presentan.

A Sociedade Pública de Investimentos, como decía, ademais destas actuacións, que nós dende logo na nosa opinión son cando menos mellorables e poden mellorar substancialmente o seu rigor orzamentario, presenta unha serie de actuacións desas novas actuacións para o ano 2010 que aparecen ou ben sen especificar ou ben dentro dunha partida xenérica.

Por eso, dentro do Grupo Parlamentario Socialista propoñemos a consignación concreta desas partidas orzamenta-

rias, e en particular coas seguintes modificacións. Propoñemos que dentro das outras obras a realizar no 2010, encomendadas á Consellería do Medio Rural que de forma xenérica aparecen baixo o epígrafe “Medidas para favorecer o desenvolvemento sostible do medio rural”, cunha dotación de 18 millóns de euros para o ano 2010, se especifiquen as seguintes obras, tamén de medio rural pero de xeito específico, por exemplo: obras adicadas a mellora de camiños rurais, en distintos concellos de Galicia, en San Estevo de Novoa ou unha senda para peóns nunha estrada, pero unha estrada que é utilizada polos veciños rurais e polo tanto para o movemento do gando ou das actividades de labranza; e do mesmo xeito propoñemos que se poda materializar un proxecto de concentración parcelaria nos montes de San Félix de Sales, ou que se modifique ou mellore algunha das estradas que son habitualmente, alquitránandoas, utilizadas polos gandeiros ou as persoas que se dedican a recoller os produtos gandeiros, e sobre todo ademais a explotación do monte.

E ademais propoñemos unha serie de actuacións vinculadas á mellora dos regadíos, en particular na zona da Limia cun millón de euros, e despois distintas actuacións para mellorar as infraestruturas vitícolas na Ribeira Sacra lucense, na Ribeira Sacra ourensá, en Valdeorras, en Monterrei, nas Rías Baixas ou no Ribeiro. En xeral, en conxunto, 6 millóns de euros adicados a estos proxectos específicos.

Do mesmo xeito propoñemos a mellora do acondicionamento do mercado gandeiro de Becerreá por 326.000 euros. É dicir, dunha partida xenérica que non se sabe que contempla, sabendo que existen e que detectamos unhas necesidades tanto sectoriais como no propio territorio, poder implementalas e establecelas de xeito específico neste orzamento do ano 2010.

Do mesmo tenor son as emendas presentadas, a emenda número 6 presentada á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que aparece cunha partida xenérica, onde fala de doce proxectos de Baixa IMD mellorada, en reformulación, polo importe de 12 millóns de euros para o ano 2010. Nós entendemos que estes 12 millóns de euros ou calquera outros que aparecen nesa lista de proxectos cunha dotación para o ano 2010 de 40 millóns de euros, practicamente susceptibles todos eles de ser efectuados dende a propia consellería e poder adicar esos recursos a outros proxectos de maior calado que si que teñen que ver e

teñen incidencia sobre a produtividade da economía galega, propoñemos que se eleven á variante da Guarda 700.000 euros, á vía de alta capacidade Tui-A Guarda, 4.300.000 euros, á vía Ártabra 2 millóns de euros ou á autovía Curro-Baión 5 millóns de euros.

Do mesmo modo na Consellería da Presidencia, unha partida xenérica de 10.500.000 euros, que di “Plan de infraestruturas xudiciais, novo edificio xudicial de Ourense e proxectos na Coruña, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela e outros”, propoñemos que se poñan de xeito concreto ao edificio xudicial de Ourense 2 millóns de euros, o mesmo que ao edificio xudicial da Coruña, de Pontevedra, de Vigo ou de Santiago e ao edificio xudicial de Vilalba 500.000 euros.

Todo esto co obxectivo de cubrir as carencias que non aparecen reflexadas nos orzamentos das distintas consellerías e ademais de acotar de xeito importante o contido dunhas partidas que non sabemos a que se van a dedicar nin por que importe. E iso si, en canto á Consellería...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, o que pretendemos ademais é un cambio na orientación dos proxectos que se levan á Sociedade Pública de Investimentos, un cambio da orientación que signifique que a conservación e mantemento debe facerse de xeito cotián cada ano por parte da consellería e que a Sociedade Pública de Investimentos debe adicarse a eses proxectos máis ambiciosos que poden contribuír á mellora da produtividade de Galicia.

Creemos, polo tanto, que nestas dúas seccións é posible mellorar os orzamentos e esperamos a súa colaboración.
(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Caride.

Rolda dos grupos para fixar posicións sobre as emendas.
(Pausa.)

Polo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Blanco Álvarez.

O señor BLÁNCO ÁLVAREZ: Señor presidente, señorías.

Señora conselleira, na presentación dos orzamentos e na sección de facenda, a maiores de ter unha redución do 14% no seu presuposto, atopábase algunhas cuestións que parecían no seu momento razoables e que polo tanto non quixemos emendar, unha delas, por exemplo, eran os cartos adicados no seu momento á divulgación económica, entendendo que, efectivamente, determinadas accións do Goberno galego, pois a modificación dun imposto, o establecemento dalgún tipo de exencións, ou outra serie de cuestións deste tipo, merecían necesariamente un presuposto para que a maioría dos cidadáns, a maioría dos galegos e das galegas, tiveran polo tanto coñecemento deste tipo de feitos, e nese sentido non queríamos reducir unha cantidade estipulada no seu orzamento.

Pero a verdade é que estamos, ficamos, realmente sorprendidos, porque o que nós pensamos que era para informar aos cidadáns máis parece que vai a valer para falar das bondades destes orzamentos, que por certo aínda non están aprobados. Asistíamos con certa sorpresa, non exenta de estupor, a que neste domingo pasado por parte da Consellería ou da Xunta de Galiza inzábanse de páxinas de publicidade os periódicos a propósito dos beneficios que van ter os orzamentos da Xunta de Galiza, aínda non aprobados neste Parlamento, para o conxunto dos galegos e das galegas, o cal coincidirá conmigo en que non deixa de ser sorprendente, ¿como é posible anunciar uns orzamentos que mesmo non están aprobados? ¿Como é posible que asistamos a páxinas de información pagadas pola consellería ou pola Xunta de Galiza poñéndonos de manifesto as bondades destes orzamentos que aínda non están aprobados, ¿para eso é para o que quere a señora conselleira eses cartos de divulgación económica? Porque si é para eso, desde logo nós non estamos de acordo.

E eu evidentemente vou reconsiderar a miña posición a propósito, e o BNG vai reconsiderar a súa posición a propósito das emendas que ten plantexadas o Partido Socialista. Nós dábamoslle un crédito para que vostede no exercicio da súa función explique aos galegos e ás galegas as modificacións da lei ou as ventaxas que se establecen, pero desde logo non para a publicidade duns orzamentos que, insisto, aínda non están hoxe aprobados.

Para eso, evidentemente, non lle podemos dar o noso apoio, e me parece, e ademais así llo digo, unha torpeza que

espero que non se repita, porque non ten ningún sentido. Primeiro, porque non están aprobados, e segundo, porque estou seguro de que vostede terá aspectos máis importantes que transmitirilles ao conxunto dos cidadáns, ao conxunto dos galegos e das galegas para que valoren, en todo caso, ou para que coñezan as iniciativas e as propostas que vostede pon sobre a mesa.

E a respecto das modificacións que se están establecendo na Sociedade Pública de Investimentos, eu manifesteillo na Comisión e o manifesto agora novamente, eu creo que o que ten que facer este Goberno é recapacitar, se cabe novamente, sobre o papel que cumpre unha sociedade pública de investimentos neste momento. Como vostede sabía, no seu momento estas escapaban ao nivel de endebedamento da Xunta, cumprían un papel para endebedarse máis sin que isto afectara ao conxunto da Xunta de Galicia, ao conxunto do Goberno, e polo tanto permitían, tiñan un marxe de manobra, facer cuestións que non se podían facer desde a administración.

Agora non é así, agora non é así e eu creo que é o momento de reflexionar sobre que papel pode cumprir esa Sociedade Pública de Investimentos e si as funcións que ten e o persoal e a experiencia que podan aportar pode se asumido desde a propia consellería, e estaríamos traballando na eliminación, digamos, dun ente, dunha empresa que desde logo nós creemos que neste momento cumpre en maiormente escasa función, toda vez que efectivamente ese endebedamento conta. E polo tanto nos permitiría seguramente facer desde un mellor seguimento dos investimentos a unha maior concreción tamén dos investimentos, que é necesario nunha sociedade pública de investimentos, e polo tanto estaríamos logrando dous obxectivos. ter menos entes e ademais ter indudablemente unha mellor información e transparencia sobre o propio funcionamento.

Pero desde logo ese eu creo que era o debate que tiña que estar hoxe sobre a mesa e non outros, e en todo caso sobre o resto das emendas presentadas, e neste caso polo Partido Socialista, o que hai que reflexionar, e o que ten que reflexionar vostede neste caso e o Goberno no seu conxunto, é si a aplicación desas partidas de divulgación, de iniciativas económicas, van a ser un campo de actuación para dicir o bon que é o Goberno ou vai ser un campo de actuación para informar aos galegos e ás galegas sobre os cambios que se

produzan en materia económica. No caso de que seña para informar aos galegos terá desde logo o noso apoio, no caso que seña para encher os periódicos de publicidade, de feitos aínda non rematados, desde logo non o vai ter.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Blanco.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Moi brevemente, porque o principal xa está dito, estamos ante unha serie de emendas que o que fan é, digamos, que despois de que o gasto estivese inflado nos orzamentos do 2009 se faga unha labor seria de recorte, pois agora é ir a moito máis, non, e realmente eso nalgúns casos mesmo é contradictorio co que é o funcionamento do sector público.

A primeira emenda que defendeu o Grupo Socialista, a número 93, refírese aos gastos en prensa, revistas, libros e comunicacións postais da Xunta. Esta partida foi reducida no plan de choque o 17% para o ano 2009 e nos orzamentos do 2010 redúcese nada menos que un 20%; polo tanto, efectivamente, estamos no que dicíamos na nosa intervención anterior, evidentemente unha cousa é non chegar e a outra é pasarse, neste caso, efectivamente, entramos nesa circunstancia.

Non vou a valorar, polo tanto, a finalidade ou obxectivo que se quere atribuír a eses cartos que son necesarios para o funcionamento ordinario da consellería, que neste caso é o incremento das bolsas do Instituto Galego de Estadística, que evidentemente ninguén se opón a que o Instituto Galego de Estadística incremente a súa nómina de bolseiros, mais non é o caso do que corresponde facer cuns cartos que son necesarios nunha función que na Consellería de Economía, que obtén moita información a través de revistas, libros, etc., de relevancia, pois hai que manter.

Con respecto á emenda seguinte, a emenda 94, a de divulgación das consellerías, deixando á marxe que en todo caso ese gasto foi posible polo orzamento do 2009, que incluía unhas cantidades que mesmo recortadas dan para iso,

vostede tamén coincidirá connigo, señor Blanco en que non hai nin un só goberno, nin municipal, nin autonómico, nin estatal, nin siquera comunitario, que non faga un anuncio para que a xente saiba a que se adican os seus impostos, no cal se explique cales son os orzamentos que se están a tramitar. Polo tanto, creo que me parece que é un pouco excesiva a súa petición, nunha partida que por outra banda xa se reduce nun 45% no 2010 con relación ao 2009 e que, efectivamente, ademais de cal é o comportamento do Goberno vía orzamentaria, refírese fundamentalmente á información tributaria aos contribuíntes, aos cidadáns que deben de coñecer cales son efectivamente os cambios de normativa, os prazos etc., etc.

Eu, en concreto, sobre este tipo de publicidade institucional que explica aos cidadáns en que se gastan os cartos dos seus impostos, eu, pois quixera recordarlle entre outras cousas, sin ir máis lonxe, o que decía Galbraith sobre a importancia que ten nuns mercados, e digo porque esta será unha mensaxe que a vostede lle sone familiar e coñecida, que o propio Galbraith se queixaba de que a publicidade das empresas privadas fai aos cidadáns non ser conscientes da importancia que ten o consumo público e o sector público.

Eu creo que o mínimo que se pode facer para dar a coñecer as contas públicas loxicamente é eso, facelas públicas a través dos medios de comunicación, dunha forma que, por outra banda, non é excesivamente custosa, porque non se trata nin de cuadernillos, como vimos noutras épocas, nin de dobles páxinas etc., etc.

En canto ao que está sin aprobar, creo que eso o imos resolver enseguida.

En canto á emenda seguinte presentada polo Partido Socialista, perdón, antes brevemente, aquí os cartos queren mandarse ao Tribunal Galego da Defensa da Competencia, e eu creo que esto, ese destino, reflicte neste caso un pouco de mala conciencia sobre cal foi a labor e o financiamento que tivo o Tribunal da Defensa da Competencia durante os últimos catro anos. Como vostede sabe este órgano foi creado no 2005 polo anterior goberno do Partido Popular e durante moitos anos estivo practicamente sin xente para traballar; un servizo dotado, infradotado, que efectivamente fixo que a súa labor non fose a que debería de ser, e hai efectivamente que potenciar os servizos de defensa da competencia. A

conselleira xa se comprometeu a reformar a Lei de defensa da competencia de Galicia e esperemos que no próximo período de sesións xa poda vir ao Parlamento o proxecto de lei de reforma, pero certamente con colaboración coas universidades non imos tapar o baleiro, a falta de recursos que vostedes deixaron no Servizo Galego da Defensa da Competencia.

A emenda seguinte, cicais onde se ve máis claramente que é peor pasarse que quedarse curto, que é cando vostedes propoñen a transferencia de recursos desde o Plan de auditorías, que ten a Intervención Xeral da Xunta, cara ao Plan galego de estadística. Novamente non porque o Plan galego de estadística non sexa importante, é que o Plan de auditorías responde loxicamente á Lei de réxime financeiro e orzamentario, son accións moitas delas cofinanciadas con fondos europeos. A normativa comunitaria esixe a elaboración dunha auditoría e hai que auditar tamén as subvencións que dá a Comunidade Autónoma, hai que auditar o Servizo Galego de Saúde. En fin, suprimir o financiamento do Plan de auditorías pois si que é unha irresponsabilidade no sentido en que deixamos de controlar o gasto público moitas veces esixido por quen transfere fondos, como é o caso da Unión Europea.

Esta partida está loxicamente axustada ás previsións e necesidades de auditoría do ano 2010 e responde a obrigas legais e por suposto á necesidade de mellorar o rigor no gasto público.

Finalmente, con relación á Sociedade Pública de Investimentos, o primeiro que quero manifestar unha vez máis, como xa fixen na Comisión, é a nosa sorpresa porque sendo tan caótico o que é o estado do personal, o que é o estado do gasto corrente, etc., na propia Sociedade Pública de Investimentos o Partido Socialista non emendara nin a partida de personal nin a partida de gasto corrente. O único que se fixo aquí, a única emenda que vostedes defenden, non é unha emenda á totalidade da SPI, que por outra banda eu comparto o que dixo o señor Blanco con que igual que o resto do sector societario ou institucional a SPI é unha das sociedades ou empresas que debe de estar en consideración de cal debe de ser o seu papel no futuro. Pero dito isto, o que vostedes emendaron literalmente foron algunhas correccións e fan algunhas redistribucións entre actuacións das actuacións contidas nos plans económicos financeiros.

Como vostede tamén sabe, eses plans económicos financeiros están sin asinar, habitualmente asínanse nos meses de xaneiro e febreiro, e incluso xa non me quero nin meter no destino, unicamente trasladarlle o que á súa vez me di o noso compañeiro e bon coñecedor da realidade local de Galicia, o noso deputado por Lalín, que me di que en todo caso non se pode facer unha pista agropecuaria en San Estevo de Novoa, porque non existe San Estevo de Novoa.

E unha cousa máis, o financiamento do *factoring* sen recurso –que xa discutimos– é unha operación de tesourería e isto vai polo libro, vai polo libro do Banco de España e vai polo libro do Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do que se considera que é endebedamento comercial ou endebedamento público. Evidentemente, aí non hai ningún problema de transparencia, estase a actuar conforme enmarca toda a normativa española, e como a Xunta ten acordado co resto das comunidades autónomas e co Estado evidentemente este orzamento é moito máis transparente ca o anterior.

E no que atinxe á obra pública, simplemente recordarlle que este ano o que é a colaboración público-privada aparece reflectida nos propios orzamentos, mentres que o ano pasado, que tamén se recurría a ela, e os anteriores non aparecía. Polo tanto, é evidente que hai que repensar o que é a Sociedade Pública de Investimentos no conxunto da reforma da Administración instrumental, mais eso non quere decir, obviamente, que o que estea nestes orzamentos non sexa transparente, e axiña se verá a través das sinaturas dos convenios.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Puy.

Para a réplica, polo grupo emendante ten a palabra a señora Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Gracias, señor presidente.

Señorías.

Bueno, recordar ao portavoz do Grupo Parlamentario Popular que este grupo parlamentario si presentou unha emenda á totalidade á Sociedade Pública de Investimentos.

Vostedes a rexeitaron, pero nós si presentamos unha emenda á totalidade á Sociedade Pública de Investimentos. Revise as súas notas, porque si. Lla podo ensinar dentro dun intre, non se preocupe.

E ademais, o que lle decíamos era que o que pretendemos é precisamente que a Sociedade Pública de Investimentos se adique ao que se ten que adicar. Mire, é curioso, porque non parece sostible que unha administración que se precie esté facendo a conservación e o mantemento das súas infraestruturas a través dun organismo que se financia cun plan económico-financeiro a pagar polas consellerías durante dez anos ou cinco anos; parece, cando menos, insostible.

Vostedes o que están dando é a señal, o Goberno galego está dando a señal de que non é capaz nin de conservar e manter o que ten cos seus orzamentos. Esa é a señal que están dando, e esa é moi mala señal, porque xa sabemos que nos anos do pasado –que non lles gusta recordar– vostedes foron sistematicamente, o Partido Popular, reducindo o gasto de conservación e mantemento porque non era unha prioridade, non lles interesaba, debían creer que non lles daba votos. Porque a seguridade vial tampouco era unha prioridade para aquel Goberno, pero agora hai un compromiso. Por certo, o propio presidente da Xunta adquiriu ese compromiso en sede parlamentaria o día da sesión de investidura. E, sen embargo, o que observamos é que nuns orzamentos insolventes manifestan que son insostibles, especialmente nunha cuestión que ten unha incidencia moi importante sobre todos os cidadáns.

E non se quedan aí, senón que ademais se vostede bota unha ollada, se os representantes do Partido Popular e a conselleira de Facenda se fan unha reflexión de por que na Sociedade Pública de Investimentos poden incrementar o orzamento en 100 millóns de euros para o ano 2010 e seguir incrementándoo o ano 2011, ¿pode vostede pensar como é posible que non existan cartos para financiar a sanidade pública? Vostede ten que facer un invento para financiar a sanidade pública e, sen embargo, na SPI vostede elixiu; e elixiu, en lugar de darlle esos recursos á sanidade pública, claro, a rebachear estradas, a facer actuacións non sabemos de que en medio rural ou en xusticia ou noutras actuacións. Vostede fixo unha elección e esa elección nós entendemos que non é a correcta. Creemos que se pode financiar dende os recursos públicos a sanidade pública –e así o facemos na

Consellería de Sanidade–, pero ademais creemos que vostede elixiu. E hoxe da presentación da Sociedade Pública de Investimentos a conclusión que sacamos é que existía marxen de manobra, pero vostede decidiu utilizalo para tapar os buratos das estradas. Bueno, nos buratos das estradas en épocas pasadas tamén estaba o personal que entraba pola porta de atrás na Xunta de Galicia no capítulo VI. A min xa non me extraña que o utilicen para eso.

Mire, o portavoz do Partido Popular é moi dado ás citas. E eu lle vou a recordar unha que eu creo que é importante, porque ten moito que ver co orzamento da Consellería de Facenda e sobre todo con esto da divulgación dos programas e as partidas de divulgación económica. Eu entendo que o Partido Popular, o Goberno galego, necesitara divulgar as actuacións da Consellería de Facenda se realmente as actuacións tiveran unha incidencia directa sobre a vida dos cidadáns, por exemplo –e aí vén a cita–, se se cumprira o que decía o presidente da Xunta de Galicia antes do 1 de marzo. E decía: “Este mesmo ano 2009 rebajaremos el IRPF para beneficiar a 600.000 gallegos que así tendrán más recursos en sus bolsillos”. Bueno, claro que estos se esqueceron totalmente, xa se lles foi, se esqueceron chegado o 1 de marzo de que iban baixar os impostos e, en particular, que iban beneficiar a máis de 600.000 galegos.

E como se lles esqueceu, nós o que lles decimos é que esto da divulgación económica non lles fai tanta falta. A verdade é que é un pouco, eu o denominaría pouco respecto ou falta de respecto ao Parlamento chegar aquí con chulería e decir: bueno, esto da aprobación dos orzamentos xa o vou a resolver eu. Home, os orzamentos non están aprobados, un mínimo de respecto a esta institución, cando estean aprobados vostedes publicítenos se o consideran necesario. Porque nese Goberno da austeridade pois ao mellor é que non é tan preciso, poden vostedes facer outro tipo de accións para poder trasladar aos cidadáns galegos a incidencia real que sobre eles teñen estes orzamentos. Por certo, unha incidencia ben escasa, non teñen vostedes que gastar moito neso, porque a incidencia sobre os cidadáns, agora que xa non teñen vostedes que darlles disgustos como que lles quitan o complemento autonómico ás pensións non contributivas, pois xa pouco teñen de que informalos, lamentablemente.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Existe a posibilidade –gracias, señor presidente, xa remato– de mellorar o orzamento da Sociedade Pública de Investimentos, existe marxen de manobra e se pon de manifesto en cada unha das seccións que vamos mirando destes orzamentos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Caride.

Sección 07 (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

Augas de Galicia

Instituto Galego de Vivenda e Solo

Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos

Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para a defensa das emendas do Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Señor presidente.

Señores deputados, señoras deputadas, neste chamado por parte do Partido Popular grupo MATI, que máis ben é unha consellería –a min fáiame graza esa confusión continua que teñen entre o público e o privado–, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Bloque Nacionalista Galego xa na comparecencia que fixemos na Comisión, onde compareceu o señor conselleiro, cando replicamos eses orzamentos dixemos que eran uns orzamentos desta consellería, que é a que ten o maior número, a maior cuantía para investimento no vindeiro ano, que eran uns orzamentos ficticios e irresponsábeis. Por iso o Bloque Nacionalista Galego fixo as emendas que agora vou tentar agrupar en distintos bloques, dada a magnitude desta macroconsellería e que seguramente non me dará tempo a facelo máis polo miúdo do que quixera como portavoz do Bloque Nacionalista Galego nesta consellería.

Ben, comecemos polo transporte. De pouco serve cando se fan anuncios, cando se di que está moi preocupado o Partido Popular polo transporte público, pola creación dun ente ferroviario galego, polos aeroportos galegos, cando xurdiu no seu momento a polémica desa competencia que está a facer o aeroporto de Oporto, en Portugal, de pouco serve que

se recollan na memoria dos propios orzamentos cuestións como a importancia que se lle ten que dar, por exemplo, a promover o desenvolvemento dunha rede intermodal de transporte de mercadorías, deseñando áreas de descanso e aparcadoiros para transportistas, cando despois eso non se reflexa nos orzamentos.

Por iso o Bloque Nacionalista Galego para o ente ferroviario galego, no que o Partido Popular recolle a cantidade de 90.000, euros, 90.000 euros na consellería con maior cuantía –como xa dixen– de investimento, o Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda para que esa partida se incremente e teña 1 millón de euros; para que se fagan, aínda non tendo as competencias, os traballos previos para planificar ese ente ferroviario propio, e poder, unha vez que se negocie co Goberno central, co Goberno do Estado, poder poñer en marcha o transporte público por ferrocarril.

O mesmo sucede co plan director de aeroportos, que cremos dende o Bloque Nacionalista Galego que é importante facer esa planificación dende o Goberno galego, aínda que non se teñan as competencias hai que facer os traballos previos e non poñer simplemente nesa consellería 1 millón de euros para os voos de baixo custe, sen aparecer ningunha partida específica para un plan director dos tres aeroportos galegos. De aí tamén que o Bloque Nacionalista Galego fixera unha emenda de 750.000 euros para que o Goberno galego teña un documento técnico co cal planificar os aeroportos do noso país. E 230.000 euros tamén para un plan de mobilidade alternativa, que se engade a outras emendas que presentamos referidas a plans alternativos de mobilidade en distintas comarcas do país.

Hai outra cuestión que para o Bloque Nacionalista Galego é importante dentro do transporte público, que é o chamado transporte de rías. É dicir, temos pola propia configuración territorial un litoral con moitos quilómetros, cunha configuración propia que fai importante e que fai que un Goberno teña que preocuparse por pular e por potenciar o transporte de rías, que neste momento practicamente está recollido no que é transporte de ría entre Cangas e Vigo, e Moaña e Vigo, e que nós dende o Bloque Nacionalista Galego cremos que se ten que incrementar e que se ten que potenciar en todas as rías do noso país donde haxa núcleos de poboación que comunicar. De aí que fagamos dende o

Bloque Nacionalista Galego unha emenda de 4 millóns de euros para a potenciación do transporte de ría.

No referido ao solo empresarial, para o Bloque Nacionalista Galego importante era poñer en marcha o solo empresarial que está en execución neste momento, pero neste momento tamén de crise seguir, continuar, cunha iniciativa que se fixera xa dende o anterior Goberno, o Goberno no que estivo o Bloque Nacionalista Galego xunto co Partido Socialista, na pasada lexislatura, que foi poñer en marcha as chamadas naves modulares en aluguer. Nun momento onde os pequenos e medianos empresarios teñen problemas de financiación para poder construír, poder comprar o solo, poder construír o equipamento que precisan para albergar a súa actividade, pensamos que é importante darlles a oportunidade dende a Administración pública de que teñan ese espazo para desenvolver as súas actividades cun aluguer con opción de compra a dez anos. Por iso presentamos distintas emendas que vou a detallar neste momento para que se fagan transferencias ás distintas xestures co fin de continuar con esa iniciativa que fixera xa a Consellería de Vivenda e Solo a través das xestures e deixar xa licitadas neste caso as primeiras naves en aluguer no concello entre Pontevedra e Ponte Caldelas, no parque empresarial de Reigosa.

E son, como xa digo, emendas concretas para a construción de naves modulares en aluguer que cremos que neste momento sería un importante apoio para os pequenos e medianos empresarios que queiran iniciar neste momento a súa actividade nos parques empresariais máis importantes. De aí as emendas que presentamos, a 189, a 190, a 191 e a 192. Pensamos que isto si é apostar nun momento de crise polos empresarios do noso país, darlles a oportunidade de ter ese espazo, de pagalo cun aluguer baixo e aos dez anos podelo comprar. De aí que apostemos por estas emendas, e queremos que o Partido Popular, que tanto se gaba desa preocupación pola crise, o amose aceptando emendas concretas como estas que presenta o Bloque Nacionalista Galego.

Hai tamén neste momento de crise outra cuestión que nos preocupa no referido a solo empresarial, que son dous parques empresariais que están xa a funcionar, algún deles con preto de 5.000 persoas alí traballando, que é o polígono da Pasaxe, en Gondomar. É donde nós presentamos emendas para aumentar a cuantía que presentan os orzamentos da Xestur-Pontevedra, neste caso o Partido Popular, para

augmentar a cuantía no parque empresarial da Pasaxe, en Gondomar, e o parque empresarial de Arrán, en Cuntis. Porque non vaia ser que neste momento de crise aproveite algún empresario –agardamos que non sexa así– esta situación que pode levar a que se lle rexeite a petición dun crédito por parte dunha entidade bancaria, porque teñen a súa nave en situación irregular urbanisticamente, e que poida chegar a utilizar isto como escusa, por exemplo, para a presentación dun ERE. De aí a importancia que lle damos a estas dúas emendas, en concreto, para os parques empresariais da Pasaxe, en Gondomar, e do polígono empresarial de Arrán, en Cuntis. E que son as emendas seguintes, a emenda 187 e a emenda 186.

Por tanto, naves en aluguer para os pequenos e medianos empresarios e manter os postos de traballo neses parques empresariais nos que as edificacións se atopan en situación irregular urbanisticamente.

No referido á mellora de estradas, para o Bloque Nacionalista Galego, e aí hai numerosas emendas que presentamos para mellorar as estradas do noso país, entendemos que tan importante é a construción de novos viais para artellar e comunicar o noso territorio, como o mantemento e a mellora das mesmas; xa que moitas delas, pola propia natureza do noso territorio, presentan unha grande concentración de accidentes en certos puntos quilométricos, seguramente como produto dun mal proxecto de temas proxectuais no seu momento e que poden ser mellorados eses trazados; de aí que presentemos numerosas emendas en tramos concretos de mellora de viais.

No referido ao urbanismo, o que fai o Bloque Nacionalista Galego na Axencia da Protección da Legalidade Urbanística é que os cartos que aparecen reflectidos nese orzamento para compra de vehículos adicalos ás cuestións referidas a demolicións e aos controis precisos para ese control urbanístico para o cal se creou precisamente esta axencia. Polo cal quitamos nesas partidas que, xa digo, están para compra de vehículos; entendemos que xa que teñen vehículos sen vender no parque móbil, poderían utilizalos ou tentar chegar a acordos con algunha empresa para cambialos e non ter que gastar estes cartos, 115.000 euros, concretamente, da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e que os adiquen a cuestións que si preocupan e que si lles preocupan aos cidadáns de control desa protección.

No referido ao medio ambiente, nos orzamentos desta macroconsellería, desta grande consellería co maior orzamento e investimento, curiosamente, que comeza ademais o nome por medio ambiente, en medio ambiente é onde hai unha redución do 17% nestes orzamentos. É dicir, nun momento en que temos que camiñar cara outro modelo de utilización do territorio do propio transporte, de calquera das actividades que se desenvolvan nese territorio económicas co fin de acadar un desenvolvemento sostíbel, esta consellería pola contra reduce nun 17% os orzamentos referidos ao medio ambiente.

Así que é unha maneira de quitarlle tamén a careta nese sentido ao Partido Popular. É dicir, non se pode gabar un de ter unha consellería, chamarlle de medio ambiente, cando o medio ambiente queda relegado, queda nun segundo plano, porque realmente hai outras políticas que interesan máis que esas cuestións referidas ao medio ambiente.

Neste días nos que se atopan en Copenhague os distintos representantes dos gobernos a escala mundial, resulta que a partida para loitar contra o cambio climático do Partido Popular é de 300.000 euros, nunha consellería que ten 820 millóns de investimento.

É dicir, ¿cal é a porcentaxe? Fagan as contas e xa verán vostedes cal é a preocupación que ten o Partido Popular polo cambio climático. Pero bueno, non me estraña, xa que teñen vostedes algún científico que di que non hai tal cambio climático.

Nós o que facemos é unha emenda concreta precisamente para aumentar esta contía para o cambio climático, que é un aumento de 200.000 euros, programa de acción contra o cambio climático. Porque nós, no Bloque Nacionalista Galego, si creemos que é importante iniciar accións contundentes dende o Goberno da Xunta de Galiza co fin, por unha banda, de actuar pero tamén de concienciar á sociedade do que está a suceder nesa escala global.

No referido á rexeneración das rías. Eu teño visto nestes últimos meses numerosas intervencións nas que se fala da importancia do saneamento, sen embargo despois non aparece reflectido nos orzamentos. De aí que presentemos numerosas emendas para o que é a rexeneración das rías.

Así mesmo, nesa planificación que non fai, que non fai o Partido Popular, de aí tamén que non se reflecta nos propios orzamentos no que se refire a modelos alternativos de xestión do tratamento dos residuos sólidos urbanos, o Bloque Nacionalista Galego presenta unha emenda concreta para que se faga un plan alternativo á incineración. É dicir, aposten, señores do Partido Popular, acepten estas emendas, comecen a traballar con apostas claras e decididas por modelos alternativos na xestión dos residuos sólidos urbanos. Non continúen con esa política de incinerar, de queimar, porque ese non é o futuro desa xestión.

De aí que presentáramos tamén as emendas a ese modelo de xestión de residuos sólidos urbanos para que se faga un plan galego como un modelo claro e alternativo e convirtámonos xa dunha vez nun país que aposta por outras maneiras de tratar o lixo e non continuemos como se vivíramos noutras épocas.

De aí tamén que se presentara outra emenda no referido á área concreta de medio ambiente da xestión de residuos voluminosos. A xestión de voluminosos, nos que a partida amosa unha catividade total de miras tamén, de aí tamén a propia reclamación que se fixo no seu momento, que fixeron os distintos concellos por esa xestión de voluminosos; de aí que o BNG presente tamén unha emenda, a 238, para claramente apostar por unha xestión deses voluminosos, por unha xestión dos residuos urbanos doutra maneira, pola rexeneración das rías.

No referido á vivenda, a redución que se fai por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é dunha diminución dun 22,81%, sobre todo no concreto da construción de vivenda de promoción pública. Levamos oito meses xa dende que tomou posesión o Goberno que apoia o Partido Popular e non hai nin unha soa vivenda, por exemplo, licitada de promoción pública.

Quedaron dous proxectos simplemente a piques de adxudicar porque estaban os proxectos presentados, estaban as ofertas xa alí, os informes tamén das mesas de contratación, que eran 135 vivendas en Pontevedra e no polígono de Valdecorvos e 322 vivendas no campus de Elviña para os estudantes.

Entón, nós nestas emendas tamén referidas á vivenda o que facemos é concretar as partidas e simplemente amosar que nunha consellería tan importante, como é a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, vemos

importante eivas, o cal retracta claramente a falla dun modelo para o noso país por parte do Partido Popular.

Así mesmo, no referido ás infraestruturas...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Táboas.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Si, señor presidente. Remato coas infraestruturas de nova construción.

Aparecen..., se introduce o que se chaman importantes..., hai achegas moi importantes nestes orzamentos do que se chama financiamento das infraestruturas viarias feitas con capital privado.

A nós preocúpanos que se faga, que se introduza nos orzamentos este tipo de achegas, de aí que digamos que son ficticios porque xa veremos que sucede coas empresas privadas, se poden ou non poden...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Táboas.

A señora TÁBOAS VELEIRO: ...-sí- ter acceso a estes créditos. De aí que presentemos estas emendas por parte do Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Táboas.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra a señora Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Gracias, presidente.

Señorías, membros do Goberno, bos días.

Presidente, íbame a sumar ás felicitacións que lle deron antes os meus compañeiros, pero ao mellor non lle vén ben, así que vou a gardar as felicitacións.

Señorías, as emendas que presenta o noso grupo ao orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

Infraestruturas non poden desligarse da intervención que tiñamos e que facía o propio conselleiro na presentación do proxecto de orzamentos cando presentou na Comisión os orzamentos do chamado grupo MATI.

Dicíamos naquela ocasión, fai unhas semanas, que estes orzamentos ían xustamente na dirección oposta á que era preciso. Que era este un momento de crise, era este un momento que precisaba da maquinaria pública, que precisaba dos investimentos públicos, que precisaba dun impulso da actividade económica, que precisaba que se completara a modernización do país, que precisaba que o Goberno asumira a súa responsabilidade na creación do emprego e da riqueza e que nada máis lonxe de todo iso se vai a conseguir con estes orzamentos.

Xa na propia memoria de orzamentos que presenta a consellería coñecíamos a baixada radical nos investimentos da propia consellería, e coñecíamos ademais que a tan traída e levada austeridade non era tal, porque mesmo a diminución que se facía en termos de persoal referíase a un movemento dunha dirección xeral que se radicaba noutra consellería.

En realidade, señorías, estes orzamentos, este proxecto de orzamentos non é máis que a continuidade da política que o señor conselleiro e o seu equipo veñen de desenrolar dende que chegaron ao Goberno da Xunta de Galicia. Renunciaron ao longo deste ano 2009 a mobilizar recursos públicos; renunciouse a licitar infraestruturas que estaban orzamentadas; renunciouse, se acaba de repetir, a desenvolver vivenda pública; renunciouse a mobilizar un só centímetro cadrado de solo industrial; renunciouse a impulsar vías de comunicación que estaban licitadas e mesmo adxudicadas, e, dende logo, renunciouse a calquera medida, a poñer en marcha calquera medida que tivera que ver co transporte público.

Renunciaron como agora renuncian a marcarse uns obxectivos ambiciosos. E por se non lle creen, que algúns haberá nesta Cámara que non lle crean, ao Grupo Socialista, invítoos a calquera de vostedes a repasar as cifras do Seopan ou a repasar mesmo as cifras da páxina web, por exemplo, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, donde poden comprobar que a parálise ten sido a constante dos últimos meses, a constante do Goberno do señor Núñez Feijóo.

Este proxecto de orzamentos non presenta ningunha estratexia para saír da crise, malia a acollerse, como xa se ten dito ao longo desta mañá, ao endebedamento máis elevado dende que existe a Xunta de Galicia, e tampouco serven nin ás demandas nin a responder ás demandas da cidadanía, nin a resolver algúns retos que ten marcados e este país.

Estes orzamentos non van a permitir completar a rede de comunicacións, impulsar o transporte público, ordear e planificar o noso territorio, axudar ás persoas a acceder á vivenda, mobilizar solo para impulsar iniciativas empresariais, situar a sostibilidade ambiental no cerne das decisións do Goberno e, dende logo, nin van a xerar emprego nin van a crear riqueza.

E ademais, señorías, os orzamentos teñen unha característica que chama a atención.

As partidas xenéricas encubren a discrecionalidade á hora de repartir estas partidas, estes orzamentos. Así, con estas partidas xenéricas agóchase un perigo, que o desenvolvemento harmónico do territorio se vexa substituído pola discrecionalidade á hora de decidir ou definir onde se realizarán os investimentos.

¿Cales son os obxectivos que intentamos plasmar nas nosas emendas? O primeiro, aproveitar a meirande parte dos orzamentos para dirixilos aos investimentos produtivos que axuden a crear emprego e riqueza. Impedir retrasos intolerables nas infraestruturas esenciais, que moitas delas tiñan que estar xa licitadas ou adxudicadas, e que moitas estaban previstas e tiñan previstas partidas orzamentarias este ano.

Axustar os investimentos en seguridade viaria aos puntos cruciais e sensíbeis do noso territorio onde se precisa continuar cunhas actuacións que se constituíron no cerne da actividade da anterior consellería, na anterior lexislatura, onde por fin a seguridade viaria tivo orzamentos, tivo protagonismo e se convertiu nunha prioridade do conxunto do Goberno.

Dar un impulso ao transporte metropolitano, especialmente nas áreas máis poboadas, fuxindo da discrecionalidade e do agochamento dos obxectivos que amosan estes orzamentos. Dar protagonismo aos espazos públicos de calidade con actuacións que melloran as vías urbanas. E, en definitiva, señorías, impedir que esta vaia a ser unha lexislatura per-

dida en termos de modernización, en termos de xeración de emprego, en termos de proxección dun país que estaba vivindo unha segunda modernización nas súas infraestruturas e que se vea agora freado de repente.

Señoras e señores deputados, os investimentos en obra pública son fundamentais para a reactivación económica, para reforzar o papel da iniciativa privada, para servir de motor social, económico do país, e para iso as nosas emendas intentan que o Plan MOVE non se converta nunha verdadeira rémora para as comunicacións en Galicia; intentan que a licitación da obra pública recupere as posicións que tivo nos anos anteriores, nos exercicios anteriores, e impedir que se introduzan atrasos intorelables en vías imprescindible para o dinamismo económico e o equilibrio territorial.

Por iso, señorías, presentamos emendas para mellorar os investimentos na autovía Vilagarcía-Pontevedra, por exemplo, na variante de Marín ou na de Tui-A Guarda, todas elas por certo a través desa Sociedade Pública de Investimentos, da que falaba antes a miña compañeira, que o teñen convertido vostedes noutra cousa, ou nun instrumento que non resposta nin vai respostar ao que debe ser. Por iso introducimos emendas no corredor do norte, para evitar que deixen vostedes de novo o norte de Lugo e o norte da provincia da Coruña fóra do desenvolvemento das comunicacións.

Por certo, na última sesión plenaria produciuse ou deuse unha resposta neste Pleno que teremos oportunidade de recuperar nos plenos vindeiros e non deixaremos, non pararemos ata impedir o que queren vostedes, o que están intentando vostedes: non facer un corredor que é imprescindible para o desenrolo dunha parte moi importante e moi sensible do noso país. Introducimos emendas na vía de alta capacidade A Ramallosa-A Estrada. Propoñemos, señorías, actuacións que axudan ao desenvolvemento das áreas urbanas, que só teñen recibido anuncios baleiros deste Goberno.

Por iso, propoñemos emendas para a humanización das rúas nas cidades, para a ronda norte en Pontevedra, para darlle un decidido impulso ao metro lixeiro na Coruña, para a ronda bulevar en Ourense, que –permítanme que fagan un punto e á parte– recibe neste proxecto de orzamentos 50.000 euros; é unha auténtica burla aos cidadáns de Ourense.

Introducimos emendas para levar a cabo a conexión co polígono do Tambre en Santiago ou para realizar a demandada –mesmo pola señora Corina Porro– ampliación do túnel de Beiramar en Vigo.

Señorías, presentamos emendas para converter o transporte metropolitano e interurbano nunha realidade, para favorecer o inicio de nodos de transporte alternativos, para mellorar a capacidade competitiva dos nosos aeroportos, e tamén para que o transporte deixe de ser a entelequia na que o teñen convertido vostedes neste proxecto de orzamentos.

No que atinxe ao medio ambiente, a través das nosas emendas, intentamos que se cumpra a Directiva marco da auga, e que se aceleren os traballos de saneamento e a construción de novas edares; é realmente chamativo que a consellería que empeza o seu nome, ese nome MATI, por medio ambiente, o único que teña feito polo medio ambiente desde que chegou foi anular obras de saneamento; señor conselleiro, vai pasar vostede sen dúbida á historia por ser un home ben paradóxico na súa xestión.

Tentamos que se aplique unha política de residuos que favoreza a redución, a reciclaxe e a reutilización e que promova a complementariedade dos distintos modos existentes.

Promover a cooperación entre as distintas administracións públicas, outorgándolles aos concellos un papel relevante nas políticas de xestión de residuos, de vertedoiros, de rexeneración de espazos degradados, de xeración de puntos limpos e de mellora de entornos ambientais. Poñer en marcha un verdadeiro plan de acción fronte ao cambio climático, precisamente hoxe, que están reunidos nese cumio de Copenhague, que todos facemos votos para que de aí saian algo máis que bos desexos. Que se apliquen as estratexias de desenvolvemento sostible para ir favorecendo o cambio de modelo produtivo e realizar un plan de educación e formación ambiental acompañado dun programa de comunicación, información e difusión ambiental que permita trasladarlle ao conxunto da cidadanía a corresponsabilidade e a participación no deseño e na execución das políticas ambientais.

Presentamos emendas para dotar de contido real o plan de vivenda, para garantir o desenrolo de políticas de vivenda no conxunto do territorio, especialmente naquelas zonas

onde máis demanda hai, onde máis persoas hai, que, pese a haber máis de 60.000 vivendas baleiras en Galicia, non teñen aínda acceso a unha vivenda digna. Presentamos emendas para que a rehabilitación se converta, se siga convertendo –como se iniciou na pasada lexislatura–, nunha liña de traballo potente que sirva ao mesmo tempo para acceder á vivenda, para promover as políticas de sostibilidade e habitabilidade, para rexenerar os nosos barrios máis consolidados e para manter a actividade económica das empresas no ámbito da edificación.

En definitiva, señorías, presentáronse nesta Cámara hai algunhas semanas uns orzamentos onde non había ideas novas senón que todas estaban herdadas da etapa anterior, que atrasaban actuacións esenciais de comunicación que van manter a saturación nos entornos urbanos se vostedes non asumen a responsabilidade de continuar coas comunicacións que estaban en marcha. Presentáronse uns orzamentos que esquecen o transporte público, que paralizan, que renuncian a ser parte esencial da solución da crise.

Atopamos un proxecto de orzamentos, sobre todo nesta consellería, que tiña que ser un revulsivo da actividade económica; vemos que seguen vostedes a teoría Aguirre, esa de: “Esto de la crisis no es mi marrón”, pero é que vostedes teñen este marrón porque son o Goberno.

Dicía a señora Caride que non era o momento de retirar os estímulo para o mantemento da actividade económica; lástima que estean algúns máis preto de don Mendo que de Krugman. En calquera caso, como nós tampouco temos nada en contra de Muñoz Seca, permítame finalizar recordando o que lle pasou a don Mendo; dicíalle Magdalena: “¡Salvado don Mendo estás! Pagas las deudas, te vas, luchas, vences y al regreso, loca de amor, me hallarás.” O que pasa é que cando volveu non estaba *loca de amor*, nin a estaba esperando. E iso é o que ao mellor nos pasa con estes orzamentos, se non admiten vostedes algunhas das emendas: que Galicia non estará esperando e que esta crise non vai atopar a resposta que necesitaba e que esta consellería, este grupo MATI, non se vai converter no que os galegos e as galegas esperaban delas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Grazas, señora Barcón.

Para fixar posición sobre as emendas por parte dos grupos, polo Grupo Popular ten a palabra o señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, señorías, as emendas que presenta a oposición deste país, fronte ao primeiro orzamento que vai aprobar este Goberno para as contas do ano 2010, veñen a pór ben ás claras que os nacionalistas e os socialistas non foron quen de aprender dos erros cometidos en catro anos de Goberno bipartito. As emendas das súas señorías o único que tentan é que voltemos a un país onde había un Goberno que aprobaba uns orzamentos que polo único que se caracterizaban era polo sectarismo, polo partidismo e polo despilfarro nas contas públicas.

A oposición deste país insiste a través dos seus discursos en falar de paralización da Xunta de Galicia, cando se levan aprobado máis de tres importantes plans tan só no grupo MATI.

A oposición deste país non se cansa de insistir a través dos seus discursos en que a licitación é inferior á do mesmo período de hai catro anos, cando é dez veces superior. É quizais por iso, señorías, polo cal a oposición insiste nas súas emendas en que a Xunta de Galicia probe unhas contas públicas irreais, onde estean inflados os ingresos e onde asinemos partidas presupostarias que despois non se van executar, onde asinemos recursos económicos para realizar o que non é capaz de facer o Goberno central e, iso si, concretando partidas naqueles concellos onde a oposición ten responsabilidades de Goberno.

En resumidas contas, queren que apostemos por unha Administración pública cuxo modelo de xestión foi rexeitado polas galegas e os galegos nas pasadas eleccións autonómicas.

Señorías, a oposición pretende coas súas emendas que o grupo MATI non funcione, e pese a que eles foron os campións do despilfarro, e pese a que as partidas adicadas nos vindeiros orzamentos do 2010 a persoal de gabinete se reduce nun 50 %, as de atención protocolaria nun 70 % e que o estado de gastos se reduce nun 30 %, os nacionalistas agora incluso ata se chegan a opoñer á compra de catro vehículos

totoderreo para que os 28 inspectores da Axencia de Legalidade Urbanística poidan realizar os traballos de inspección que teñen encomendados.

A señora Táboas, na defensa desta emenda, ¿prefería que se utilizasen os Audis que comprou o bipartito para estes traballos de inspección? ¿Non lles vale, señorías, que agora os subinspectores da Axencia de Protección Urbanística teñan os vehículos axeitados e ademais os necesarios para que canto menos haxa un vehículo por cada catro funcionarios da Axencia de Legalidade Urbanística?

E ademais, como lles debe de molestar a política de austeridade, os socialistas pretenden que a secretaría xeral da consellería se quede sen diñeiros para funcionar. E plantexan emendas tan absurdas como a redución de cinco millóns de euros en gasto de funcionamento, cando a secretaría xeral conta cun crédito inicial de 1.950.000 euros, é dicir, que emendan máis do consignado.

Pero, señorías, neste debate en Pleno sobre as emendas do grupo MATI, a oposición ten ben pouco que dicir sobre o impulso que se lles dá nestes orzamentos ás máis importantes vías de alta capacidade e sen que sen ningunha xustificación foron paralizadas ou retrasadas polo Partido Socialista.

A oposición deste país, francamente, fixo unhas emendas ben pobres, no tocante ás vías de alta capacidade, e iso vén a pór ben ás claras que o camiño que se está a seguir de impulso de once importantes proxectos construtivos, aos cales se lles adican máis de 272 millóns de euros e que implican o impulso de 160 quilómetros de vías de altas prestacións, nun só ano, e que supera todos os quilómetros postos en servizo en vías de altas prestacións na lexislatura pasada, significa que imos polo bo camiño. Nós nunca presentamos emendas, como a que fai o Bloque Nacionalista Galego de 65.000 euros para a variante de Brens, pois para iso é mellor non presentar ningunha emenda; señora Táboas, é que é unha auténtica ridiculez; ou os 300.000 euros que poñen en Tui-A Guarda, cando están orzamentados 37,2 millóns de euros.

Pero o que é peor, señorías, é que as emendas da oposición se centran en reducir a seguridade vial e a conservación de estradas, como fai o Bloque diminuindo nun 71 % as partidas adicadas a conservación de estradas, ou como fai o

PSOE, que incluso se emenda a si mesmo, a súa acción de goberno anterior, eliminando actuacións que xa estaban planificadas e comprometidas, e non contentos con isto, incluso propoñen outras sen ter en conta os estudos de accidentalidade da rede autonómica de estradas. Este Goberno aposta claramente pola seguridade vial e así o mostra adicando maior número de recursos e investimentos que o que facía o bipartito no exercicio anterior. E o máis importante: nós nunca imos utilizar a seguridade vial como unha arma política. (*Murmurios.*) Nunca imos caer no triunfalismo político, no que vostedes caeron cando as cifras eran positivas, (*Aplausos.*) nin no vitimismo. Nós avogamos por un pacto pola seguridade vial e seriedade na política de seguridade vial.

Pero, señorías, o que si nos chamou a atención é o bloque de emendas presentadas á Dirección Xeral de Mobilidade, xa que, unha vez que quedou constatado que a política de transportes foi un fracaso e que o único que conseguiron foi que máis de 650.000 galegos non teñan o transporte metropolitano, deteriorar os servizos existentes, afundir o transporte marítimo da ría de Vigo –da cal o Bloque agora se acorda– e claudicar nos servizos, na defensa dos servizos ferroviarios, agora os nacionalistas queren un millón de euros para o ente ferroviario galego; pero ¿que fixeron durante catro anos para crear este ente? Pregúntolle á señora Táboas: ¿para que queremos un millón de euros se a partida consignada é a suficiente? ¿Para que queremos un millón de euros se non temos transferida ningunha competencia nin en servizos nin en liñas por parte do Ministerio de Fomento á Xunta de Galicia? E o peor de todo é que os nacionalistas agora queren que incluso nós paguemos os estudos de enlaces ferroviarios que non é quen de asumir o Ministerio de Fomento.

E os socialistas, despois de catro anos, acórdanse agora dos transportes metropolitanos; pero, iso si, agora inclúen o que eles consideran xa unha nova cidade, Vilagarcía, e solicitan o plan de transporte metropolitano para Vilagarcía; pero, señorías, ¿non se supón que hai sete grandes cidades, que o transporte metropolitano de Galicia está aprobado para sete grandes cidades, e non para as grandes vilas? Soliciten vostedes un plan de transporte interurbano para Vilagarcía, pero non un plan de transporte metropolitano; se non, ¿por que vostedes non o incluíron alí? É dicir, inconcreción e improvisación.

No relativo á defensa do noso medio ambiente, o que está claro é que a para a oposición as políticas de desenvolvemento sostible xa non son unha prioridade, xa que tanto nacionalistas como socialistas propoñen reducir as partidas adicadas a observación ambiental e a predición meteorolóxica; pero, iso si, para os socialistas é imprescindible incrementar, porque si, as partidas adicadas a voluminosos, cando a contía está pactada coa Fegamp. Os socialistas agora acórdanse de que hai que concretar esas partidas, ao contrario do que facía o señor Manuel Vázquez, e solicitan implantar un punto limpo en Vilar do Colo, cando este concello non o ten solicitado; ou solicitan construír puntos limpos en Fene e Cabanas, cando estes concellos socialistas non aportaron as correspondentes parcelas para os usos urbanísticos axeitados.

E, señorías, para rematar, gustárame destacar as emendas presentadas en Xestures, Vivenda e Sogama, xa que nestas áreas se concentran as maiores perlas na xestión de nacionalistas e socialistas no Goberno bipartito.

No tocante á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, os socialistas queren que sigamos o mesmo modelo do ex conselleiro de Medio Ambiente, o señor Manuel Vázquez, que era as adxudicacións pola vía de urxencia e as adxudicacións por emerxencias, é dicir, a dedo e arbitrarias. Preséntannos emendas por un importe de 9,6 millóns de euros, onde, iso si, a meirande parte delas propoñen minoración de fondos para actuacións que xa están en curso, como o plan de choque, ou en construción ou explotación de EDA, e ademais mesturan fontes de financiamento, e non contentos con isto propoñennos actuacións xa previstas como a EDAR de Ribeira ou a EPTA de Pontearreas; pero o mellor destas emendas está na distribución que fan por concellos: un 20 % das actuacións que propoñen concéntranse en 2 concellos, en concreto, 6 actuacións para Fene e 4 actuacións para A Mezquita; é dicir, todo un alarde de planificación hidráulica.

Señorías, en relación co solo empresarial –do cal a señora Táboas tanto lle gusta falar–, é certo que escomenzou o planeamento de multitude de parques, pero hai que deixar claro dúas cousas: primeiro, que nuns casos se fixo adquirindo solo sen ter o planeamento realizado nin as previsións reais de desenvolvemento do mesmo; e, segundo, noutros casos fíxose adxudicando obras de urbanización antes de

adquirir o solo preciso; é máis, incluso se chegou a realizar planeamentos de parques que a consellería nunca pretendeu urbanizar –a anterior consellería–, cedendo ese planeamento aos concellos para que fosen eles os que adquiriran o solo e urbanizasen, e agora o BNG plantéxanos nas súas emendas a mesma política de inflar ingresos para incrementar os buratos deixados no IGVS e nas Xestures, a sabendas de que os orzamentos do 2010 para solo empresarial resístense polos compromisos pendentes de pago e non contabilizados, como son os 6 millóns de euros da plataforma loxística de Salvaterra-As Neves.

E, señora Táboas, unha cousa era gobernar e outra ter ocorrencias; voltou defender aquí as naves modulares; pero se os concursos públicos das naves modulares foron declarados desertos, e ademais a antiga consellería non foi quen de promover nin unha soa destas naves modulares no seu mandato.

E para rematar, no tocante...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Remato xa. A anterior consellería non só non abandonou a promoción pública de vivendas senón que se limitou a construír proxectos xa iniciados polo anterior Goberno. Non xestionou solo para novos proxectos, o cal evidentemente impediu a promoción de vivendas de promoción pública, e non contentos con 46 millóns de euros, plantéxannos a construción de vivendas de promoción pública en concellos que non teñen solo para executalas.

Por iso, señorías, en resumidas contas...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Gómez.

O señor GÓMEZ ALONSO:... nós imos rexeitar todas as emendas da oposición porque responden ao mesmo modelo caduco do pasado e porque os galegos queren un Goberno que aprobe unhas contas claras, executables e realistas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Gómez Alonso.

Rolda de réplica dos grupos emendantes.

Polo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Señor presidente.

Señores deputados, señoras deputadas, bueno, está claro que rexeitan as emendas da oposición, rexeitan as emendas do Bloque Nacionalista Galego, é dicir, rexeitan o transporte público –que lle quede claro, señor Gómez e deputados e deputadas do Partido Popular–, rexeitan crear un ente ferroviario galego, porque falaban vostedes de que para que, para impulsar desde o noso, ¿ou que están agardando?, ¿que nos fagan todos os deberes?, ¿para que están vostedes a gobernar? Porque eu creo que xa estivo ben; din vostedes de inflar, inflar os orzamentos, o que están inflando..... bueno, non me faga vostede falar, señor Gómez, é que é certo, é que é certo, é dicir, é que é certo, 90.000 euros, a ver, ¿cal é realmente o compromiso do Partido Popular co ente ferroviario galego? Ningún, ningún, ningún, esa é a única verdade.

¿Cal é o compromiso cos tres aeroportos galegos? Ningún. A culpa é toda de Madrid, ata hai pouco era do Goberno da Xunta; agora, como xa están no Goberno da Xunta, hai que botarlle a Madrid ou a quen sexa; traballen, traballen, porque ¿saben unha cousa?: están a gobernar.

Rexeitan polo tanto a aposta polo transporte público; que o saiban os galegos e as galegas: nin transporte de ría, nin plan director de aeroportos galegos, nin ente ferroviario propio, nada.

Na seguridade viaria, tampouco; e no que é a mellora de estradas, o Bloque Nacionalista Galego non reduciu –revise vostede as emendas–, porque precisamente se trata de mellora en todas as estradas, o que fixemos é concretar que melloras e que estradas. Pero xa vemos que non.

No referido a solo empresarial, señor Gómez –que vostede repite moito o meu apelido, vaime acabar gastando o apelido, repite continuamente, pois eu tamén–, señor Gómez, no solo empresarial, claro que quedaron adjudicadas as naves na Reigosa, claro que si, e puxéronse en marcha ao final da lexislatura ante a imposibilidade da compra dos empresarios do solo por falta do crédito; por iso pedimos

que se continúe con este programa, pero xa vemos o que lles importa a crise e o que lles importan os pequenos e medianos empresarios, non vai haber naves en aluguer.

Tamén nos queda claro: nin transporte público, nin naves en aluguer nin tan sequera continuar coa tramitación iniciada de regularización do solo do parque empresarial da Pasaxe en Gondomar, no que traballan 5.000 persoas, e o parque empresarial de Cuntis; tamén que o saiban dende hoxe, ¡eh!, que o saiban a que aposta o Partido Popular.

Cambio climático, ¿para que?, se non hai cambio climático; quecemento do planeta, ¿pero que é iso?; como dixo o primo de Rajoy: aquí non existe nada diso; é dicir, por iso rexeitamos a emenda do Bloque Nacionalista referida ao cambio climático tamén.

Proposta do BNG para ter un plan de residuos alternativo ao que é a incineración, tampouco; a queimar todo, queimen vostedes todo o lixo, porque iso é o que queren vostedes; veña, adiante, continúen con esa liña de actuación, que acaba de deixalo vostede moi claro.

No referido a urbanismo, igual: nin temas de territorio, porque non lles preocupa o territorio, non lles preocupa o urbanismo –xa o amosaron dezaseis anos–; pensamos, tiñamos aínda esperanza de que podían cambiar despois de ter estado na oposición e ver os estragos que provocou no noso país esa falla de aposta clara pola ordenación do territorio, pero estamos de novo ante o mesmo: retrotraendo sempre o proceso das directrices de ordenación do territorio; nin urbanismo, nin políticas de vivenda, nin transporte público, nin mellora nas vías nin temas de naves en aluguer, nin temas medioambientais.

O tema das rías. Tamén o acaba de rexeitar vostede agora mesmo con esa intervención que fixo; tamén acaba de dicir que rexeitan unha emenda pola que nós apostabamos por mellorar e continuar co saneamento integral das rías; é dicir, non queren sanear as rías; tamén queda iso claro hoxe para todos os cidadáns deste país: o Partido Popular e o Goberno apoiado polo Partido Popular non quere rexenerar as rías do noso país; perfecto, xa nos quedou a todos claro: non queren vostedes nada do que é importante para os cidadáns de Galiza, nin transporte, nin medio ambiente, nin políticas públicas de vivenda, nin políticas de apoio aos pequenos e medianos

empresarias dándolles a oportunidade de ter un espazo de desenvolver a súa actividade empresarial, nin infraestruturas nin nada; é dicir, a nada, o que levan facendo durante oito meses, o caos, que en grego é a nada; pois iso é o que son vostedes, un caos para este país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Táboas.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra a señora Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Señor Gómez Alonso, non me estraña que con ese rigor con que fala vostede lle saian ben as contas. Eu vou empezar a intervención agradecéndolle que considere vostede Cabana un concello socialista; de momento non, pero ha de ser e han de volver a ser, Cabana e Cabanas, eu agradézollo moito. *(Aplausos.)*

Pero, claro, facendo así as contas, non me estraña que lle saía que pedimos o 100 % das emendas para concellos socialistas; éralle bo que repasara un poquito el mapa municipal.

Mire, dicía vostede tamén que presentamos poucas emendas para as infraestruturas. Bueno, a verdade é que presentamos emendas parciais especificamente en infraestruturas por valor de 72 millóns de euros; se a vostede lle parece pouco, fáganos o favor, home, apróbenas, e xa está, e nós xa firmamos, xa firmamos con eses pouquiños; porque, mire, o que nos presentaron nos orzamentos era unha baixada dun 20 % na Dirección Xeral de Mobilidade, con respecto ao ano pasado; iso é a importancia que lle dan vostedes ao transporte público, ao metropolitano, ao interurbano, a Vilagarcía e ás demais urbes.

Eu non sei se Vilagarcía é unha metrópole ou non, probablemente non lle sexa moi metrópole, o que si sei é que é unha área urbana que precisa de transporte público, e dende logo que a idea de realizar un transporte público en Galicia tomou corpo na lexislatura pasada. Ten unha certa graza, señor Gómez, que vostede dixera que se perdera o tempo no transporte público, porque dixo vostede hai algunhas semanas desde esta tribuna que o señor Feijóo deixara en marcha o transporte público na comarca da Coruña, o cal era unha

novidade para todos os coruñeses, seguramente para vostede non, pero para todos os coruñeses si.

Mire, en transporte público volvemos a onde vostedes querían ir no 2005, que era a deixar de falar de transporte público; no transporte público estamos en cifras de investimento de hai cinco anos, señor Gómez Alonso, en cifras de investimento de hai cinco anos; é dicir, onde a vostedes nin lles importaba nin lles interesaba e colocaban unha marqueña hoxe e mañá ensinaban un powerpoint e a iso chamábanlle transporte público; iso non é nin o será, pero vostedes é o que queren facer co transporte público.

En definitiva, vemos que a súa xenerosidade ou a comprensión do grupo maioritario coa oposición, o Goberno, que non o país, era bo tamén que se recentrara vostede na comprensión que ten sobre a democracia e o significado do país e do Goberno –nós somos a oposición ao Goberno, non oposición ao país–, pero vemos que a comprensión do grupo maioritario non o leva a aceptar ningunha das emendas que estaban propostas, emendas, señor Gómez Alonso, que ían dirixidas a que este país non se pare, que, por certo, ten moita coña –vaime permitir a licenza, ten moita graza, para que non quede o de coña– que se chame Plan MOVE a algún dos plans estrela dese grupo MATI Corporation do que vostedes están tan orgullosos, porque ese MOVE é un para e porque ese grupo que tiña que significarse como o motor social e económico, que tiña que servir para saír adiante, para xerar emprego, para xerar riqueza, para crear infraestruturas, o único que crea desde que chegou, e con estes orzamentos máis, é parálise, parálise, parálise, parálise.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Barcón.

Suspéndese a sesión ata as 16.30 horas, ás catro e media da tarde.

Más nada e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Boas tardes, señoras deputadas e señores deputados.

Reiniciamos a sesión.

Sección 08 (Consellería de Economía e Industria)

Instituto Galego de Consumo Instituto Galego de Promoción Económica Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para a defensa das emendas do Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Presidente.

Señoras e señores deputados, boas tardes.

Na campaña electoral o Partido Popular e o seu presidente faláron de que, se chegaban a gobernar, nos primeiros cen días presentarían e porían en marcha unha serie de medidas para reducir o incremento do paro e unha política de crecemento económico. Oito meses despois de tomar posesión atrás queda o famoso contrato por unha Galiza próspera, innovadora e sostíbel, onde, entre outras cousas, falaban de inverter a destrución de emprego e impulsar a competitividade e o crecemento da nosa economía produtiva. É máis, chegaban a afirmar que, se hoxe queremos garantir o emprego de calidade e o benestar futuro, non se pode competir ofertando recursos naturais en valores engadidos —e iso foi o que practicaron co concurso eólico e a lei que teremos ocasión de debater nesta Cámara, ou cos custos e salarios máis baixos, que, por certo, é como se promociona a Galiza economicamente nunha páxina web—.

Moitas destas declaracións quedaron precisamente niso, en declaracións, pero baleiras de contido. Non hai medidas concretas nin medidas eficaces. Estamos nestes momentos asistindo a unha parálise que non ten parangón antes no noso país. ¿Onde está a aplicación das medidas no famoso plan de choque contra a crise? E, sobre todo, ¿onde están as consecuencias desas medidas? Por ningures. O paro increméntase por cuarto mes consecutivo, por certo; en marzo do 2009 había 211.000 parados; en novembro deste mesmo ano temos 216.828 parados. E a produción industrial cae un 8,6 en setembro e acumula un descenso do 17,7 no que vai de ano. Polo tanto, o incremento da economía está estancado,

mentres os sectores básicos da nosa economía asisten desesperados ante un Goberno paralizado, sen iniciativa política e, sobre todo, sen aplicar medidas que corrixan a tendencia á baixa. Son —este Goberno que estamos padecendo— unha máquina de destrución de emprego, de xerar maior precariedade e, sobre todo, non teñen ningunha medida para facilitar a cobertura do 40 % dos desempregados, que non teñen ningún tipo de prestación ou asistencia. ¿Onde están as medidas concretas para o sector naval, para a conserva, para a auxiliar do automóbil ou para o comercio? Estes sectores seguen sen mirar o final do túnel e pouco ou nada agardan dun Goberno paralizado e sen propostas de futuro.

Para entrar no debate en detalle deberemos ter en conta cales foron os criterios políticos básicos esenciais para a confección dos orzamentos do 2010, como foron as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o 2010. Entre outras, había dúas cuestións esenciais que atenden a esta sección: a adopción de medidas dinamizadoras da economía fronte á crise, fomento de emprego a través de actuacións que melloren a súa calidade e a súa seguridade, e o impulso da competitividade mediante investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación, tecnoloxías da comunicación e modernización equilibrada de todos os sectores produtivos de Galicia.

Dunha análise exhaustiva dos orzamentos na sección que nos trae a debate ollamos que adoece dos instrumentos e políticas necesarias para facer fronte á actual situación económica e de xeito inmediato, pois non só estamos perdendo oportunidades senón que tamén se fan necesarias medidas que invertan a situación de ralentización económica e destrución de emprego. Partidas esenciais fundamentais que estaban contempladas no anterior Goberno de coalición, no Goberno actual ou desaparecen ou son tremendamente minoradas, quedando nunha cuestión de carácter testemuñal. E evidentemente o noso tecido produtivo non vai contar coas medidas necesarias para saír desta crise.

E estas partidas —insistimos, que desaparecen— eran necesarias para suplir a baixa demanda en sectores básicos da nosa economía, aumentar a competitividade do tecido empresarial e mellorar a difícil situación que están a pasar moitas empresas, por non falar da parálise no desenvolvemento de infraestruturas necesarias para dar impulso a aquelas empresas que ou ben o están pasando mal ou que queren

empezar, ou que necesitan expansión como son os polígonos industriais. Non hai nada salientábel para os sectores básicos da nosa economía; non hai nada concreto para o sector do téxtil, a pesar das dificultades polas que está a pasar; non hai nada para a construción naval; non hai nada para os outros sectores. E, evidentemente, o que si contemplamos é un desamparo absoluto para os autónomos e pequenas e medianas empresas, os piares básicos da nosa economía xunto co conxunto da clase traballadora.

E hai recortes, recortes substanciais que se aprecian. Definían esta consellería como a consellería evidentemente inversora. Ben, de carácter global, xa que o que temos que dicir é que hai un recorte do 14,4 % no capítulo de investimentos, nos orzamentos globais. Pero as políticas de industria, de enerxía, de minaría recórtanse un 11,41 %; as infraestruturas enerxéticas –algunhas delas esenciais para garantir a produción ou a actividade das empresas, como son as infraestruturas eléctricas– redúcense dun xeito drástico e no seu conxunto un 22,62 %, baixando máis de 4 millóns. ¿Que falar dun sector básico para a nosa economía como é a minaría? Aspectos fundamentais como é a recuperación dos terreos, o fomento á minaría ou inclusive estudos necesarios orientados á seguridade no sector ou a traballar para erradicar ou minorar a influencia da silicose, ou ben desaparecen ou ben son de carácter testemuñal. E o fomento á minaría redúcese en máis dun 29,45 %.

De apoio á artesanía, unha redución de 11,8 %, un dos sectores que serve para complementar as economías, sobre todo do aspecto rural, no eido rural.

¿Que falar do comercio? Xa tivemos a oportunidade de falar nesta Cámara, a través dunha iniciativa que presentou o BNG, dunha lei necesaria e imprescindible para desenvolver políticas cara ao comercio. Pois nestes orzamentos redúcense case que un 11 %. Ou as políticas de investigación, desenvolvemento e innovación, que se reducen case un 6 %. Polo tanto, en primeiro lugar, consellería inversora, nada, en todo caso redución dos investimentos; e ademais, como dicía antes, en partidas, en sectores básicos da nosa economía que necesitan o acompañamento da Administración pública, do sector público, precisamente para saír desta crise.

As emendas que presentamos, evidentemente, intentan corrixir dentro da marxe de manobra estas deficiencias que

temos detectado. Por un lado, propoñemos un incremento na partida de investigación, desenvolvemento e innovación de máis de 1,5 millóns de euros no capítulo propio. Parécenos necesario e importante incrementar a partida en materia de artesanía, que nós o facemos en 200.000 euros. Temos toda unha batería de accións encamiñadas a paliar a grave situación do comercio: potenciamento do comercio rural, convenio co Igape para subsidiar préstamos aos comerciantes, algo fundamental e unha das grandes reivindicacións do sector como é o circulante necesario para desenvolver a súa actividade; propoñemos unha partida importante de case 3 millóns de euros para a remodelación de determinados mercados de abastos en determinados lugares, que son os mercados de abastos en moitos dos lugares que propoñemos, e noutros máis evidentemente, como así o teñen demostrado noutras actuacións que se fixeron en anos pasados, inclusive neste ano, son os eixos básicos dos centros comerciais abertos, que lle dan caracterización propia, que lle dan vida propia, e propoñemos eses case 3 millóns que se adiquen aos mercados de abastos de Vilagarcía, A Guarda, Ourense, Ribeira e Pontedeume.

Propoñemos revitalizar o recinto feiral do Ferrol cun millón de euros.

E algo esencial e importante que está ao borde do colapso e que máis dunha vez se ten manifestado como algo fundamental como é o aparcamento do Instituto Feiral de Vigo, con dous millóns de euros, que está poñendo en perigo a celebración de determinados eventos.

Propoñemos un incremento na transferencia do Inega para fomentar as enerxías renovábeis, que nestes momentos están maduras e teñen capacidade de atender no noso país.

E toda unha batería de accións adicadas ao sector da minaría, por un valor de máis de 860.000 euros, centradas –como dicía antes– na saúde laboral, na seguridade e na reactivación das comarcas mineiras. Por certo, algunhas destas partidas, desaparecidas.

E propoñemos outra serie de medidas, algunhas das cales o que propoñemos é que se minoren partidas de publicidade, de traballos técnicos e que se orienten precisamente a estes sectores.

E, como non, axudar e colaborar coas corporacións locais, coas entidades locais para a mellora de atención ao consumidor, ben a través das OMIC, ben a través de subvencións directas aos concellos.

Polo tanto, este tipo de emendas entendemos que son necesarias tender a telas en conta para atender este panorama nestes momentos tremendamente complexo, difícil, de paralización económica e, sobre todo, de destrución de emprego, habida conta de que seguimos baixando na produción industrial –como dicía antes–, seguimos incrementando o paro mes a mes e, desde logo, o que non é de recibo é que se reduzan cantidades, fondos ou partidas dedicadas a políticas dinamizadoras da economía e xeración de emprego, para combater –como dicía antes– ou inverter a tendencia.

Non hai un plan anticrise concreto onde se abrangan precisamente aos sectores básicos da nosa economía. Esta readaptación destas partidas que propoñemos entendémola como unha mellora substancial para afrontar este período de crise, con especial incidencia –como dicía antes– en determinados sectores. Esa actuación decidida por parte da Administración pública é o que nos vai permitir afrontar con optimismo, con seriedade, pero, sobre todo, con ferramentas, a crise á que nos estamos enfrontando.

Polo tanto, agardemos que se teñan en conta estas emendas que temos presentado porque sinceramente redundan no beneficio do conxunto, neste caso, da economía, redundan no emprego e son realmente as partidas que os sectores están agardando.

Espero por parte do partido que apoia a este Goberno, cando menos, non magnanimidade, senón que teña en conta estas partidas en función dos criterios que temos exposto enriba da mesa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Viéitez Alonso.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, moitas grazas, señor presidente.

Señorías, efectivamente, vimos aquí a presentar as emendas que o Grupo Socialista plantexou aos presupostos presentados polo Goberno da Xunta, correspondentes á sección 08, á Consellería de Economía e Industria.

Bueno, a verdade é que en calquera clase de macroeconomía de 1.º se sabe que a evolución da economía non se soluciona nunca en corenta e cinco días. É verdade que o señor Núñez Feijóo o manifestou en campaña, o prometeu como unha das medidas estrela que o seu Goberno ía desenvolver. Os datos existentes na actualidade son evidentemente distintos; o diferencial en termos de desemprego coa media española é cada vez menor, e o crecemento do PIB ou o diferencial da evolución do PIB é tamén cada vez menor.

Neste contexto de crise, é un contexto de crise que todos sabemos de onde procede e a que se debe, eu a verdade é que non me canso de repetilo, non se trata de ningún mantra, pero trátase de que todos sexamos conscientes de, ideoloxicamente en termos de política económica, que defendemos, que defendimos e cales son os resultados das nosas opcións, lexítimas todas elas, claro. Unha drástica caída da demanda, da demanda agregada, da actividade, agravado sen ningunha dúbida por unha crise financeira, unha crise financeira que vén pura e simplemente da desregulación.

Hoxe aquí un voceiro do Partido Popular falounos de Paul Samuelson e falounos da síntese neoclásico-keynesiana e todas estas cuestións. Pero non é diso do que hai que falar. Hai que falar da ideoloxía económica que está detrás dos gobernos da dereita en España, que é a desregulación. Pódese vestir dunha maneira, pódese vestir doutra, pódense buscar artificios, pódense buscar desculpas, pero esa é a realidade da práctica política, a axenda oculta da práctica política que atopamos, sen ningunha dúbida ademais; eu estou radical e absolutamente convencido diso.

E a verdade é que este Goberno indubidablemente herdou a Galicia nunha situación de crise, ninguén o dubida. Pero tamén é verdade que o anterior Goberno balizou as liñas de actuación que eran necesarias para axudar a esta Comunidade Autónoma a saír da crise. A pesar tamén aquí dos discursos, das medias verdades ou medias mentiras ou dos buratos que todos recordamos, sen ningunha dúbida, a actuación política do anterior Goberno en termos de medidas anticíclicas comeza en xaneiro do ano 2008. Cando este

Goberno chega ao poder leva quince meses de políticas anti-cíclicas no Goberno da Xunta de Galicia. Pode negarse, pode negarse, pero indubidablemente era así.

Un incremento na licitación de obra pública, 1.600 millóns de euros. A caída nestes sete meses de goberno coñémola todos.

O acceso ou a mellora no acceso ao crédito ás pemes. De novo tamén aquí temos –e logo falarei algo disto– unha enorme batería mediática por parte da Consellería de Economía e Industria presentando como novas liñas de actuación que se viñan desenvolvendo no anterior Goberno.

Estas operacións superaran por primeira vez no ano 2008 xa os 700 millóns de euros. Tamén aquí indubidablemente se pode negar a evidencia. Pero, sen ningunha dúbida, este era o capital, este era o capital político e económico que este Goberno atopou cando chegou ao Goberno.

E agora temos xa o presuposto do ano 2010. Xa non valen os buratos. Inda sigue valendo o Goberno de España, iso sí. Non valen os buratos e vale cada vez menos sen ningunha dúbida a herdanza recibida.

E o certo é que neste presuposto, esta consellería e, en conxunto, o Goberno, sen ningunha dúbida, se retrata. Retrátese nos seus erros e nos seus titubeos, titubeos que afectan absolutamente a todos os ámbitos da actuación económica do Goberno do señor Núñez Feijóo. Recordamos os titubeos, as medias verdades ou medias mentiras da financiación autonómica. Recordamos os escandalosos titubeos dos informes favorables á fusión das caixas en Galicia; eses informes, feitos con datos incompletos –conselleira *dixit*–; creo que a cito textualmente, aínda que non sexa un notario da historia.

Polo tanto, o que nos atopamos aquí sen ningunha dúbida é tamén un presuposto virtual. Atopamos literalmente a chapistería do plan de choque do Partido Popular plantexado no mes de xuño sen absolutamente ningunha medida concreta, cunhas modificacións orzamentarias absolutamente ridículas e que non era nada máis que espuma mediática. Agora xa ninguén, nin o presidente Núñez Feijóo nin ningún dos seus conselleiros, fala do plan de choque. ¿Que foi exactamente ese plan de choque? Foi aproximadamente, aproxi-

madamente, un brindado ao sol, un brindado ao sol como os que efectivamente presenta a consellería da que estamos a falar.

E a verdade é que os datos aparecen, aparecen en programas, en seccións, pero certamente resulta difícil mesmo crelos algunhas veces. Eu non sei se resulta máis difícil crer os presupostos ou crer aos seus responsables. E logo porei algún exemplo desta cuestión.

A consellería baixa o seu presuposto un 7,4 %. Exactamente, de 394,8 millóns no ano 2009, a 365,7 este ano; 30 millóns de euros.

Sen ningunha dúbida, esta consellería é estratéxica, absolutamente estratéxica para cambiar ese modelo de crecemento que desde logo os socialistas estamos convencidos que hai que cambiar. Por certo, os socialistas e algúns compañeiros de viaxe ideolóxicos do Partido Popular. Hoxe mesmo aparece na prensa que Francia, o señor Sarkozy –que creo que está alonxado do marxismo-leninismo intervencionista– intervira con 35.000 millóns de euros en políticas de modernización económica, fundamentalmente en temas de optimización enerxética e en tema de I+D.

Eu entendo que á señora Esperanza Aguirre, ao seu planeta Hayek e ao ultraliberalismo máis radical lle resulten risibles estas medidas. Entendémolo. Pero entendemos que os cidadáns gobernados por gobernos socialdemócratas e ao mellor tamén aos cidadáns gobernados por gobernos conservadores sensatos, esas intervencións públicas e a defensa dos servizos públicos –e dáme igual que sexa dende a socialdemocracia ou o socialcristianismo–, a defensa dos servizos públicos, que os únicos que non os defenden son os partidarios do ultraliberalismo económico máis, máis profundo. E, desde logo, o Partido Popular español sitúase claramente nesa órbita no contexto europeo.

Esta diminución do 7 % pois se centra en..., en realidade é case transversal, pero desde logo quero referirme aquí a algunhas cuestións fundamentais.

Por exemplo, quero falar de programas concretos, para que tanto ás súas señorías como ao conselleiro –a quen lle agradezo a súa presenza– sexa máis fácil obxectivar as cuestións. 741A, modernización, internacionalización e mellora da actividade ás empresas, cae máis dun 5%. Fomento do inves-

timento en capital humano; eu non sei no vello modelo de crecemento, ao mellor no vello modelo, o que utiliza os vídeos do Igape de hai quince anos, non; no novo modelo de crecemento é un elemento estratéxico e central; cae un 23,6 %.

Da mesma maneira os temas relacionados coa eficiencia enerxética e o que ten que ver coas enerxías sostibles. Aquí a verdade é que xa nos deron –digamos– un aperitivo do que ían facer co tratamento que levaron ou que están levando sobre o decreto de enerxía eólica e toda a paralización subsequente destas medidas.

Infraestruturas enerxéticas, cae o 22,6%. De novo en todos estes programas non hai nin sinal de reequilibrio territorial. O reequilibrio territorial está en dous programas mediáticos, por agora mediáticos –hai unha orde no DOG, é certo–, pero en todo caso xestionados aparentemente dende a Consellería de Presidencia e que teñen claras deficiencias conceptuais; entre outras cousas, utilizar a base provincial, que na nosa opinión é un erro importante, tendo que conta que debería ser a base municipal, que é a que se axusta máis en termos de renda per cápita e, polo tanto, de nivel de desenvolvemento.

Algo parecido ocorre co Inega. Certamente, o Inega diminúe menos, pero hai que saber que o 77 % da súa financiación vén do Goberno de España. Ao mellor algunhas das políticas e das liñas de actuación máis intensas deste Goberno hai que preguntarse quen as financia e con que obxectivos.

I+D+i. De novo seguimos co cambio de modelo produtivo, e volve ser –dáme igual: Sarkozy ou Rodríguez Zapatero–, son as políticas do futuro.

O Plan galego de I+D+i, programa 561A –por se alguén se perde–, baixa un 12%.

As dotacións para as universidades baixan de maneira espectacular, e a proba é a imaxe lamentable ata o de agora curiosamente en dúas comunidades autónomas, ¿saben cales?: Galicia e Madrid– dos reitores manifestando a súa incapacidade obxectiva de cubrir practicamente o gasto corrente; sigo dicindo: Galicia e Madrid; sigo falando de presidentes de comunidades autónomas que non saben o que é un novo modelo de crecemento, só sabían capitalismo e economía planificada, insisto que nun exercicio de finura

intelectual digno de reseñar, e que desde logo demostran o que son as prioridades para os seus gobernos.

Exactamente o mesmo poderíamos dicir no caso dos programas dedicados ao comercio: o programa de ordenación e promoción do comercio interior baixa un 11 % e exactamente da mesma maneira os programas destinados ao fomento da minería.

Polo tanto, todos aqueles ámbitos da sección 08, da Consellería de Economía e Industria, sofren diminucións importantes na súa dotación presupostaria.

O Grupo dos Socialistas presenta aquí unha serie de emendas, unha serie de emendas que tentan fundamentalmente en tres ámbitos –voume centrar– corrixir algunhas das cuestións que lamentablemente non aparecen neses presupostos. Por unha parte, hai unha transferencia de capital ao Igape de 10 millóns de euros. Asistimos perplexos ao feito de que o conselleiro, como un notario da historia –tamén o cito textualmente–, dixera que nun momento de crise había menos peticións de subvencións a proxectos de inversión –é evidente, iso é evidente–, e polo tanto que se quedaba de mans cruzadas esperando que os inversores viñeran a el.

Non, non, o Instituto Galego de Promoción Económica é un instituto de promoción económica. Trátase efectivamente de incentivar a inversión dos empresarios. Eu entendo que cando a aversión á intervención pública é tal que nin sequer para incentivar, ás veces, si; seguro que se grandes empresas tiveran dificultades puntuais se buscaría algunha argucia intelectual política para apoiar esas grandes empresas; aí a intervención é máis xustificable.

Bueno, pois nós pensamos que o Igape –e agora ademais que o índice de confianza empresarial está medrando– ten necesariamente que ter unha actitude proactiva.

Da mesma maneira plantexamos tres millóns de euros para consolidar unidades de innovación e desenvolvemento nas universidades, que se une tamén a unha emenda presentada neste caso –digamos que sería unha emenda transversal de dúas consellerías– vía Consellería de Educación.

Da mesma maneira, no tema do comercio, atopámonos cun presuposto absolutamente aberto, absolutamente discre-

cional; estou seguro que calquera día se descolgan dicindo que o xestiona tamén o señor Rueda, que é o especialista en xestionar presupostos abertos, véxase Plan Impulsa Lugo, Ourense, véxase fondo de compensación ambiental do canon eólico, en fin, todo o que supón articular redes clientelares neocaciquís –porque agora somos todos moito máis modernos, posmodernos diría–, pero en todo caso, señor conselleiro, en calquera momento, o señor Rueda xestiona tamén os programas de fomento do comercio.

E, por último, presentamos un programa que sería un programa coordinado de axudas a sectores económicos en dificultades: sectores da automoción, o naval, a lousa, pedra natural, a madeira, as artes gráficas e o metal mecánico eólico.

O Partido Popular dicía que a separación do Igape e de I+D, na Consellería de Industria nese caso no anterior Goberno, era unha catástrofe para a economía de Galicia. O certo é que agora están na mesma consellería, pero a coordinación segue sendo cero; basta con ler as memorias de presuposto; basta con ler as memorias de presuposto para darse conta que a coordinación segue sendo cero.

Nestas emendas, nós o que plantexamos é un programa baseado en tres liñas de actuación en cada un destes sectores. Un, de apoio a proxectos de I+D, é dicir, de investigación básica; outro plan de apoio de innovación empresarial, que se trata fundamentalmente de aplicar a investigación básica aos procesos produtivos; e, por último, o chamado plan de eficiencia enerxética.

Isto coopera e axuda indubidablemente, ademais das leis, que tamén o fan, sen ningunha dúbida, a...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vaia rematando, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Axuda a mudar o modelo de crecemento, o modelo de crecemento deste país, desta Comunidade Autónoma, de España e tamén dalgúns gobernos europeos intelixentes gobernados pola dereita.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Losada.

Rolda dos grupos para fixar posicións sobre as emendas.
(Pausa.)

Ten a palabra, polo Grupo Popular, o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Muchas gracias, señor presidente.

Señorías, decía Hegel que “la verdad está en el todo”. Y concretando este aspecto del presupuesto podemos decir, como Werner Sombart, que el presupuesto es “el hábito y la disciplina del pensar con corrección”. Por lo tanto, siempre haré una referencia a la generalidad de las intervenciones de los dirigentes de la oposición que me han precedido.

El señor Viéitez decía que nosotros hemos descendido – también lo repite el señor Losada –, que hacemos un presupuesto contractivo y procíclico. ¿Respecto a qué? ¿Sobre qué estábamos comparando? Del presupuesto preventivo que hizo el bipartito en el último trimestre del año pasado. Pero ¿este presupuesto que era? Una quimera, el sueño de una ilusión, el fracaso de la razón. Porque ¿se había planteado cómo? Se había planteado para un escenario idílico, la España que se quería, la Galicia que nos hubiera deseado ser, íbamos a crecer al 1,5 %. ¿Cuál es nuestra realidad? ¿Cuál es la realidad? El 3 % de caída. No veían la crisis, no querían verla, renunciaron a la visión y por lo tanto nos hicieron ese documento que no es de prevención, es de ilusiones fracasadas.

¿Qué hemos hecho nosotros? Actuar con esa sensatez, diría lucense, orensana, pontevedresa, coruñesa, también... no sé, de Puebla, con “b” o “v”, es igual, o sea, la realidad un poco de la Galicia profunda de este partido que más se parece a Galicia.

Y entonces nosotros no tenemos complejos, decimos que no vamos a crecer, que estaremos en torno al 0,5, entonces cualquier comparación con una ilusión, con un fracaso, ¿qué es? Es una renuncia al rigor, a la verdad y en definitiva al compromiso con la ciudadanía.

La Consellería de Economía e Industria es el departamento de la Xunta más inversor; cualquiera puede leerlo, es

el más inversor, es el más promotor, con instrumentos directos e instrumentos de Igape, que todo crece, que tiene una visión de Galicia abierta, de internalización, que tiene una visión plurisectorial; nada más que hay que ver la distribución de las inversiones en industria, minería, comercio, etc., etc.; es evidente, es muy transparente.

Y entonces, a partir de ahí, vamos a ver; en cualquier caso la oposición hizo dos enmiendas a la totalidad; uno esperaba que a la hora de concretar en los procedimientos concretos de enmiendas nos hicieran un detalle alternativo, fuera una visión alternativa, es decir, por lo tanto que enmendaran cada uno de los apartados dando propuestas alternativas. ¿Qué hace el Bloque Nacionalista Galego? Formula 34 enmiendas. ¿Qué cantidad? Solo supone el 3,9 % del presupuesto. Querían enmendar la totalidad, pero solo dan alternativa para el 3,9 %. Luego les explicaré –cómo hemos leído nuestro Grupo Parlamentario– en qué consiste ese 3,9 %, porque simplemente es un desplazamiento, un desglose de nuestros conceptos, un intento nada más de crear una ingeniería publicitaria de denominación, de hacer referencias, de encontrar electores distraídos para ver si pensaban que estos nos defienden más a nosotros.

¿Qué hace el Partido Socialista? Formula 43 enmiendas. ¿A cuánto enmienda? Al 11 %; es decir, su totalidad a la hora de concretarla es el 11%; es su alternativa. Cuando hacemos el desglose por partidas –que, bueno, yo tengo aquí diez minutos, pero estas cosas llevan tiempo, como cualquiera puede entender, porque realmente un presupuesto da trabajo–, entonces cuando se hace y se mira, se empieza a ver que hace simplemente lo siguiente –empiezo por el Bloque Nacionalista Gallego–.

El Bloque Nacionalista Gallego... Nosotros tenemos una partida que es ordenación territorial del comercio, una partida global que da flexibilidad, que entiende la marcha de la coyuntura, que permite acción continua de gobierno. ¿Qué hace el BNG? Pues nos dice simplemente que lo que hay que hacer es remodelar abastos de Vilagarcía; esa es la enmienda: remodelar abastos de A Guarda, mercado Ourense, Ribeira, Pontedeume, Ferrol; lo mismo, desglosado; es decir, todo –ya un 33 % de sus enmiendas– es un mero desglose concreto sin tener en cuenta el resto de Galicia, ¿o es que no existen los otros sitios de Galicia? Eso por un lado.

Por otra parte, hacen quizá una técnica un tanto rudimentaria, es tomar... –¿me permiten expresar mis juicios de valor, por supuesto políticos, aquí?, que tendrán diez minutos un poco para machacarme–. (*Murmurios.*) Después dicen que existen los investimentos inmateriais, son este tipo de partidas de inversión que son capital no físico, es como el capital humano, es el capital de promoción a todos los niveles, y como no es concreto, simplemente lo concretan; desplazarían esto a las universidades; es decir, dejarían sin promoción comercial, sin eficiencia energética, sin un montón de partidas, que sin embargo luego nos están diciendo que quieren defender, porque la obligatoriedad legal lo que dice es que cuando se minorra una partida es para aumentar la otra. Y esto ¿en qué cantidad lo hacen? Hay cosas que son notables. Por ejemplo, el PSOE hace lo mismo: con las transferencias de capital para la innovación empresarial y para la apertura de la economía, igual que para el apoyo empresarial, en total lo que hace es una concreción y dice, nada más en algunos sitios: bueno, sí, yo esto sí, no apoyo esto en su conjunto pero quiero que me lo dedique a naval, a lousa, pedra natural, madeira, artes gráficas e material eólico, la partida, a los demás no; ya, esto ¿por qué así? Luego lo digo. Las comisiones. Lo mismo hace con la colaboración privada de I+D y dice: para automoción, naval, lousa, pedra natural, seguridade laboral, sector madeira, artes gráficas; es decir, simplemente le pone nombres a las partidas, como si tuvieran capacidad para competir y como si tuvieran toda la visión de todos los sectores económicos.

En definitiva, a mí me parecen que son pseudoenmiendas, son pseudoenmiendas, porque no dan modelo económico alternativo. De aprobar estas enmiendas, lo que haríamos sería condicionar y que esa Galicia que no mencionan, esos sectores que ocultan, quedaran postergados, quedara atada la asignación presupuestaria para el futuro.

Por esto, señor presidente, señorías, nosotros tenemos que decir que no. No hay una alternativa global, no hay una alternativa pormenorizada, no hay una alternativa parcial, y nosotros pensamos que el presupuesto de la Consellería de Industria, que nosotros hemos enmendado fundamentalmente descendiendo las partidas incluso de personal aún todavía más, realmente es un presupuesto muy inversor, muy realista, realmente realista a las alturas de las circunstancias, como creo que en general está siendo en casi todo lo que está haciendo. Y yo creo que hay un contraste absoluto entre lo

que es la economía del absurdo que está teniendo la Administración central, cuando vemos hoy mismo, por ejemplo, esperando a Corbacho, al ministro Corbacho, que dice que una inflación es positiva; podía decir incluso, podía acabar diciendo que las tasas de paro van a regenerar y sanear el mercado laboral, que es bueno una crisis para regenerar, que el sufrimiento del pueblo, pues en fin... luego podría tener...

Yo creo, señor Lobeira, que, de todas maneras, el señor Viéitez es suficientemente competente para que usted tenga que reforzalo con sus exabruptos fuera de nivel... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Lobeira, por favor, non interrumpa.

Señor Arias, prosiga coa súa intervención.

O señor ARIAS VEIRA: Bueno, yo, de todas maneras, que no se entienda que mi esfuerzo de tranquilidad... —como vengo de comer con los de Lugo pues vengo realmente relajado y entonces uno puede soportar aquí los intentos de agresión virtual del señor Lobeira, (*Aplausos.*) que parece el defensor de su grupo y el compensador de las supuestas incompetencias de sus compañeros, ¿no?, que creen que son incapaces en cinco minutos de lo que le quedan de decir cosas más inteligentes, solventes y respetuosas que las que él dice; pero parece el defensor del Parlamento, de la izquierda, que sin él pues todos podríamos aquí realmente perder la compostura, si no tuviéramos al señor Lobeira habría que inventarlo, ¿no? (*Murmurios.*)... Non me berre “nunca máis”, señor Lobeira. (*Aplausos.*)

Creo, independientemente de estas salvedades, que nuestro trabajo ha sido serio, ha sido serio el trabajo de la consejería, del grupo, estamos haciendo un trabajo serio y todo el mundo sabe que lo que está pasando ahora hay una sobreterminación de las acciones de la Administración central, no por sacar ahí sino que es el señor de la deuda, es el señor del endeudamiento, de poner a los gallegos, a todos los españoles, con unas cifras descomunales. Es que la cantidad de endeudamiento incluso de la Xunta de Galicia en relación a todo el conjunto de la administración central no admite comparación y todas las agencias, todas, están diciendo que podemos entrar en una crisis financiera, y esto es muy serio, y nosotros aquí, se podrá decir, la Xunta de Galicia, la Con-

sellería de Economía e Industria, de Facenda, todos, por lo menos hemos estado, por lo menos en un buen momento, hemos sido responsables, con un pueblo en cualquier caso que respresentamos, yo creo que razonablemente en su inteligencia.

Nada más. Muchas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Arias.

Rolda de réplica dos grupos emendantes. (*Pausa.*)

Polo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Grazas, presidente.

Efectivamente, non agardabamos outra intervención por parte do Partido Popular, responde aos bos manuais que levan practicando dende a oposición, dende hai oito meses, e, polo tanto —insistimos—, non arroxa nada novo nese aspecto.

Miren, é que é tan transparente a sección 8, tan transparente, tan transparente, que a estrutura básica orzamentaria é unha copia literal dos orzamentos do 2009; poñan uns enriba doutros, inclusive a argumentación das distintas partidas que conservaron, e mirarán que non cambian nin tan sequera unha coma. Polo tanto, inclusive en innovación van un pouquiño atrasados nese sentido.

É un calco, un mal calco, da estrutura orzamentaria do 2009; ánimoos a que o lean e desde logo comprenderán por que dicimos exactamente iso. Polo tanto, a nosa acción foi dirixida, efectivamente, nalgunhas cuestións a concretar precisamente ese investimento, porque sabemos, no caso concreto do sector, que non estamos xogando nun momento calquera, estamos xogando a viabilidade e o futuro do comercio tradicional galego, das pequenas e medianas empresas, nomeadamente pequenas, nomeadamente unipersoais, que traballan de sol a sol e son as que realmente invisten neste país, non o caso concreto das grandes superficies.

E, polo tanto, entendemos que os centros comerciais abertos é unha fórmula máis que acaída nestes momentos para facerlle fronte á crise pola que está atravesando o sector.

¿Que podemos falar da minería? Vostedes fan desaparecer partidas esenciais e importantes que nós volvemos retomar. Ou o caso concreto dos plans de electrificación; unha minoración importante, de 13 millóns pasa a 8 millóns e medio; algo fundamental, que neste país non está resolto: ¿como exportar, malvender o 40 % da nosa produción enerxética e nembargantes nin familias e sobre todo empresas, para o caso que nos atañen, son capaces de ter un subministro en condicións –como dicía na anterior intervención– para desenvolver a súa actividade cun mínimo de garantías, cun mínimo de garantías?

Polo tanto, as partidas que nós propoñemos entendemos que son necesarias e importantes. Ou o caso concreto do plan do carbón, que vostedes na transferencia ás corporacións locais o minoran dun xeito importante, de 5.833.000 euros pasa a 4 millóns de euros, e polo tanto iso deixa en entredito actuacións, algunhas das cales enunciadas e outras empezadas nalgunhas comarcas cunha forte dependencia por parte da minería.

En definitiva, estamos desde logo preocupados porque nin tan sequera se molestaron en ler as nosas emendas e polas súas declaracións van rexeitar absolutamente todas; entendemos que perden vostedes unha oportunidade preciosa para reconducir algúns dos erros que teñen vostedes implementado na sección 8.

E, por último, para posicionarnos a respecto das emendas do Partido Socialista, entendemos que algunhas das partidas de procedencia non son para nós as máis adecuadas, pero si o destino; polo tanto, entendemos que ese bo facer que poida ter o Grupo Popular á hora de aceptar as emendas pois sería capaz de reconducilo e as acepten. Polo tanto, imos votar a favor das emendas –insisto– do Partido Socialista, a pesar de que hai algunhas partidas de orixe que non nos convencen, pero si nos convence o destino, que para nós é o máis importante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Viéitez.

Polo Grupo Socialista, señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, quero empezar, realmente, polo compromiso da búsqueda do consenso no presuposto, que foi do que falou o presidente Feijóo, unha das brillantes intervencións no Pleno. Emendas aceptadas, polo menos do Grupo Socialista, cero; creo que, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, tamén cero; supoño que esa é unha búsqueda do consenso peculiar, pero en todo caso por aí andamos.

Vamos a ver, señor Arias, a verdade é que resulta curioso. Mire, a emenda á totalidade non significa que haxa que emendar todo, significa que se poden pasar fondos dunha sección a outra; non sei se o entendeu, pero é iso, exactamente, é iso; é que me pareceu no seu discurso que entendía que á totalidade é que había que emendalo todo; non, emenda á totalidade significa que se poden pasar fondos da sección 08 á sección 06, e viceversa; ou sexa, que está ben, está ben manterse na ortodoxia lingüística, pero tanto, tanto..., totalidade non sempre ten que significar todo, non sempre.

Logo, vostede repetiu o discurso da flexibilidade; eu tamén falei diso, pero eu manteño a miña posición; o seu discurso e o discurso do Partido Popular da flexibilidade, da rapidez da xestión, significa menos Estado –dáme igual como o vistan–, significa menos Estado, máis manga ancha e máis Leman Brothers –gústelles ou non, sei que non lles gusta–, pero é iso (*Aplausos.*), é iso, señor Arias, é iso.

Por certo, por certo, aínda onte na Comisión de Economía e Industria o director xeral do Igape volveu dicir que unha das liñas de actuación fundamental do ano 2010 do Instituto Galego de Promoción Económica non era a promoción económica, era a axilidade; eu non sei, ¿de verdade que hai esa sensación de parálise como para ter que axilizarlo todo tanto? Porque vostede tamén sabe –estivo na Ponencia da lei do decreto eólico– o que significa aí axilidade: significa menos control medioambiental, significa que vostedes rexeitaron emendas onde se cuantificaba e se baremaba, ¿para que é iso? Iso non ten que ver coa axilidade, non, non, iso ten que ver con facer discrecionalmente o que vostedes ou o señor Rueda queiran. Diso é do que estamos falando, señor Arias; vostede vén aquí, cóntanos un mix de academicismo e jaculatorias do Partido Popular e debe de pensar que o resto dos grupos somos parvos; pero, mire, parvos non somos, ¡eh!, somos polo menos igual de listos que vostedes, polo menos igual de listos que vostedes, non lle caiba dúbida.

Logo, faltoulle falar dunha cuestión –dígoo pola súa orixe ideolóxica, que é moi lexítima, cada un a súa–: dos incentivos morais; iso tamén o houbo, seguro que vostede o sabe, é verdade que non deu moito resultado, non deu moito resultado, polo menos pola extrema esquerda non deu moito resultado, non sei se as manifestacións da praza de Colón en Madrid ao mellor aí os incentivos morais dan máis resultado, señor Arias, (*Aplausos*) pero fóra dos extremos non dá resultado, non dá resultado.

E vostede, mire, non pode falar de mercado laboral; vostede falou en campaña –é verdade que enseguida o meteron no armario–, falou en campaña dun ERE aos funcionarios, textualmente, ¡eh!, aparecía na prensa. Entón, claro, o problema de cando se resbala tanto é que nalgún momento se acaba caendo, nalgún momento sen ningunha dúbida se acaba caendo.

E volvemos ás emendas, e volvemos á política económica. Efectivamente, o Grupo Socialista defende no Goberno de España –e no Goberno de Galicia defendería se gobernara– políticas anticíclicas, que, por certo, que defende tamén esa síntese neoclásico-keinesiana de Paul Samuelson, da que falaba o señor Puy esta mañá, como unha especie de liña directiva de actuación. Lamentablemente, o señor Puy falaba de Samuelson, pero as actuacións políticas –insisto– do Partido Popular alí onde goberna reflexan o liberalismo máis extremo –gústelles ou non, e sei que tampouco lles gusta e sei que lles molesta que se diga, pero é absolutamente así–, e o ataque ao sector público, o ataque ao sector público, e o intento de descualificación do sector público e de lanzar mensaxes de que a xestión privada nos centros de servizos sociais é máis áxil, máis rápida e máis economicista, máis eficiente, é un ataque ideolóxico en toda regra á participación do público na actividade económica, e nós o reivindicamos e en momentos de crise o reivindicamos con máis forza.

E logo chegou vostede aquí falando de políticas anticíclicas, procíclicas; bueno, a verdade é que me resulta complicado, eu recoñezo que teño que repasar os apuntes porque me resulta complicado. Mire, o Goberno de España está desenvolvendo políticas anticíclicas, efectivamente, e por certo, tamén –e vostede seguro que o sabe–, a débeda do Goberno de España, a débeda do Estado español en relación co PIB está 20 puntos por debaixo da media da Unión Europea e

está 60 puntos por debaixo da do seu amigo Berlusconi, e está 30 puntos por debaixo do seu amigo Sarkozy, ou a súa amiga Merkel (*Aplausos*.) Esa é a situación da débeda pública de España no mercado internacional. E precisamente por iso, precisamente por iso, podemos facer políticas anticíclicas, señor Arias, e nós as defendemos, as nosas emendas as defenden, e o discurso político que hai detrás dos seus presupostos, nesta consellería e no Goberno da Xunta, é menos intervención pública, menos participación do Estado.

Fáltalles dicir a segunda parte...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Fáltalles dicir a segunda parte da frase: menos intervención pública, menos participación do Estado, significa máis negocio para alguén, señor Arias. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Losada.

Sección 09 (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Defensa das emendas.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados. Boas tardes tamén, señor conselleiro.

Neste momento imos defender as emendas presentadas á sección novena por parte do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego. Efectivamente levamos todo o día falando de inversións, da capacidade inversora ou non, xa estamos vendo a non capacidade inversora destes orzamentos que nos presenta o Goberno galego; pero se hai un departamento que efectivamente debía de ser inversor –porque

invieste no noso futuro, inviste nos nenos e nas nenas, inviste nos mozos e as mozas, que serán efectivamente o capital humano para o desenvolvemento de Galiza—, ese debería de ser a Consellería de Educación; tristemente non o é, xa que á parte de baixar o seu peso relativo a estes orzamentos, os datos do 20.39 ao 20.34, baixa no seu conxunto un 1,1 %; esa é a realidade, e en época de crise, no canto de apostar polas políticas educativas, o que facemos é unha redución importante delas, o cal nos alonxa do investimento medio da Unión Europea —si, é certo que nos alonxa dese investimento— e nos coloca nun 4,3 %, lonxe tamén do desexado 6 % do PIB.

Polo tanto, baixada nos orzamentos da Consellería de Educación, ningunha liña nova, ningunha, ningún programa novo, simplemente reaxustes e recortes fundamentais para a educación galega. Claro que moitas veces teñen falado, ten falado en concreto o portavoz do Partido Popular, da necesidade dun novo modelo educativo, de esforzo, de eliminar o fracaso escolar, de potenciar a formación profesional, e hoxe, xustamente hoxe, podemos ler na prensa cal é o modelo do Partido Popular; di a señora Dolores de Cospedal que o novo modelo que plantexa na educación o Partido Popular será que os pais —non sabemos se as nais tamén— poidan elixir o modelo educativo que crean máis axeitado para os seus fillos —e para as súas fillas tamén, consideramos—.

Eu preguntome se isto o que quere dicir é que nos próximos orzamentos nos atoparemos, xa que lles gusta tan pouco o colectivo —vímolo cos libros de texto—, como modelo subvencionar a educación que os pais realicen na casa; podemos propoñer, por exemplo, a contratación de institutrices alemás e así a próxima vez xa teremos aos deputados que nos citarán a Heidegger pero xa en alemán.

Pois, efectivamente, este é o problema; atopámonos con que non sabemos cal é o modelo educativo que se nos quere defender desde a Consellería de Educación; levamos visto problemas coas universidades; estamos diante da última mostra de dificultade de xestión ou da mala xestión da consellería co mestrado de secundaria; vemos unha redución importante, un 6,3 %, unha caída no programa 422.C de 23 millóns de euros; unha baixada —imos dicir— fundamental, importantísima, na formación do profesorado —a propia Lei orgánica de educación e a maioría dos informes que aquí nos cita o portavoz do Partido Popular sempre fan claras refe-

rencia ao fundamental labor da formación do profesorado—; esa, nestes orzamentos baixa un 24,11 %, é dicir, case un 25 % de baixada na formación do profesorado. Supoño que serán conscientes na Consellería de Educación que o valor máis importante para unha educación de calidade é o profesorado. Tamén a construción e reparacións, en infantil e primaria, unha baixada de máis do 6%; ¡ah, eso si!, en bacharelato e formación profesional unha caída do 34%. Os centros e bacharelato e formación profesional non pensan arranxalos este ano.

Programa de libros de texto, do cal despois falaremos un pouco, vemos unha baixada do 20%. Levamos debatido e escoitamos ao propio conselleiro aquí facernos un recital dos niveles de renda de todos os concellos galegos, pero o certo é que nunha parte importante a poboación galega neste momento non ten acceso aos programas de libros de texto.

Bueno, baixadas, por exemplo, como o apoio ao fomento da lectura dun 30% e as bibliotecas escolares. Evidentemente, coherente coa redución nos libros de texto, porque se considera que sempre os libros deben de ser en propiedade. Pero, claro, un pouco incoherente coa promoción do 2010 como o Ano da lectura.

A respecto de partidas que non entendemos a súa redución, pola importancia que teñen, como é previr o fracaso escolar, o abandono escolar. Non se pode falar constantemente nos medios de educación que é un dos obxectivos básicos da Consellería de Educación previr o abandono escolar e despois reducir un 3% dos programas adicados á prevención do abandono escolar e non mostrar ningunha liña de traballo a respecto da prevención do abandono escolar. A única partida que atopamos que se incrementa é a subvención á educación concertada. Xa sabemos que vostedes son defensores desa educación que significa segregar aos nenos e ás nenas, e supoñemos que nese senso temos que entender este incremento da educación concertada, cando todas as partidas da educación pública baixan na súa totalidade.

E, como non, xa a baixada de política lingüística. Supoño que aquí si que teríamos que falar dunha coherencia do seu departamento. Porque fronte á baixada de todos os centros directivos da Consellería de Educación, a baixada do 4,5% da Secretaría Xeral, da Secretaría de Universidades o 6,3%, á que antes facía referencia; a Dirección Xeral de

Educación e Formación Profesional, de 1,2%; o pequeno incremento da Dirección Xeral de Centros, do 0,8%, temos a Secretaría Xeral de Política Lingüística, que baixa nada máis e nada menos que o 27,7%, ao mesmo tempo que todas esas partidas que existían noutros departamentos, entendendo que a política lingüística é unha política transversal, desaparecen.

Supoño que esta é a súa coherencia, se efectivamente partimos de que non necesitamos promocionar a lingua galega, que incluso debemos dar pasos atrás na promoción da lingua galega, como vimos na eliminación da función pública da lingua galega, ou como estamos vendo con moitas das afirmacións que dende a súa consellería e, en xeral, dende o Goberno galego se fan, supoñemos que é coherente esta baixada do 27,7%, case unha baixada do 30% e nunha partida que xa non era grande.

Nese senso as emendas do Bloque Nacionalista Galego comezan por se dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística fálase constantemente de promocionar redes locais para a normalización lingüística, que menos que os orzamentos reflectan esa vontade de promocionar as redes locais. Polo tanto, un incremento na partida adicada ás corporacións locais. Un incremento na partida adicada ás empresas editoriais en lingua galega, porque a súa redución do 50% significa que boa parte dos materiais, pero non soamente os materiais referidos a libros de texto, libros en xeral, senón material audiovisual, material de traballo nas aulas, é difícil atopalo en lingua galega. Moi difícil ter material de calidade en diferentes soportes en lingua galega. A redución dun 50% é absolutamente incomprensible. Agardamos que esta emenda sexa tida en conta pola importancia que ten para todo o ensino e tamén para crear para a cidadanía materiais en lingua galega.

Incrementar cando menos, non digamos superalo, pero cando menos a mesma partida adicada aos proxectos de fomento e formación en centros non universitarios. Sabemos que os equipos de normalización lingüística dos centros de ensino fan un traballo moi importante. Moitas veces fóra do horario escolar poñendo moito tempo da súa parte, pero o que non podemos facer é reducirlle un 20% á partida respecto do ano anterior, un 20%. Por favor, creo que esto o deberían reconsiderar os señores e señoras do Partido Popular e entender que esta emenda elimina outras, que se subs-

traen os cartos de cousas que cremos menos prioritarias. Sería unha forma de mostrarlles aos equipos de normalización dos centros de ensino o compromiso co traballo que realizan todos os días.

Tamén redistribuír as partidas para apoiar aos medios de comunicación, pensamos que os medios de comunicación que efectivamente mostren o seu apoio ao galego, ou que se expresen en galego, ou que sexan medios de comunicación en galego deben ser aqueles que reciban o apoio e as subvencións. Tamén dese xeito o Bloque Nacionalista Galego presentou emendas en todas as seccións para intentar mostrar ese carácter de transversalidade que debe ter a política lingüística. E o que nós sempre consideramos que foi un erro, que foi que se residenciaran estas políticas nun departamento concreto como é a Consellería de Educación.

Xa o referido ás emendas concretas de educación non universitaria, eu intentei dividilas en tres aspectos básicos: un primeiro aspecto de apoio ás familias, un claro compromiso cos servizos de calidade; é dicir, incremento aos orzamentos para os comedores escolares, para os comedores escolares xestionados polas Anpas que levan facendo un traballo moi importante e que ademais neste curso escolar viron que a pésima xestión que realiza a Consellería de Educación fixo que a orden saíra con retraso e que aínda estén agardando por cobrar o semestre anterior.

Libros de texto, cremos que é necesario volver a un modelo de consenso, a un modelo que contemple ese préstamo nese estadio para dar servizo ao 100% do alumnado. E unha aposta polas actividades extraescolares, fundamentalmente no medio rural, que é onde os nenos e as nenas teñen máis dificultades para acceder ás actividades de música, para as actividades de teatro, fundamentalmente para as actividades fóra do horario lectivo.

Un segundo apartado, apostar claramente pola calidade no ensino, pola calidade no ensino público. Dende logo o que non se pode entender é esa redución tan importante en investimentos, en infraestruturas, tanto á hora de realizar centros novos como as reparacións, como as reformas necesarias nos centros de ensino, fundamentalmente bacharelato, formación profesional, cando se traen a este Parlamento diferentes iniciativas para crear, diseñar, un novo mapa de FP e a FP queda eliminada dos orzamentos, incluso naqueles

que se refiren á súa adaptación dos centros. E xa non digamos que desaparezan obras tan importantes e necesarias como a nova Escola Oficial de Idiomas de Compostela.

Vemos a necesidade de que estes orzamentos den un paso para incorporar a figura do administrativo nos centros de ensino. Por outra banda, cuestión que aparecía no programa do Partido Popular, o programa electoral do Partido Popular, e que ademais neste inicio de curso vimos a súa necesidade. Consideramos que a cantidade que propón o Bloque Nacionalista Galego é unha cantidade para comezar a dar pasos cara a conseguir que os centros de infantil e de primaria dispoñan desa figura de persoal administrativo.

Un tema importante como é a calidade educativa queda esquecida, ou fica diluída, nestes orzamentos, desaparece o deporte escolar, consideramos que hai partidas superfluas todavía nesta consellería de Educación, como poden ser propaganda, varios; determinadas partidas que poderían, sumadas, crear ou manter ese programa de deporte escolar, que é unha forma dun traballo de colaboración entre diferentes departamentos e que ademais tamén é un xeito de mellorar o deporte de base.

Os movementos de renovación pedagóxica –dos cales temos falado tantas veces– e que igual que a formación do profesorado desaparece destes orzamentos, entendemos fundamentalmente porque o Partido Popular non ten ningún interese en falar de renovación pedagóxica. Xa o dixen antes, a baixada importante da formación do profesorado, a baixada no ámbito das bibliotecas que nós incorporaríamos dentro da elaboración dun plan de prevención do fracaso escolar.

Se falou moitas veces dende esta tribuna e tamén en comisións da necesidade de abordar o tema do abandono escolar. Sabemos que é un aspecto complexo e difícil de tratar, pero non aparece reflectido de ningún xeito nestes orzamentos. Non sabemos se aquí tamén se vai a aplicar a teoría da que moitas veces fai gala o Partido Popular de facer máis con menos, porque efectivamente o abandono escolar implica unha maior dotación de profesorado, unha maior atención personalizada, implica realmente un traballo nos centros a través da formación do profesorado, e eses non aparecen reflectidos nestes orzamentos. Polo tanto, gustaríanos que se aceptara esta emenda e que se entendera que falar en serio

da prevención do abandono escolar supón tamén un compromiso orzamentario.

Xa por último, facer referencia ao ámbito da universidade. Efectivamente, se eu comencei decindo a importancia inversora deste departamento, ¿que vamos a decir do ámbito das universidades?, cando as universidades deben ser o verdadeiro motor para a investigación e a formación do alumnado galego, cando non podemos perder de ningún xeito no sistema universitario galego o ámbito da investigación e da formación en excelencia. Excelencia, palabra que tanto lles gusta aos señores e señoras do Partido Popular e que non atopamos nos orzamentos adicados á universidade. Nós apostamos nesta sección, en concreto, por emendar as bolsas para estudantes universitarios, porque nos parece unha cuestión fundamental para dar igualdade de oportunidades aos mozos e ás mozas galegos. Pero tanto na sección 4.^a como 8.^a recollimos emendas para apostar polo sistema universitario galego. Creemos que a consellería neste momento está facendo unha deixación de funcións a respecto do sistema universitario galego. O certo é que estamos diante dun orzamento que no máximo endebedamento hipoteca o futuro da educación galega, hipoteca o futuro dos nenos e das nenas, das mozas e dos mozos galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Adán.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra o señor Meijón Couselo.

O señor MEIJÓN COUSELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro de Educación, deputados e deputadas da Cámara, cando criticamos dende o Grupo Parlamentario Socialista o proxecto de lei de orzamentos para o ano 2010 da Consellería de Educación os puntos principais, o máis groso da nosa crítica, foron os seguintes: en primeiro lugar –e non podía ser doutro xeito–, a diminución dos orzamentos da consellería respecto do exercicio anterior por primeira vez na historia da nosa Comunidade. Unha diminución do 1,12% na Consellería de Educación. E é o actual conselleiro a quen lle cabe a honra de ser o primeiro conselleiro da his-

toria da nosa Comunidade Autónoma que consegue baixar estes orzamentos. Pero non quero ser inxusto con el, é ao conxunto do Goberno, co seu presidente á cabeza, o señor Núñez Feijóo, a quen lle cabe de forma solidaria esta honra. E aquí, se me permite, xulgo necesario recordar –como non– a presentación realizada polo propio conselleiro de Educación destes orzamentos. O señor Vázquez fixo un exercicio extraordinario de creatividade literaria para atopar unha retáfila de frases distintas coas que disfrazar unha única realidade: o recorte de gastos. Decía o señor conselleiro na presentación das distintas partidas: “son procedimentos para ser máis eficientes” –léase, recorte de gastos–, “un montante nada desprezable” –léase, recorte de gastos nesa partida–, “a importante cifra de” –léase, recorte de gastos tamén–, “máis de tantos millóns de euros” –sí, moitos millóns, pero, léase, recorte de gastos tamén nesa partida–, “favorecer o aumento de prestixio” –prestixio, pero con recorte de gastos nas partidas–, “garantir o incremento global de apoio” –recorte de gastos–, “bases de financiamento suficientes” –recorte de gastos–. Un recurso ao que se apuntou de seguida, só pena de quedar fóra de xogo, o señor Román na defensa dos orzamentos da consellería no debate das emendas. Así deleitounos continuamente con sucesivas mensaxes de eficiencia, mensaxes de eficacia ou de remate do despilfarro. Eso si, sempre co mesmo significado: recorte de gastos nas partidas da Consellería de Educación. (*Aplausos.*)

¿Que queren que lles diga? O Grupo Parlamentario Popular está continuamente tratando de conseguir das forzas da oposición que admitamos polbo como animal de compañía. Aos actos do presidente, de escasa asistencia, chámalle actos intimistas; a deixar a seis de cada dez alumnos e alumnas sen gratuidade de libros de texto, chámalle gratuidade solidaria; a propiedade dos libros de texto, convírtese en si mesma no gran programa a prol do éxito escolar. ¿Que queren que lles diga?

Síntoo, pero non acreditamos ningunha desas afirmacións, e non as acreditamos porque a realidade é teimuda e vostedes presentan nas cámaras uns orzamentos nos que en política lingüística representan unha diminución do 18,96% no programa 151 A, pero que se eleva a un 20% se falamos do conxunto do servizo desa secretaría.

En formación do profesorado, unha diminución do 24,11% nun dos programas, o 422 I, moito máis dotable se consideramos o conxunto de partidas que con este fin van no

capítulo VI, como investimento inmaterial, o que permitiría falar case dun 30% de diminución das partidas do conxunto da formación do profesorado.

Investimentos en educación, unha diminución de perto do 15% no capítulo VI. Situación esta, señor conselleiro, de especial relevancia, xa que paraliza os esforzos en renovar un parque de centros que vostedes abandonaron durante dezaseis anos, e agora que desaparecera a rémora das débedas que vostedes deixaron na SPI permitía afrontar con esperanza o ansiado e necesario remozamento do noso parque de centros educativos. Cuestión, ademais, que cobra maior importancia en épocas de crise e que permitiría certo desafogo nas empresas do sector da construción.

Universidade, está claro, señor conselleiro, o abandono que nestes orzamentos se plantexa do sistema universitario de Galicia. Cunha diminución só na súa consellería do 6,08% no programa 422 C, que sobe ao 6,30% no conxunto do servizo da Secretaría Xeral de Universidades. Estamos a falar da súa consellería.

En formación profesional, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, Educación e Innovación Educativa presenta unha diminución dun 17%, un 16,95%, o cal, entre outras cuestións de alto interese cara a calidade do noso sistema educativo, pon en perigo o desenvolvemento do segundo plan de FP. Xa sei que non lles gusta, pero tampouco presentaron unha alternativa. Esperemos a ver que queren facer, pero o plan existente parece que o queren cargar. Ámbito, o da FP, de especial preocupación e de necesaria focalización no noso sistema educativo de cara ao, como vostede ben sabe, cumprimento dos obxectivos de Lisboa.

Na mellora do éxito escolar tamén podemos contemplar a diminución importante das partidas adicadas á estacionalidade, das que temos destacado o recorte en programas de fomento de lectura e nas partidas adicadas a bibliotecas escolares, porcentaxe que se sitúa nin máis nin menos que no 30% e que contradí absolutamente todo o discurso do Partido Popular nesta materia, todo o discurso non deste Partido Popular, non deste grupo parlamentario, non deste Goberno, senón de todos os anteriores.

Por certo, señor conselleiro, que non ten desperdicio o que vostede afirmou onte nun encontro dixital que tiveron a

precaución de ler. Decía vostede, ou escribía vostede nese encontro unha pregunta sobre as bibliotecas escolares, proba do bo resultado deste modelo é os recoñecementos que se están a conseguir a nivel nacional. Os galardóns proban ademais que este modelo que se está a seguir en Galicia se está a exportar a outras comunidades autónomas.

Obviamente eses premios se corresponden a cursos pasados, vostede se dará conta que se están a referir ao modelo do goberno anterior, modelo que vostede se quere cargar cunha redución do 30% dos orzamentos para o ano que vén. Boa proba do interés que lle amosan a vostedes as cuestións que neste país están funcionando non ben, senón tremendamente ben, a nivel diría eu de excelencia.

En canto a servicios complementarios, comedor e transporte, no tocante a comedores escolares, o uso do criterio para estes orzamentos é continuísmo, iso si, pero con parálise absoluta. Continuísmo, xa que as únicas prazas de comedor a maiores son aquelas que deixou previstas o goberno anterior. Mesmo os comedores que foron inaugurados foron obviamente os comedores que estaban previstos no goberno anterior, por exemplo do meu centro. Parálise ademais que se contempla na negativa a incrementar os orzamentos para a creación de novos comedores escolares. Como ben teñen indicado fontes da propia consellería na Comisión de Educación deste Parlamento, de que os cartos, en todo caso se incrementaban, non eran para crear novos comedores ou novas prazas.

No tocante a transporte escolar, mantendo inicialmente a mesma partida, pero anunciaron vostedes unha actuación estritamente de carácter economicista, pactada xa parece ser co sector. Unha situación que este grupo pretende aclarar. Temos solicitada unha interpelación sobre esta cuestión, porque entendemos que se renuncia a melloras cualitativas que a comunidade educativa leva reclamando durante bastante tempo. Non é agora, polo tanto, o momento de debatilo, pero que quede clara esta reseña.

E, por suposto, son uns orzamentos, señor conselleiro, que tratan de consolidar un modelo que significou a supresión da gratuidade real dos libros de texto para seis de cada dez nenos e nenas deste país que cursan o ensino obrigatorio. Por moito que o señor Román esté a rosmar coa cabeza, lle podo asegurar que as cifras da propia consellería indican claramente que unicamente catro de cada dez rapaces consoli-

daron a axuda de 180 euros, só catro de cada dez, e veña aquí a dicirme o contrario, porque en todo caso llamaría mentiroso a quen nos pasou os datos da consellería, só catro de cada dez alumnos recibiron esa axuda de 180, que é a que podemos considerar que se aproxima á gratuidade. O resto non foi así, seis de cada dez non tiveron a gratuidade dos libros de texto, pese a que algúns tiveran unha partida de axuda de 104 euros, pero só catro de cada dez os libros gratuítos. Podemos, se quere, se lle interesa, seguir abondando sobre a cuestión.

Imos agora a xustificar as emendas que presenta o noso grupo, tratando de mellorar na medida do posible e tendo en conta que vostedes renunciaron a incrementar estes orzamentos en educación nas emendas transversais, cuestión que nos apena considerablemente, imos explicarlle polo tanto as emendas parciais.

Esta –repito– é en realidade unha consellería que por primeira vez na historia perde fondos, polo tanto, está claro que temos que repetir e reseñar outra vez que o actual presidente da Xunta mentiu cando dixo que non ía afectar a crise ás políticas sociais.

Pero bueno, imos ceñirnos ás emendas, e entendo que a Consellería de Educación pensa efectivizar, según está a manifestar por activa e por pasiva, a rebaixa do 7% no transporte escolar, sen deterse noutros discursos cualitativos. Polo tanto, propoñemos realizar ese desconto na partida que figura nos orzamentos, anterior a esa decisión de tales orzamentos, e que polo tanto librarían oito millóns de euros que destinaríamos doutro tenor.

Ademais temos aprobado anteriormente, a señora Caride o recordaba esta mañá, que a redución desta partida, é dicir, os aforros da partida de transporte escolar, quedarían, ficarían, na Consellería de Educación, salvo que vostedes tamén queiran retirar eses cartos da consellería.

Polo tanto, entendemos como emenda catro millóns de euros para a universidade, para a partida de adaptación das universidades galegas ao espacio europeo de ensino superior, e como complemento do plan de financiamento remarcar que esta aposta trata de impedir o colapso e o afogamento do sistema universitario de Galicia, e non se traduce ademais nesta única partida. De tal forma incorporamos tamén á universidade emendas ao seu favor por valor de nove

millóns de euros máis, que se derivan do fondo de continxencia seis millóns, e da Consellería de Economía e Industria, antes o explicaba o meu compañeiro Losada, tres millóns máis de euros. O que resulta unha achega ao sistema universitario de Galicia de 13 millóns de euros por encima das previsións deste proxecto de lei. Non é todo o que nós queríamos, pero obviamente temos que facer o posible por tratar de incrementar e, dalgunha forma, soslayar a problemática das universidades.

Os outros catro millóns de euros serían para comedores escolares, entendendo que non se debe paralizar o impulso do goberno anterior por aumentar as prazas de comedores, e o número destes, polo que creamos unha partida específica de alomenos catro millóns de euros para a construción e habilitación de novos comedores escolares.

Si, señor Román, catro millóns para [...] e catro millóns para comedores dun 7% que vostede tivo a oportunidade tamén de emendar e dicirnos que pretendía facer o Partido Popular con eses oito millóns. Obviamente non o fixeron así, non sei se o que querían era agochalo para outras cousas ou retiralo da propia Consellería de Educación.

Para política lingüística adicamos unhas emendas por valor de 1.500.000 euros. Trata de paliar na medida do posible a forte caída do orzamento do programa 151 A, coa inxección de 1.500.000 euros repartidas en tres partidas: Para subvencións e accións en lingua galega, para cursos e actividades de formación e para formación de personal de normalización lingüística.

Tamén establecemos nas emendas programas para a ampliación de persoal por valor de 1.600.000 euros. Obviamente a política de persoal [...] dos centros docentes son decisións da consellería difíciles de alterar, que están tamén en función das decisións respecto do número de prazas que sacarían a oposicións e sobre as que este grupo parlamentario se ten posicionado e se posicionará.

De aí que entendéramos máis práctico focalizar os incrementos neste apartado con dous novos programas cos que entendemos que se pode dar resposta ás demandas da comunidade educativa. Demandas que, por certo, compartimos todos os grupos, xa que están incorporadas aos distintos programas electorais.

Así pois, sería para personal administrativo de centros educativos 600.000 euros e para personal de apoio e coidadores un millón de euros. Partidas modestas pero que podían iniciar estes programas de personal.

Para programas de mellora e do éxito escolar 1.300.000 euros, fundamentalmente para as partidas de bibliotecas escolares e programa de fomento da lectura, e para programas de mellora do éxito escolar, que as nosas bibliotecas e que os nosos docentes poidan seguir colleitando premios que tanto nos enchen de satisfacción.

E obviamente para formación e perfeccionamento do profesorado, porque non entendemos como se pode tratar de achegarnos aos obxectivos de Lisboa e fundamentalmente tamén achegarnos a eses centros trilingües rebaixando como se rebaixan un 30% as políticas de formación de profesorado. De aí que introduzcamos unha partida de 900.000 euros e lamentar que por un erro de copia e pega unha partida de 100.000 para movementos de renovación pedagóxica non poda estar incluída nestas emendas.

E, por suposto, un millón de euros para a formación profesional, nunha partida para potenciar e desenvolver o segundo plan de formación profesional.

Por último, diversas emendas respecto de investimentos en infraestruturas educativas. Reseñar que neste caso tan só referenciamos territorialmente partidas adicadas a esta finalidade, co obxecto de territorializalas, pero, sobre todo, que podan contribuir a que proxectos do anterior goberno paralizados pola actual Consellería de Educación poidan seguir o seu curso en canto a que son peticións amplamente suscitadas pola comunidade educativa.

Señor Román, eu creo que vostede e o señor conselleiro terían dificultades para dicirnos que non aceptan ningunha das emendas tanto en canto moitas delas van teoricamente na liña do seu compromiso electoral. No seu programa electoral figuran moitas destas cuestións que estamos a demandar, igual que están no resto dos programas electorais.

Dicir que non a estas emendas significaría renegar do seu compromiso electoral, renegar do seu programa, renegar do compromiso coa cidadanía.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Meijón.

Rolda do Grupo Popular para fixar posicións sobre as emendas. (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Señor presidente e señor conselleiro.

Señorías, durante o longo proceso de tramitación do orzamento pois a oposición, dun xeito bastante machacón, insiste unha e outra vez nunha serie de argumentos.

É recorrente, tamén o vimos hoxe, como insisten unha e outra vez en dicir que por primeira vez hai unha rebaixa do orzamento, que esa é así, na educación.

Tamén, e é raro que o señor Meijón non o dixera hoxe, tamén sempre nos din que durante o bipartito o incremento en materia de educación foi do 30%. Tamén sempre o din dun xeito machacón constantemente e tamén dun xeito completamente machacón nos fan comparativas entre o ano 2010 e o ano 2009.

Ben, estamos ante medias verdades, ¿non? E ben é sabido que as medias verdades, como soe dicirse, poden dar lugar a grandísimas mentiras.

Porque mire, por primeira vez, como vostedes din, por primeira vez faise un orzamento realista. Un orzamento responsable, un orzamento que non tenta negar a verdade, como facían outros no seu momento, e un orzamento que no ámbito educativo, en específico, pois o que buscar é fomentar a eficiencia na xestión dos recursos, algo que algúns parece que non entenden ou non entenderon hasta o momento, e busca, pretende a calidade do que son os resultados do sistema educativo.

Cando nos falan dese 30%, que unha e outra vez nos teñen repetido, nós lles temos dito que era un dato trampa, ¿verdade? Porque non é que a educación medrase e o resto non. A educación medraba dentro dun concepto alcista dos

orzamentos da Xunta. Había unha expansión xeral. E o que medrou realmente pois era o IPC dos salarios, e era dos salarios dos profesores, como non pode ser doutra maneira, e medraba fundamentalmente o gasto corrente. O gasto corrente chegou a medrar dun ano para outro máis dun 15%. Aí si que había aforro e si que había xestión.

Curiosamente o capítulo VI, de investimentos, que tanto plantexan vostedes, se reduceu, entón, ¿a quen queren enganar con esa? Porque realmente xa o temos dito noutras ocasións, non se trata de gastar por gastar, se trata de gastar ben, ata aí estaremos de acordo, ¿verdade? E se trata de gastar ben con obxectivos claros priorizando a mellora do sistema e priorizando os resultados educativos, porque as preguntas son as seguintes, vostedes gastaron máis, si gastaron moito. Pero, ¿baixou o fracaso escolar? Non. ¿Miraron os resultados e os índices da [...] educativa? Non ¿Conseguiron un maior respecto da función docente? Non. ¿Innovaron a oferta educativa? Tampouco. E así poderíamos seguir en moitos máis casos.

Miren, señorías, neste orzamento demostrase e vaise demostrar ao longo do 2010 que é posible dar un servizo igual, ou mesmo mellor, utilizando os mesmos recursos. Menos recursos porque simplemente non os hai, e non é que pase nesta consellería ou nesta Xunta de Galicia, pasa no Estado, pasa no conxunto das comunidades autónomas, pasa nos concellos, pasa en todo o sector público, porque hai unha crisis que ata onte non existía, segundo algúns, ¿verdade?

Ademais, e tamén dun xeito machacón, tamén existe a comparación entre o 2009 e o 2010 e tamén aí hai unha situación trampa, ¿non? Porque como ben definiu a conselleira de Facenda, esa comparación, cun orzamento que é unha entelequia, ou que é unha caricatura como definiu a conselleira, pois non ten ningún tipo de sentido.

A Consellería de Educación pois é un dos mellores exemplos de que se pode facer máis con menos. Se pode facer máis con menos, señor Meijón, despois llo digo máis lento. É dicir, se pode ser eficientes, algo que a algúns portavoces que me precederon no uso da palabra pois lles costa entender. Pois si é posible, é posible facer máis con menos, porque hai que traballar con rigor, hai que xestionar e hai que ser esixentes e autoesixentes. Ademais xa se demostrou no que vai de ano, algunhas das súas mentiras, en certa

medida, pois o tempo demostrou que acaban caendo, por exemplo as escolas oficiais de idiomas, con menos recursos ou cuns recursos moi semellantes se ofertaron 3.000 prazas máis e houbo 3.000 matrículas máis; dos cefores, van facer un magnífico traballo, aínda que algúns dos profesores que aí estaban volvan aos seus centros educativos a impartir clases.

Bueno, ¿e que falar do sistema de gratuidade de libros? Non teñen máis remedio que intentar darlles a volta aos datos intentando enganar outra vez máis aos galegos, manipular unha vez máis aos galegos, co que saben que non é certo. O sistema de gratuidade solidaria de libros foi un auténtico éxito. Permiteu dar ás rentas menos favorecidas deste país un trato moito máis importante que o seu e permitiu concentrar os esforzos públicos nas rentas máis favorecidas, e permiteu dar, e vostede o sabe, vostede o sabe, o 65% de axudas, unha porcentaxe a 180 e unha porcentaxe a 104, cando no seu momento vostedes dábanlles a todos 135, o cal é realmente inxusto, e diso temos falado moito. Non vamos chegar a estar de acordo porque vostedes intentan manipular ata a extenuación este asunto.

Entrando xa de cheo nas súas emendas, temos que dicir que están cheas de contradicións, cheas de contradicións, tamén de sesgos e prexuízos ideolóxicos e tamén, por que non dicilo, de certa carencia de rigor. Contradicións, tanto o BNG como o PSOE falan dun recorte de investimentos, para novos centros, para reformas, etc., pero despois nas súas emendas parciais piden retirar desas partidas cantidades económicas significativas. O Bloque seis millóns de euros aproximadamente, vostedes, o PSOE, en torno a 16.

¿Por que se fai esto? Bueno, vostedes o que fan é poñerlles nomes e apelidos a estas partidas, ¿e por que? Para facer simple política partidista. Chegan cunha emenda dun concello concreto e din, mire, nós presentamos esta emenda, pero os señores do PP que son tan malos, tan malos, tan malos, pois non o aceptan e fan política partidista e política tremendamente interesada. Son faltas de rigor tamén, son moi faltas de rigor, hai unha partida, creo recordar do Bloque Nacionalista Galego, que pide que se saque da SPI cinco millóns de euros. Entonces que imos facer, ¿non imos pagar os compromisos plurianuais adquiridos, por certo contratados durante o seu período?, ¿que queren, que non se paguen as obras que xa están en marcha?

Tamén o BNG pide que se saquen dos conceptos educativos once millóns de euros. ¡Home!, supoño que non querrá o BNG que non se lles pague aos profesores da concertada, porque a mellor parte desta partida é para os profesores da concertada, ou quizais haxa un prexuízo ideolóxico contra un ensino concertado. Realmente subeu porque durante o bipartito houbo 300 unidades máis para o ensino concertado.

E onde si hai un prexuízo ideolóxico fuerte, muy fuerte, é que se pide que se retire da Fundación Camilo José Cela 150.000 euros; será que, xa o temos dito, Camilo José Cela que é o único premio nobel galego, ao mellor para os do BNG non é galego, pero bueno ao final as súas emendas practicamente copian o discurso pois dun sindicato, polo menos afin a vostedes, que non se sabe quen foi primeiro, se vostedes ou os sindicatos, pero realmente pois din exactamente o mesmo.

Despois tamén entran no noso programa electoral, e ven así algúns dos nosos puntos, algunhas das nosas ideas, e as plantexan, e eu creo que din, bueno, vamos a presentar esto e imos pedir consignación para tentar facelos caer nunha contradición, por exemplo cando falan dos administrativos para os centros de primaria. Mire, eu quérólles dicir aos señores da oposición que estean tranquilos, o Partido Popular suele cumprir cos seus compromisos electorales e cando haya consignación orzamentaria e posibilidade orzamentaria de facelo pois o vai a facer.

Tamén hai contradicións nos propios plantexamentos, se fala de transporte escolar, se quere quitar do transporte escolar unhas cantidades importantes, e por outra parte se critica a nova lei do transporte, entonces, ¿esta redución que é?, ¿é boa ou é mala? ¿En que quedamos, señores da oposición?, ¿que se debe facer?

Insisten tamén ambos partidos no financiamento universitario. Miren, xa se debateu aquí a necesidade dun novo plan e hai un enorme reproche que hai que facer, porque se puido haber feito en tempo e forma e prazo no pasado e non se fixo. E mire, os datos son moi tozudos, o ano pasado o bipartito reforzou o plan vixente con trece millóns de euros e este ano nós agora forzamos con vinte e oito, vostedes con trece e nós con vinte e oito.

En resumo, as súas emendas son pouco sólidas, teñen unha visión claramente partidista, aínda que tamén ao final

veñen a recoñecer que o orzamento en educación tampouco debe estar tan mal, porque as súas emendas, os seus cambios, digamos de partidas, en realidade son baixísimos respecto á estrutura xeral. É certo que a gran partida da educación é o capítulo I, de persoal, pero se sumamos as súas emendas o PSOE plantexa transferir dunhas a outras o 1,1% de orzamento, e o Bloque tan sequera o 0,8, co cual eu entendo que votarán a favor estos presupostos. Porque se realmente sólo son capaces de pedir cambios no 1,1 do orzamento e no 0,8 de orzamento será que este presuposto está moi ben plantexado.

Ademais tamén creo que, e non vou falar da nosa emenda, non vamos a profundizar nela porque é xa de sobra coñecida, quizais só recalcar o seu valor político, elevado, e o seu valor simbólico, e o orzamento que aquí plantexamos creo que está perfectamente alicatado, responde a unha filosofía política que xa se ten demostrado que si se quere se poden facer as cousas ben, se poden facer dun xeito austero e eficaz. Van permitir aumentar a plantilla do profesorado do ensino público en máis de 150 prazas, van permitir incrementar o orzamento das prazas de comedor, van permitir incrementar o orzamento do financiamento universitario, van permitir manter o sistema de gratuidade solidaria. O tempo dá e quita a razón, señor Meijón, e se ve que este programa ten sido e é un éxito moi recoñecido pola sociedade galega, e en definitiva creo que é un magnífico exemplo de que se pode facer...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Si, señor presidente, agora mesmo.

É un magnífico exemplo de que se pode facer máis con menos e que se pode apostar polo interese xeral e non polos intereses partidistas e os prexuízos ideolóxicos de cada un.

Por esto, reiteramos e rexeitamos as emendas plantexadas pola oposición e non nos veñan agora con que hai iso do rodillo, porque xa se dixo aquí por parte dalgún portavoz socialista que entrevi anteriormente, porque nos catro anos do bipartito...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:... o balance de emendas aceptadas pola Consellería de Educación respecto naquel momento ao Partido Popular, que era a forza da oposición, foron cero, co cual non veñan agora falando de rodillo nin de cousas semellantes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rodríguez González.

Rolda de réplica dos grupos emendantes. (*Pausa.*)

Polo BNG ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Rigor orzamentario o desta tarde, efectivamente, creo que antes xa se explicou a diferenza entre as emendas transversais e as emendas parciais. Se o Grupo Parlamentario do Partido Popular non foi quen de aceptar as emendas transversais que efectivamente daban o peso necesario á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, non agardarán que fagamos ese truco de maxia de máis con menos e inventemos os cartos para os programas que realmente apostamos, donde dende o Bloque Nacionalista Galego que se deben sumar.

Polo tanto, eu creo que a expresión de rigor orzamentario deberían plantexarlle a respecto de por que non aceptaron as emendas transversais no seu momento de debate.

Porque efectivamente, empezo xa a entender que hai detrás das exposicións do portavoz de educación do Partido Popular, porque efectivamente agora que fai referencia aos sindicatos, posiblemente cando vostede fala de facer máis con menos refírese a que determinadas circulares que van a cambiar a vida dos centros non pasen polas mesas sectoriais para que os sindicatos non poidan dicir nada e cambien as condicións laborais dos traballadores e traballadoras. Esta é unha fórmula que de aplicar a todo os gobernos ou a todas as consellerías entendemos todos o que significa facer máis con menos. Eso é o que fixeron vostedes coas escolas oficiais de idiomas, e o que vostede sabe é que nas franxas máis demandadas de horarios hai menos oferta, é así, vostede o sabe, vostede sabe perfectamente que a Consellería de Edu-

cación pois está neste momento no Valedor do Pobo xustamente por este tema, polas escolas oficiais de idiomas; vostedes non apostaron por un ensino de calidade nos idiomas, empezaron por aí, agardamos a ver onde acabamos.

Esperamos que a sociedade galega, no seu conxunto, saiba teimar dun ben colectivo como é a educación e que este facer máis con menos non sexa efectivamente tentar eliminar as condicións laborais do persoal educativo, sen tan sequera consultar nin negociar coas organizacións representantes dos traballadores.

Pero bueno, como a vida é un xogo de máscaras, a política tamén, e se van caendo unha a unha. Volvemos machaconamente a sacar este tema da Fundación de Camilo José Cela. Efectivamente, comprenderán que nuns orzamentos onde se reduce o 27% a política de normalización lingüística, onde partidas fundamentais para a formación nos centros de ensino dos equipos de normalización lingüística se reducen 200.000 euros, home, é que é un pouco osceno manter a partida desta Fundación Camilo José Cela, sen facer ningunha crítica á calidade literaria deste nobel, para nada; efectivamente, non hai ningunha crítica, simplemente esta partida é oscena se a comparamos coas partidas que reducen na Secretaría Xeral de Política Lingüística, secretaría que supoñemos que en coherencia coa súa política lingüística pensarán eliminar no vindeiro exercicio económico.

Polo tanto, gústame que saque ese tema o señor portavoz do Partido Popular, porque nós aquí non temos ningún prexuízo ideolóxico, non, non; temos simplemente unha ideoloxía, a cal defendemos, e a defendemos coa nosa coherencia. Entendemos que esta partida é oscena si a comparamos con todas as partidas da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o mesmo que manter esta partida e eliminar as axudas aos movementos de renovación pedagóxica, aí se ve a vontade dun goberno, aí se ve, 100.000 euros para os movementos de renovación pedagóxica, 100.000 euros, e a eliminamos; eso si, mantemos 150.000 euros para a Fundación Camilo José Cela, porque efectivamente esta fundación non ten instancias do Ministerio de Cultura, de Educación e de moitas entidades que a poidan manter, ten que substraer os fondos dos fondos da Consellería de Educación da Xunta de Galiza. Polo tanto, nós aquí, retire a palabra prexuízo, non, ideoloxía, claramente, sen ningunha dúbida.

Nós aceptamos as emendas do Grupo do Partido Socialista, entendemos que variando nalgún dos aspectos a súa filosofía respecto das liñas básicas da Consellería de Educación, son coherentes co noso plantexamento.

Antes comecei dicindo que o investimento máis importante era o de educación, que o endebedamento destes orzamentos do 2010 non significaban non hipotecar o futuro educativo. Esta tarde citouse, creo recordar, a Heidegger cando se decía que “a verdade é o todo”, creo que foi unha das citas que se decía. escoitei mal, entonces, pero podemos entonces tamén citar a Heidegger compartindo que teña a súa perspectiva de filosofía alemana, e o problema, e o mesmo xa o dixo unha compañeira...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN:... do Bloque Nacionalista Galego, é se falamos dese todo como ser ou como nada, estos orzamentos en educación talvez nos aboquen a nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Adán.

Polo Grupo Socialista ten a apalabra o señor Meijón.

O señor MEIJÓN COUSELO: Moitas gracias, señor presidente.

Señor Román, é vostede o único portavoz de educación ao que lle encanta ter menos cartos para facer cousas en educación, é o único, o di cunha alegría, ¡encántalle tanto dicir que con menos imos a facer máis, parece mentira!

Mire, a anterior portavoz de educación do Partido Popular cando se incrementou hai catro anos o 30% nos decía: “moito máis, non é suficiente”. E voulle dicir, efectivamente tivemos unha época expansionista, educación subiu un 30%, lástima que co milagro económico de Aznar dos anos anteriores a Consellería de Educación subía a metade do que subía a Xunta de Galicia, e eso era o que facían vostedes, subir sempre por debaixo, a metade do que subía a Xunta. Grazas a que houbo un goberno socialista, o goberno bipar-

tito, levando a Consellería de Educación, se incrementou nun 30%, cousa que vostedes nunca farían e á sociedade na comunidade educativa quedoulle tremendamente claro.

Mire, usted me dice que con este menos van a facer moito máis, a min me gustaría saber si con este menos vostedes van a facer o plan de dotación en instalacións deportivas cubertas en todos os centros educativos. Si van a dotar de servicios de orientación a todos os centros educativos. Si van a impulsar a figura do educador social cos concellos, cos concellos a quen, por certo, lles rebaixaron no pacto local un 40% das partidas. Si son os orzamentos os que pretenden impulsar a política de novos comedores. Si con estas partidas van a crear máis prazas e máis comedores para o ano vindeiro.

Recórdolle que o seu programa establecía o servicio de comedor en todas as escolas públicas e concertadas. Por certo, o mesmo decían en canto aos servicios de almorzo.

¿Con este menos van a facer todo este máis? Son estos orzamentos os que dotarán aos centros de persoal técnico en informática. Por non falar dun ordenador por cada alumno, eso si, claro, esperarán a que veña o señor Gabilondo do Ministerio de Educación, porque as noticias positivas que veñen a educación en Galicia veñen do Goberno central, desgraciadamente, non da Xunta de Galicia.

¿Son estos orzamentos de menos cos que van a conceder a redución de xornadas aos maiores de 55 anos? ¿Son estos orzamentos de menos cos que van a garantir un transporte público de calidade? Dígame, ¿é con todo ese menos co que van a facer todo este máis que decían no seu programa electoral?

Ningunha soa destas cuestións está reflectida nese orzamento que vostedes pretenden que aprobemos.

Pero miren, xa basta de mentiras, señor Román. Mire usted, de cara á universidade lle podo dicir a vostede que unicamente no ano 2009 o que a Xunta de Galicia aportou por encima do plan de financiamento do Partido Popular, que remataba no 2015, 2010-2015, perdón, 2005-2010, eran 51 millóns de euros, máis de 51 millóns de euros. Sume todas as partidas, sume tamén o plan, sume tamén a consellería de I+D+I que tamén invertía, 51 millóns de euros, e fíjese vostede si esto é así que unicamente no Consello da Xunta, nun

dos últimos consellos da Xunta no ano 2009, iniciado o ano, o aporte ás universidades foi superior a 20 millóns de euros. Unicamente con ese aporte que vostede pode ver se revisa os consellos da Xunta, os últimos consellos da Xunta do goberno anterior, do ano 2009, poderá comprobar que unicamente esas partidas xa suman 20 millóns de euros.

Por outro lado, respecto dos libros de texto, permítame que lle diga que xa está ben de mentiras tan grosseiras e descaradas como se fan desde a Consellería de Educación.

Señor conselleiro, entendo que seguramente vostede non é o culpable, pero si é o responsable dunha páxina web que sempre se empeña en chamarme mentiroso e xa teño dado probas suficientes de que quen mentía era a Consellería de Educación, e agora vólvolle a dicir o mesmo.

Mire vostede, nota do 2009, mes de decembro, día 12, textualmente aparece na páxina web da Consellería de Educación, o programa de gratuidade solidaria que dende educación púxose en marcha no curso 2009-2010 e que permitiu que máis de 55.000 estudantes galegos tiveran unha achega económica para ter os libros de texto de balde e en propiedade. Dígame vostede si é certo que ese programa que vostedes inventaron supuxo unha achega a 55.000 estudantes galegos para ter os libros de balde e en propiedade, porque eu lle digo que eso é falso, e vostede, que me está mirando así, sorprendido, sabe que tamén é falso, non chegou a darlles a 55.000 alumnos achega suficiente para libros de balde e en propiedade, unicamente a 33.254, según as súas cifras, tocoulles a partida de 180 euros

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Meijón.

O señor MEIJÓN COUSELO: Nunca lle dixen, señor conselleiro, que eu estivera en contra de que podan sumar vostedes o conxunto de axudas, o que si é absolutamente falso é este párrafo que vostedes colocan na páxina web, rogo que comprobe e que rectifique,

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Meijón.

O señor MEIJÓN COUSELO:... porque está mentíndolle á cidadanía e eso non está ben.

Por certo, señor presidente, un segundo sólo, dicir que aínda que efectivamente podíamos variar algo en canto ás partidas de orixe, imos a aprobar as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, xa que entendemos que van na mesma liña de cara a unha excelencia educativa.

Mais nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Meijón.

Sección 10 (Consellería de Sanidade)

Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para a defensa das emendas do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Bouzas Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes. Boas tardes, conselleira.

Uns servizos públicos, universais, gratuítos e de calidade son un instrumento fundamental de redistribución de riqueza para un goberno, fundamental. Non o único, pero probablemente o máis imprescindible. Moito máis nunha etapa de crise económica, moito máis nun momento de redución de ingresos para o Goberno galego.

Califica e retrata a un goberno, califica e retrata ao Goberno galego, á Xunta de Galiza, califica e retrata a súa posición ante a crise e ante a xente máis afectada pola crise o seu modelo de servizos públicos, o seu esforzo para manter estes servizos públicos, universais, gratuítos e de calidade e o esforzo orzamentario que fai para manter estes servizos públicos universais, gratuítos e de calidade.

A sanidade, xunto coa educación e o sistema de pensións, son, teñen sido tradicionalmente, as tres patas do sistema do benestar, e ultimamente se lle engade, engadiuse, intentóuselle engadir no goberno anterior, unha cuarta pata que era o sistema galego de benestar.

Pois ben, o orzamento de sanidade baixa nesta lexislatura por primeira vez na historia da Xunta de Galicia, baixa

dende a perspectiva funcional en 38 millóns de euros, un 1% en relación ao 2009, baixa tamén desde a perspectiva orgánica 8 décimas en relación a 2009, baixa tamén o peso relativo do programa 41 sobre o total do orzamento consolidado; é por tanto falso que se teña aumentado o orzamento de sanidade, mírese por onde se mire.

Non está respaldada esta afirmación por ningunha cifra constatábel no orzamento. E falso, segundo o dicionario da Real Academia Galega, é o que non se corresponde coa realidade.

Pero ademais é mentir dicir que se medrou no orzamento de sanidade. E mentira, según o dicionario da Real Academia Galega, é aquilo que unha persona presenta como verdadeiro sabendo que é falso. A falsidade pode ser produto da ignorancia, a mentira é produto da vontade de enganar.

Teiman vostedes na mentira, cecais na pretensión de que por repetida se convirta en verdade. Vostedes saberán de quen aprenden estratexias e a onde os están a levar esas estratexias, porque non se pode mentir a todo o mundo todo o tempo, e como demostración mañá, señora conselleira, se vai a ter que enfrentar a unha folga da sanidade, e como demostración se están a reactivar plataformas de defensa da sanidade pública por todo o país e estamos a ver manifestacións en Vigo, en Vilagarcía, e tal e como nos presentan estes orzamentos esto non fíxo, señora conselleira, máis que empezar.

Esta situación de recorte de fondos fai difícil cumprir os compromisos electorais do PP, moi difícil, e menos aínda planificar novas actuacións. Na primeira fase do debate orzamentario tentamos aportar máis fondos á sanidade procedentes doutras partidas e emendas que foron rexeitadas pola maioría do Partido Popular, e chámánlle vostedes a estes orzamentos keynesianos ¡madia leva!

As emendas parciais que presentamos a esta sección van na liña das eivas que xa constatamos na comparecencia da conselleira e tamén na presentación das emendas parciais en Comisión.

En relación ao programa de drogodependencias, a consellería decidiu partilo en dous, deixando unha parte de intervención terapéutica no Sergas, e o resto, a parte de preven-

ción, na consellería. Nós non estamos de acordo con que se parta este programa e as nosas emendas van na liña de volver agrupar esta vez no Sergas todo o programa, en lugar de na consellería; trátase fundamentalmente de subvencións e convenios con entidades que realizan ambas funcións, a de prevención e a de tratamento, e que pasarían a ter dous interlocutores diferentes, o que redundaría nunha peor xestión, nun engorro administrativo.

A nosa proposta, por tanto, é que todo ese programa se integre no Sergas.

En relación ao programa de saúde mental, que desaparece do orzamento como partida específica, a pesar de que é unha emenda aceptada do PP, cámbialle o nome a unha partida para incorporar saúde mental nesa partida, entendemos que non abonda con esa modificación do título dunha partida. Preocúpanos ademais que a conselleira na súa comparecencia explicou esta desaparición co argumento de que son actuacións transversais que se integran noutras partidas.

Estamos de acordo en que hai moitas actuacións do plan de saúde mental que son transversais e que é posible que estean incorporadas noutras partidas, pero eso non pode ocultar unha falta de compromiso orzamentario específico, existe un plan estratéxico de saúde mental que aínda está en vigor, que ten actuacións previstas ata 2011, e que contén a posta en marcha de recursos específicos como pisos protexidos e novas plazas residenciais en comunidades terapéuticas que non se poden levar a cabo máis que con dotación orzamentaria específica. Propoñemos para isto unha partida de 700.000 euros.

Facemos tamén a proposta de territorializar melloras en centros de saúde e puntos de atención continuada nalgúns concellos onde nos teñen chegado deficiencias graves de dotacións, tanto de personal como de medios, e que deben ser de urxente atención. Ás veces estas demandas están respaldadas por acordos unánimes das corporacións, acordos votados a favor tamén por parte dos concelleiros e concelleiras do Partido Popular.

Por tanto, creemos que debían ter esa consideración e que deberían evitar poñer aos seus compañeiros de partido nestes concellos, que nos fixeron chegar estas mocións para

que as incorporáramos ás emendas, a este ridículo que van ter que afrontar logo da aprobación destes orzamentos.

Consideramos dende o grupo do BNG que se debe de reforzar o capítulo I, o capítulo de gastos de persoal é efectivamente o que ten un incremento nestes orzamentos da Consellería de Sanidade, pero só en atención especializada.

Incorporamos unha partida de máis de 5 millóns de euros para capítulo I en atención primaria, con dous obxectivos fundamentais, en primeiro lugar a provisión de prazas de atención primaria previstas no plan de mellora de atención primaria, aos que non se pode dar cobertura cos actuais orzamentos de sanidade, e o cumprimento dos acordos retributivos.

Temos falado nesta Cámara de adecuar xornadas de traballo e necesidades do servizo. Traballouse niso na anterior lexislatura nun plan que está aínda enriba da mesa e que a conselleira xa nos dixo que non lle vale. Despois destas súas declaracións pedindo solidariedade, despois de que non haxa unha partida orzamentaria adicada a iso especificamente, estase transmitindo ao sector unha mensaxe pouco afortunada e con pouco futuro.

Tamén creemos que aínda a pesar da folga de mañán están vostedes a tempo nesta última parte do debate orzamentario de rectificar no que nós pensamos que é a metedura de pata do incumprimento dos acordos retributivos. O engano da convocatoria da mesa sectorial para negociar nada, porque non puxeron nada enriba da mesa, está a ter as súas consecuencias.

Mañán, folga de sanidade, tiveron tempo para evitala, tiveron ocasión para negociar de verdade. En ningún momento a parte social se negou a negociar, puideron emendar os orzamentos, fixérono co hospital do Salnés, puideron igual que fixeron co complemento das pensións non contributivas, e teñen aínda nesta última andaina oportunidade de transaccionar estas emendas e evitar as consecuencias desta folga.

A outra partida que incorporamos ao capítulo I é unha partida de 6 millóns de euros; é un plan de choque para a rebaixa das listas de espera en atención especializada. O vodevil das peonadas deste inicio de lexislatura continúa.

Tería a súa gracia se non fora porque o pagan as/os doentes que están nas listas de espera. Daquela, había un punto de acordo coa consellería dende este Grupo do BNG. Concordabamos na análise de que as peonadas non chegaban, non abundaban para unha mellora estrutural das listas de espera. E cominabamos a que aproveitaran a oportunidade de poñer enriba da mesa novas medidas de rebaixa das listas de espera. A súa paralización, a paralización das peonadas sen alternativa, só provocou –e vostedes o saben– un aumento alarmante das listas. Pero estamos estes días a ver a súa solución: volver ao que había, volver ás mesmas peonadas, volver aos mesmos centros; ningunha medida orzamentaria, ningún novo plan, ningunha medida, ademais de volver ao mesmo. Fixeron unha viaxe ben larga para ben pouco resultado.

Facemos tamén na nosa proposta de emendas unha proposta de territorialización, e, nalgún caso, de ampliación dos investimentos para a mellora das infraestruturas sanitarias hospitalarias, que concretan os compromisos, que fan posible darlle continuidade a plans directores plurianuais que xa estaban en marcha. Son os casos do Hospital da Costa, do Arquitecto Marcide, do Chou, do Virxe da Xunqueira e do Barbanza, tamén do Salnés, constatando a importancia dos hospitais comarcais e o compromiso que debe ter a consellería na súa mellora. Aceptaron vostedes a iniciativa de mellorar a partida orzamentaria para o Hospital do Salnés, e, sinceramente, non entendemos por que non ampliaron esta iniciativa de concretar os investimentos nos hospitais aos outros hospitais que teñen en marcha tamén un plan director plurianual.

Sobre as infraestruturas que non aparecen nos orzamentos –porque non aparece ningunha partida para eles–, facemos unha proposta que consideramos factíbel e necesaria. Para as infraestruturas hospitalarias de Vigo e Pontevedra o BNG tense xa pronunciado nesta Cámara e as emendas que propoñemos son coherentes coa nosa posición. Para a construción do novo hospital de Vigo incorporamos unha partida de 10 millóns de euros que permitirá avanzar con cartos públicos na construción prevista para o 2010, evitando comprometer a capacidade de planificación e xestión desta área sanitaria no futuro, evitando hipotecar a capacidade da consellería de xestionar a sanidade pública, como xa temos dito e repetido e seguiremos a dicir e a repetir nesta Cámara.

Para a construción do hospital único de Pontevedra incluimos unha partida de 12 millóns de euros; unha partida executable xa só dende a recuperación do proxecto de ampliación de Montecelo, que nós ratificaremos até o último momento e que cremos que a día de hoxe segue a ser o mellor proxecto: viable, no tempo e na forma comprometidos, que conta co apoio da cidadanía do Concello de Pontevedra e que pon en valor os investimentos xa realizados, evitando que se convirtan dun investimento nun despilfarro.

Por último, as novas obras, as novas infraestruturas de atención primaria que tampouco aparecen nos orzamentos como partidas orzamentarias no proxecto de lei. Neste caso, a proposta do BNG, e tendo en conta a realidade orzamentaria, é abordar aqueles novos centros de saúde que ou ben son máis demandados polas necesidades do concello onde teñen a súa sede, ou son máis precisos dadas a realidades demográficas dos concellos galegos. Propoñemos investimentos públicos, compromiso directo da consellería para 19 dos centros de saúde planificados, con dotacións diferentes en función da situación dos proxectos nalgúns casos, e están os terreos á disposición e noutros non, e nalgúns casos existe un proxecto construtivo e noutros non.

Estas modificacións orzamentarias supoñen nalgún caso a territorialización de partidas xenéricas; noutros casos, a redución de partidas que non resultaron executadas en exercicios anteriores; e, nunha importante medida, moi importante, as partidas nótrense do Fondo de Continxencia. Sorpréndenos a súa aparición no proxecto de orzamentos, despois das críticas do Partido Popular á existencia do Fondo de Continxencia en orzamentos anteriores, logo de que a propia conselleira na súa comparecencia en Comisión considerara que aquelas partidas que se nutrían en exercicios anteriores do Fondo de Continxencia para este exercicio 2010 estarían suficientemente dotadas, fundamentalmente gasto farmacéutico e gasto de personal non previsto.

Utilizamos tamén un millón de euros da transferencia ao FEGAS, deixando como ingreso para o FEGAS só os fondos finalistas. Parécenos que nos tempos que corren é unha mostra de austeridade e unha mostra de prudencia que deberían tamén ter en consideración. Agardamos poder chegar a algún acordo de transacción e incorporar algunha destas iniciativas que propón o Grupo Parlamentar do BNG ao resultado final da Lei de orzamentos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Bouza.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra o señor Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Boa tarde, señorías, presidente.

Efectivamente, decía a portavoz do BNG, falando dos orzamentos de sanidade, pero en xeral: os orzamentos son un instrumento poderoso, un instrumento moderno para loitar pola igualdade dos cidadáns; e especialmente os orzamentos de sanidade, políticas sociais, educación, etc. Polo tanto, se un goberno renuncia voluntariamente a esa capacidade que ten de diminuír as diferenzas sociais, diferenzas que existen na vida, porque non a todo o mundo lle vai igual, e os poderes públicos teñen, baixo o meu punto de vista, a obriga de utilizar precisamente eso que é de todos, eso que ten un sistema recaudatorio, utilízalo en beneficio fundamentalmente dos máis necesitados... Polo tanto, a sanidade nos iguala porque, se ben a enfermidade nos iguala antes e, se non hai un sistema público, o sistema asistencial, a asistencia que se lle preste a cada enfermidade, que nos iguala, pois cambia moito a situación e cambia moito, desde logo, o pronóstico. Polo tanto, que teñamos un sistema público, que teñamos un sistema ben preparado, ben dotado, moderno e que ese sistema non o deixemos devaluarse, pois eso é moi importante para a igualdade dos cidadáns; neste caso para a igualdade dos galegos.

Bueno, isto é unha introdución, obviamente, que seguro que compartimos todos, obvia, pero que non está de máis recordala para saber de que estamos falando. Porque, se non, parece que nos perdéramos, que dá un pouco igual meter aquí ou meter alí; ao final, é un debate orzamentario de emendas que non se sabe moi ben o que significan. E entón pois hai que facer un análise global dos orzamentos de sanidade e hai que tamén botar a ollada un pouco hacia atrás. E, se miramos hacia atrás, pois, efectivamente, é o primeiro ano na historia –polo menos na historia que eu coñezo– donde diminúen os orzamentos de sanidade, e xa non solo dos catro anos de xestión do Goberno anterior, senón incluso do anterior dos anteriores. É verdade que non se incrementaban tanto, pero na época dos diferentes gobernos do

señor Fraga o incremento medio foi dun 5%. A algúns parécenos raquítico, pero incremento, ao fin e ao cabo, dun 5%. E, bueno, pois agora as cifras son ben elocuentes. No 2005, incrementouse un 10,5% con respecto ao ano anterior; no 2006, un 11,6%; no 2007, un 7,3%; no 2008, un 7,4%; no 2009 incrementouse menos, un 4%; e no 2010, diminúe o orzamento de sanidade. E non me valen porcentaxes con respecto a outras consellerías, e non nos valen... Bueno, nos valen, nos teñen que valer, porque, ao final, son os datos que están aí, pero ¿estamos nunha situación de crisis? Si, estamos nunha situación de crisis, pero para eso nos endeudamos, para ter recursos para dedicar ás cousas que son prioritarias.

En fin, orzamentos que ten a consellería: 15 millóns de euros menos; e o Sergas, 22,7 millóns de euros menos. Bueno, pois hai que subir aquí ao estrado e apechugar e dicir: bueno, pois temos estes recursos menos. O que é intollerable, desde o meu punto de vista e desde o punto de vista creo que democrático, é na publicidade, cando se presentaron os orzamentos, dicir que non, que temos 72 millóns de euros máis adicionais, de orzamento adicional. ¿De donde o sacan? Pois, señora conselleira, que está sempre movendo a cabeza... Eu teño a sensación ás veces de que está usted..., de que ese asento debe ter algún artiluxio que fai que estea así usted, movéndose... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Pose, siga coa súa intervención. Refírase ás emendas.

O señor POSE MESURA: Si, señor presidente, perdóneme a distracción.

Moi sencillo, moi sencillo. ¿De donde sacan esos 72 millóns de euros adicionais máis? Pois, mobilización de recursos, prestidixitación. ¿Que vamos a facer, señora conselleira, dos recursos? ¿Que vamos a facer?, ¿mobilizar os recursos que teñen no bolsillo –os que os teñen, porque supoño que hai xente que ten recursos–? ¿Que lle vamos a dicir aos empresarios, á xente que ten recursos?, ¿que se vai adicar agora a facer edificios de carácter sanitario, así, de *motu proprio*? Porque lles mandan mobilizar os recursos para eso.

Así que, señorías, vamos a ter un sistema sanitario que vai a ter 40 millóns de euros menos aproximadamente que o

ano pasado. E eso significa que hai cousas que, por ese valor, se van a deixar de facer. Xa non lles falo do que habería que facer este ano máis que o ano pasado, porque, como vostedes moi ben saben, sempre se plantexan necesidades novas, sempre se plantexan pacientes novos, enfermidades novas, tecnoloxías novas; en fin, necesidades ás que lles hai que prestar atención. Por certo, houbo un goberno lexítimo que firmou un pacto coas organizacións representativas de atención primaria, absolutamente todas as organizacións, un pacto para mellorar significativamente a atención primaria, que en todos os debates todos coincidimos sempre en que era a gran abandonada ao longo dos diferentes orzamentos; e un pacto para mellorar a capacidade diagnóstica da atención primaria; un pacto para aumentar os recursos da atención primaria, especialmente o número de médicos, para que cada médico dispuxera de tempo suficiente para dedicarlle á consulta dos pacientes, e o cumprimento dese pacto veuse truncado por estes orzamentos.

¿Que decir da inversión pública dos hospitales de Pontevedra e de Vigo, aos que me referirei máis adiante porque eu creo que si hai dúas formas... Pero, se non, xa llo digo agora. Decía antes o señor Arias que, en fin, á parte da cousa conceptual que tiña da emenda á totalidade –que xa lla dixó o meu compañeiro, que, desde logo, ten moita máis referencia da que podo ter eu neste sentido–, pero decía o señor Arias que non entendía como os socialistas, co dez e pico ou co 11% de volumen total de recursos, pois presentaban emendas. Pois, mire, solamente as emendas referidas ao hospital de Vigo e ao hospital de Pontevedra pois merecerían... Si, si, si, merecerían... É unha opción, significa unha opción diferente. Nós lle demostramos coas nosas emendas que se poden adicar recursos públicos reais, tanxibles, para construír, por parte dos poderes públicos, o hospital de Vigo e o hospital de Pontevedra. Non sei qué me está decindo. Podrá dicir usted: ¿por que non o fixeron antes?, pregunta pertinente, lóxica, xa lla fago eu. Pois, moi sencillo, porque ustedes non deixaron ningún estudio previo feito previamente, non deixaron feito ningún proxecto, non deixaron feito ningún plan funcional e non deixaron uns terrenos disponibles. Eso, por certo, que hoxe está aí e que o Goberno anterior, goberno de todos os galegos, deixou e pagou recursos públicos de todos por un proxecto, por un plan funcional. E ustedes todo eso o tiran pola borda e se poñen a mobilizar recursos para facer outra cousa. Eso si, compromiso público para a construción do novo hospital de Vigo e do novo hospital de

Pontevedra, señora consellería, cero euros; ¡cero euros! E cando mobilicen os recursos, vámonos a enterar todos, virán os recursos mobilizados, verémolos; este ano non creo, pero algún ano os veremos. Pero ¿que importa? Pasadas xa as eleccións municipais, seguramente ese é un debate pouco relevante porque quen se puxo ao fronte desta operación non son planificadores sanitarios, senón que son planificadores de campañas electorais, neste caso da campaña electoral de Pontevedra, o señor Telmo Martín.

Para falar e para volver aos orzamentos. Díciolle que esta inversión..., que non podemos facer con estes recursos o que viñamos facendo, nin podemos incrementar nada, desde logo. E dirá usted: bueno, pero 40 millóns se sacan de calquer cousa. Eu non sei de onde os sacaron, pero solo lle digo que os efectos se están notando. Eu probablemente non o quixen facer xa noutras ocasións que me ten... Porque esto facíao sempre o señor Santalices. Cada intervención que tiña sacaba un papeliño dunha lista de espera. Eu xúrolle que probablemente sea a única vez que o vou facer, porque desto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, esto é unha paciente, en feminino, esto é unha paciente. E o traigo porque vostede, cunha actitude absolutamente demagógica, pois veu e anduvo predicando por toda Galicia que había 71.000 pacientes agochados aí nun caixón e que vostede fixo un milagro, que foi sacalos fóra. Descomprimiu todos os caixóns, abriu, entrou a luz e sacou fóra todo eso.

Xa lle demostrarei que é exactamente ao revés, que, desde que ustedes están gobernando, non se están volcando os pacientes no sistema informático, e llo demostrarei noutra ocasión, que hoxe non vamos a falar deso. Hoxe simplemente lle quero dicir que a decisión que ustedes tomaron, e o Goberno, que están facendo, en sanidade, está tendo consecuencias –xa llo dixen– en patoloxías graves nas listas de espera; e en patoloxías ordinarias e en diagnóstico, cando a unha persona lle piden unha resonancia, pode ser que sea normal e dá igual que esperemos tres ou catro meses, pero pode ser que non sea normal, e entón o tempo de espera é un problema. Pois, mire, papel oficial, que non invento aquí nada nin é ninguén estimulado para que vaia a facer unha cousa. En todo caso, se fora de *motu proprio* hai un servizo de admisión que lle certifica eso. Mire, piden a consulta –despois pásollo, señora conselleira– o 24 de novembro do 2009, unha resonancia magnética, e lle dan cita para o 26 de abril do 2011. Eso o ten aquí, despois llo contrasto,

e, se quere o señor presidente, tamén llo paso ao señor presidente para que comprobe que é verdade. (*Murmurios.*) Esta é a mellora que, desde que ustedes están gobernando, estamos tendo do sistema.

Mire, señora conselleira e señores deputados, por primeira vez –espero que a escola non me leve a imitalo en máis cousas, señor Santalices; quédome neste e nada máis– (*Aplausos.*), por primeira vez na historia tamén non se incrementa en nada, nin nunha triste persona, o personal –valga a redundancia– do Sergas. É dicir, non hai ningunha nova contratación para ningunha nova unidade asistencial. Ou sexa, usted vai abrir o hospital de Lugo exactamente coa mesma ou con menos plantilla de personal, ou con menos, porque están botando fóra –polo menos é a información que nos está chegando a nós–, non están renovando contratos en Ourense, en Pontevedra, etc., etc.

Señorías, no capítulo II, a redución alguen pode dicir que, ben, diminuímos os gastos de funcionamento. Disminuyen os gastos de funcionamento, pero nos gastos de funcionamento está o funcionamento dos hospitales, que son cousas tan irrelevantes como todo o material sanitario, como as próteses, como os marcapasos, etc., etc.

No capítulo VI, capítulo de inversións –atenda, señora conselleira, se fai o favor, porque, se non, despois–...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Pose, siga intervindo, por favor.

O señor POSE MESURA: A inversión redúcena nun 30%, 26 millóns de euros menos.

En fin, xa sabemos, redúcena neste, pero, como nós somos pouco modernos, isto é a inversión tradicional, isto é a inversión... Ustedes ao que van é pola inversión fantástica, virtual, mediática e todo eso.

Estos orzamentos para nós, señora conselleira –e remato–, son uns orzamentos que deixan abandonada a saúde mental, que deixan abandonado o Plan de cuidados paliativos, que deixan – que ademais isto nos parece que é unha cousa nin sequera de recursos, é unha teima ideolóxica que teñen ustedes– o Plan integral de atención á muller, que, ademais, a pouco coste, estábase... ¿Como di que o fixo usted?

¿Fíxoo usted no seu día? Pois, se o fixo usted, non o paralice agora, señora conselleira...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Pose, remate.

O señor POSE MESURA: Non o paralice agora se o fixo usted.

En atención primaria, xa llo dixen, adican 11 millóns á construción de novos centros de saúde... Por certo, atrévanse, porque eso é gobernar, a dicir qué centros de saúde fan e qué centros de saúde non fan, porque hai alcaldes –alí está o alcalde de Caldas– que queren saber se lle fan o seu centro de saúde. E faimo un deputado así. Claro, quere saber se lle fan o seu centro de saúde.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Pose. (*Murmurios.*)

O señor POSE MESURA: Ten a oportunidade de votar a emenda do Grupo Socialista...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Rematou o seu tempo, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... que propón...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Rematou o seu tempo, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... a construción do centro de saúde de Caldas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Pose.

O señor POSE MESURA: Ten vostede a oportunidade de votala. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

Polo Grupo Popular, para fixar posicións sobre as emendas, ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Gracias, señor presidente.

Señora conselleira de Sanidade, de Facenda, señor conselleiro de Cultura.

Me alegro, señor Pose, que esté o alcalde de Caldas preocupado polo seu centro de saúde, eso quere dicir que é un bo alcalde, que mira polos intereses dos seus veciños.

Pero, mire vostede, o señor alcalde de Ourense, do seu mesmo color político, leva dous anos cuns taboleiros postos no Vinteún e no Couto. Xa se tiraron, xa veu un temporal e caeron ao chan e estou levantando e está esperando.

E o que é máis importante: mentres o ano pasado nos presupostos para o 2009 o Grupo Popular puxo unhas emendas para esos centros de saúde, vostedes as rexeitaron. Polo tanto, vostede non ten autoridade moral para vir a dicir aquí qué centros hai que facer e que centros non. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Dígolles máis. Vostedes como músicos non terían futuro. A letra e o son sábeno de sempre e sempre veñen aquí a dicir o mesmo: mentira... Mentira di a señora Bouza, falla á verdade. Mire vostede, a verdade se corrompe coa mentira e co silencio. Para mentiras, xa dixó vostedes bastantes. Agora vou a tratar eu de non quedar en silencio.

Miren, señorías, eu escoítei moi atentamente hoxe e repasei antes –créanme– cales son as inxerencias, plasmadas en emendas –que é ao que vimos hoxe aquí–, dos dous grupos da oposición, e concluí nun diagnóstico, como se conclúe na medicina: ficou peor a emenda que o soneto. Improvisacións en forma de emendas son as que se trouxeron hoxe aquí.

Recoñezan, señorías, que vamos a dispor para o ano 2010 duns presupostos para a nosa sanidade solidarios e que apostan polo investimento. Así de claro, para que o entendamos todos, tamén os que nos están oíndo. ¿Solidarios? Si, xa que están destinados a mellorar a xestión dos recursos sanitarios co obxectivo de que a sanidade contribúa ao que ustedes queren, e nós queremos tamén, non nos quedamos atrás: a activación económica; ferramenta de contribución á activación económica. ¿O que dice a señora Bouza, redistribución de riqueza? Claro que si, e igualdade e equidade, que sempre se teñen que dar sempre que falemos de sanidade. E apostar polo investimento, polos profe-

sionais, polos investimentos produtivos, novas infraestruturas e alta tecnoloxía.

En fin, son uns presupostos garantes dunha sanidade pública e de calidade onde o paciente é a nosa razón de ser e o centro do sistema.

Souben, señorías, a través dos debates en comisión, que non lles gusta a filosofía sanitaria da xestión eficiente dos recursos, porque cando eu lles digo: non renunciar a nada, porque non renunciámos a nada con estes presupostos e que tratamos de facer máis con menos, o señor Pose nos dice que cremos nas palomitas preñadas. Bueno, pois haberá que crer nelas tamén ás veces, señor Pose. O escenario socioeconómico actual nos obriga.

E non veñan a dicir aquí en todas as seccións que é que se diminúen os presupostos. O que non facemos son presupostos como os do 2009, donde ustedes presentaron uns presupostos –repito– nun escenario de crecemento do 1,5% e houbo un decrecemento do 2,3%. Foron uns presupostos trampa, uns presupostos irreais, que trouxeron consigo que Sanidade dispoña para este ano, para o 2009, de máis de 400 millóns de euros menos. E isto é o que hai. Polo tanto, non comparen ustedes con algo irreal do ano anterior.

Miren, realmente este Goberno xa deu boa mostra de facer máis con menos. Polo de pronto, antes de traer os presupostos do 2010 aquí, reduciu o número de consellerías, reduciu os gastos en publicidade, en persoal de confianza, en altos cargos, en gasto corrente. Austeridade e realismo chámase isto mesmo; evitar gastos innecesarios que non afectarán para nada, para nada, ao sostemento e funcionamento da sanidade pública, de tal maneira que cada euro gastado sexa un euro invertido e sexa un euro útil, como debe ser.

O Grupo Popular e o Goberno consideran a prevención, a curación e a rehabilitación da enfermidade, así como a promoción da saúde, como un dereito de todos os cidadáns. Por eso mesmo, mediante estes presupostos que se presentan, se vai a destinar case o 34% do presuposto da Xunta a políticas sanitarias, á sanidade, á saúde; 35.000 profesionais aos que se destinan máis de 1.600 millóns de euros; 47 millóns para novos centros de saúde, non 11. Señor Cerviño, dígalle vostede ao señor Pose que, se quere salir aquí, que lle deixe

o seu turno, e o repartan, que a min me dá igual un ao prezo de dous; me dá exactamente igual. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Inicio da construción de dous novos hospitales: Vigo e Pontevedra.

Señor Pose, ¿usted se cre que nos vai convencer agora aos pontevedreses e aos cidadáns de Vigo de que o Partido Popular hai catro anos non deixou nada? O que pasa é que ustedes anduveron enredando en novos proxectos e en reconsiderar o que había, e pasóuselle os catro anos nun santiamén; non se deron conta e chegaron a donde chegaron. Eso o saben ustedes ben, e agora botan a culpa ao Partido Popular. ¿De quen é, de quen é? A culpa é do PP. E siguen o estribillo.

Temos uns presupostos con garantía presupostaria e non vamos, por suposto, a renunciar a nada.

Señorías, por esto que acabo de anunciar e moito máis, eu lle digo que apliquen para esta ocasión a *sostenella* e non a *enmendalla*. Veñen vostedes aquí a emendar, porque sabido é o que o ingrediente esencial na arte da *enmendalla*, que ustedes fan, é a autorreferencia; a autorreferencia e adiante co que caía. Vostedes se delatan esperando o que pode caer.

Pero van máis alá, señora conselleira, van máis alá. Anduven vendo as emendas que puxemos o ano pasado aos presupostos do 2009 e quitei a conclusión de que se autoemendan. Si, porque presentan emendas que non aceptaron hai un ano. Clara mostra da solemnización da contradición. Presentan emendas que rexeitaron hai un ano. Que nos digan cando se equivocaron, se este ano ou o ano pasado. Centros de saúde como O Couto, O Vinteún, Caión, en Laracha, o de Tui, o de Ribadavia, pois o ano pasado rexeitaron as emendas e este ano eméndan as elas. ¿Cuándo se equivocaron vostedes?

Señor Pose, creo que está vostede moi entreteñido e é mellor que non oía, porque sei que non me vai a contestar, porque non pode contestar, de cando se equivocou.

Señor Dámaso... (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Rosendo, non dialogue, siga coa súa intervención, por favor, e ustedes escoiten.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señorías, apostamos por unha sanidade integral, que é a sanidade do futuro de Galicia, e apostamos pola saúde pública. Por certo, se manteñen os presupostos para o Plan de drogas de Galicia, a pesares da baixada do máis de 7% do Plan nacional de drogas e o recorte de máis do 37% de partidas para as ONG. Hai unha aposta polos traballadores, polas políticas de estabilidade laboral, retribucións ligadas á actividade, carreira profesional, conciliación vida familiar e laboral.

Señorías, temos en consideración, ademais, os programas de atención primaria, iso si, revisando obxectivos acadados e redefinindo determinados temas: a investigación sanitaria, a atención especializada, coa implantación da xestión por procesos, formación de personal sanitario, etc., etc.

Tendo en conta todo exposto e xa as emendas en si, no referente ás reducións propostas no Servicio Galego de Saúde, nós apostamos que somos contrarios á política do Goberno no capítulo I, de persoal, e ás reducións das partidas destinadas a esta finalidade, señor Pose. Non se pode reducir o artigo 15, xa que o artigo 15 corresponde ao factor fixo e, como tal, este factor de produtividade de persoal estatutario non se pode minorar. Non é posible admitir esta proposta de diminución do artigo 15 por importe de 3 millóns de euros. É totalmente imposible a diminución do capítulo V na súa totalidade porque o seu destino é a atención de necesidades que se produzan ao largo do exercicio, como ocorreu este ano coa gripe A, que, por certo, a señora ministra moita coordinación, pero non aportou nada. Polo tanto, é imposible a diminución do capítulo V.

A redución da proposta do capítulo VI, Investimentos reais, non se entende, xa que ao mesmo tempo se propón o incremento do dito capítulo. Polo tanto, non sabemos o que querían vostedes facer aquí. Non se acepta, por tanto, esta proposta en base ao dito anteriormente.

Señora Bouza, vostede falou aquí de incorporación de partidas, incorporación de partidas e incorporación de partidas, pero non lle oín unha soa vez de onde iba quitar as partidas. (*A señora Bouza Santiago pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Hai que estar atento! Pois, mire, voulle dicir unha cousa, non é posible, e non vai a ser posible para nada a redución de proposta no capítulo IV, no referente a

transferencias da FEGAS, da Fundación Pública Escola Galega da Administración Sanitaria, que vostede pide aquí por importe dun 1.184.702 euros, porque limitariamos a formación do persoal ao servizo do organismo.

Mire vostede, a formación, o saber e o poder, no sentido de alcanzar os mellores niveis de eficiencia na prestación sanitaria, é obxecto da FEGAS. A docencia, a formación, a investigación en administración, xestión sanitaria e saúde pública, dirixida aos profesionais da sanidade galega, é a actividade da FEGAS. ¿Como podemos ter...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:... –gracias, señor presidente– ¿Como podemos ter en vangarda e en coñecemento aos nosos profesionais se vostede lle retira todo o importe que ten? ¿Pero como vamos a ser vangarda en coñecemento cos nosos profesionais?

É totalmente imposible, polo dito tamén ao Grupo Socialista, a diminución do capítulo V e a redución de proposta do capítulo VI, Investimentos reais.

Señorías, son presupostos pensados e confeccionados con sentidío, e que eu lles pido que por esta vez deixen a *enmendalla* e aposten pola *sostenella*.

Nada máis e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Fernández.

Réplica dos grupos emendantes. (*Pausa.*)

Polo BNG ten a palabra a señora Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señor presidente.

Señor Fernández, a autoridade moral tena vostede, non nós, iso parece que quedou aquí claro; tena quen se nega a aceptar como emendas o que prometeron na campaña hai oito meses ou quen rexeita emendas que presentaron nos orzamentos do ano pasado. Iso si que é autoridade moral, esa si que é unha demostración de autoridade moral.

E verá, a redistribución de riqueza á que nós nos referimos non consiste –voullo aclarar por se non o tiña claro– en repartir os cartos do sistema público sanitario ás empresas privadas. Nós non nos referimos a esa redistribución de riqueza, e nós non cremos que para esa redistribución de riqueza haxa que utilizar a sanidade pública. Cando nós falamos de estabilidade laboral, tamén utilizamos un concepto un pouco diferente ao que vostede chama estabilidade laboral. Nós non nos referimos á conxelación dos salarios e ao incumprimento dos acordos retributivos. ¿Como pode vir a este estrado a decir, cunha folga da sanidade mañá, polo incumprimento dos acordos retributivos, que estes orzamentos promoven a estabilidade laboral? ¿A estabilidade laboral de quen, señor Fernández? ¡Por favor, por favor, un pouco de respecto á intelixencia das súas señorías! ¡Un pouco de respecto!

O capítulo V agora resulta que é imprescindible, porque non vaia ser que pase algo o ano que vén que non está previsto nos orzamentos e que non teñamos de onde botar man, un cuantos millóns de euros, despois do que vostedes teñen largado na lexislatura anterior sobre o capítulo V, e cando, ademais, renuncian a utilizar o capítulo V para gasto farmacéutico e para gastos de personal. Veremos en que utilizan o capítulo V ao longo do exercicio orzamentario, estaremos dende o Grupo do BNG ben atentos porque nos parece un escándalo.

E á FEGAS deixámoslle, señor Fernández, como vostede ben sabe, aqueles ingresos que son partidas finalistas; partidas finalistas que sabemos a que se van adicar, porque non nos fiamos, porque o FEGAS está baixo sospeita, e quedou ben claro aquí nesta Cámara, e foron vostedes os que se negaron a que houbera unha comisión de investigación. E, entre tanto non queden todas as dúbidas aclaradas, partidas finalistas, e aí vai a línea da nosa emenda.

Queremos manifestar a nosa posición de voto favorable ás emendas propostas polo Grupo Socialista. Discrepamos nalgún caso das prioridades na orixe dos fondos, pero, en termos xerais, teñen a mesma orientación que as que presenta o Grupo do BNG e, polo tanto, votaremos a favor.

Mobilizamos nas nosas emendas máis de 66 millóns de euros nun departamento que ten pouca marxe de manobra e cun orzamento menor que o ano anterior, unha vez que non

foron aceptadas as nosas emendas de traspaso de cartos doutros departamentos.

As 35.000 persoas contratadas pola consellería, señor Fernández, xa estaban contratadas cando vostedes chegaron, ¡eh!, non son os orzamentos do 2010 que van permitir contratar 35.000 personas máis. Parece que partimos de cero, e aquí non partimos de cero, simplemente por se cabía algunha dúbida ou se tiña vostede algunha dúbida. (*Murmurios.*)

¿De onde detraemos os fondos? Díxeno, pero non me importa repetilo: de Gasto corrente, do Fondo de Contingencias, fundamentalmente, e investimos fundamentalmente en gastos de persoal para creación de novas prazas en infraestruturas pagadas con cartos públicos, porque esa é a orientación que para o Bloque Nacionalista Galego ten que ter o orzamento de sanidade para afrontar con seriedade, con rigor e con eficacia a crise económica. Reafirmamos a necesidade de manter o financiamento público das infraestruturas sanitarias en atención primaria e en hospitalaria; mostramos coas nosas emendas que, ademais de necesario, é posible, para manter a capacidade de planificación, a capacidade de xestión e de control do Goberno galego sobre a sanidade pública e para manter a igualdade de acceso de toda a cidadanía galega aos servizos públicos de saúde, independentemente de donde vivan.

Reafirmámonos na necesidade de manter os acordos retributivos. Temos dito e repetido que podemos aceptar que as conxunturas precisen modificar acordos, pero hai que negociarlos, non se poden impoñer. Aí teñen a consecuencia, a folga de mañá, mostra de impotencia, de incompetencia e de prepotencia.

Reafirmámonos en que as peonadas non son a solución das listas de espera e facemos propostas que lle permitan ao Goberno galego negociar outras medidas, negociar co sector, cos cartos enriba da mesa. Temos claramente unha visión distinta da do Grupo Popular dos servizos públicos, e naturalmente nas nosas emendas defendemos o noso modelo: servizos públicos universais e de calidade.

Lamentamos de verdade que vostedes non teñan esa concepción dos servizos públicos, lamentamos que non tiveran en consideración as nosas emendas.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Bouza.

Réplica do Grupo Socialista.

Señor Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Si, señor presidente, moi brevemente.

Está usted hoxe potente, don Rosendo, está potente, o refrán non é: un polo precio de dous; é dous polo precio dun, pero en todo caso (*O señor Fernández Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) –eu non, que eu estou un pouco débil, pero eu creo que o señor Cerviño que non lle aguanta a usted un *round*, non llo aguanta. (*Murmurios.*)

Mire, vamos a ver, vostede parece que vén aquí a decir: as emendas, esas tonterías, esa *enmendalla*... A ver, don Rosendo, é o que ten que facer a oposición, emendar. Usted parece que fai como unha persoa que estivo moitos anos no poder: *No os metáis en política. ¿Qué es eso de enmiendas? ¿Qué es eso?* É o que ten que facer a oposición, emendar uns orzamentos que non coinciden cos seus criterios. E, cando hai pacto, votar a favor, isto é así, e ás veces o sistema ten as súas incoherencias, porque é difícil facer emendas racionais, pero iso sabémolo todos... En fin, sábeno máis os que máis tempo levan aquí que vostede, seguro, pero ás veces hai contradicións facendo as emendas, porque é moi difícil ceñirse, tal e como están diseñados os orzamentos, pero é o que temos que facer a oposición. Por certo, rétoo a vostede aquí a que veña e discutimos a coherencia das emendas que presenta o Grupo Socialista e das que presentaban vostedes cando estaban na oposición. Rétolles cando queiran, á saída do pleno, e facemos ese análise. Non quero mencionar o señor Santalices. (*Murmurios.*)

Mire, a ver, téñense que aclarar ustedes cos orzamentos. Pasáronse a metade do tempo que levan gobernando, ou máis da metade, pasáronse catro ou cinco meses, cunha campaña de que había un burato na sanidade galega. Si, repítollo así. Bueno, pois hoxe aquí repetiron que non executabamos os orzamentos. Entón, débéronlle quedar recursos. ¿En que quedamos?, ¿quedoulle un burato ou quedáronlle recur-

sos? E, se quedou o burato, ¿onde están os recursos? Entón, hai que ter un pouco de coherencia. Os orzamentos son os mesmos, hai moito tempo que está inventado todo eso dun goberno para outro, ¿entende? Falaremos dos que están hoxe vostedes aquí..., dos que van a aprobar vostedes neste pleno e falaremos para o ano que vén.

Vamos a ver, señor Rosendo, non se pode facer menos... –xa me está vostede contaxiando– (*Risos.*) non se pode facer máis con menos, a non ser que fagan milagros, lle repito, pero pode ser que á conselleira se lle dea agora pola cousa milagrosa, pode ser, (*Risos.*) pero hasta agora eu non llos creo, perdoe que sexa incrédulo pero son coma Santo Tomás, non lle creo nos milagros. Entón, con 40 millóns de euros menos nos orzamentos..., e déixese de tonterías de aforro. O dos Audis xa pasou, xa pasou a campaña, ¿entende? Audis e sillaxa pasou. Entón, agora falamos de 40 millóns de euros e falamos de recursos públicos, ¿entende?, que normalmente ten o seu coste. Polo tanto, claro que sabemos onde os van aforrando, xa os están aforrando, xa os estiveron aforrando este ano non facendo actividade extraordinaria pola tarde, e aí aforraron recursos, a costa do incremento das listas de espera, do incremento importante das listas de espera. Isto é verdade, señora conselleira –cambioulle o dispositivo, agora xa non fai así, que fai así; entón, é que non é o dispositivo, que é usted–. Iso é un dato, non é discutible, porque, ademais, para que lle creamos nos milagros, ténno-lo que demostrar.

Actividade moral. Eu non pretendo ter autoridade ningunha, especialmente eu procuro ser minimamente coherente cos postulados do meu grupo, co noso ideario, e defendendo cousas con coherencia que nos sirvan para defendelas aquí dentro, que as poidamos defender fóra, que poidamos dicir o mesmo en Vigo e en Coruña no sistema sanitario, nun hospital en atención primaria... (*Murmurios.*) Estou falando do sistema sanitario; se quere, outro día falamos doutra cousa. (*Murmurios.*)

Centros de saúde, construción de centros de saúde. Vostede pode argumentar: oiga, pois podemos poñer todo xunto e despois facemos os que queiramos facer. Pero eso non debiera de funcionar así, porque, se non, para eso, non facemos orzamentos, pois teñen vostedes aí os cartos todos e van gastando no que sea, no que sea, tiramos de aquí e tiramos de alá; agora, debemos de saber todos os cidadanos... Claro, é que estamos no século XXI e estamos nun país

moderno, donde temos, os administrados teñen que saber cales son as propostas dun grupo político e doutro, e logo teñen que ter un grado de fiabilidade, poder avaliar o que fixeron e o que non fixeron, e necesitamos saber qué centros de saúde ten planificado para facer este ano, pare empezarse este ano. E non pasa nada, aos que non empezan, dirémoslle, pois a usted non lle toca hasta o ano que vén, porque non se poden facer todos xuntos.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... pero o que non queremos é que digan que os fan todos e logo non fan ningún. Queremos saber a verdade das cousas. E, repítolle, temos algunhas emendas que poñen centros de saúde con apelidos, que nos parecen..., ¡ollo!, que podíamos meter máis, pero nós si que nos mollamos aí, priorizamos e dicimos os que queremos que se fagan...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... e vostedes van ter que votar, incluído o deputado de Caldas, que non a esas emendas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Pose.

Sección 11 (Consellería de Cultura e Turismo)

Axencia Galega das Industrias Culturais
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.
Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Fundación Illa de San Simón

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e señoras deputadas, acostumamos a dicir –e creo que é certo– que o debate orzamentario, a pesar

de que parece que non suscita unha grande expectativa, é sen dúbida un dos debates máis importantes dunha lexislatura, dun período de sesións, e estes para nós teñen unha singular importancia por ser os primeiros orzamentos que elabora o actual Goberno da Xunta de Galiza. E o certo é que xa vamos vendo, unha vez analizados estes orzamentos e mesmo vendo a falta de resposta ante as propostas que a oposición ten que facerlle a estos orzamentos, cales son, e vemos claramente cales son as prioridades e a liña ideolóxica que está detrás destes orzamentos. Vemos como o Goberno non ten como prioridade facerlle fronte á situación de crise económica e, no caso concreto do que falamos, desta sección 11, Cultura e Turismo, observamos unha ausencia clamorosa de ningún tipo de estratexia en sectores económicos tan relevantes como é o sector turístico, tamén afectado gravemente pola situación de crise económica, e a ausencia dunha perspectiva que sitúe tamén no terreo cultural esa visión de que a cultura é tamén emprego, é xeración de riqueza. Polo tanto, vemos como son uns orzamentos que nese terreo o que deixan é a cultura e o turismo do noso país sós. Pero tamén, e o que nós parece máis grave, é que nestes orzamentos vemos como se consolida unha das liñas ideolóxicas das que fixo gala o Partido Popular durante a campaña electoral, que logo consumou no inicio da lexislatura a través de decisións, como é esa fobia antigalega, porque o feito de que sexa a Consellería de Cultura e Turismo, e concretamente todo o que se refire á cultura e patrimonio, un dos ámbitos do Goberno galego que máis descende, non é casual, forma parte desa liña ideolóxica que ten definido con claridade o Partido Popular e que se manifesta tamén nestos orzamentos. E parécenos moi grave porque nese sentido nós tamén cremos que hai que recordar e que hai que lembrar que unha cousa é a lexitimidade que ten unha forza política para levar adiante o seu programa e as súas liñas ideolóxicas e outra cousa é que non se pode vulnerar un marco democrático que, neste caso concreto, no noso Estatuto de autonomía, recoñécelle a obriga a calquer goberno de potenciar e de apoiar a nosa cultura.

Nós lamentamos moito que estes orzamentos vaian precisamente nunha dirección contraria, que cremos que ataca os sinais de identidade do noso país e que mesmo ataca e vulnera as obrigas que ten establecidas o Goberno galego. Basta con ver como esta Consellería de Cultura e Turismo é a segunda consellería que máis descende de toda a Xunta de Galiza, só a supera neste ránking a Consellería de Pesca, e

vemos, ademais, como a limitación de recursos para o sector cultural e turístico é moito maior que o descenso global que teñen os orzamentos da Xunta de Galiza, porque mentres os orzamentos, ao final, só descenden, en relación cos do ano 2009, o 0,4%, estes orzamentos, no que se refire a esta sección 11, descenden un 9,4%, e nós cremos que isto é unha mala nova para a cultura e para o patrimonio do noso país. Da mesma maneira que cremos que non é críbel que un goberno que fía toda a súa estratexia económica de recuperación e de crecemento ao sector turístico e ao Xacobeo, ao final, nun ano xacobeo, no sector turístico, faga un incremento real, no que se refire a inversións, de simplemente 500.000 euros. Creo que eso bota por terra que lle poidamos dar credibilidade a esas estratexias de crecemento do peso do sector turístico no próximo ano 2010.

E entrando xa no que é a defensa das nosas emendas, nós, no ámbito cultural e patrimonial, propoñemos unha reorganización importante dos recursos dos que podemos dispor neste momento na consellería, porque hai que lembrar, vistas as argumentacións que levamos escoitando ao longo destes días, que nós xa durante a tramitación das emendas transversais propoñiamos emendas para incrementar máis recursos para o ámbito cultural. O Partido Popular dixo que non e nós, cos recursos que hai na actualidade, evidenciamos que se pode facer unha política cultural que realmente apoie neste momento o noso sector industrial, apoie a nosa industria de base, que poña en marcha medidas realmente importantes naqueles aspectos centrais da protección e posta en valor do noso patrimonio e que tamén non se esqueza de que a Consellería de Cultura ten obrigas en todo o que se refire á política de recuperación da memoria histórica no noso país.

No que se refire ao primeiro aspecto, que englobaría e enmarcaría as nosas emendas, nós cremos que unha ausencia clamorosa e a política contraria da que neste momento se require..., que non exista un maior esforzo inversor e de apoio da Xunta de Galiza ás nosas industrias culturais. Cremos que isto, ademais, é un erro que o vamos a pagar a medio prazo cun debilitamento do noso tecido nese terreo, que vai a limitar a nosa capacidade para estar no mundo e que vai a debilitar tamén a creación de postos de traballo neste ámbito. E esa vai a ser a responsabilidade deste Goberno, que, cando tivo oportunidades e fixo un instrumento como son os orzamentos, non quixo ir por esta vía, a pesar

de que, como digo, nós esto xa o propuxemos nas emendas transversais e volvemos a propoñelo agora nas emendas de carácter parcial. Concretamente, propoñemos que se destinen 4 millóns de euros máis para a Agadic, precisamente para un plan de apoio específico ás industrias culturais galegas, que cremos que é a política que neste momento está reclamando todo o sector, que se está vendo afogado polos recortes que o Partido Popular xa está aplicando neste momento. Cremos que tamén é importante que nos orzamentos se recolla un apoio explícito para darlle credibilidade ás propias promesas que ten feito o conselleiro, mesmo en sede parlamentaria, de que se vai apoiar a feira das industrias culturais, o Culturgal, e propoñemos unha emenda con 500.000 euros, porque á vista está que se un concello como o da Coruña é capaz de en dous meses organizar unha feira destas características, moito maior tería que ser a capacidade que tivera a Xunta de Galiza se non estivera nesta folga de non apoio á actividade cultural.

Neste ámbito tamén na propia Agadic facemos unha emenda porque cremos que se pode recortar e axustar máis todo o que é o gasto corrente, en concreto 1.500.000 de euros, e destinalo precisamente pois a apoiar a entidades culturais, a apoiar os creadores e as creadoras deste país e tamén para incrementar as axudas directas que se lles fan ás industrias culturais.

Neste terreo tamén propoñemos mobilizar recursos para apoiar o sector do libro e a promoción da lectura. É certo que nos tocou nesta consellería, non sei por que motivo, non sei se o Xacobeo tivo algo que ver na aprobación da única emenda que de momento pois tivo algo de gracia neste debate orzamentario, aínda que, bueno, nós tamén recoñecemos que é unha emenda simbólica en canto a que non cambiamos de destino esa partida senón que simplemente concretamos que o Ano da Lectura e o Libro, como mínimo, ten que ter 1.500.000 de euros nos anos vindeiros... Sen embargo, toda unha serie de emendas importantes na promoción do libro e da lectura pois non parece que tiveran tan boa sorte. Ao mellor, durante este debate somos capaces de convencelos de que non vaian..., vamos, de que teñan sensibilidade tamén neste tema.

Frente á política de recortes que veñen nestes orzamentos para o que é a dotación de bibliotecas, para todo o que é a edición e promoción do libro en galego, nós propoñemos

que se destinen máis recursos, en concreto 600.000 euros, para dotación e recursos de bibliotecas municipais, porque cremos que ese é un elemento dinamizador fundamental, que non é coherente facer promoción do libro e da lectura se non se apoian as bibliotecas; é unha contradición en si mesma que non sei se o voceiro do Partido Popular pois vai a ser capaz de aclararnos esta cuestión.

Tamén cremos que é importante que todo o que é o sector do libro, e en concreto a edición e tradución de libro en galego, ten que ter un maior esforzo, sobre todo porque este ano fomos a única lingua do Estado español que non tivo apoios á tradución, e foi unha decisión de vostedes. E nós o que propoñemos é que esa partida a compensen incorporándoa nos orzamentos do ano 2010. Deberían, cando mínimo, tamén de ter sensibilidade ante esta emenda, sobre todo porque o propio conselleiro de Cultura se comprometera publicamente co sector a que iban a duplicar os fondos no ano 2010, e o que vemos son recortes nestes terreos tanto en educación como esa falta de concreción dese compromiso por parte da consellería.

Un segundo aspecto que para nós é fundamental é que estes orzamentos sirvan para dinamizar o que é toda a actividade cultural e a cultura de base deste país. E aí tamén aos sectores culturais a mensaxe que lles está mandando o Partido Popular é a de recortes. Aí non hai apoio, nese terreo, e vemos como a todo o que é o asociacionismo cultural de base se lle reducen dunha maneira importantísima os seus recursos, e comprobamos tamén con certo asombro como se lles recortan aos concellos aqueles fondos destinados precisamente ás actividades culturais. E isto temos que dicir que nos causa moitísimo asombro porque escoitamos en múltiples ocasións ao conselleiro de Cultura que nos di que quere promover que haxa un público que acuda a ver a edición porque o que importa non son as subvencións directas senón que a xente acuda a ver os espectáculos. Sen embargo, a base que estaba dinamizando a presenza do teatro, das artes escénicas..., de todo, vostedes o que fan é limitala. E, polo tanto, se hai menos exhibición, menos capacidade de contratación por parte dos concellos, non sabemos cal vai a ser a fórmula máxica que ten na súa cabeza o conselleiro e a Consellería de Cultura para favorecer, pois, precisamente, ese obxectivo de incrementar o consumo cultural; é que non somos capaces de entender como se pode ser tan contradictorio nesta materia.

Nós, fronte a esta política, o que propoñemos coas nosas emendas é que, todo o que se refire ao apoio ao asociacionismo de base, manter a mesma cifra que había no ano 2009, porque quen tiña que recortar era o funcionamento da Administración, non recortarlles ás asociacións; que manteñan tamén a mesma cantidade dedicada ás actividades dos concellos e que manteñan algunhas accións singulares que nós cremos que merecen un apoio e que, dado que están con esta política de recortes, é necesario que tamén se singularice ese compromiso e ese apoio con certos aspectos da nosa cultura popular nos orzamentos da Xunta de Galiza. E, en concreto, facémonos eco dunha petición que lles fixo a todos os grupos parlamentares a Federación Galega de Bandas Populares de Música, que nos pedían que incorporáramos a través das emendas o mantemento do apoio a unha actividade moi importante que están facendo de posta en valor tamén e de difusión do que é unha labor que agrupa a máis de 3.000 músicos e músicas do noso país e onde está participando unha cantidade importantísima de xente nova, facendo unha labor de dinamización cultural que realmente agardamos que vostedes apoien hoxe durante este debate.

En temas patrimoniais, nós apostamos por singularizar algunhas actuacións que cremos que son importantes en materia de museos, que cremos que tamén é importante que teñan un reflexo orzamentario, como é a ampliación do museo Masó, a posta en marcha do Museo da Romanización, en Lugo, ou o Museo Galego do Viño, que eran proxectos que viñan, pois, digamos, xa postos en marcha polo Goberno anterior, pero que, ante esta actitude paralizante de todo o que ten a ver co pasado da actual Xunta de Galiza, tamén nos gustaría que apareceran nos orzamentos.

Como me queda un minuto e medio e aínda me quedan bastantes cousas, facer referencia a dous aspectos. Nós xa chamamos a atención durante o debate destes orzamentos, cando veu o conselleiro a presentárnolos na Comisión 3.^a, que nos parecía absolutamente indigno que a Xunta de Galiza eliminara todo o que ten a ver coa política de recuperación da memoria histórica. Nós cremos que é unha obriga eu non sei se moral pero desde logo unha cuestión de xustiza que a Xunta de Galiza non paralice que os galegos e as galegas sepamos qué foi o que supuxo o golpe de estado e que foi o que supuxo o franquismo do noso país; que dignifiquemos a memoria das vítimas. Creemos que esta non é unha

cuestión baladí, que é unha cuestión de dignidade. Vostedes eliminan todo o que ten a ver coa recuperación da memoria histórica, e eso é sectarismo e un revanchismo, e unha conexión, e unha xustificación e amparo, no fondo, do que foi o franquismo que nos parece intolerable. Por eso propoñemos que a Illa de San Simón sexa un espazo dedicado á recuperación da memoria histórica, porque foi a maior cárcere franquista e cremos que os galegos e as galegas a mellor maneira de honralos é recuperando e dignificando a súa memoria. Da mesma maneira que cremos que é necesario que se destinen recursos ás políticas de recuperación da memoria histórica.

No que se refire ao turismo, xa dixemos, non nos parece críbel o orzamento que aparece aquí. E nós concretamente o que solicitamos –o quero resaltar– das emendas de turismo son dúas que cremos que teñen moito calado: unha, que é necesario que se poña en marcha un plan de apoio ao sector turístico, específico, no Xacobeo; e para eso presentamos unha emenda con 3,2 millóns de euros, porque non teñen tampouco perspectiva deste tipo no Xacobeo. Iso si, contratan a moita música de fóra do noso país, pero preocupación real pola repercusión...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... pola repercusión que eso vai ter tanto a nivel cultural como a nivel turístico no noso país, cero. Da mesma maneira que propoñemos que dentro de Turgalicia exista un plan específico de promoción do Xacobeo.

Agardamos realmente que estas emendas e que o que nós estamos propoñendo, que cremos que é todo razonábel, teña máis sorte do que tiveron as emendas anteriores, porque é moita a importancia que nun momento de crise teñen uns orzamentos...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... e cremos que non é de recibo o maltrato que recibe a cultura galega.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas gracias, señor presidente.

Moi bos días, señorías, señor conselleiro.

Queremos presentar as emendas que fixo ou mantén o Grupo Parlamentario Socialista, 54 emendas á Consellería de Cultura e Turismo. A verdade é que gustaríame ter outro mensaxe que dar nesta tarde e non ter que dicir –como realmente pensamos e pensamos sinceramente– que a nós parécenos uns moi malos presupostos, tanto os de Cultura e os de Turismo.

En primeiro lugar, por suposto, porque hai unha rebaixa moi substancial, e vou a demostrar como tanto no sector cultural como no sector turístico. As cifras oficiais din que hai unha rebaixa dun 9,6%, non é certo. En Cultura, que antes non estaba con Turismo, que estaba con Deportes, se se compara exactamente a partida total destinada a Cultura do 2009 coa partida total destinada a Cultura de 2010, hai un 15% de descenso dos presupostos. Isto non se debe á tan xaleada e nunca ben ponderada austeridade, en absoluto, porque tanto o capítulo I como o capítulo II non se rebaixan senón que aumentan lixeiramente; non moito, pero aumentan. Polo tanto, a rebaixa, a austeridade, non vén por aquí, a austeridade vén aos impulsos á cultura galega e ás industrias culturais galegas. Isto é un dos primeiros problemas, pero non é o único. E permítanme dicirlles que incluso e gravemente non é para nós o principal. O principal é que estos orzamentos non conteñen ningún programa político nin ideas novas nin nada que realmente se poida dicir que é un proxecto cultural. E gustaríame dicir tamén que isto é un problema da consellería sen máis, de verdade, pero creo que vai máis alá, isto é un problema da dereita. Porque de novo vemos como a dereita non soamente non lle dá ningunha importancia á cultura senón que non ten ningún proxecto cultural, porque a dereita sempre considerou a cultura e os creadores culturais como potencialmente perigosos, (*Aplausos.*) e isto é un elemento gravísimo realmente, gravísimo, porque implica que o sector cultural deste país vese abocado a ser mirado con prevención, e vese abocado a ser mirado dende un punto de vista

ideolóxico en certa medida. Entón, iso si que é algo realmente importante e grave para nós.

O feito de que non teñan obxectivos é facilmente comprobable cando se vai á memoria destes orzamentos de Cultura e Turismo. Xa o dixemos na comisión, na comparecencia do señor conselleiro. É que os obxectivos son exactamente os mesmos, palabra por palabra, que os que estaban na memoria de obxectivos do ano 2009. Polo tanto, como decía o señor Viéitez fai pouco, falando doutra consellería, estes orzamentos son na súa estrutura básica un calco dos orzamentos do ano 2009. O que fixeron, ¿que foi? Ir rebaixando diñeiro de todas as partidas –menos dunha, que falaremos–, sen mirar nin por que nin por que non e acadar obxectivos claros, rebaxalo un pouco para que despois o total dese o que tiña que dar, neste caso 116 millóns. Isto, claro, non é unha maneira de facer uns orzamentos.

E os obxectivos non están aquí, son os mesmos que os do ano 2009, que, se se levaran á práctica, estaríamos encantados, pero as mesmas accións diarias, a acción directa posta en práctica dos orzamentos do 2009, da Consellería de Cultura e Turismo, di todo o contrario. E di cousas tan graves como que se está a poñer en perigo o sector das artes escénicas porque o señor conselleiro xa rebaxou un 30% as subvencións ás artes escénicas para que podan ser contratados no programa do Agadic, que poden ser contratadas as artes escénicas polos concellos. Isto leva a problemas en moitas compañías teatrais e leva a problemas en moitos concellos, que non poden ter a mesma programación que en anos anteriores. Si, señor conselleiro, isto é a realidade, e isto é unha realidade que indica que non hai unha aposta polas artes, e neste caso polas artes escénicas. Pero é que eu podería admitir: non hai unha aposta polas artes escénicas, pero hai unha aposta por outra cousa, porque habería un proxecto que poderíamos discutir. O problema é que non sei onde está a súa aposta, non o sei, porque non hai unha [...] decidida no quehacer cotidián da súa consellería.

Pero, falando dos orzamentos, fan, dende logo, todo o contrario ao que fariamos nós, hai unha rebaixa moi importante para as transferencias aos concellos. ¿Que quere dicir isto? Que a colaboración Xunta –neste caso Consellería de Cultura-Concello– vai a diminuír. Hai unha forte caída das partidas para infraestruturas culturais, hai unha fortísima caída para as transferencias ao apoio á cultura de base. Nós

cremos que isto é un error importantísimo, é un error que se vai a pagar no futuro, porque non se van a facer públicos novos e porque ademais hai que ter en conta o país no que vivimos e que en moitos pobos e en moitas vilas pequenas son as asociacións culturais os elementos máis importantes para a dinamización cultural. Entón, non ir en contra, digamos que restarlle apoios á cultura de base é un gravísimo error para o futuro. Pero digamos que restamos a todo isto, ademais de ás bibliotecas, ademais de ao fomento das actividades culturais, que, por certo, está totalmente en contra do que o señor conselleiro di continuamente, porque, a verdade, se se quixeran facer uns orzamentos que levasen a contraria á mensaxe do señor conselleiro serían estes orzamentos... O señor conselleiro di –e estou de acordo con el– que hai que facer unha labor de impulso, de promoción, de internacionalización da nosa cultura, de buscar novos mercados. Pero ¿que se fai? Caer; unha caída, ademais, a maior, dentro das direccións xerais, un descenso fortísimo no fomento das actividades culturais. Entón, claro, é que non se sabe como vai a poder vostede levar a política que vostede di que quere.

Pero, máis aló de todo isto, lles decía, ¿que crece? Crece unha partida máis do 50% de promoción á lectura. ¿Que problema hai nisto? En principio, ningún, claro, estaríamos encantados; estaríamos encantados se non fora porque este crecemento do 55% resta partidas e resta diñeiro a outras accións da consellería que tamén son importantes. E estaríamos encantados se non coñecéramos xa un avance do que se vai a facer no Ano da Lectura, no Ano do Libro e da Lectura. Outra vez volvemos ao mesmo, eu sinto decírllo, pero é que vostedes me dan a razón continuamente: estamos outra vez na cultura da dereita, na cultura do fasto, a cultura da propaganda, a cultura mediática, porque é donde se van a gastar, según este programa, case 3 millóns de euros. Porque, ademais de accións de incentivación á lectura, que xa se tiñan que facer, para iso digo eu que non teremos que ter un ano do libro e da lectura.

Ben, pois, nas nosas emendas tentamos, por suposto, cambiar un pouco, dentro do posible, esta derivación dos orzamentos de Cultura, e basámonos no que consideramos esencial. Por unha parte, dende logo, aumento ás transferencias e apoio á acción dos concellos, que rebaixouse nun 66% e que facemos varias emendas. Hai unha total falta de apoio ás bibliotecas. Parece que no Ano da Lectura non ten que

estar nas bibliotecas. Como o libro vai estar na rúa –parece–, ¿para que telo nas bibliotecas? Entón, hai un abandono total das bibliotecas. Polo tanto, hai por exemplo, un descenso dun 18% para lotes de libros para novas bibliotecas; e hai unha caída en equipamentos, por moito que diga o señor López-Chaves que hai un aumento, que si, unha partida para equipamentos tecnolóxicos. Por suposto, pero, sumando as dúas, aínda cae. Polo tanto, tanto para equipamentos tecnolóxicos... Que se necesitan, pero, claro, o lector, utilice un libro ou utilice un ordenador, ten que sentarse; pois, entón, tamén o resto dos equipamentos teñen que estar aquí. E de bolsas para as bibliotecas, que hai unha caída do 21%.

O mesmo que temos emendas que tentan aumentar o destinado á difusión e á promoción da cultura no exterior. A ver se lle axudamos un pouco, señor conselleiro, e pode vostede facer a súa política. Entón, hai que aumentar o diñeiro para feiras culturais, que cae moitísimo. E ten un descenso en promoción cultural no exterior, que eu sei que vostede o di sinceramente, que quere facer unha maior promoción exterior, pero, claro, cun 25% pois hai un aumento nas nosas emendas.

Como temos bastantes emendas que levan un maior apoio ás actividades culturais de asociacións e federacións polos motivos que antes dixen e que tiñan, ademais, un descenso dun 40%, que, dende logo, o Partido Socialista non pode permitilo, polo menos sen facer esas emendas e sen solicitarlles que sexan admitidas.

E dentro do patrimonio de promoción e difusión dos camiños de Santiago e, polo tanto, tamén dentro da Consellería de Cultura especificamente, destinamos varias emendas especificamente á delimitación dos camiños, porque esa laboura que non se fixo en dezaseis anos comenzo no anterior Goberno. Pero, claro, en tres anos non se pudo terminar esa labor de delimitación, e é esencial, porque os camiños tan só estarán protexidos se teñen unha delimitación expresa e legal. E, como nos cabe a duda, porque non hai nada nos orzamentos, pois facemos varias emendas para que se destiñen partidas á delimitación dos camiños.

E, por suposto, tamén facemos emendas a algo que para nós é inaceptable a súa desaparición. Por certo, o único que desapareceu da memoria de obxectivos do ano 2009, do anterior Goberno, e que non está no ano 2010 é significativamen-

te todos os programas referentes á memoria histórica. Eso si que desapareceu. E para nós é tamén inaceptable que esas... E ademais creo, cremos, que é unha obriga da consellería tamén destinar e facer unha serie de programas destinados a prol da memoria histórica e a dignificación das vítimas.

E en canto ao turismo, cremos que son uns orzamentos moi pouco ambiciosos, nun momento en que o turismo e o Xacobeo ten que ser esencial. Vostedes mesmos puxeron e poñen as esperanzas no crecemento do PIB, no Xacobeo, ben é certo que as esperanzas baixaron continuamente: do 1,5% estamos nun 0,2%. Non sei canto será no 2010, pero esperamos que polo menos un 0,1% si manteñan a esperanza, porque, se non, é.... Pero, claro, esa esperanza levaba aparexada unha maior aposta dentro dos orzamentos.

Siguen vostedes sen entender que turismo e Xacobeo teñen que ir intimamente unidos, que teñen que traballar xuntos e que non se ve ese traballo nestes orzamentos. Falta, por exemplo, por saber qué actividades, qué programas turísticos van a estar unidos aos camiños e ao Xacobeo.

Pero, ademais disto, como me queda pouco tempo, quero dicirlles que nós non podemos aceptar a caída e o descenso que hai nos orzamentos de Turismo, que hai un descenso, por certo, e importante. Non son 79 millóns, senón 72 os que vai manexar Turismo. Porque a contabilidade creativa lles gusta moito e saben manexala, pero non é así, non hai un crecemento. Non podemos aceptar a caída para o turismo do interior porque nós seguimos apostando por un reequilibrio territorial e un, dentro deses sectores importantes, é o turismo.

Polo tanto, facemos unha serie de emendas que van a apoiar accións concretas no interior, na Costa da Morte, na Ribeira Sacra e en zonas de Ourense. Así como cremos que temos que facer, teñen que facer vostedes, un plan de competitividade do turismo rural, porque non... Está caíndo realmente a ocupación dentro do turismo rural de Galicia, ten índices baixos, e a isto hai que poñerlle solución.

Fixemos unha emenda para aumentar as partidas en formación e en materia turística, porque parecíanos esencial. Esta é a emenda que tiveron a ben aprobarnos. Eu estou moi orgullosa de que de cerca de 800 emendas do Grupo Socia-

lista sexa escollida esta. Non podo estar tan orgullosa de que sexa..., porque, loxicamente, a porcentaxe de aceptación é máis ben baixa; polo tanto, o consenso, por moito que vaia dicir o señor López-Chaves que o hai, non o é, porque unha entre cerca de 800 é máis ben... Pero ben, eu dou as gracias de ser eu a escollida para tan magno acontecemento.

E, ademais, temos que destinar e teñen que destinar ao Xacobeo diñeiro. Nós xa poñemos un millón de euros para cada un dos camiños...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ:... –remato–, sobre todo tamén incluíndo o camiño de inverno; un camiño importantísimo que a consellería está esquecendo. E hai tamén que promover este camiño.

Polo tanto, a mellora, a creación de infraestruturas e a promoción dos camiños é para nós esencial, porque o Xacobeo, que temémonos moito que vai a ser unha oportunidade perdida, tiña que ser un elemento fundamental para consolidar non soamente a nosa imaxe turística, senón o tecido empresarial tanto cultural como turístico...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Eso é o que tería que ser.

Sinto moitísimo pensar que non vai a ser, pero aínda podemos, se está a ben admitir algunha emenda, arranxalo un poquito.

Moitísimas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Burgo.

Polo Grupo Popular e para fixar posición sobre as emendas ten a palabra o señor López-Chaves Castro.

O señor LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, presidente.

Señoras, señores deputados, conselleiro.

“*Cultura del fasto y cultura de la propaganda*”. No se dónde estuvo la señora Burgo en los últimos cuatro años, no se dónde estuvo. Si quiere, le recuerdo lo que sucedió esos cuatro años. Ya sé que a usted eso no le afecta, es del otro negociado: Es que eso non es mío, eso era del Bloque. Pero ustedes gobernaron con ellos. ¿Le recuerdo la cultura del fasto y de la propaganda del anterior Gobierno bipartito en materia de cultura? ¿Se la recuerdo? Mejor no. (*Aplausos.*)

Mire, contabilidad creativa. ¡Hombre!, 1.200 millones de euros que ahora tiene que pagar Galicia, eso si que es contabilidad creativa. ¡Menudo agujero! 1.200 millones de euros de pufo que ahora dejan a Galicia e que tenemos que pagar en los sucesivos presupuestos.

Miren, el presupuesto de la Xunta de Galicia destinado a cultura y turismo es un presupuesto consolidado de 239 millones de euros; un presupuesto realista, responsable, para una época de crisis. Una época de crisis en la que el Gobierno del PSOE y el señor Rodríguez Zapatero, con la ayuda inestimable del Bloque, nos han incluido, nos han multiplicado y acentuado. Los demás países parece que ya tienen luz, y el señor Zapatero parece que el es la luz. Dejamos ya los presupuestos inflados, falsos, ineficaces, que estuvimos viendo a lo largo de cuatro años en este Parlamento en materia de cultura.

En datos homogéneos, el presupuesto baja el 0,1%, menos de lo que baja el presupuesto de la Xunta. El presupuesto de Cultura y Turismo baja menos que el presupuesto de la Xunta de Galicia. Pero el año pasado –porque hay que comparar–, en el año 2009, el presupuesto de la Xunta subía y el presupuesto de Cultura bajaba. Subía el presupuesto de la Xunta y bajaba el de Cultura. Este año baja menos el de Cultura que el de la Xunta. Este año pasado había compromiso con la cultura gallega, había compromiso, había capacidad de incluir más financiación a la Consellería de Cultura y la bajaron de un 3% y subía el presupuesto de la Xunta un 4%.

Y se asombra de que bajen las transferencias a los concellos. Si el año pasado, capítulo VII, Dirección Xeral de Cultura, bajó el 33% y la Dirección General de Patrimonio el 22%, pero parece que el año pasado el Bloque no estaba aquí.

Unos presupuestos austeros. La partida a altos cargos baja un 40%, en comparaciones homogéneas, y el personal eventual, el 21%. Ahora, es curioso, el PP rebaja la partida de los altos cargos en un 40%, algo que nunca hizo en los cuatro años ni el Bloque ni el PSOE; la multiplicaron, y el PP la rebaja en un 40%. Ahora ellos piden rebajarla más, lo cual demuestra, en primer lugar, la incoherencia política de PSOE y Bloque; si gobiernan, subimos los altos cargos y, si estamos en la oposición, pedimos que bajen. Es incoherencia política, y un partido serio, al menos, como mínimo, debe ser coherente en el gobierno y en la oposición.

En segundo lugar, nos hacen hacer y plantearnos una pregunta. Si la partida del presupuesto de la Xunta actual de altos cargos se reduce en un 40% y el Bloque y el PSOE piden reducirlo más, ¿qué pasa con el presupuesto de este año? ¿Es que está sobredimensionado? Si el año 2010 piden bajar más de un 40% del año 2009, ¿qué pasa el año 2009?, ¿está sobredimensionado? ¿Por qué habían sobredimensionado la partida de altos cargos? Porque este año también estamos en crisis, y si el año que viene, que dicen que está en crisis, hay que bajar más de un 40%, ¿por que no lo bajaron este año? Ese sobredimensionado de los altos cargos se llama “despilfarro”, que era lo que hacía el Bloque y el PSOE; despilfarro.

Miren, se reduce también el gasto corriente, lógicamente, un 5,34%; una medida lógica en tiempo de crisis. Garantizando el funcionamiento de la Administración se reduce el gasto superfluo.

Un presupuesto realista, responsable, austero, para una época de crisis, y que recoge los ejes fundamentales de la política cultural de la Xunta de Galicia y del Partido Popular.

Hay un nuevo presupuesto y hay una nueva actitud. El PSOE y el Bloque presentaron sus enmiendas, como las presentó el año pasado el Partido Popular y los años anteriores.

En los últimos cuatro años el Partido Popular había presentado, en materia de cultura, 500 enmiendas. ¿Cuántas aceptaron PSOE y Bloque? ¿Cinco? No. ¿Cuatro? ¿Dos? ¿Una? Cero. Ni una aceptaron en cuatro años, ni una enmienda. Pero el PP no es así, el PP no es así. El PP primero estudia las enmiendas, el PSOE y el Bloque no. El PP estu-

dia la posibilidad de incluir esas enmiendas en el presupuesto. El PSOE y Bloque no. Por eso el Partido Popular votó a favor de dos enmiendas, una del PSOE y otra del Bloque. En la Comisión se aprobó una enmienda del Partido Popular, una enmienda del PSOE y una enmienda del Bloque. Esa es la diferencia con lo que existía antes en este Parlamento. En cuatro años, 500 enmiendas, cero aceptadas por PSOE y Bloque. Y en todos los presupuestos del año pasado, cero enmiendas aprobadas en el capítulo de gastos por parte de PSOE y Bloque.

Es una diferente actitud. Y ahora el Bloque dice que, claro, aceptamos enmiendas que son simbólicas. Pues yo les pido a partir de ahora que pongan en rojo las simbólicas y en azul las reales y las que son auténticas, porque parece que las enmiendas tienen categorías en el PSOE y en el Bloque. Y, desde luego, ahora hacen gracia sobre la aceptación de las enmiendas, pero, imagínese, en cuatro años, 500 enmiendas, cero. El PP incorpora al Bloque y al PSOE al presupuesto de la Consellería de Cultura y Turismo. El Bloque y el PSOE excluyeron de forma sistemática al Partido Popular. La intolerancia no admite consejos y el PSOE y Bloque no admitían enmiendas.

Y ya en referencia a las enmiendas del Bloque, lo que ya dijimos en la comisión: se trata de enmiendas destructivas. Su objetivo es bloquear el funcionamiento de la Consellería de Cultura para que la gestión cultural no funcione. Es la política de la tierra quemada que aplicaron en los últimos meses de Gobierno del bipartito. Cuando conocían que iban a perder el gobierno, dejaron de gestionar, dejaron de cumplir sus compromisos, y así en el Agadic apareció un pufo de 2.600.000 euros porque habían dejado de cumplir sus compromisos. ¿Para que? Para que el nuevo Gobierno del Partido Popular se encontrase con un problema. ¿Que sufrían los sectores culturales? Eso no importaba. El objetivo era causar daño al Gobierno que entraba del Partido Popular. Eso era la política y la utilización partidista de la política por parte del Bloque. En cuanto no les sirve políticamente la cultura, tratan de causarle el mayor daño posible.

La utilización ideológica de la cultura. Hemos oído incluso aquí, en este Parlamento, que persiguen a Camilo José Cela como escritor gallego, y lo han hecho con Valle-Inclán. Y esos si deben ser peligrosos para el socialismo y

para el nacionalismo que los tratan de ocultar y los tratan de prohibir. El dogmatismo político nacionalista aplicado a la cultura. Y el resultado lo hemos visto en estos cuatro años de bipartito: bajó el empleo cultural el 7,17% –datos del Ministerio de Cultura, Anuario de Estadísticas Culturales–. Pueden verlo en la página del Ministerio de Cultura, en estadísticas. Año 2008: se exportaba menos en industrias culturales que en el año 2004 –datos del ICEX, también lo pueden consultar–.

El consumo cultural en teatro –que tanta preocupación tienen ahora– bajó un 35% –datos del Ministerio de Cultura del Gobierno socialista–. El consumo en cine bajó un 20% en dos años. Eso si es el maltrato a la cultura gallega: listas negras, exclusiones y daños a las industrias culturales. Miren, por eso las enmiendas. Las enmiendas tratan de atacar en ese sentido el funcionamiento a la cultura.

Gasto corriente en material de oficina: lo dejan a cero; material de oficina, a cero: ni bolígrafos ni folios ni tóner. Habrá que escribir en las paredes, aunque de eso de escribir en las paredes algunos saben mucho.

Limpieza y seguridad. Reducen en un 40%. Ni limpieza ni seguridad en los edificios de la Consellería de Cultura.

Transporte. La reducen a cero.

En el Agadic reducen tanto las enmiendas, que tienen por objeto reducir el gasto corriente, que ponen en riesgo el funcionamiento del Centro Dramático Galego y del Centro Coreográfico Galego. Lo ponen en riesgo porque reducen las partidas que tienen esa finalidad de atender al funcionamiento de estas unidades. Pero eso al Bloque no le importa, al contrario, cuanto peor, mejor; cuanto mayor daño al sector de la cultura –que ya no es posible utilizarlo políticamente–, mejor.

En la Ciudad de la Cultura se reduce el presupuesto un 32%, y ahora piden rebajarlo más. Resulta que ellos lo incrementaban y ahora piden rebajar el presupuesto con el objetivo de que no se ponga en marcha el año que viene.

Y no confundan gastos de explotación con el fondo dotacional, que lo tratan de confundir y son jurídicamente cosas distintas.

Enmiendas destructivas, que nada funcione; la política de la tierra quemada.

Y en Turismo, seis enmiendas. Yo entiendo, cuando gobernaban, el turismo no les importó al Bloque, y ahora, en la oposición, tampoco les importa el tema del turismo.

El PSOE también presenta enmiendas. Trata de territorializar, pero puede hablar con mi amigo Fervenza sobre la enmienda que presentan sobre el auditorio de Moaña. Perdieron 1.300.000 por mala ineficacia y gestión del Gobierno municipal y ahora piden 400.000, cuando saben que aquel terreno está a monte y sin urbanizar, para que lo vuelvan a perder.

Miren, quieren reducir las partidas de promoción del libro y la lectura. El año pasado vetaron que este año fuese el Año de la Lectura, lo vetaron, y ahora, como ya no pueden vetarlo, sin embargo, quieren reducir las partidas destinadas al Año de la Lectura y el Libro, porque la izquierda no quiere que se lea, la izquierda no quiere que se lea. (*Murmurios.*) Son tan ilógicos que presentan... (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) No quieren que se lea y la votación y las actas de este Parlamento lo han demostrado. Vetaron el año de la Cultura y ahora quieren reducir el presupuesto para que, cuanto menos dinero haya para la cultura y el libro, mejor...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor López-Chaves.

O señor LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Ese es el interés de la izquierda. Gracias presidente.

Presentan iniciativas –que es curioso– en el Parlamento que exigen dotación presupuestaria y no aparecen en las enmiendas del presupuesto. Pero ¿por qué no aparecen esas enmiendas en el presupuesto? Son ilógicas esas enmiendas. Y ahora quieren, según dice la portavoz del PSOE, bajar incluso los gastos de personal.

Miren, en materia de turismo, se incrementa la Sociedad Anónima del Xacobeo en un 60% con relación al año pasado y el 32% respecto del año 2004. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Yo entiendo que no...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor López-Chaves.

O señor LÓPEZ-CHAVES CASTRO:... era un negocio para ustedes y querían que fracasase el Xacobeo. Díganlo realmente, no les interesaba el Año Santo Xacobeo; cuanto peor fuese, mejor, y el PSOE estaría encantado con eso.

Por último, algunos aquí hablaron de caos esta mañana, que mitológicamente era el vacío del orden, que no habían sido puestos aún en funcionamiento los elementos del mundo. Eso fue lo que se encontró el conselleiro en la Consellería de Cultura, el caos en materia de gestión...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Gracias, señor López-Chaves.

O señor LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Pero del caos –señor presidente, termino– nació Érebo, que era las tinieblas, y Nix, que era la noche, y del bipartito del caos nacieron las enmiendas del PSOE y del Bloque. Se acabó el caos, se acabó la imposición, se acabó la utilización ideológica de la cultura, cultura en libertad, y además hemos aceptado dos enmiendas, que en cuatro años no habían aceptado ninguna.

Nada más y muchas gracias.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor López-Chaves.

Na rolda de réplica dos grupos parlamentarios, ten a palabra a señora Pontón Mondelo, en representación do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señor presidente, eu o primeiro que quero dicir, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, é que lamento que neste debate a respecto dos orzamentos, da Cidade da Cultura, vexamos unha mostra máis da galegofobia do Partido Popular, que nin tan sequer pois é capaz desos usos que formaban parte do Parlamento e que respectaban, e que todas e todos tiñamos claro que era importante que o galego fora a lingua normal na que nos relacionáramos nas institucións; que nin tan sequer esos pequeniños espazos sexan vostedes capaces de respectalos. Xa se ve cal é o seu compromiso coa lingua.

En segundo lugar, xa empezo a pensar que, claro, aquí o Partido Popular decidiu aceptar dúas emendas e presentar esto como o gran síntoma da democracia. Pero, mire vostede as emendas que se aceptaban na pasada lexislatura dos orzamentos, e verá que ao longo de todos os exercicios orzamentarios e do debate orzamentario nesta sesión plenaria se aprobaron máis que dúas emendas. Pode vostede comprobalo, é facilísimo, está nas actas. Entón, virnos aquí como se esto fora a gran festa da democracia, sinceramente non; máis ben parece unha xustificación do papel de cadaquén. E, xa digo, eu agradezo que fóramos as elixidas en Cultura para aprobar dúas emendas, pero deberán tamén vostedes ver que iso non forma parte de ningunha intencionalidade política do Goberno nin do PP de consensuar aspectos fundamentais dos orzamentos neste debate orzamentario. Creo que é tamén así de claro.

Logo, vólvolle a repetir, señor López-Chaves, nós non fixemos ningún tipo de emendas destrutivas; é máis, lamentamos que para que a Consellería de Cultura non funcione nós non temos que facer nada aí, iso xa o fai a consellería sola, porque o único que coñecemos da Consellería de Cultura é paralización e destrución: premios nacionais da cultura galega, fóra; feiras das industrias culturais, fóra; apoio aos sectores do noso país, todo iso o eliminan vostedes, o paralizan vostedes sós, sen axuda de ninguén. E é máis, se o problema é de onde sacamos os recursos, dígolle que nós estamos dispostos a negociar, modificar, de onde se sacan os recursos, se vostedes están, como se demostra, tan de acordo co que nós propoñemos. Porque fíxese que non foi capaz de criticarnos nin unha soa das propostas que nós puxemos aquí, nin unha soa das emendas do que nós queremos que se faga, porque sabe vostede perfectamente que é unha incoherencia absoluta e que van a ser un problema para a cultura deste país os orzamentos que presenta a Consellería de Cultura.

E mire, de pufo en Agadic, nada, porque quen creou o problema de Agadic foi a Xunta de Galicia actual, e o pasado día, na última Comisión 4.^a que tivemos, quedou acreditado. Porque é que é incríbel que nos digan agora que hai un pufo de 800.000 euros –me parece que decían, ¿non?–. Claro, pero poñémonos a analizar e vemos, a Consellería de Cultura ¿que fixo cando chegou ao Goberno, unha das primeiras decisións? Retirarlle un millón de euros á Agadic. Entón, se agora faltan 800.000 euros na Agadic, será porque

vostedes retiraron un millón de euros. É que é tan simple como iso. Entón, pufo na Agadic non, o que pasa é que vostedes eliminan e quítanlle recursos que estaban nos orzamentos para as industrias culturais porque non acreditan nelas, porque non acreditan na cultura deste país. Se ese é o seu problema, ese é o problema que temos neste momento. E iso é o que din con claridade os orzamentos da Consellería de Cultura, que, mire se son malos, que hasta nos veñen aquí a enganar, ou a intentar enganarnos, sobre cal é a cifra dos orzamentos. Que eu teño aquí, claro, os orzamentos que entraron na consellería, sección 11, no Parlamento, Consellería de Cultura e Turismo. ¿Cal é a cifra global? 196.300 millóns de euros. Non hai 230.000 millóns de euros. ¡É que mire que necesidade teñen hasta de vir aquí a intentar enganarnos ou tomarnos por tontos e por tontas! Esto é o orzamento que hai e que se vai a votar. Non hai ningún incremento, senón que hai un descenso do 9,4%, cando o orzamento global da Xunta de Galiza descende o 0,4. ¡Caray!, vaia diferenza! do 9,4% ao 0,4% hai un treito importante.

E, miren, nós cremos que é lóxico, neste momento de crise económica, retirar fondos da Cidade da Cultura, cremos que é lóxico, e é máis, cremos que vostedes están intentando enganarnos e non actuando con transparencia nun tema que é fundamental. Non sabemos..., porque estou sorprendida que aínda non pedira ningunha factura nin preguntara qué pasa coa Cidade da Cultura, porque nestos sete meses o conselleiro de Cultura non veu nin unha soa vez a darnos explicacións de nada, absolutamente de nada, nin de como nomean a unha xerente, que era obrigatorio que ese posto, conforme a lexislación vixente, tivera un proceso público e que puidera optar quen quixera á xerencia da Fundación da Cidade da Cultura. ¿Por que non a nomean conforme está establecido na legalidade vixente na actualidade e a nomean dixitalmente? Pois sería moi interesante que nolo viñeran a explicar aquí. E tamén por que esos 22 millóns de euros da Fundación Gaiás non nos explican qué van a facer con ela o ano que vén...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... ¿que os van a ter no conxelador? Terán que explicarnos iso, porque ter 22 millóns de euros paralizados neste momento, mentres lle están retraendo fondos á cultura deste país, non é de recibo, non é serio.

E, polo tanto, nós si que cremos que hai que reducir os fondos que aparecen aquí consignados porque, ao final, vai haber máis recursos dos que hai na actualidade.

Lamentamos, en todo caso, que a argumentación que se traía para declinar a aceptación das nosas emendas por parte do Grupo Parlamentario Popular sexa tan pobre e non teña argumentos reais para enfrentar emendas que veñen da racionalidade, do apoio e de crer que a cultura deste país merece a pena e hai que apoiála.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

Polo Grupo Socialista, rolda de réplica para a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Gracias, señor presidente.

Señor López-Chaves, ou sexa que a esquerda non quere que se lea, non nos gusta a lectura. Eu creo que si, que os nosos 130 anos –máis de 130 anos– de Partido Socialista expresan perfectamente esta idea. Eu creo que realmente Valle-Inclán estaba pensado en alguén moi parecido a vostede cando dixo aquilo de “*cráneo privilegiado*”. (*Aplausos*). Realmente, é o mellor. Foi unha pena que non o conocera a vostede porque daríanos unha obra xenial, como todas as de Valle-Inclán.

Ou sexa que nós tampouco apoiámos a Valle-Inclán nin a Camilo José Cela. Non, ben, pois vai a ter vostede oportunidade de ver como o apoia vostede, porque no próximo período de sesións entrará unha PNL que acabamos de rexistrar o Grupo Parlamentario Socialista sobre a Fundación Camilo José Cela. Se vostede apoia a Fundación Camilo José Cela e a obra de Camilo José Cela non ten máis que apoiar a nosa PNL, o veremos cando esa PNL sea substanciada.

Ou sexa, que non sei que nos recordaba votedes de fatos e non sei canto. Se quere, lle recordo eu moito máis. ¡Ai, la Habana! A verdade é que chamoume a atención e foi unha pequena decepción. Non falamos de mojitos esta vez. (*Murmurios*.) Eu creo... Claro, claro e vostede non, é que decepcionoume; pero gustábame máis cando falaba de mojitos con

esa gracia que vostede lle dá a esas ideas que de repente non se sabe cómo lle aparecen pola cabeza.

Pero, en fin, lle dicía eu que se quere lle recordamos o crecemento das industrias culturais no Goberno anterior. Se quere, lle recordamos iso, porque un crecemento moi importante tanto do número de industrias culturais, dos empregados das industrias culturais, un crecemento moi importante do consumo cultural, e sobre todo do consumo cultural da cultura galega. Se vostedes, ao final desta lexislatura, poden aportar unhas cifras parecidas, pois entón falaremos.

En canto ao que vostede di das cifras do orzamento, xa lle dixen antes que a contabilidade creativa a manexaban moi ben, pero non é como vostede di, porque mire, non discutimos máis, pode ir vostede a unha tabla que está dentro dos orzamentos, da Lei de orzamentos, que pon: tabla de distribución funcional dos orzamentos da Xunta. Busca a Consellería de Cultura e Turismo e verá que nesa tabla os seus presupostos, apoiados por vostede para esta consellería, Cultura e Turismo, hai unha caída do 24,9%. E o ten na Lei de Orzamentos, non o digo eu, busque vostede a tabla de distribución funcional e encontrará aí esa caída.

En canto a que pon en perigo o BNG, a oposición e todos nós o Centro Dramático Galego e non sei cantas máis cousas poñiamos en perigo, con quen está o Centro Dramático Galego en perigo é con vostedes, que aínda non ten director, igual que o Centro Coreográfico. É que levamos nove meses de goberno, dez –creo–, e non foron capaces de nomear –a consellería– uns directores para estos centros. Están sen dirección, perderán, pois, tempo en organizar a súa obra, non saben qué proxectos teñen que levar adiante, non saben cómo vai a ser a cousa. Iso non é poñer en perigo, o poñen vostedes solo.

En canto ao presunto aumento do Xacobeo dun 60%, primeiro, non é certo. Segundo, no ano 2009 aumentou un 30% e non era ano xacobeo, e vostedes aumentaron moi pouquiño máis e non aumentaron nada en turismo, un ano onde o turismo e o Xacobeo era esencial.

E, por outra parte, o Ano da lectura. A min gústame moito, poñemos un rótulo, Ano do Libro e da Lectura, e quedamos fantásticos porque despois o que vamos a facer é o

Ano da Lectura é para vostedes baixar os fondos para as bibliotecas, baixar os fondos para a industria editorial, baixar os fondos para as axudas ás traducións, baixar os fondos para os arquivos, baixar os fondos para o museo, baixar os fondos para a difusión, baixar os fondos para a axuda ás industrias... Claro, todo iso. ¡Ah!, pero teremos un ano de lectura. É que non sei como non reparei en que con iso arraxabamos xa todo o que ten que facer o ano que vén a Consellería de Cultura: o Ano da Cultura. Entón, xa durmo máis tranquila, porque a cultura deste país pois a verdade xa non ten problema.

¿Vostede comprende que isto é ridículo? É ridículo e non se sostén nin nos orzamentos que vostede apoia nin se sostén que non admitan moitas destas emendas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ:...—remato—, porque, por exemplo, a consellería en boca do director xeral de Patrimonio vén de decir, pero ademais varias veces, que van a facer o Museo da Romanización de Galicia en Lugo e que este ano terán o proxecto. Hai unha emenda que implica e que di iso, nada máis que iso. ¡Ah, claro! Pero esa non a aceptan, iso é froito da súa credibilidade. E eu sei exactamente a credibilidade que ten vostede, señor López-Chaves, o malo é que o pobo galego tamén o vai saber.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Burgo.

Sección 12 (Consellería de Traballo e Benestar)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Para a defensa das emendas do Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Gracias, señor presidente.

¿Comezo ou espero a que sente a conselleira?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Comece, deille a palabra para que empezara a intervir.

O señor AYMERICH CANO: Vou comezando xa, moi ben.

Pois estamos, señora conselleira, en vida. Estamos falando duns orzamentos, duns orzamentos da sección 12, de Traballo e Benestar, que son, desde logo, toda unha mostra, unha mostra reducida, do que son os orzamentos deste Partido Popular para o ano 2010. Uns orzamentos pouco fiábeis, porque máis outra vez teremos que dicir que o proxecto de lei que a través dese *pen drive* nos deron da Consellería de Traballo e Benestar estaba cheo de erros: 16 millóns no Programa de discapacidade que logo non aparecían; 11 millóns na dirección xeral, nos Servizos Xerais de Traballo, que logo tampouco aparecían; e parece que había outro erro debido a que este portavoz —diría o presidente da Xunta— non sabe ler os orzamentos, o erro de que tampouco aparecía o complemento para as pensións non contributivas. Parece que non era eu só o único que non sabía ler os orzamentos, tamén no PP e no PSOE, porque, afortunadamente —digo afortunadamente— os tres grupos presentamos emendas para incluír nos orzamentos para o ano 2010 ese complemento para as pensións non contributivas que á señora conselleira de Traballo e Benestar lle parecía unha minucia; total, nada, non vai axudar a estas persoas, é mellor sacalo. Afortunadamente, foi a intervención do BNG, a pesar das mentiras do señor Núñez Feijóo, a que vai permitir que o ano que vén contemos con este complemento.

Pero estamos tamén diante duns orzamentos que non van resolver nin moito menos os problemas e as demandas de Galicia en materia de traballo e en materia de benestar. En materia de benestar hai un programa que sube, Dependencia —palabras da señora conselleira—, sobe 74 millóns de euros. Iso si, restemos os 44 millóns de euros que se corresponden co financiamento estatal da libranza ao coidador e que polo primeiro ano, o ano pasado, sabe que non se computaba nos orzamentos da Xunta o financiamento estatal, aparecen computados e contemplados nos orzamentos da Xunta; é dicir, a suba é de apenas 30 millóns de euros, unha cantidade totalmente insuficiente para lles facer frente ás demandas que temos nesta materia de dependencia.

E digo totalmente insuficiente porque vostedes o que van facer en materia de dependencia no ano 2010 é consolidar o caos en que meteron a dependencia neste ano 2009; consolidar o retraso nos pagamentos aos dependentes, consolidar os recortes. Aí está a instrución da súa secretaria xeral, na que

lles di aos concellos que levan o servizo de asistencia no fogar que a partir de agora, a partir xa do ano 2009 –e o consolidan no ano 2010 recortando financiamento ás entidades locais en materia de servizos sociais–, os servizos complementarios –eso era un luxo, ¿verdade?– de podoloxía, de fisioterapia para os dependentes, acollidos ao Programa de Axuda no Fogar, deixarán de estar financiados pola Xunta de Galiza. Eses luxos que os paguen os concellos se queren, a Xunta xa non nos vai financiar. E, por certo, tamén esa opacidade. Siguen colgados na páxina *web* os datos correspondentes ao 30 de setembro. Estamos xa a día 15 de decembro. Esa é a dilixencia coa que vostedes actúan; e a ralentización dos expedientes de avaliación e recoñecimento de prestacións. Por certo, señor conselleira, vostede compareceu o día 8 de setembro para anunciarnos a inminente aprobación dun decreto da Xunta de Galiza que a día de hoxe nin está aprobado nin sabemos que vai pasar con el. Segue o borrador colgado na páxina *web* da súa consellería, pero non deron ningún avance.

Iso si, o que fan vostedes é recortar. Este pequeno, pequenísimo, incremento dos fondos en materia de dependencia faise a custa dos demais programas e dos demais programas en materia de benestar. Baixan os orzamentos para o Consorcio en termos dinámicos. Entre o ano 2008 e o ano 2009 os orzamentos para o Consorcio se incrementaron en 16 millóns de euros. Para o ano 2010, con relación ao ano 2009, ese incremento vai ser de apenas 8 millóns de euros. Claro, vostedes recortan, hai cartos totalmente insuficientes pra manter os servizos e as infraestruturas que puxo en marcha o Goberno anterior, e desde logo absolutamente insuficientes para cumprir co programa de novas aberturas e de construción de novas infraestruturas, señan galaescolas, señan centros de día, señan centros de Alzheimer, etc., etc., etc.

E, claro, din vostedes, é que, como non hai cartos, temos que privatizar. Por certo, explíqueme, señora conselleira, de onde vai saír ese aforro do 25% na privatización dos centros de día. Sabe que as traballadoras do Consorcio, as traballadoras dos centros de día, cobran entre 800 e 1.000 euros. ¿Que lles van recortar aínda máis o soldo? ¿De onde van sacar para ese beneficio a esas empresas amigas súas que xa están merodeando polo Consorcio e que van a ser as grandes beneficiarias desta operación? ¿De onde o van sacar, da calidade do servizo que se lles dá aos usuarios? Esa é unha explicación, señora conselleira, que aínda está pendente.

Eliminan vostedes na práctica as oficinas de I+B, recortan, os programas de inclusión, recortan os programas de menores, recortan os programas de familia, eliminan practicamente os programas de igualdade, como xa se viu neste debate. Pero é que ademais despiden, e van despedir antes do 31 de decembro, a 61 traballadoras das oficinas de I+B. Efectivamente, porque este ano hai cartos até o 31 de decembro. A partir do 1 de xaneiro, con estes orzamentos, xa non vai haber cartos. Por iso hai emendas, señora conselleira, do Bloque Nacionalista Galego para incrementar esas dotacións. Espero que lle dé instrucións –xa lle estivo dando– á súa portavoz, por favor, para que voten a favor das nosas emendas e podamos continuar o ano que vén coas oficinas de I+B, prestando e desenvolvendo os catro programas que están prestando na actualidade: familia, menores, igualdade e inclusión social. Xa sei que a vostede estas cousas lle dan igual, pero eu teño que intentalo ¿non? É a miña obriga.

Mire, hoxe mesmo vostede –hai aquí unha nota da Axencia EFE– di –vou traducir ao galego–: “A conselleira de Traballo e Benestar destacou hoxe o importante incremento das solicitudes da renta de integración social de Galiza, Risga, e da axuda de emerxencia social e apostou por reforzar estes programas”. É dicir, vostede é como se non fora a conselleira, e di: hai que reforzar estes programas. Non é unha novidade, a memoria dos orzamentos di que en momentos de crise hai que reforzar estes programas. Saben..., bueno, non o sabe, seguramente, pero os orzamentos o que fan é conxelar estas partidas, conxelación do Risga do ano 2010, conxelación das axudas de emerxencia social no ano 2010. ¿Acaba de darlle vostede á súa portavoz a instrución de que vote a favor das emendas do Bloque Nacionalista Galego, que precisamente para o ano 2010 contemplan un incremento e un incremento importante das partidas destinadas a financiar o rendimento de inserción social de Galiza e as axudas de emerxencia social? Verémolo cando interveña a señora Rodríguez Arias. Ténome o pior, pero, xa lle digo, eu teño que intentalo; eu en nome, precisamente, deses galegos e galegas que precisamente non lle importan, aos que lle querían sacar o complemento das pensións non contributivas, pero que son os que están pagando as consecuencias da crise.

Podemos falar tamén de discapacidade. Efectivamente foi a presión do Bloque Nacionalista Galego e a presión das organizacións da discapacidade as que lograron que o Parti-

do Popular, igual que fai o BNG, o mesmo que fai o PSOE, restableza, a través dunha emenda nos orzamentos, os convenios nominativos na cuantía –son tamén vostedes ben, en fin estreitos, por non utilizar outro adxectivo– nas cuantías que xa estaban no ano 2009, non o incrementan nada, para eses convenios nominativos con Cogami, Feafes...; en definitiva, as entidades que traballan en materia de discapacidade. O curioso, señora conselleira, é que vostedes dotan esta emenda eliminando máis de dous millóns de euros dunha partida que é para funcionamento de centros públicos en materia de discapacidade.

Entón, señora Rodríguez Arias, ¿imos negociar, imos chegar a algún tipo de acordo, tal e como dixo o señor Alberto Sueiro na Comisión? Dixo: É que eu non teño marxe, claro; é que isto tiña que facelo a señora Rodríguez Arias, non está aquí, pero podemos chegar a algún acordo no Pleno. ¿Podemos chegar no Pleno a algún acordo? ¿Ou é que vostedes vanlles dar –e estamos de acordo– cartos ás entidades de discapacidade –hai unha emenda do Bloque Nacionalista Galego no mesmo sentido–, pero van insistir en sacarllo á partida de funcionamento de centros públicos en materia de discapacidade? Eu ofrécollas un acordo: retiren a súa emenda e voten a emenda do Bloque Nacionalista Galego, incorpora os cartos para estes convenios nominativos, pero non llelos saca aos centros públicos de discapacidade. Aí temos un exemplo de como funcionan vostedes.

E temos, efectivamente, aínda algunhas cuestións nas que eu, pois, non me resisto tampouco a incidir. Vostedes dicían que o Consorcio coaccionaba os concellos, e erixíanse vostedes en defensores da autonomía local. Ben, en coherencia con isto, nós esperabamos que no Proxecto de orzamentos para o ano 2010 o financiamento dos servizos sociais dos concellos se incrementase. Pois non é así, resulta que no ano 2009 había 20 millóns de euros para o Plano concertado; nos seus orzamentos para o ano 2010 pasa apenas a 16 millóns de euros. Resulta que no ano 2009 había 10 millóns de euros para financiar os servizos sociais de base de competencia municipal; ¡ah!, tampouco se incrementa, nos dous casos hai unha rebaixa superior á rebaixa media do orzamento. No caso do Plano de servizos sociais comunitarios pasa a escasamente 7 millóns de euros. Espero, espero, que en coherencia con esa fe municipalista que vostedes abrigan, pois voten a favor das emendas do Bloque Nacionalista Galego, que apostan tamén por incrementar este financia-

mento dos servizos sociais municipais, porque, se non, o seu é puramente literatura, palabrería.

E, claro, non queda aquí a cousa. Vostedes recoñecen na memoria dos orzamentos que o ano que vén vai haber 25.000 parados máis. Aí, a verdade é que siguen ben o que fixo o señor Núñez Feijóo no debate da investidura. Era –¿como decían?– os notarios da historia, ¿non?, unha especie de notario da realidade. Dixo, bueno, si, hai 200.000 parados, e subindo; 80.000 deles non teñen ningunha cobertura, pero eu non vou facer nada; a Consellería de Traballo e Benestar vai facer exactamente o mesmo, nada. O ano que vén vai haber 25.000 parados máis, de acordo coas previsións dos orzamentos. ¿Que vai facer a Consellería de Traballo e Benestar? Reducir, reducir en case un 9% os orzamentos destinados ás políticas de emprego.

Claro, é que esta é a realidade, esta é a realidade se retiramos a cortina de propaganda que vostedes queren levantar. Entón, nós presentamos unha serie de emendas, dentro das limitacións que o Regulamento nós dá, porque nos temos que mover dentro das partidas desta sección para incrementar as transferencias ao Instituto de Saúde e Seguranza Laboral, porque parece que en Galiza non hai sinistralidade laboral, por iso baixan vostedes de forma drástica as partidas destinadas a este fin, para integración laboral dos discapacitados, para axudar as empresas cooperativas, non só as do ámbito agrario, tamén as empresas cooperativas, a economía social, que ten que ser un dos motores da creación de emprego, e para facilitar o acceso da mocidade a novos nichos de emprego. Eu teño que intentalo, pido que voten a favor destas emendas. Supoño que tamén, como xa van aprobar catro, pois que ningunha destas merece o seu apoio.

E en materia de xuventude e voluntariado, ¿que dicirlles? Todo o diñeiro debeu quedar para a Rede Madre, esta, ¿non?, porque claro ao Conxuga, redúcenlle os cartos, normalización lingüística na mocidade, cero; organizacións non gobernamentais, ningunha axuda en materia de voluntariado; locais de ensaio, desaparecen; Escola Galega de Formación en Tempo Libre, desaparece. E, iso si, ¿como van vostedes dedicar cartos á formación da xente nova en sexualidade e contracepción? Para que logo falen, como falaron esta tarde, de preconceitos ideolóxicos, neste caso xa non só ideolóxicos. Pois ben, hai emendas do Bloque Nacionalista Galego para restablecer o financiamento de todas estas polí-

ticas en materia de solidariedade e en materia de xuventude, que espero –teño que intentalo– que vostedes apoiem xa nesta noite, este serán.

De vostedes depende: ou quedamos cuns orzamentos en materia de traballo e benestar que nos prometen para o ano 2010 consolidar as políticas de malestar, privatización, recortes, desmantelamento, que están desenvolvendo no ano 2009, ou coas emendas do Bloque Nacionalista Galego poderemos ter, quizais non os mellores orzamentos, pero, como mínimo, corraxir a desfeita que vostedes hoxe nos presentan aquí.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra o señor Tomé Roca.

O señor TOMÉ ROCA: Señor presidente, señorías, debatimos hoxe as emendas parciais aos orzamentos da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para o vindeiro ano; uns orzamentos da Consellería de Traballo e Benestar na liña da totalidade dos orzamentos da Xunta; uns orzamentos que non teñen unha estratexia fronte á crise, –polo menos fronte ao emprego non a teñen–, que incrementan, como prevén eles mesmos, nun 20% o desemprego e que empeoran tamén os servizos sociais. Antes de entrar máis polo miúdo no detalle das emendas que presentamos e a modo de índice, dicir que estes orzamentos da consellería olvidan os xóvenes, non apostan polas políticas sociais e despreocúpanse dos traballadores e das traballadoras.

Para seguir o orden que acabo de referir en temas de xuventude, estamos diante duns orzamentos nos que se renuncia a apostar pola mocidade, estamos diante duns orzamentos absolutamente insolidarios.

Polo que se refire ás actuacións dirixidas á xuventude e ao voluntariado, o Grupo Parlamentario Socialista presentamos once emendas por un importe de case millón e medio de euros para intentar corrixir estes orzamentos. Miren, o programa de voluntariado redúceno vostedes en case 600.000 euros, o que representa un 19,3%. Evidentemente, esta rea-

lidade dos orzamentos contradí as promesas da señora Mato e do director xeral de Xuventude e Voluntariado cando falaban –e cito literal– de “fortalecer e estruturar as canles de participación social e de fomento da acción voluntaria”. Así non se fortalece, señorías, a acción do voluntariado; como o fan vostedes debilítase.

As nosas emendas van encamiñadas a evitar que afoguen os xóvenes e que constriñan a acción do voluntariado. Señorías, decimos isto porque os orzamentos que nos presentan, no relativo aos voluntarios, reducen os fondos destinados a universidades, ás entidades locais, a entidades sen ánimo de lucro, para o Plan do voluntariado. Concretamente, nas universidades, nun 39,3%; nas entidades locais, nun 8,3%; e nas entidades sen fin de lucro, un 5%. Polo que se refire ás políticas da mocidade, a señora conselleira na súa primeira comparecencia nesta Cámara prometeu: Plan de emprego xuvenil, Plan galego do voluntariado e mais a Lei do voluntariado e o Inxuga, o Instituto da Xuventude de Galicia. Todo isto, ¿onde está?, porque nos orzamentos, señora conselleira, non está reflexado eso.

Voulles poñer un exemplo que ilustra ben o seu desinterés pola xuventude. A cantidade consignada para o Consello da Xuventude de Galicia no presente ano 2009 ascendía a 225.000 euros, e para o ano 2010 prevén vostedes 170.000, o que supón unha redución do 24,4%. Tendo en conta que simplemente os gastos de persoal supoñen 185.000 euros, xa non chega nin para [...].

Pero non se quedan aquí, tamén atacan vostedes os concellos. Por eso as nosas emendas intentan evitar a asfixia á que vostedes someten os concellos galegos. A cantidade dedicada á información xuvenil redúcena nun 7,7% e a cantidade dedicada a construcións e equipamentos para a xuventude redúcena nada máis e nada menos que nun 33,8%. En resúmen, señorías, señora conselleira, os concellos pasarán de recibir 2.400.000 euros neste ano 2009 a recibir menos de 2 millóns de euros no 2010; é dicir, un 18,3% menos que este ano.

Señorías, ao igual que ocorre co resto das seccións, o Grupo Parlamentario Socialista, tamén en materia de dependencia, presentamos unhas emendas realistas e asumibles; unhas emendas que están moito máis en sintonía coa realidade do país que os orzamentos do Goberno do Grupo do

Partido Popular; unhas emendas claramente enfocadas a poñer en marcha os equipamentos sociais, e para desenvolver as políticas públicas de benestar que Galicia merece e necesita. Este Goberno da Xunta solo se dedica a dar malas noticias. Non foron capaces a abrir catorce centros que quedaron feitos. O xerente do Consorcio en sede parlamentaria dixo que non había cartos para abrir eses centros. Logo dixeron que iban a abrir uns poucos. Despois dixeron que había 700 que era imposible abrilos –algún de Coruña e outro de Vigo–. Máis tarde anunciaron que antes de final de ano abrían outros centros como o de Xinzo de Limia, o de Vilar de Barrio ou Carballeira de Avia ou A Bola, pero siguen sen abrirse. Pero, señorías, a última perla que anunciaron vostedes é que, como non hai fondos, se iban a privatizar os servizos por medio de concesións administrativas dun ano, prorrogables ata catro anos. Esta é a maneira que teñen vostedes, señorías, señora conselleira, de colocar a quen queren sen o desgaste dunha oposición.

Eu xa lles anuncio a total oposición do Grupo Parlamentario do Partido dos Socialistas de Galicia a este desenfrenado plan privatizador do Goberno do Partido Popular. As nosas emendas van nese senso, no senso de poñer en marcha os centros xa feitos e outros centros novos con servizos de calidade e con xestión pública. En total, presentamos 39 emendas en relación coa dependencia destinadas a equipar centros de día, algúns con residencia, para a posta en marcha de centros de Alzheimer, para corrixir a eliminación das subvencións vía convenios coas organizacións que traballan con persoas con discapacidade, e mesmo sabemos, señorías, que pediron vostedes perdón e intentaron rectificar, como no caso do complemento das pensións non contributivas, pero a súa intención era quitar realmente 200 euros, igual que tamén era quitar os convenios con entidades como Down Galicia, Federación de Sordos, Autismo, Special Olympics, Cogami, Fadenga, Aspaín ou Feafes. En total, máis de cinco millóns de euros que presentamos nestas emendas para desagraviar a estes colectivos que vostedes tiñan agraviado. Pedimos unha dotación orzamentaria tamén para o seguimento da Lei de dependencia nos concellos, que, gracias ao aumento da aportación do Estado, como teñen vostedes a obriga de cofinanciar, por eso incrementan os fondos para a dependencia en Galicia.

Igualmente pedimos dar satisfacción ás demandas das organizacións da discapacidade para a posta en marcha de

servizos de promoción da autonomía persoal, que, por certo, moi acorde, ademais, coa Lei da dependencia.

Podemos falar de partidas tamén para o Plan de emprego para persoas con discapacidade, de partidas orzamentarias para construír ou ampliar escolas infantís, á parte doutras moitas que non cito por falta de tempo.

Remato este apartado facendo referencia a dúas emendas referidas á dotación orzamentaria de dous plans que deixaron vostedes sen orzamentos, que vostedes queren desmantelar, como son as oficinas I+B. Estas oficinas xestionaban o Plan de familias e o Plan da infancia e da adolescencia. Isto, señorías do Partido Popular, retrátaos a vostedes diante dos servizos sociais que necesitan os galegos e as galegas.

En materia de emprego, vostedes non solo non fixeron nada senón que se dedicaron a desmontar o que había feito e que funcionaba ben. Vostedes tiraron por terra o diálogo social, que agora, despois de oito meses, quérenos recuperar. Pero, polo que din os axentes sociais, non hai unha folla de ruta, non hai obxectivos ben definidos de a donde queren ir, que é o que queren facer, sobre que proposta se vai traballar, cales son os temas prioritarios para o Goberno galego. En resumen, señorías, señora conselleira, vostedes non teñen unha idea clara de que queren negociar, a donde queren ir, a que acordos queren chegar e para que deben servir estes acordos ao noso tecido produtivo. Con este preámbulo, xa se imaxinan vostedes que tiñamos que emendar estes orzamentos para intentar melloralos algo.

Por outra banda, non lles estrañará nada, evidentemente, porque vostedes mesmos se autoemendaron, o que demostra a escasa bondade destes orzamentos da Consellería de Traballo e Benestar, porque nin sequera lles gustaron a vostedes; así que imaxínense a nós.

As emendas que presentamos os socialistas son emendas realistas que melloran o orzamento; non o fan bo, evidentemente, porque non o é, pero mellóranlo, porque inciden xustamente onde vostedes suprimen ou recortan, con relación aos anos anteriores, nada máis e nada menos que un 8%.

Os socialistas queremos que non haxa marcha atrás nas relacións laborais en Galicia, por eso presentamos unha emenda para a promoción das relacións laborais e a respon-

sabilidade social e empresarial. En momentos de dificultade, señorías, é cando máis fluídas deben ser as relacións laborais. Xeralmente un dos colectivos que sole ter máis dificultade para a empregabilidade, e, polo tanto, teñen máis dificultade para atopar emprego, son os parados e as paradas de longa duración. Por eso queremos que nos orzamentos haxa unha partida para impulsar e incentivar a contratación de traballadores e traballadoras de longa duración. Unha ferramenta que se ten demostrado útil, moi útil –diría eu–, para o mantemento do emprego son os pactos territoriais de estabilidade. Estes pactos sectoriais de estabilidade, negociados entre as empresas dun sector e os representantes dos traballadores, coa axuda da Administración, fai posible o mantemento dos postos de traballo dentro do sector, mantendo a calidade do emprego dos traballadores e das traballadoras con capital humano formado xa para as empresas.

Fai aproximadamente menos dun mes que a señora conselleira dixo que estimaba que hai uns 16.000 traballadores galegos afectados por expedientes de regulación de emprego en Galicia. Bueno, a señora conselleira xa dixera que para esto non lle iba a temblar a mao; para asinar os ERE que iba a desburocratizalos, é dicir, que os iba a facilitar. Posiblemente neste tema sexa tan resolutiva porque non fai falta ter ideas; firmas o que che poñen diante e punto. Por eso os socialistas, en coherencia coa PNL que defendemos no Pleno, presentamos unha emenda para complementar o salario dos traballadores afectados polos ERE suspensivos. O mesmo sucede coa emenda de complemento de salarios de inserción ligados a itinerarios formativos de empregabilidade, medida esta pactada cos axentes sociais e que vostedes retiran do mercado. Tamén é importante implementar medidas, como facemos coas nosas emendas, para facer compatible a conciliación da vida laboral e familiar, e por eso tamén presentamos outra emenda.

Vostedes reducen a participación institucional, e a nós parécenos que a participación dos axentes sociais, empresarios e sindicatos debe ter sempre unha presenza forte, e non reducila, e moito menos en épocas de crise onde as súas aportacións poden ser de moita utilidade para o conxunto da sociedade. E por eso queremos que teña a mesma dotación que o pasado ano, o que se asegura aceptando a emenda que nós presentamos.

Outro recorte deste Goberno co que non estamos de acordo, máis que pola cuantía pola filosofía que encerra, é a

minoración do presuposto do Consello Galego de Relacións Laborais. Este recorte é indicativo de que para vostedes, señorías, señora conselleira, as relacións laborais non son prioritarias, porque saben que nunha relación de desigualdade o traballador sempre perde, por eso non lles preocupa, pero a nós si. Pero o máis preocupante non é que vostedes queiran unhas relacións laborais débiles, o que si é moi preocupante é que rebaxen o orzamento do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, que é xustamente o órgano que debe velar pola seguridade e dar a formación aos traballadores e aos empresarios para prevenir os accidentes laborais.

Señorías, non solo abandonan o tema dos accidentes, abandonados deixan tamén os mozos e as mozas, porque non establecen ningún programa ou plan de mellora da empregabilidade para eles e para elas. Aí teñen unha emenda para que corrixan. E, falando de abandonar, esto é o que fan vostedes cos traballadores e coas traballadoras da pizarra; un sector económico estratéxico para Galicia que está pasando un momento moi difícil. Aquí é onde se nota se un goberno ten sensibilidade social ou non ten sensibilidade social. O anterior Goberno, a Consellería de Traballo, cando empezaron os problemas do sector da pizarra, diseñou un plan e implementou un plan, chamado Plan Laxa, para dar cobertura a aqueles afectados pola pizarra. E mesmo nós temos interés en que esto non só afecte os traballadores directamente da pizarra senón tamén os colocadores da mesma, que están directamente implicados. Este plan, que foi asinado polos concellos en 2008, foi posto en práctica en 2009, e os traballadores prestaron o seu servizo a través dos concellos para traballos de utilidade pública. No seu día responsables políticos do PP, como o señor Balseiro e a señora delegada territorial de Lugo, dixeron que non solo o iban manter, senón que o iban mellorar. Na realidade, ¿cal foi a resposta de vostedes? A resposta de vostedes foi borrar o Plan Laxa.

Señorías, esta é a mellora real que vostedes lle fixeron ao Plan Laxa. Agora seguro que xa non fai falta que lles explique cal é o Goberno que foi sensible cos traballadores da pizarra ou cal é o goberno que os deixa abandonados. Señorías, os socialistas presentamos unha emenda que faría posible a continuidade do Plan Laxa, acéptena e fagan posible que os traballadores deste sector estratéxico para Galicia sigan prestando un traballo ao conxunto da sociedade men-

tres non haxa unha recuperación da actividade do sector da pizarra.

Señorías, señora conselleira, señor presidente –xa remato–, coas nosas emendas tratamos de mobilizar 28.776.000 euros para mellorar no posible estes orzamentos. Fágannos caso, acepten as nosas emendas e estou seguro de que o tecido produtivo de Galicia e os servizos sociais e a xuventude llelo agradecerán.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Tomé.

Polo Grupo Popular, para fixar posición sobre as emendas, ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazias, señor presidente.

Señorías, señora conselleira, boas tardes.

Hoxe temos aquí, enriba da mesa, as emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e polo Grupo Parlamentario dos Socialistas a esta sección 12, á Consellería de Traballo e Benestar.

Claro, aquí cabe preguntarse se estas emendas están elaboradas, como ben di o señor Aymerich, que falou en nome de todos os galegos e de todas as galegas, ademais acusou a consellería de que en vez de ser a consellería da política de benestar é a da política do malestar, aquí cabe preguntarse se estes dous grupos que agora están na oposición algún día estiveron no Goberno. Porque eu considero que si, efectivamente, estiveron pouco tempo porque os galegos e as galegas quixeron que estiveran vostedes pouco tempo. Pero estiveron o tempo suficiente para demostrar que a súa xestión tanto en servizos sociais como en materia de emprego foi nefasta, porque aí están os datos e, sobre todo, as persoas afectadas para dicir en voz alta –e o dixeron– que nin o Bloque xestionou ben a dependencia e o benestar en Galicia nin o PSOE xestionou ben as política de emprego.

Por iso cando o señor portavoz do Partido Socialista critica que o Grupo Parlamentario Popular presenta emendas aos orzamentos da Xunta é que parécelle tan estrano, por-

que, claro, cando eles gobernaban non entendían que a situación puidera desenvolverse así. Pero, por outra banda, o que cabe preguntarlle ao portavoz do Partido Socialista é como é posible que desas 131 emendas que eles presentan, máis do 78% as presentaran fóra de prazo a través dunha corrección de erros. Por certo, todas elas, o 100%, de benestar. ¿Que pasa? Esquecéuselle ao Grupo Parlamentario dos Socialistas presentar emendas de benestar, e tiveron que recurrir a esa corrección de erros para dicir non, oiga, que a nós tamén nos interesan as políticas de benestar.

Cando miramos estas emendas o que temos que estudar é cales son os obxectivos ou cal é o obxectivo destas emendas, porque é lóxico que os grupos da oposición partan desa base de que todo é criticable –por certo, todo é criticable dende a oposición neste momento, pero tamén todo é mellovable–, pero a verdade é que esas emendas non se presentan para mellorar absolutamente nada, só para criticar a xestión do Goberno da Xunta de Galicia. Porque, ¿cal é a base da que parten vostedes para elaborar estas emendas? Segundo vostede mesmo, señor Tomé, dixo que estos orzamentos non se poden mellorar. Entón, se non se poden mellorar, ¿por que presenta vostede as emendas que presentou?

Por outra banda, din que son fundamentais para minimizar os efectos negativos destes orzamentos. Mire vostede, para empezar, no que argumentan vostedes as súas emendas é na redución clara e drástica do gasto social, e falan de que son uns orzamentos antisociais. Pois, miren vostedes, señores da oposición, parten dunha base errónea para elaborar estas emendas; errónea porque non é verdade o que din vostedes, porque hai unha clara aposta polo social, unha clara aposta polos servizos sociais e unha clara aposta polo emprego. E o saben perfectamente. Porque neste contexto restritivo destes orzamentos para o ano que vén hai unha consellería, que é a Consellería de Traballo e Benestar, que incrementa un 4% os seus orzamentos, un 4%. Polo tanto, deixa claro que calqueira crítica que fagan vostedes en relación á minorización destes orzamentos, queda, por suposto, sen argumentario e queda en suspenso, porque é completamente falso.

E falan de que hai un escaso incremento para os recursos da Lei da dependencia e que o Partido Popular é o responsable deste caos en materia de dependencia. É que realmente algúns suben aquí a falar, o pouco que lle deixan

falar, pero a dicir unhas cousas... Porque, claro, agora din que hai pouco incremento para a Lei da dependencia. Pero, mire vostede, resulta que hai 74 millóns máis que o ano pasado, 74 millóns máis para atender as persoas con algún tipo de dependencia. E me di que non é suficiente ese incremento. Pois, mire, son 230 millóns, un 45% máis do que destinaron vostedes o ano pasado para atender as persoas con dependencia; 52 millóns máis para libranza de coidadores, señor Aymerich; case 12 millóns máis para residencias; 9 millóns máis para centros de día; 0,9 millóns máis para axudas no fogar.

E logo fala de que reducimos a partida destinada ao Plan concertado. Miren, nós si cremos que os concellos son fundamentais para prestar os servizos sociais; nós si o cremos. Vostedes xa sabemos que non crían nos concellos como porta de entrada dos servizos sociais. E, como cremos nos concellos como porta de entrada dos servizos sociais, serán preto de 49 millóns, o que supón un incremento dun 8,4 respecto ao ano anterior. E ten que ter vostede en conta que o incremento principal é en axuda no fogar, que pasa de 12 a 33 millóns.

E cando me fala vostede de que non hai cartos para a Risga e de non hai cartos para axudas de emerxencia social, eso está garantizado, e vostede o sabe perfectamente: 22,7 millóns para a Risga, 2,9 millóns para axudas de emerxencia social.

E basan as súas mendas tamén en que o Partido Popular non conta coa xuventude, o Partido Popular non ten en conta a xuventude. Miren vostedes, o orzamento da Dirección Xeral de Xuventude ten un incremento do 50% na liña de subvencións dos gastos de funcionamento das asociacións xuvenís e un programa de solidariedade de 3,8 millóns de euros. O que non se pode vir aquí é a criticar uns orzamentos sen estudar cales eran as partidas adicadas para ese sector en concreto o ano pasado.

E logo nos critican porque presentamos unhas emendas dende o Grupo Parlamentario Popular. Pero, por outra banda, din que esas emendas eran necesarias, porque eles mesmos coinciden na presentación das emendas que o Partido Popular presentou. Nós o que facemos é cumprir o noso compromiso. Se a alguén lle molesta, o sentimos moito. Pero nós dixemos que íbamos a poñerlles nomes e apelidos

a esas partidas; partidas destinadas á paga complementaria de 206 euros para as pensións non contributivas e a partida de catro millóns de euros para os convenios cos colectivos de persoas con discapacidade.

¿Que non queren que o Partido Popular presente estas emendas? O sentimos moito, pero é o noso compromiso. Fagan vostedes o que queiran, pero non veñan aquí a criticar que o Partido Popular presenta unhas emendas que, por outro lado, vostedes as presentan tamén e din que son necesarias. Dende logo, nós non retiramos a emenda porque, para empezar, xa están incorporadas ao ditame.

Por outro lado, no tema de emprego, vostedes teñen un discurso fácil. Nunca foi tal fácil ser portavoz, sobre todo do Bloque Nacionalista Galego. Chegan aquí, repiten unha e outra vez as mesmas cousas, dá igual que estén nun debate do clima, dá igual que estén nun debate de calqueira tema. O señor Aymerich sube aquí a esta tribuna e conta sempre o mesmo, sempre. E, cando fala de traballo, di que se reducen as partidas para as políticas de emprego.

Bueno, e xa non digo nada do señor Tomé, porque, que veña aquí o señor Tomé a falar de datos de desemprego e de políticas de emprego, eu penso que deberían de ter cambiado de portavoz, pero, se vostede quere seguir facendo ese papel, a min paréceme moi ben.

Pero vostede sabe que estes orzamentos son uns orzamentos deseñados para a recuperación do mercado laboral, e o sabe. E sabe que esa ferramenta principal para loitar contra o desemprego é ese plan autonómico de emprego, que está dotado con máis de 336 millóns de euros. E hai plans específicos, plans específicos para a xuventude, plans específicos para persoas con discapacidade, plans específicos para sectores e colectivos en risco de exclusión social. Están garantizados todos esos programas nos que vostedes presentan emendas. Está garantizada a cooperación coas entidades locais e institucións sen ánimo de lucro, garantizado o fomento da contratación por conta allea, garantizados os programas mixtos de formación e emprego, programas de formación para ocupados e desempregados, axudas en materia de relacións laborais e cooperativismo.

Dende logo, tamén se reservan partidas para a modernización do Servizo Público de Emprego, para mellorar a

empregabilidade e para a formación profesional de desempregados.

Nós non entendemos como vostedes poden presentar determinadas emendas, porque, se cando gobernarán fixeran, mire o que lle digo, a metade, a metade do que plasmaron nestas emendas, seguramente que hoxe non estarían na oposición. Pero, como non foi así... E, claro, que o señor Aymerich veña aquí a falarnos de que hai que reducir os gastos de publicidade e propaganda, porque, claro, tomen nota deste dato, só a secretaria xeral reduce nun 90% os gastos de publicidade e propaganda, e nolo di o portavoz nacionalista, que foi famosa a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar polos gastos, polo que derrochou en gastos de publicidade...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Miren, voten vostedes en contra destes orzamentos, pero a verdade busquen outra razón, porque as que dan non teñen sentido. E, dende logo, nós non imos apoiar as súas emendas.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica dos grupos emendantes. *(Pausa.)*

Polo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Eu, señora Rodríguez Arias, creo que non falei nin de publicidade nin de propaganda. Pero, se quere, podemos falar das viaxes á Arxentina da señora conselleira, de quen os paga, de pra que serven, de que fai alá. Podemos falar de todo iso, pero agora estamos falando dos orzamentos.

E, mire, estes orzamentos... Sí, sí, ría, ría; ría, ría, xa falaremos do tema, ¡eh!, xa falaremos do tema, claro que falaremos do tema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, estes orzamentos... –xa rematamos agora, tranquilos–

Estes orzamentos son o resultado do cóctel explosivo que existe na Consellería de Traballo e Benestar entre descoñecimento, falta de criterio, liortas internas. O resultado son estes orzamentos. Se a iso lle sumamos a falta de peso político no Goberno, claro, uns orzamentos onde o benestar e as políticas laborais e as políticas de solidariedade e as políticas de xuventude son as que pagan precisamente iso. Se a conselleira realmente estivese interesada nun sistema de benestar, nunhas políticas laborais, nunhas políticas para a xuventude, nunhas políticas de voluntariado dignas, tería que pelexar dentro do Consello da Xunta por mellorar estes orzamentos, e non o fai. E non o fai porque ela está a outra cousa. A ela non lle interesa. ¿Que é isto? Pero, se total, ¿que é ese complemento. ¿A quen lle resolven 200 euros? Non é nada. Claro, logo vese forzada pola presión da oposición, e singularmente do Bloque Nacionalista Galego, a corrixir.

E mire, señora Rodríguez Arias, mentir é pecado, é pecado. Para a discapacidade non meten vostedes catro millóns de euros, non. Na súa emenda é 2.554.000 euros; é o que meten. O problema non é o que meten, é de onde o sacan, vólvollo dicir; é que para crear e para dotar eses convenios nominativos que xa estaban nos orzamentos anteriores coas entidades da discapacidade retiran os cartos do funcionamento de centros públicos para discapacitados.

Acábaselle o tempo. Teñen a oportunidade de corrixir, señora conselleira, déalle a directriz, déalle marxe pra facelo. Retiren a súa emenda, voten a emenda do Bloque Nacionalista Galego. Teremos financiamento prás entidades da discapacidade e teremos tamén financiamento para que os centros públicos de discapacidade podan funcionar.

E di vostede, señora Rodríguez Arias, que as nosas emendas non se presentan para mellorar. Pois mire, voulle, modestamente, dicir cal é a receita para mellorar estes orzamentos. ¿Queren vostedes mellorar a dotación orzamental para construír, manter e pór en funcionamento galescolas, centros de día, centros de Alzheimer, oficinas de I+B, esas que vostedes queren dismantelar, que manteñen pechadas ou que queren privatizar? Voten as emendas do BNG. ¿Queren vostedes mellorar, como lles dixen, o financiamento das entidades da discapacidade? Voten as emendas do BNG. ¿Queren mellorar a cobertura para aqueles que con máis dureza están sufrindo as consecuencias da crise, os beneficiarios actuais e futuros das axudas de emerxencia social e

do Risga? Voten as emendas do BNG, porque, ademais, de acordo coa Lei de servizos sociais, a partir de marzo hai que mellorar a cobertura e a cuantía do Risga, e iso non se contempla nos orzamentos. ¿Queren vostedes mellorar o financiamento para os concellos dos servizos sociais e eliminar os recortes que introduce a señora López Abella por medio da instrución na cobertura do servizo de asistencia no fogar? Voten as emendas do Bloque Nacionalista Galego.

¿Queren, señorías, mellorar as dotacións para o Instituto da Saúde e Seguranza Laboral, que é unha das grandes lacras de sinistralidade laboral que temos neste país? Voten as emendas do BNG. ¿Queren mellorar os orzamentos para a xuventude, os orzamentos para as políticas de solidariedade e de voluntariado, para promover a integración laboral da xente nova, dos discapacitados? Voten as emendas do BNG. Estámoslle dando a oportunidade de mellorar os orzamentos. Teñen a man do BNG tendida pero creo que vai ser en van, que non a van coller, que van seguir presos do seu discurso e que van seguir presos desas anteolleiras que lles impiden ver a realidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Socialista, ten a palabra o señor Tomé.

O señor TOMÉ ROCA: Señor presidente, señorías.

A verdade é que eu non sei como se atreveu a dicir o que dixó aquí a voceira do Grupo Parlamentario Popular. Sabe a señora Rodríguez Arias do aprecio que lle teño, pero a verdade é que, señora Rodríguez Arias, con este tipo de discursos descalifícase vostede mesma e o seu grupo e a súa conselleira.

Dixen que son malos, non dixen que non eran mellorables, ao contrario, que eran malos porque vostedes mesmos os emendaron. Nós o que pretendemos coas nosas emendas é melloralos algo, non moito, porque non os podemos facer de novo.

Mire, presentaron vostedes unha emenda para facer convenios con organizacións de minusválidos por 2,5 millóns

de euros, pero sácanos vostedes dos gastos de funcionamento dos centros públicos. ¿En que van a reducir vostedes a atención aos residentes dos centros públicos, señora Rodríguez Arias? ¿En que van a reducir vostedes a atención, en comida, en calefacción?, ¿en que a van a reducir?

Mire, a renta de inserción. ¿Pero que fala vostede de políticas sociais? A renta de inserción de Galicia é a máis baixa de España; renta de inserción social de Galicia, señora Rodríguez Arias.

Señorías, que estes orzamentos son malos xa non fai falta que o digamos nós, porque vostedes mesmos os descalificaron coas súas emendas que presentaron; é dicir, son uns orzamentos mal feitos e que non responden ás necesidades de Galicia. Estes son uns orzamentos para pasar a crise, pero non son uns orzamentos para afrontar a crise dun xeito realista e solvente. Son uns orzamentos que invirten a tendencia dos últimos catro anos con incrementos sucesivos moi importantes nos presupostos da consellería. Mesmo a señora conselleira dicía que era un pouco a reina, a nena mimada do Goberno. Agora realmente, señora conselleira, non o é. Baste recordar o que dicía –porque o saquei do Diario de Sesións–, señora conselleira, vostede cando era portavoz, e dicía xustamente eso, que a Consellería de Traballo era a mimada da Xunta de Galicia.

Agora non solo non medran senón que, en materia de emprego, redúcense nun 8,2%, o que indica ben ás claras que o emprego non é do Goberno da Xunta, do Partido Popular, non é o que lle preocupa máis. Isto tamén o dixó a conselleira nunha entrevista –que un día lle traerei a súa entrevista para que a vexa–. Decía que o emprego non era a súa prioridade, era a segunda prioridade. Para comprobar isto solo hai que ver como o actual Goberno prevé incrementar o paro un 20% próximo ano, pasando do 12,5% ao 15%, polo que é inexplicable que o gran prexudicado dos orzamentos da Xunta sexan precisamente as políticas de emprego.

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia non presenta ningunha estratexia fronte á crise, limitándose a prever un incremento do desemprego e empeorando os servizos sociais públicos. Eso si, o que presentan é a retirada dos 200 euros das pensións non contributivas, que logo se viron obrigados a rectificar. Cos débiles vostedes fanse fortes; eu..., desde logo, para min eso é unha tristeza.

Miren, señorías, con estes orzamentos vostedes van a facer a política da vítima, van a facer a política da resignación, a política do pesimismo, a política da destrución de emprego. Chegado a este punto hai que dicir que lamentablemente os datos dannos a razón –xa sei que está vostede cansada, por iso bosteza un pouquiño, pero aguante un pouquiño que xa acabamos–. (Murmurios.)

Mire, vostedes fai agora oito meses que chegaron ao Goberno e acabaron co diálogo social. Fixeron un plan de choque virtual que xa nin lle puxeron nin o nome; non foron capaces de impulsar unha sola medida contra a crise. Non lideran as relacións laborais e, fruto de todo elo, é que vostedes acabaron co diferencial positivo que en materia de emprego tiña Galicia con respecto á media do Estado.

A min paréceme ben que se asesoren, pero, miren, agora levan vostedes dous meses seguidos con incrementos do paro moi por encima da media de España, e a tendencia é a empeorar, porque cos datos de outubro o paro en Galicia subía o 10% do total, e cos datos de novembro, que saíron recentemente, fai uns días, o rexistrado, o paro rexistrado, Galicia representaba o 13% do total de España, o 13%, conselleira, e xa leva vostede oito meses gobernando, cando representamos o 5,8 da afiliación á Seguridade Social. Deberíalle facer pensar este dato. Claramente, sen tapuxos, desde que vostedes están gobernando, señora conselleira de Traba-

llo, señorías, a situación do emprego en Galicia empeorou moito con respecto ao que había e tamén con respecto á media de España.

Xa remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, por favor.

O señor TOMÉ ROCA: Señorías –xa o dixen eu antes de que mo dixera vostede–...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Si, pero agora pído-llo por favor. Píddolle por favor que remate, señor Tomé.

O señor TOMÉ ROCA: Apoien as nosas emendas e melloraremos algo estes orzamentos, e seguro que llo agradecerán os empresarios e os traballadores deste país.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Tomé.

Suspéndese a sesión ata mañá ás dez horas.

Máis nada, boas noites e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás nove e oito minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	PSdeG-PSOE
2.- Adán Villamarín, Carme	(BNG)
3.- Álvarez-Campana Gallo, José Manuel	(PP)
4.- Arias Rodríguez, Raquel	(PP)
5.- Arias Veira, Pedro	(PP)
6.- Aymerich Cano, Carlos	(BNG)
7.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
8.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
9.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
10.- Barcón Sánchez, Mar	PSdeG-PSOE
11.- Barros Sánchez, Natalia	(PP)
12.- Blanco Álvarez, Fernando Xabier	(BNG)
13.- Bouza Santiago, Ana Luisa	(BNG)
14.- Burgo López, Concepción	PSdeG-PSOE
15.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
16.- Caride Estévez, María José	PSdeG-PSOE
17.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
18.- Cerviño González, Francisco	PSdeG-PSOE
19.- Cobián Fernández de la Puente, Pablo	(PP)
20.- Fernández Fernández, Rosendo	(PP)
21.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	PSdeG-PSOE
22.- Fervenza Costas, José	(PP)
23.- Fraga Santos, Silvia	PSdeG-PSOE
24.- Gallego Calvar, Carmen	PSdeG-PSOE
25.- Gallego Lomba, Manuel	PSdeG-PSOE
26.- García López, José Antonio	(PP)
27.- García Pacín, María Isabel	(PP)
28.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
29.- Lage Tuñas, José Manuel	PSdeG-PSOE
30.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
31.- López Abella, María Susana	(PP)
32.- López Campos, José	(PP)
33.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
34.- López Vidal, Pablo Xabier	PSdeG-PSOE
35.- Losada Álvarez, Abel	PSdeG-PSOE
36.- Mato Otero, Beatriz	(PP)
37.- Meijón Couselo, Guillermo	PSdeG-PSOE
38.- Méndez Romeu, José Luís	PSdeG-PSOE
39.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
40.- Novoa López, Enrique	(PP)
41.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
42.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
43.- Pardo López, Carmen	(PP)
44.- Paz Franco, Tereixa	(BNG)
45.- Pérez Touriño, Emilio	PSdeG-PSOE
46.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
47.- Pose Mesura, Modesto	PSdeG-PSOE
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
50.- Quintana Carballo, Rosa	(PP)
51.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
52.- Quintas Álvarez, María	PSdeG-PSOE
53.- Rego González, Ismael	PSdeG-PSOE
54.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
61.- Sánchez Montenegro, Isabel	(BNG)
62.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
63.- Seara Sobrado, Laura	PSdeG-PSOE
64.- Sestayo Doce, Beatriz	PSdeG-PSOE
65.- Soneira Tajés, María Soledad	PSdeG-PSOE
66.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Táboas Veleiro, María Teresa	(BNG)
69.- Tomé Roca, José	PSdeG-PSOE
70.- Valcárcel Gómez, Marta	(PP)
71.- Varela Sánchez, Ricardo	PSdeG-PSOE
72.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	PSdeG-PSOE
74.- Verdes Gil, Sonia	PSdeG-PSOE
75.- Viéitez Alonso, Henrique	(BNG)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25